**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11**

**SESION ORDINARIA DO 27 DE XULLO DE 2006**

ASISTENTES

Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia
Graña Barcia, María Luisa
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Ceniceros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Excma. Sra. Alcaldesa
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e corenta e dous minutos do día vintesete de xullo do ano dous mil seis, coa Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. José Manuel Figueroa Vila, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira (con retraso), Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral accidental do Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten a Excma. Sra. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e os Sres. Cotobad Tombo, Guerra Fernández (disculpa ausencia) e Iglesias Carrera. Están tamén presentes a membro da

Xunta de Goberno Local, Dª Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (136).-ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXTR. 12 E 19.05.06)

INTERVENCIÓN DO SR. VIEITEZ ALONSO: Dúas modificacións moi sinxelas pero que poden inducir a erro. Na acta do Pleno extraordinario do 19.05.06, páxina 390 volta, primeiro parágrafo, liña 3ª, onde fala de 365 Concellos que sexan 315 que é o que se axusta á realidade. Na páxina 392, no cuarto parágrafo, 1ª liña, onde fala de 135 vivendas que poña 135.000 porque senón tampouco se adecuaría á realidade.

A PRESIDENCIA. Que se recollan eses erros.

(Están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Arias Moreira, Cotobad Tombo, Guerra Fernández e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións extraordinarias do Pleno que tiveron lugar os días 12 e 19 de maio de 2006, coas correccións indicadas na súa intervención polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, na acta correspondente á sesión do 19 de maio.

2.- (137).-TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DA CONCELLEIRA Dª ALICIA GARRIDO GONZÁLEZ.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de xullo de 2005, Rexistro Xeral de entrada do día 21 do mesmo mes, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleira do Concello de Vigo a Dª Alicia Garrido González, por estar incluído na lista de candidatos

presentada polo Partido Socialista de Galicia-PSOE ás eleccións locais do 25 de maio de 2003, en substitución por renuncia de don Miguel Barros Puente.

*Ante o Alcalde-presidente e en presencia do Pleno da Corporación, a Sra. Garrido González procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:*

SRA. GARRIDO GONZÁLEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A PRESIDENCIA: A Corporación dalle a benvida e deséxalle éxito no seu traballo.

3.- (138).-COMPARECENCIA DOS VECIÑOS AFECTADOS POLA EDAR DO LAGARES.

ANTECEDENTES.- Dª María Alonso Castro, en representación dos veciños afectados pola EDAR do Lagares, procede a ler o seguinte texto:

“Cando a finais dos noventa a Xunta de Galiza procedeu á construcción da depuradora do Lagares, a información transmitida á veciñanza das parroquias lindantes, para explicar as características técnicas e qué posibles consecuenzas tería para a calidade de vida das persas, foi inexistente. Tanto é asi, que por parte vecinal tivemos que poñer en marcha, unha propia maquinária de información que permitira saber o máis básico sobre o que alí se pretendia facer. Coa primeira fase da obra rematada, e coa entrega da mesma por parte da Consellería de Política Territorial ao Concello de Vigo, todo parecía que o saneamento integral da ría sería o logro máis meritorio do Conselleiro Cuiña, que daquela facía campaña soltando parrulos no Lagares. Era pois,o momento de pasar a patata quente ao seguinte no escalafón político-administrativo. Deste xeito o Concello, governado daquela por Manuel Pérez do Partido Popular, acolleu cos brazos abertos unha obra da que non sabia nada e pola que non tiña ningún interese.

Foi tanta a irresponsabilidade deste feito, que co mesmo sentáronse as bases das posteriores meteduras de pata, por decilo suavemente, dos diferentes governos tanto da Xunta como do municipio vigués. E demostrase que non sabia nada, porque cando se lle outorga a concesión a Aqualia (daquela Seragua) para a xestión e mantemento da planta, esta empresa remite un informe desfavorable no que se detallan munerosos puntos críticos coa instalación recién construida, e que non transcribiremos porque sen dúbida debería estar na memória de todas as concelleiras e concelleiros aquí presentes.

Asi e todo, atendento ao criterio de entregar a mans privadas os bens públicos e atendendo a supostas presións, efectuouse definitivamente a concesión da planta. Cos primeiros cheiros, os primeiros verquidos á ría, as rachaduras do emisario e os verquidos á Xunqueira do Lagares, nós, as veciñas e vecinos de Coruxo, comezamos un proceso de autoorganización en defensa da parroquia, da ría e máis en particular da nosa propia calidade de vida.

Como sempre e diante do desprezo máis absoluto dos políticos de turno, mirámonos na obriga de mobilizármonos para reclamar e defender os nosos dereitos democráticos. E como case sempre tamén, quedou demostrado que vostedes só entenden a linguaxe da mobilización. E así foi. Rapidamente anunciaron desde a Xunta de Galicia por medio do seu conselleiro Cuiña, que a EDAR do Lagares precisaba dunha segunda fase coa que ficarian resoltos todos os problemas e, agora si, a ria de Vigo pasaria ser un mar de augas puras e cristalinas. E todos caímos na trampa coma parvos. Na trampa que motivou a nosa desmobilización, co anuncio e realización das obras desta segunda fase, e na trampa de que todo quedaria resolto.

E agora de novo, outra vez, o governo do PP en Santiago entregaba esta nova obra ao Concello de Vigo. Pero non se sorprendan por favor. Quen a recolleu estaba na Alcaldía do consistório vigués, grazas á demagóxica postura de defender ao povo de Vigo máis desfavorecido, cando realmente non estaba disposto a facelo. Era o Sr. Castrillo do BNG. Ainda lembramos hoxe o dia da inauguración desta segunda fase, co vecindario reclamando na porta principal información, transparencia e atención; e como este home, respostando só a un escrupuloso interese persoal por se manter na cresta da ola canto máis tempo mellor, tratou co maior dos desprezos ás veciñas e veciños que fóra reclamaban o que era xusto, mirando para o outro lado, alí onde estaba o PP de Cuiña e Fraga. Queremos salientar tamén, ainda que sexa brevemente, a incapacidade e o talante pechado e inmobilista do concelleiro tamén do BNG, Amador Fernández, responsable da planta por aquela época. Foi sen dúblida, o mellor aliadado do governo de Fraga Iribarne, defendendo a capa e espada unha depuradora que caía a cachos. Un governo da Xunta que nunca se comprometeu na busca dunha solución seria e definitiva e que só utilizou o problema da depuradora como argurmento electoral cando así o considerou necesario.

E comprobando a dinámica daqueles anos, esta famosa segunda fase truxo moitos máis problemas que solucións. E de novo a retomar o camiño e o tempo perdidos. E de novo deberiamos pórmonos a nós mesmos como un exemplo cualificado, da confianza cega en políticos profesionais que din estar ao servizo dos demais, pero que no fondo agochan as súas intencións detrás de desculpas administrativas, burocráticas e outras razóns de moito peso. Sempre igual. E ollo, non somos pesimistas, só somos realistas.

Así pois, a posta en marcha da segunda fase qa EDAR do Lagares, derivou en maiores problemas de cheiros, en máis verquidos e nunha vida máis indigna para moitas persoas da parroquia. As xa históricas mobilizacións para reclamar de novo solucións a este problema, nas que xuntamos a milleiros de persoas chegadas de diferentes lugares da nosa cidade, foi unha clara demostración de forza pola nosa banda; e unha demostración de que a depuradora estaba a convertirse (e ainda o segue a ser hoxe) no problema medioambiental máis importante da cidade de Vigo. Deste xeito os cheiros no

entorno da planta foron en aumento, especialmente nos veráns dos anos 2003, 2004 e 2005. Unha situación que derivou nunha vida absolutamente indigna e insufrible para a veciñanza do lugar.

E nestes tempos houbo cambio na Alcaldía da cídade e, sendo conscentes do pasado, tamén cambio nas formas. Con Pérez Mariño de Alcalde, o PSOE transmite á cidadanía a súa vontade por resolver o problema de inmediato, e automáticamente convoca unha xuntanza co vecindario. Nós, reclamamos a realización dunha auditoria global da planta, que hoxe por hoxe está por facer. Ainda lembramos tamén aquela frase que textualmente decia: "...el dinero no es problema. Lo sacaremos de donde sea". E o diñeiro non apareceu. Só se aprobaron pequenos estudos que foron diminutos parches que serviron para gastar máis cartos e máis cartos. Unha vez máis perdidos na marabunta da burocracia e unha vez máis os problemas sen solución.

Con este panorama de incapacidades permanente, o noso devalar foi un continuo predicamento no deserto sen ser escoitados por ninguén. As mobilizacións continuaron e a cada dia máis numerosas e orixinais. E neste contexto chega a Alcaldía a Sra. Porro, asimilando nas formas o modelo do seu predecesor, e realizando unha primeira visita á planta do Lagares. Daquela anunciou que a responsabilidade na busca de solucións ao problema ía ser ásumida polo concelleiro de Medioambiente, o Sr. Figueroa.

Unha das primeiras reclamacións que presentamos ao novo governo municipal foi a acollida en diversos hoteis da cidade das persoas afectadas polos cheiros. Foi no verán pasado cando se realizou esta acollida, non sen antes ter que nos mobilizar para que fora entendida dunha vez que a precariedade da nosa vida ía en aumento, e a situación de moitas persoas empeoraba co paso dos días, polo que o sinxelo direito de viver nas nosas casas estaba sendo coartado pola mala xestión permanente tanto da Xunta como do Concello.

A grave situación padecida neste verán de 2005, deu lugar á presentación pola nosa parte dun equipo de técnicos cataláns, encabezados pola especialista en depuración de augas, Nuria Vidal, que viu a Vigo para realizar un estudo detallado do funcionamento e mantemento da depuradora. Neste sentido o concelleiro de Medioambiente comprometeuse a asumir os custos de todos os informes realizados, facer un dictame final recollendo as recomendacións técnicas e levar todo isto ao Pleno que hoxe nos reune a todas e todos. Agora ben, isto non quere decir que estea todo feito.

É certo que o compromiso acadado coa veciñanza incluía todo o nomeado anteriormente, pero non é suficiente. Estamos asistindo escandalizados como unha vez máis a loita partidaria está deixando nun segundo plano a solución definitiva a este histórico conflito, e iso nós, non o imos permitir. Sr. Figueroa, vostede dixo que logo de ter analizado cales eran os males desta planta, cousa que prácticamente está feita, polo asunto dos cartos non habería impedimento ningún. Mesmo se o Concello de Vigo tiña que se endebedar, iso non sería problema.

Deixen entre todos de marear a perdiz e poñan a disposición da depuradora a necesaria partida económica que sexa a resposta definitiva a esta forma precaria de vida. Non lles gusta a todos, estean na Xunta ou no governo municipal, colgarse as medallas e os trunfos de calquera logro por moi

pequeno que sexa? Pensan acaso que este é un partido de tenis e que a pelota é a veciñanza que leva paus dun e outro lado?

Estamos nun intre no que os cheiros volven. Logo das medidas que pouco a pouco se foron tomando nestes últimos meses e que en moi pequena medida permltiron pasar o inverno algo mellor que antes, o verán ven a demostrar que a situación non é algo puntual. O problema é permanente. O inverno serve para disimular e o verán serve para demostrar que aquí hai erros de vulto. É imprescidíbel acometer as recomendacións técnicas de inmediato, non hai tempo para agardar máis. Isto non é un xogo. Xa o dixemos claro só hai unha semana: setembro de 2007 é a data tope para rematar as obras. E nin un día máis. Pero hai que comezar xa.

Agora ben, se a disposición política do Partido Popular, do BNG e do PSOE non é a de solucionar isto economicamente de maneira que as obras sexan prioritarias por riba doutras consideracións competenciais, só nos queda unha única alternativa: pechar a depuradora. E logo fagan vostedes o que queiran, porque serán os responsabeis. Levamos anos agardando; levamos anos sendo títeres dé incapaces que foron pasando pola Casa do Concello e pola Xunta, levamos anos mal vivindo nun lugar no que estabamos antes que a depuradora; levamos anos pelexando. E estamos dispostos a seguir facendoo.

Así que xa saben. Iste non é un escrito no que enumeremos as recomendacións técnicas que vostedes teñan enríba das súas mesas. Ista non é unha intervención para lles lembrar a valoración do Valedor do Pobo sobre o problema que por certo é moi crítica con todo o que se leva facendo. Iste non é un acto para sair na foto. Nós non somos a Federación Veciñal que nunca se preocupou por un problema de máxima envergadura e que ademáis vive a conta do Concello. Nós estamos expresando aquí, a derradeira chamada de atención. E diante do que estamos mirando o panorama pinta mal. Nas súas mans está a posibilidade do mudar e asó poden facelo:

- Asumindo o compromiso público de sacar adiante unha partida económica o suficientemente importante que acolla todas as recomendacíóns técnicas que dean resposta definitiva aos problemas de funcionamento e mantemento da planta. Esa partida debe permitir o comezo das obras de inmediato para chegar a setembro de 2007 con elas rematadas.

- Asumindo o compromiso de sacar os cartos de onde sexa preciso. Isa é outra responsabilidade que deben asumir, non é cousa nosa. Reclamamos ao Grupo Municipal do PSOE que requira de inmediato ao conselleiro de Medioambiente, Sr. López, para que faga posible unha implicación seria da Xunta de Galiza na resolución do problema.

- Asumindo o compromiso público de que nunca máis se vai ampliar a depuradora do Lagares coa conseguinte perda do valor medioambiental, parroquial e de calidade de vida na zona.

- Asumindo o compromiso público de indemnizar debidamente a aqueles veciños e veciñas que viven directamente a penuria permanente desta depuradora e que logo de tantos anos de sacrifico están dispostos a acollerse á política de realoxamentos iniciada por este governo municipal.

- Asumindo o comezo dun control severo á concesionaría responsable do funcionamento e mantemento da planta. É preciso que persoal municipal estea

permanentemente nas instalacións co fin de fiscalizar o exercizo práctico da concesión, considerando se así fora preciso, a cancelación da mesma ou outras medidas similares.

- Asumindo cara o futuro un plano serio de saneamento e rexeración da Ría de Vigo, coa inclusión dunha ou máis depuradoras perfectamente construidas, avaladas polos mellores estudos técnicos e avaladas por un rigoroso debate co povo desta cidade.

Nas súas mans está facelo. Nas nosas, só nos queda seguir pelexando e reclamando o que consideramos xusto. Se escollen novamente o desprezo, o mirar para outro lado ou o agocharse detrás dos seus cargos, deciden ir polo peor dos camiños. E sendo así, a nós só nos quedaría pedir responsabilidades, tanto políticas como penais se fora necesário. Falamos claro. O tempo de aguantar, de se laiar e de chorar xa pasou. Agora é o noso tempo, e sobre todo tendo en conta que as municipais están á volta da esquina.

Moitas gracias.”

A PRESIDENCIA: Ten a palabra dona María Alonso Castro coma representante dos afectados da EDAR do Lagares.

SRA. ALONSO CASTRO: A asemblea xeral de veciñas e veciños afectados pola EDAR do Lagares non queremos deixar pasar esta ocasión para comunicar de xeito claro e sen condicionamento ningún ó conxunto da veciñanza viguesa a nosa valoración sobre este longo, humillante e continuado conflicto.

*A seguir a Sra. Alonso Castro procede a ler o texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

4.- (139).-APROBACIÓN DO INFORME PROPOSTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DA EDAR DO LAGARES.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xullo de 2006, a Alcaldía-Presidencia presenta perante ó Pleno da Corporación a seguinte proposta da Comisión de Seguimento das EDAR relativo a EDAR do río Lagares:

“Como consecuencia das reclamacións veciñais sobre os cheiros xerados pola EDAR do río Lagares creouse unha Comisión Técnica de seguimento para dar solución ós problemas existentes nese intre, tanto de funcionamento como de explotación da EDAR.

En data 16.05.2006 a citada Comisión de seguimento elabora un informe proposta cunha serie de actuacións a levar a cabo para solucionar dun xeito definitivo os problemas ocasionados sobre os veciños do entorno da EDAR do Lagares, relativos ós cheiros que se veñen rexistrando de xeito habitual.

Por todo isto e estando de acordo o equipo de Goberno co informe proposta realizado pola Comisión de seguimento, é polo que se eleva ó Pleno da Corporación a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o informe proposta da Comisión de seguimento da EDAR do Lagares, de data 16.05.2006, xunto co informe de valoracións estimadas, de data 14.07.2006, por un importe de 13.166.570 €, IVE excluido, relativo ás actuacións a levar a cabo na EDAR do Lagares para solucionar dun xeito definitivo os problemas de cheiros existentes.

Segundo.- Considerar como válida a proposta aportada na Xunta de Voceiros do pasado día 21.07.06, polo representante do BNG, D. Xabier Toba Girón, relativa á inclusión na planta dun sistema de tratamento terciario (ultravioleta ou similar) das augas, xa que foi informado favorablemente polos técnicos da Comisión de seguimento cun orzamento estimado de 5.000.000 de euros.

Terceiro.- Ter en conta os tres apartados da emenda de adición do Partido Galeguista de data 21.07.2006.

Cuarto.- Solicitar financiamento tanto á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia como ó Ministerio de Medio Ambiente do Goberno Central, para poder levar a cabo as actuacións descritas.

Quinto.- Negociar cos veciños afectados que poidan voluntariamente estar interesados no traslado da súa vivenda por estar dentro do ámbito de afección da EDAR."

Emenda formulada pola voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE por escrito de data 27 de xullo:

Diante da insuficienza da proposta e coa intención da mellorar e convertir esta data nun punto de inflexión que se convirta na garantía de efectividade para a nosa cidade os veciños afectados, o Grupo municipal Socialista somete a consideración polo Pleno da Corporación a incorporación dos seguintes aspectos:

1.- Incorporación ó expediente e informe relativos á Comisión de seguimento o informe e recomendación do Valedor do Pobo.

2.- Modificación do tratamento previsto no PXOM da zona de afección.

3.- Elaboración e presentación á adxudicataria dos necesarios pregos de condicións de mantemento da depuradora e, en caso de negativa da aceptación, que se estude a rescisión do contrato.

4.- Regulación da titularidade dos terreos, na actualidade a nome da adxudicataria, para que o Concello sexa titular rexistral dos terreos e a instalación.

5.- Como garantía do cumprimento deste acordo, determinación, a través dos servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras, da idoneidade das mesmas, tanto en materia de contaminación como de malos cheiros.

6.- En todo caso, a solicitude de financiamento a outras administracións irá acompañada da depuración de responsabilidades e, se procede de accións de reclamación por vicios ocultos e por deficienzas de mantemento.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG por escrito de data 26 de xullo:

O Pleno da Corporación Municipal, chegado a punto o estudo dos técnicos municipais das deficienzas da actual depuradora do Lagares e en virtude das súas conclusións, acorda:

1.- A realización das obras necesarias que permitan a corrección dos seus defectos e optimización do seu funcionamento, de acordo cos informes derivados do traballo da Comisión técnica municipal, para asegurar a capacidade de tratamento das augas residuais coa que se concibiu. Ademais considerar a inclusión dun sistema de tratamento terciario dos afluentes.

2.- Remitir á totalidade dos estudos realizados e os documentos de conclusións á Consellería de Medio Ambiente, para o seu coñecemento e complementación ou corrección se é o caso.

3.- Instar á Alcaldía-Presidencia para convenir coas outras administracións o programa de obras necesario para corrixir as deficienzas da EDAR do Lagares con temporalización que resulte máis acaída e co financiamento preciso.

4.- Instar á Alcaldía-Presidencia a incoar expediente de investigación sobre a xestión realizada pola empresa concesionaria, depurando as responsabilidades ás que houbera lugar.

*Durante o transcurso do debate, sendo as nove horas e 6 minutos, se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Arias Moreira.*

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Consciente de que este tema se presta a moitas cousas nunha intervención que podía ser moi doutro xeito, vou ver se son quen de autoconstrinxir o meu apaixoamento normal porque cando estou solto falo con moito apaixoamento e a xente que me coñece sábeo, pero hoxe non quero que sexa así. Voume impoñer todo o autocontrol de que sexa capaz para en ningún sentido botar nin unha soa faisca a un lume espantoso coma foi este tema en Vigo. Iso si, algún epíteto teño que dicir, foi iste un dos temas máis imprensentables, dos de peor xestión da historia desta cidade sen ningunha dúbida, cun tema de fondo absolutamente grave coma é a

contaminación ambiental, coma é o prexuízo claro, público e notorio a demasiadas familias.
Espero que hoxe, por primeira vez en moitísimo tempo, alumee unha esperanza, pero tamén teño a preocupación de que veñan a este Pleno propostas varias e variadas e que non fósemos quen de atopar unha resolución conxunta entre todos e, por moi contida que sexa a miña intervención, que o vai ser, teño que anticipar algunha venda para algunha posible ferida. Se algún dos grupos aquí presentes pretende seguer facendo deste tema un tema de permanente debate duns contra outros, que é ó que nos teñen acostumados nos últimos tempos, dende logo non van contar coa nosa colaboración; contarán coa nosa actuación doutro xeito e chegado o caso xa falariamos.
É demasiado tarde, xa está ben, todo o que se diga é pouco pero é hora de asumir principios eficaces de resolución e co tratamento deste tema por pura autocontención non vou buscar nin culpables, nin no pasado nin no presente porque podería ser moi fácil para min pero non o vou facer con ninguén; quero unha solución de futuro e inmediata coma con toda a razón do mund, reclaman os veciños e os vigueses, non só os veciños directamente afectados, senón todos os vigueses cun mínimo de sensibilidade polas políticas medioambientais estamos realmente escandalizados con ese problema.
Ademais hai unha terceira razón que é que non será crible ningunha actuación política futura de depuración se realmente non se resolve isto primeiro. Con qué faciana (permítanme dicilo en ton coloquial) lles imos dicir ós veciños dun e doutro lado que hai que poñer outra depuradora se van ter o espantoso medo de que lles fagamos unha falcatruada coma a da depuradora actual? Non, hai que resolver ben este asunto primeiro e isto non quere dicir antes no tempo, seguramente quere dicir simultaneamente pero dende logo hai que dar garantías.
Quén nos pode dar as garantías? Para min penso que felizmente ó final e ainda con distintas redaccións, todas as propostas que está habendo dos demais grupos políticos camiñan na mesma dirección en tres temas. Un, que as augas tratadas pola depuración non produzan ningún tipo de contaminación ambiental na Ría. Dous, que non haxa ningún tipo de contaminación odorífera ambiental. Tres, que para a resolución do problema a Xunta de Galicia, que é quen debe ter competencias neste tema nos aspectos fondos que imos reclamar, semella que entre todos, espero, sen buscar nin culpabilidades

pasadas, nin presentes, nin futuras, buscando solucións, asuma a responsabilidade da redacción do proxecto técnico en colaboración no seu caso co Ministerio de Medioambiente e dende logo buscando o financiamento europeo.

Iso é o principio da resolución do problema pero digo máis. Estamos os veciños e os que non somos veciños directamente afectados moi escamados con moitas resolucións pero tamén, non quero que se me quede atrás, hai un traballo estupendo dos técnicos municipais que traballaron con moito esforzo e denodo, pero tampouco son estrictamente especialistas neste tema ou alomenos a nivel dalgúns especialistas que hai no mundo.

Neste tema eu si que lles pediría ós meus compañeiros de Corporación e á Xunta de Galicia un máximo rigor e unha máxima seguridade e esta máxima seguridade alomenos a min, en plan paisano, só ma daría a experiencia anterior. Que a xente que se encargue da redacción técnica do proxecto de remodelación, porque ten que haber unha remodelación integral e teñen razón os que din que non valen os parches, que non son suficientes, que esta remodelación integral se faga coma queiran, seguramente mediante un concurso pero un concurso que amerite a experiencia anterior en construcción técnica de depuradoras que non produciran ningún tipo de contaminación ambiental. Sabemos que hai depuradoras no mundo en lugares ben públicos, podemos ir fóra de España pero tamén ultimamente hai unha en España que non están producindo problemas.

Queda un último tema por tocar que é o da zona de exclusión. Habería unha pregunta que se facer: Se realmente se acomete a resolución do problema nesta dirección que acabo de expoñer, zona de exclusión para qué? Podería ser ociosa ou podería ser, coma dicía un técnico con enorme prudencia á que eu me acollo: aínda que se faga unha depuradora perfecta ó mellor un día hai unha avaría e ese día pódese producir unha contaminación ambiental odorífera e se hai unha zona de exclusión ata estariamos garantidos contra iso. Se é por esa soa e única razón este grupo admitirá a zona de exclusión e ademais, por certo, concertando cos veciños que a queiran asumir, non lla impoñendo a ninguén. Pero por esa soa razón, debera quedar moi claro e non para xustificar outro tipo de actuacións futuras que dende logo este partido non ampararía.

Xa dixen na Comisión e ós representantes dos veciños que alí estaban que o Partido Galeguista non vai amparar cos seus votos ningunha ampliación desa depuradora porque pensa que hai que resolver o problema cunha remodelación

integral e o resto da cidade ten obxectivamente mellores puntos para situar unha depuradora ca ise. Polo tanto paréceme que debera haber unha depuradora complementaria que resolva o conxunto do problma da cidade.
Se vostedes toman esta intervención, que como verán non busca ningunha culpabilidade, non quere mirar en ningún lado, só quere mirar cara o futuro pero un futuro inmediato, dito con absoluta honestidade eu non o sei porque o descoñezo e polo tanto non vou vender ningunha “lavaroupa”, non sei se é posible que as obras de facer un proxecto e unha remodelación integral estean rematadas en setembro do ano 2007, para seren moi claro paréceme difícil, pero non o sei, recoñezo que tecnicamente non teño capacidade para o saber; se é posible tecnicamente, coma se é antes, debe ser a obra máis prioritaria como responsabilidade deste Concello e da Xunta de Galicia, non sei se do Goberno de España porque tampouco me atrevo a falar barato por se hai outro problema que eu descoñeza, pero dende logo que dos problemas que temos enriba da mesa as administracións municipal de Vigo e a da Xunta de Galicia no aspecto medioambiental, sen ningunha dúbida.
Polo tanto, con esa responsabilidade, coa colaboración de todos e coa suma das ideas de todos, debérase resolver este problema. Se é así estaremos á altura das circunstancias e senón, se algúns escollen o camiño do enfrontamento partidista, de veren quen é o máis culpable, os culpables serán todos aqueles que tendo responsabilidades non as asuman para resolver o problema.

SR. TOBA GIRÓN: Vou procurar seren breve nesta miña primeira intervención expresando en primeiro lugar que o noso Grupo ven a este Pleno que queriamos xa dende hai tempo, que se demandou nalgunha ocasión polo Grupo municipal Socialista e por nós mesmos, para poñer canto antes enriba da mesa os problemas de saneamento restrinxidos ó tema da depuradora que temos na nosa cidade pero tamén cunha visión un pouco máis ampla.
En segundo lugar, o noso grupo ven a este debate abrigando a esperanza de que saiamos del cunha resolución conxunta, que cheguemos a un acordo e que as diatribas partidarias que houbo nos últimos meses queden superadas pola necesidade de responder á resolución dun problema que arrastramos dende hai demasiado tempo.
Con esa esperanza indico un aspecto en primeiro lugar que dende logo para o noso grupo pesa moito, estamos falando do remate do Plan Especial de Saneamento de finais dos 80, aquel PESIV aprobado na Corporación que eu

quería dicir antes de nada que foi un paso importante. O BNG non estaba naquela Corporación naquel momento pero foi un paso importante e anticipatorio, fomos a primeira cidade de Galicia que aprobou un plan de saneamento e que o puxo en marcha, con maior ou peor fortuna e a realidade é que como demostran os datos o pobo de Vigo fixo un esforzo moi importante para avanzar no saneamento da nosa cidade.

É conveniente dicilo porque demasiadas veces un, coma vigués, síntese ofendido de que algún responsable doutras administracións agrupe as responsabilidades na cidade de Galicia que maior esforzo propio fixo para acadar o saneamento integral da cidade de Vigo, o maior esforzo económico, pagado por nós e por certo, como xa dixen nun Pleno, cunha colaboración francamente rácana das outras administracións e particularmente do Goberno daquela da Xunta de Galicia. En todo caso este é o pasado e nós esperamos andar un camiño de futuro distinto.

Por iso tamén e pensando nese camiño de futuro, fago lembranza dunha moción presentada polo noso grupo en xuño do ano 2004 e créanme que o fago co ánimo de unir porque esa moción se aprobou por unanimidade de todos os grupos no sentido de que era necesario conveniar, consorciar coa administración autonómica a elaboración dun novo plan de saneamento para este século para Vigo. Vostedes saben que daquela dimos aquel debate pero sinceiramente coidamos que se avanzou moi pouco nese camiño seguramente e mirándoo en termos positivos acuciados pola resolución do problema que hoxe nos trae aquí, pero en todo caso é un reto que esta Corporación debería iniciar.

É necesario rematar co Plan de saneamento de finais dos 80 pero é necesario redactarmos con toda a prontitude que sexa necesaria e por suposto en colaboración co Goberno galego un novo plan de saneamento que sexa quen de visualizar o saneamento integral da Ría de Vigo. Ise foi o obxectivo daquela moción. Eu agardo que o compromiso de todos e todas sega sendo ise e tamén agardo que apareza algunha xestión nalgún momento.

O que hoxe nos trae é un conxunto de documentación que nos fala da situación da EDAR do Lagares e eu quero empezar dicindo que o noso grupo tamén apreza moi positivamente o esforzo realizado polos técnicos municipais, técnicos que non son expertos neses asuntos e que nunha reunión recente me recoñecían que realmente aprenderan moito nos últimos tres anos, que fixeron un esforzo para entender e comprender o conxunto dos problemas

que temos na estación depuradora para seren quen de sistematizar a vía de solucións.
Polo tanto neste momento e no expediente temos moi diversa información, eu diría que diversa e complementaria e nalgúns extremos diverxente coma é normal por outra banda e tampouco iso debería en principio ser obstáculo para nada, pero si convén telo en conta porque en todo caso o conxunto dos informes si coincide en dous extremos. Independentemente de diferencias puntuais hai unha coincidencia dos informes en dous extremos moi evidentes.
En primeiro lugar que hai deficiencias do proxecto; eu coido que os informes denotan que as deficiencias fundamentalmente estaban naquel proxecto aprobado no seu día e que efectivamente na súa propia estructura levaba o pecado da dificultade da xestión posterior. Pero en segundo lugar, tamén os informes parecen coincidentes en que houbo unha mala xestión da planta por parte da empresa concesionaria. Estes son dende o noso punto de vista os dous extremos claros, evidentes e precisos que resultan de todos e cada un dos informes, poidendo logo diferir en aspectos concretos que creo que deben ser reflexionados e que nos deben chamar alomenos a establecer unha liña de acción conxunta que permita depurar esas diferencias no seu momento.
Dado que dende o noso punto de vista eses son os problemas, nós presentamos unha vía de acordos que vostedes teñen agora nas mans e que eu non vou glosar máis do necesario, pero si expresar o por qué de cada extremo.
Nós coidamos que nestes momentos hai que establecer as liñas de actuacións e as obras necesarias para que a depuradora do Lagares funcione regular e optimamente sobre a capacidade de tratamento arredor da cal se concebíu. Nada máis, a redacción que nós lles presentamos é taxativa neste sentido. Queremos que o entendan así, coidamos que hai que realizar as obras necesarias para optimizar en exclusiva a Estación Depuradora de Augas Resudiais do río Lagares incluíndo, como non podía ser doutro xeito, un sistema de tratamento terciario que o proxecto que se executou non contiña, proxecto que como vostedes saben porque eu lles informei na Comisión de seguimento e os propios técnicos tamén lles informaron, non estaba dotado dese tratamento terciario, tratamento microbiolóxico que é absolutamente esencial nunha instalación moderna. Ese é un tratamento que nestes momentos ten a depuradora de Teis que non o tiña no seu proxecto inicial pero si o proxecto rematado e que nós pensamos que convén incluir pero sabendo que a capacidade é aquela para a que se concebíu.

En segundo lugar e á vista do reto que temos diante, da importancia mesmo se vostedes queren destas pequenas diverxencias que saen expresadas da lectura coidadosa dos distintos informes, nós pensamos que a Corporación debera remitir a totalidade destes informes á Consellería de Medio Ambiente. Absolutamente todos e inmediatamente co obxectivo de complementar e corrixir pero imos ir sobre seguro. Temos un conxunto de informes que apuntan cales son os problemas pero non deberamos avanzar máis sen o coñecemento, a complementación ou a corrección que exprese o Goberno galego no seu departamento que é a Consellería de Medio Ambiente-Augas de Galicia. Polo tanto coidamos que é necesario remitir a totalidade dos informes á Consellería de Medio Ambiente.

Por suposto tamén é necesario que conveniemos coas outras administracións, a autonómica e central, a posta en marcha das obras, isto é absolutamente necesario e xa non só porque a propia obra fora de competencia autonómica, senón porque así a Lei o determina; os puntos de emisión directa e indirecta son competencia do Goberno galego e polo tanto é necesario establecer por vía de convenio, que vai moito máis aló dunha sinxela reclamación de financiamento. Podemos reclamar o financiamento pero iso non abonda, debemos seren quen do conveniar, de dialogar. Ese diálogo que está faltando ó longo dos últimos meses e que é tan absolutamente necesario para resolver os problemas desta cidade.

Polo tanto o termo “conveniar” non é casual na nosa redacción porque quere expresar diálogo entre administracións, procura de acordo, que sexan quen as dúas administracións de superar banderías e se enfronten ó problema de mutuo acordo. A palabra convenio ligada á palabra diálogo é algo absolutamente necesario que vai moito máis aló de que un goberno se sinta ou non atacado por outro e require reservar extremos de marco institucional de colaboración que sinceiramente opino, coma xa saben vostedes, que demasiadas veces estiveron rotos ó longo dos últimos meses.

Por último, nós tamén dixemos con claridade que o Pleno debería instar á Alcaldía-Presidencia, que é quen ten a competencia, para incoar un expediente de investigación a respecto da xestión realizada pola empresa concesionaria. Resulta evidente da lectura dos propios informes que houbo, alomenos no período referido polos propios informes, unha xestión deficiente. O noso grupo non é quen de graduala cuantitativamente pero ese extremo resulta da lectura demorada dos informes e, compañeiros e compañeiras da Corporación, non podemos facer outra cousa que instar que se

incoe ese expediente, que se investigue a xestión realizada pola empresa con todo o coidado necesario e que no seu caso se depuren as responsabilidades que correspondan por esa ineficacia na xestión.

Eses catro puntos, que coma ven só pretenden matizar e buscar acordos, teñen un obxectivo: que hoxe saiamos do Pleno co espírito de traballar conxuntamente como Corporación e coas outras administracións para resolver o problama sen ir máis aló, porque do que se trata é de resolver un problema moi serio e moi importante para Vigo, problema que ademais Vigo non merece porque é a cidade de Galicia que fixo maior esforzo financeiro para se sanear; non o merece. É un problema que non se pode seguer padecendo e nisto coincidimos plenamente: non podemos seguer padecendo un problema derivado dunha execución dun proxecto digamos que defectuoso, debemos ser quen de buscar a vía de corrección dese proxecto nós, a Corporación completa, e en colaboración co goberno galego fundamentalmente.

SRA. GRAÑA BARCIA: Ante todo agradecer a intervención e comparecencia dos veciños, asumir publicamente en nome do Grupo municipal Socialista a crítica que nos corresponda nesa intervención e aceptar a petición que especificamente se nos dirixe coa seguridade ademais de que será escoitada coa sensibilidade que ata agora demostrou a Consellería do Medio Ambiente en canto ó problema da Depuradora do Lagares.

Hoxe enfrontámonos a un dos problemas máis graves que vive a nosa cidade, senón o máis grave, polo que representa para o medio ambiente, para a vida dos veciños e para o futuro non só da Depuradora do Lagares, senón da nova depuradora. Mal imos confiar nesta nova instalación se non somos quen previamente de solucionar os problemas da existente.

A Sra. Alcadesa, ausente no día de hoxe, e algún outro membro do PP lembrarán os erros cometidos cando en 1998 se entregou ó Concello a Depuradora do Lagares. Deberan lembralos ben porque tanto a Sra. Porro, coma o Sr. Figueroa formaban parte dese Goberno, non poden polo tanto e por moito que o tenten escapar á súa responsabilidade por aquelas decisións.

Podemos asegurar logo do traballo técnico cales son os falsos cimentos da Depuradora do Lagares: erro na localización ó non considerar a cercanía das vivendas e natureza de zona protexida medio ambiental; erro na súa concepción ó optaren por unha depuradora convencional e erro nas condicións de aceptación ó obviaren os reparos técnicos existentes antes da súa aceptación. Pero aqueles erros que se remontan ó Goberno do PP en 1998, sen

esquecer igual Goberno do PP na Xunta, deberon marcar un estilo de facer as cousas porque no seu actual Goberno, Sra. Alcaldesa, ausente hoxe, e Sr. Figueroa, presente, repetiron e insistiron nos mesmos e novamente, ó igual que as decisións que se tomaron hai 8 anos, os informes técnicos o proban e confirman.

Temos por unha banda o informe do Valedor do Pobo que vostedes agacharon nunha decisión sen precedentes, antidemocrática, mostrando así unha vez máis a súa verdadeira faciana e o seu xeito de gobernaren, este informe confirma que nestes tres anos non fixeron ren para solucionar o problema.

Procedería a lectura íntegra do informe pero estimamos que algúns parágrafos poden seren agora suficientes. Di o Valedor: “...Por tanto a execución das solucións ós problemas mencionados segue sen se executar e nin tan siquera se comezaron o que resulta rechamante. É máis, parece aprezarse que aínda arrastran unha serie de actuacións que se poden demorar de forma considerable coma son a redacción dos proxectos de execución, as contratacións e as correspondentes execucións ou obras, co que ó atraso xa acumulado parece que aínda se lle engadirá outro período de tempo relativamente amplo”. En resume e ó noso entender con este parágrafo só se pode ober unha conclusión: un tempo precioso perdido.

Outro parágrafo do citado informe: “...O certo é que a inaxeitada localización da instalación e a máis que considerable lentitude na avaliación e solución do problema fan que sexa preciso concluír que a actuación municipal non resulta axeitada”. En resume e tamén ó noso entender, desidia e ineficacia.

Outro parágrafo: “...O anterior sucede malia que claramente puxemos de manifesto a gravidade do sucedido, mencionando que coa actuación municipal estase a conculcar o dereito ó medio ambiente axeitado e a calidade de vida dos afectados, dereito recoñecido no artigo 45 da Constitución”.

Sr. Figueroa, dende o noso punto de vista este informe neste parágrafo en concreto manifesta un claro aviso “a navegantes” e recolle ademais a existencia xa de sentenzas condenatorias por falla de actuación municipal.

Un último parágrafo: “...Por iso pode concluirse tamén que o ente local non adoptou todas as medidas ó seu alcance para protexer os dereitos constitucionais que están sendo obxecto de menoscabo como consecuencia das deficiencias da instalación que ademais é de titularidade municipal”. Coidamos que convén repetir estas verbas do Valedor para non as esquecer: ”de titularidade municipal”.

Esta é a valoración do Valedor do Pobo da xestión deste Goberno. Fíxense na diferencia cando en outubro de 2003 outros eramos goberno e se iniciou o expediente polo Valedor a recomendación foi expresamente aceptada, pero claro que ese era outro goberno.
Tamén temos as conclusións da Comisión que confirman a persistencia dos erros e a súa total ineficacia na solución. Neste pasado e presente de cómo o Goberno do PP enfronta un dos máis graves problemas desta cidade, senón o maior, polo que significa na vida cotiá dos veciños afectados e na saúde medio ambiental da nosa Ría, merece unha análise promenorizada o proceso que seguíu a Comisión creada hai un ano por este Pleno ante a moción presentada polo noso grupo.
Os acordos que se tomaron eran claros: realización dun estudo epidemiolóxico, realización dun estudo fitosanitario, dunha auditoría completa e exhaustiva da instalación da depuradora e do seu mantemento, creación dunha comisión de investigación que estudara as presuntas responsabilidades, encargar un estudo de obras necesarias, custo e financiamento e por último elaborar un protocolo de mantemento.
Hai un ano, a ausencia de solucións por parte do Goberno á grave situación da depuradora do Lagares e o seu efecto sobre a vida diaria dos veciños, foi a razón da presentación da nosa moción. Tan perdido e desorientado estaba o Goberno que o propio Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa, recoñecía publicamente a súa impotencia para atopar unha solución.
En case dous anos de goberno o problema se agravara, unha vez máis o goberno non foi quen de dar unha solución. A desesperación lóxica dos veciños cada vez era maior e a declaración de impotencia era por tanto unha declaración de incapacidade. Coa nosa moción démoslle a solución e así lles pareceu porque a apoiaron co seu voto.
Sen embargo, cando repasamos o informe da Comisión de seguemento non consta nin estudo epidemiolóxico, nin fitosanitario, nin o de obras, custos e financiamento, nin protocolo de mantemento e sobre todo elúdese conscientemente calquera tipo de determinación de responsabilidades. O que si houbo e en abondancia foi dilación e ineficacia, só se salva o traballo realizado polos técnicos.
Respecto ós estudos epidemiolóxico e fitosanitario cuxa necesidade obedece a razóns de saúde pública, reiteramos que non constan no expediente. O Pleno aprobou a moción en xullo de 2005 e pasaron 10 meses ata que se creou a Comisión e empezaron a aparecer informes. Lémbrolle, Sr. Figueroa, que

nos anunciara que o Pleno sobre a Depuradora, o que se está realizando no día de hoxe, realizaríase en outubro de 2005.
Esta é unha proba da súa ineficacia e mesmo da súa desidia á hora de tratar un problema clave da cidade. Por certo e na mesma dirección, parte das propostas que agora presentan coma obras necesarias teñen unha valoración económica de agosto de 2005, por qué non fixeron ren?
A Comisión en maio de 2006 tivo coñecemento de máis de media ducia de informes técnicos e dun informe municipal de conclusións resume dos anteriores. A lectura do expediente permítenos resumilo en dúas conclusións que permanecen dende a súa orixe e chegan ó día de hoxe. Por unha banda a suma de tres erros inxustificables e gravísimos: erro na dimensión, un deseño de instalación insuficiente de 1.500 l/segundo cando Vigo xeraba 2.000, ademais as reparacións constantes reduciron a depuración a 1.000 litros/segundo e aínda que estes se depuran ben, mestúranse no vertido final. Un erro na localización non tendo en conta a cercanía de vivendas e a zona medio ambiental protexida na que se instala e erro na concepción do saneamento.
Por outra banda, a irresponsable desidia raiana en neglixencia pola que aínda ninguén se explica como non se corrixíu a ausencia dunha concesión legalmente formalizada que permita esixir responsabilidades ou impoñer sancións á empresa concesionaria, lembrámoslles o mantemento que o informe confirma como causa coadxuvante do mal funcionamento da planta. E outra desidia: ó longo dos traballos da comisión descúbrese que o Concello non resolveu o problema da titularidade dos terreos e instalación da depuradora.
É certo que nestes anos existiron parches, pero non é menos certo que o problema da depuración e por tanto da contaminación existen e que os veciños seguen sofrindo o problema dos cheiros como hoxe novamente nos fixeron saber.
O informe municipal da Comisión de seguemento confirmou as peores previsións: o problema existe e nestes case tres anos o Goberno non fixo ren.
Pero a garantía de coñecer a orixe e a causa que nos conducíu cara esta situación e que polo tanto nos permita tomar a mellor das solucións non existe. Con esta finalidade o grupo municipal socialista presentou 46 cuestións que foron ignoradas polo Goberno e que a data de hoxe non obtiveron ningunha contestación. Entendemos que preguntas clave porque a

súa contestación achegaría garantías e depuraría responsabilidades e por tanto permitiría que hoxe tomáramos o mellor acordo.
A título de exemplo podemos retomar algunhas delas: Neste último ano se adoptaron algunhas das medidas propostas nos informes técnicos contratados? Pódese asegurar a desaparición dos cheiros coa execución das obras propostas? A quen corresponde a responsabilidade por falla de mantemento da planta depuradora? Qué contestación lle pensa dar o Goberno municipal á queixa de oficio do Valedor do Pobo relativa á EDAR?
Mal podemos empezar na solución se ante este esceario de feitos recoñecidos, de erros manifestos, non se depuran responsabilidades. Solicitámolo na nosa moción, lembrámolo na Comisión e publicamente e as nosas preguntas respondían a elo. Non obtivemos resposta. Canto menos é irresponsable e inxusto gravar o peto dos cidadáns con novos gastos cando non se depuraron responsabilidades respecto a vicios ocultos que poidan existir na obra ou fallos no seu mantemento.
Por qué teñen os cidadáns que pagar erros ou neglixencias doutros? Non falamos de mellorar, senón de corrixir o deficiente. Dificilmente os cidadáns confiarán nunha correcta execución e explotación dunha nova depuradora se non somos quen de resolver os problemas da actual con plenas garantías.
Pensando no futuro voltamos ós dous piares que dende o inicio tivo este problema: obras e mantemento. Por iso e respecto ás futuras obras, custo e financiamento debemos manifestar que o Goberno segue sen se preocupar por dar unha garantía de solución dos problemas. Non hai garantía de que as obras propostas sexan as máis necesarias, as prioritarias e nin siquera as suficientes. De feito no informe propóñense outras solucións que se ignoran nas conclusións, por qué razón se propoñen unhas si e outras non?
Non se presentou ademais ningún protocolo de mantemento, a empresa adxudicataria da explotación non está sometida a ningún control e non existe ningunha proposta para regularizar esta situación. Para colmo tamén descubrimos e reiteramos que terreos e instalacións continuan a nome da adxudicataria e tampouco se propón regularizar esta situación.
Este é o resume do que non fixeron, de cómo se apoiaron na nosa moción de hai un ano como nunha táboa de salvamento diante da súa incapacidade para enfrontar e solucionar o problema, que non sabían nin como abordar, Sr. Figueroa, e de cómo non souberon nin o aproveitar, de cómo novamente, coma é a súa práctica cotiá, incumpriron o contido da moción que vostedes mesmos

votaron a favor e fixeron outra cousa, ademais tarde, porque tardaron máis dun ano, e insuficente.
Obviando as distintas achegas que se produciron nas comparecencias perante a Comisión, tanto dos servizos económicos, coma da adxudicataria e sobre todos dos veciños, a proposta que hoxe nos presentan e que se somete a votación pola nosa esixencia, porque vostedes só pretendían no día de hoxe dar conta, consiste en primeiro lugar na creación dunha zona de exclusión sen determinar as súas características e é contradictoria na súa natureza coas previsións do Plan.
Dous, creación dunha oficina técnica municipal de control da depuradora, que dende logo podía existir xa dende hai anos. Tres, contratación dunha auditoría e van, perto de cantas, Sr. Figueroa? para a redacción dos proxectos técnicos necesarios. Preséntase unha estimación de preto de 20 millóns de euros sen garantía de que estas e non outras sexan as obras máis necesarias e dende logo que sexan as suficientes.
En cuarto lugar está a modificación do pagamento á adxudicataria: proponse unha nova fórmula de pagamento e esquécese a inexistencia de pregos de mantemento.
Por último e no último momento achega a petición de financiamento a outras administracións, petición ademais incongruente coa proposta da Comisión que remite ós anteproxectos de obras a toma de decisións sobre financiamento.
O menos que podemos dicir desta proposta é que é insuficiente. Aínda non son conscientes da importancia do día de hoxe, da gravidade do problema, do que significa para o medio ambiente desta cidade, da Ría e para os veciños afectados. Son tan pouco conscientes que pretendían incluir este asunto na orde do día coma unha dación de contas e tivo que ser o noso grupo quen esixira que presentaran unha proposta para votación.
Ante a insuficiencia da súa proposta tentaremos mellorala coa nosa, converter este día nun punto de inflexión, que se convirta en garantía de efectividade para a nosa cidade e para os veciños afectados.
Por todo iso sometemos á consideración deste Pleno que se acheguen ás conclusións os seguintes puntos e estimamos polas intervencións dos Grupos, e ademais curiosamente rechamounos que o Goberno non fixera unha presentación da súa proposta, que precisamente todos imos traballar na mesma liña, nunha liña de garantías e responsabilidades.

A nosa proposta, da que se lles facilitou copia, é a seguinte: en primeiro lugar achegar ó expediente e informes relativos á Comisión de Seguimento do informe do Valedor do Pobo.
Segundo, modificación do tratamento previsto no PXOM da zona de afección.
Terceiro, elaboración e presentación á adxudicataria dos necesarios pregos de condicións de mantemento da depuradora e, caso de negativa á súa aceptación, que se estude a rescisión do contrato.
Cuarto, regularización da titularidade dos terreos actualmente a nome da adxudicataria para que o Concello sexa titular rexistral dos terreos e da instalación.
Quinto, como garantía do cumprimento deste acordo, determinación a través dos servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras, da idoneidade das mesmas tanto en materia de contaminación como de cheiros.
Sexto, en todo caso a solicitude de financiamento a outras administracións irá acompañada de depuración de responsabilidades e se procede de accións de reclamacións por vicios ocultos e por deficiencias de mantemento.
Non se achegou ó escrito anterior e si o facemos neste momento de xeito verbal que estimamos que a intervención que se produciu e comparencia dos veciños neste acto tamén debe ser achegada ó expediente.

A PRESIDENCIA: Teñen que desculpar que coma Presidente faga a intervención pero loxicamente coma responsable deste departamento así me corresponde.
Está perfectamente definida a postura dos grupos políticos. Hai dous grupos que pretenden colaborar e apoiar e un que pretende seguer coas liortas e busca discrepancias co Goberno.
Hoxe non vou caer na trampa porque hoxe é un día importante par este Pleno e para esta cidade porque estamos falando dun dos problemas máis graves que ten a cidade de Vigo nos últimos anos, eu diría que dende sempre, pero teñen que entender vostedes que con absoluta tranquilidade vou tentar non me crispar, vou falar de datos obxectivos porque hai grupos que o único que tentan é teorizar sobre distintos temas pero obvian a realidade. Vou dedicar só tres ou catro minutos para dar uns datos e logo facer o discurso final.
É mentira que este Goberno do Partido Popular tomara a decisión da localización da depuradora no Lagares. Voume remontar a un Pleno do ano 07.04.87 sendo Alcalde o Sr. Soto e Concelleiro o Sr. Parada Mejuto, onde

se di á hora de redactar o Plan de saneamento integral de Vigo que "...Os acuciantes déficits da rede de saneamento cos colectores vertendo as augas medias urbanas directamente ó río Lagares e sen tratamento previo, dan como resposta tres posibles localizacións de depuradora: unha no Lagares, outra en Teis e outra en Zamáns". Resulta que no Plan Xeral de Ordenación Urbana do 88, que é unha adapatación á Lei do Solo 11/85, achegábase como localización da depuradora a actual; no 88 gobernaba o Partido Socialista co Sr. Soto, era responsable o Sr. Parada Mejuto.

Pero na modificación que se fai no 90 tamén aparece a localización da depuradora no Lagares e no 93 aparece tamén no Lagares, polo tanto, Sra. Graña, minte descaradamente porque o PESIV, o Plan de saneamento falaba da localización no Lagares como localización da depuradora e os veciños que supoño que non me deixarán por mentiroso, no ano 88 xa vivían alí. Polo tanto primeira mentira e cando un minte deste xeito descarado pode pasar calquera cousa.

Do ano 91 ó 95 gobernou o Partido Socialista e non fixo absolutamente nada por desenvolver unha planta depuradora na cidade de Vigo, nin por levar a cabo o Plan de saneamento aprobado no ano 88, ren de ren. É certo que chegou o goberno do Partido Popular e tomou unha decisión que probablemente fose errada ó recibiren a obra pero non pola localización, porque naquel intre xa estaba reflectida tanto no Plan Xeral como no Plan de saneamento, no PESIV.

No ano 97 recíbese a depuradora e seguramente o Partido Popular errou ou erramos en facer a recepción dese xeito, pero en setembro do 99 gobernan vostedes e non fan absolutamente nada, non fan as correccións nin tampouco fan caso ó informe de Seragua e gobernan ata o 2003.

É certo que se fai unha segunda fase de ampliación da depuradora e tamén a recepción desa segunda fase sen ningunha suxestión. Vostedes chegan no 2003 e en seis meses que eu saiba tampouco fan absolutamente nada, só encargar unha auditoría a NOVOTEC.

Iso con respecto a eses datos e polo tanto supoño que a responsabilidade, que a vou asumir, será compartida por todos os grupos políticos porque seguramente nun tema tan trascendente para a cidade de Vigo non se fixeron ben as cousas, pero polo Partido Popular, polo Partido Socialista, polo Bloque Nacionalista Galego e ó Partido Galeguista non lle toca nada pero si ó Sr. Soto porque tamén foi Alcalde desta cidade durante moitísimos anos. Polo tanto, se queremos resolver un problema importante imos asumir que

temos que partir duns erros compartidos e se esa é a análise inicial a partir daí poderemos facer mellor valoración.
Con respecto ó Valedor do Pobo teño que dicir que nos remite o 1 de outubro de 2003 un escrito, a situación da planta era a mesma de hoxe e supoño que non se corrixíu en seis meses absolutamente nada. A min meréceme os maiores respectos o Valedor do Pobo pero un Valedor que inicia o seu expediente dicindo: "Nesta institución iniciouse expediente de queixa de oficio en aplicación do disposto no art. 16 da Lei 6/1984, do 5 de xuño do Valedor do Pobo como consecuencia da nova aparecida no diario Faro de Vigo, páxina..." e non se nos pide comparecencia, nin se nos pide explicación. Ademais un Valedor do Pobo que foi Alcalde da Coruña e que resulta que a día de hoxe esta cidade non ten nin a primeira depuradora... qué queren que lles diga!
Nós ímoslle facer caso a ese informe do Valedor do Pobo pero evidentemente parecerianos moito máis respectuoso con esta Casa, con esta institución, que se el se entera por un medio de comunicación de que hai problemas o lóxico é pedir a comparecencia da Alcaldesa, do concelleiro, dos técnicos ou do Concello de Vigo; parécenos que sería o correcto. En calquera caso nós contestámoslle a cada unha das propostas que nos enviou dicíndolle que estabamos facendo estudos e valoracións, que había unhas auditorías contratadas e cando tivesemos os resultados remitiríamosllos.
Logo hai outra cuestión e é que chega ó Rexistro Xeral do Concello o 4 de xullo esta notificación do Valedor do Pobo, ó departamento chega o día 10 e vostede fai unha conferencia de prensa o día 11 dicindo que agachabamos información; non tiveramos nin tempo de ler o expediente, pasou dun departamento a outro e coincidiu unha fin de semana polo medio. Non hai que ocultar absolutamente nada do informe porque é unha realidade obxectiva que está confirmada por todos os informes e auditorías que se están facendo.
Dito isto que penso que era importante clarexar porque os datos que vostedes deron hainos que clarexar, xa que foi no ano 87 cando se tomou a decisión da localización dentro do Plan de saneamento integral e vostedes tamén gobernaron nesta cidade. O Partido Popular e o goberno van asumir a responsabilidade ó 100% pero a responsabilidade compartida e da localización, construcción, recepción e con todas as medidas que se tomaron na depuradora do Lagares porque hai un erro colectivo, un erro de toda a Corporación e de todos os grupos que gobernaron nesta cidade. Nós asumímolo coma primeira medida de responsabilidade política.

Segundo tema que a nós nos preocupa realmente. Eu vou coller as verbas de dona María Alonso que dixo: “Sr. Figueroa, vostede dixo que logo de ter analizado cales eran os males desta planta, cousa que practicamente está feita, con matices pero feita, polo asunto dos cartos non habería impedimento ningún, mesmo se o Concello de Vigo tivera que se endebedar non sería problema. Deixen entre todos de “marear a perdiz” e poñan ó dispor da depuradora a necesaria partida económica que sexa a resposta definitiva a esta forma precaria de vida”.

Coincido ó 100% con esta reivindicación que fan en nome da miña persoa supoño que ó Goberno e a toda a Corporación. Por iso o importante é tentar resolver os problemas dos veciños, problemas da cidade de Vigo con respecto primeiro a un tema global de saneamento e depuración da cidade que está sen resolver porque ainda que resolveramos este problema concreto do Lagares, non resolveriamos o problema global da cidade de Vigo en canto á súa depuración.

Vigo precisa unha nova depuradora, esa é unha conclusión á que se chegou hai tempo. Saben vostedes que dende o Concello de Vigo se encargou un estudo e que no mes de setembro nós daremos resposta a unha petición que nos fixo a Xunta de Galicia porque considera que as localizacións que nestes momentos eles mesmos presentaron, non lle son valedeiras. En calquera caso tamén teño que matizar que nos desconcerta que algún representante dalgunha institución poida dicir que Vigo non ten que ofrecer un só sitio, senón dous ou tres distintos.

Eu coido que se hai unha resposta técnica concreta dun sitio, a Xunta o único que ten que facer é ratificalo se tecnicamente concorda coa proposta, pero iso de dicir dende a Xunta de Galicia que Vigo precisa enviarlles dúas ou tres localizacións posibles de depuradoras, xa me dirán vostedes onde as situamos na cidade de Vigo. Dúas ou tres localizacións distintas cando temos problemas para buscar unha.

Primeira conclusión: Vigo precisa unha nova depuradora para resolver os problemas globais, pero agora estamos falando dun tema concreto que é a depuradora do Lagares e temos que lle dar unha resposta inmediata a todos os problemas que se presentaron dende ano 1987. O que se fixo foi encargar auditorías a persoas que nós pensamos son expertas e que fan unha avaliación de toda a situación da depuradora, auditorías que remataron cunha serie de conclusións técnicas que evidentemente nós, como representantes políticos ou eu persoalmente, non me sinto capacitado para

facer unha valoración nin positiva, nin negativa desas auditorías, son técnicos, profesionais cualificados que fan o seu traballo coido que do mellor xeito posible, por iso se encargaron cinco ou seis auditorías a maiores.
Iso foi nas conversas que tivemos cos veciños ós que, malia que moitas veces me critican con razón, téñolles que agradecer o seu comportamento tanto a nivel persoal coma coa institución do Concello de Vigo. Nas reunións que tiven en momentos duros, difíciles, sempre puidemos dialogar, buscar puntos de encontro e consensos. Todas as medidas que se tomaron con este documento de inicio de traballo foron consensuadas cos veciños, dende encargar auditorías, a que eles mesmos fixeran a súa propia auditoría que se recolleu e está tamén neste documento porque pensabamos que sería importante que os datos que nós puxeramos enriba da mesa fosen tamén ratificados por persoas independentes, que eu non digo que os demais non o sexan, ou persoas próximas ós afectados para que non se puidera ver mala intención nin procura doutro obxectivo que non fose resolver este conflicto dunha vez por todas.
Repito de novo que cos veciños se tomaron unha serie de decisións e entre elas as de encargar esas auditorías e que cando esas auditorías estivesen enriba da mesa traer ó Pleno un informe-proposta para que todos os grupos tiveran coñecemento delas e ó mesmo tempo puidesen facer a súa valoración, quedando constancia no debate dun Pleno das propostas e das conclusións destas auditorías.
Este é o traballo que se fixo, a maiores había unha comisión política na que participaron os grupos e teño que dicir claramente que houbo dous grupos que fixeron aportacións e un terceiro que o único que fixo foron preguntas. Isto está no expediente.
Hoxe vostedes traen unha serie de incorporacións, incorporacións que con matizacións nós estamos dispostos a asumir porque din máis do mesmo que din as conclusións. Vostedes queren que se inclua o informe do Valedor do Pobo? Perfecto, non hai ningún problema, pola contra é público e vaise engadir.
Sobre o tema do tratamento do PXOM da zona de afección si quería falar diso porque, igual que estou asumindo unha parte de responsabilidade, non vaia ser que o seu grupo o que pretenda é facer unha ampliación da depuradora onde está porque nós non estamos dispostos a iso, así de claro. Significa que se facemos unha corrección dentro do Plan Xeral poden mañá mesmo, tan pronto como se aprobe o Plan Xeral, facer unha ampliación da depuradora do

Lagares e eu teño un compromiso persoal e político cos veciños de que non haberá ningunha ampliación e niso coincido totalmente co Sr. Soto. Polo tanto eu tamén quero deixar clara esta postura.
A proposta que fan vostedes e que alomenos eu non lles vou aceptar, significaría deixar unha zona de exclusión totalmente definida urbanisticamente para que o día de mañá automaticamente, logo dunha aprobación do Plan, ó día seguinte vostedes poidesen facer unha ampliación da depuradora no sitio actual. Dígolles isto porque na depuradora temos 67.000 metros que son os que conforman a actual localización pero hai 67.000 metros máis de titularidade do Concello que teñen un problema rexistral, única e exclusivamente administrativo, pero eses metros máis agora mesmo están en propiedade do Concello que podería facer unha ampliación da actual depuradora coa zona de exclusión e con iso.
Quero deixar claro aquí publicamente e para que conste en acta que nin o Partido Popular, nin os membros do goberno da cidade, nin quen lles fala queremos baixo ningún concepto que exista unha nova ampliación na depuradora do Lagares. O único que queremos é que se resolva a situación actual que teñen os veciños e para iso hai unha serie de medidas das que non vou facer novamente mención porque as coñecen perfectamente todos, pero falan das conclusións, dos expedientes, sobre a explotación, zona de incidencia, sobre un seguimento que hai que facer por parte dos técnicos municipais, fala tamén de actuacións e tamén dunha zona de exclusión.
O Concello e o goberno fixeron unha valoración da cada unha das propiedades dos veciños que quixeron voluntariamente que se fixera o estudo das súas propiedades; o estudo témolo aquí e fíxose coa aceptación dos propios veciños porque mesmo ten as fotografías dos seus propios dormitorios, cociñas, baños e todo con detalle.
Eu son a única persoa que ten esta auditoría porque adquirín un compromiso cos veciños de que se analizaría con cada un deles primeiro a súa valoración, valoración que loxicamente é de mercado ainda que sabemos que hai un custo engadido, un custo social que haberá que valorar e pagar. Eu xa lle dixen a algúns dos veciños que esta era unha valoración estimativa, orientativa para abrir unha posible negociación, negociación que única e exclusivamente se establecería cos veciños por vontade propia e se chegasemos a algún acordo con algún deles sería tamén porque eles queren, pero non porque unha decisión do Concello ou un Plan Xeral os puidese sacar das súas vivendas.

Isto para min é importante e digo para min a nivel persoal porque foi un compromiso que adquirín cos propios veciños sobre dúas cuestións fundamentais que lles preocupaban; unha que esta zona de exclusión non significase unha zona de ampliación da depuradora para construir unha nova depuradora ou ampliar esa depuradora e, segundo, que sería única e exclusivamente por acordos con cada un dos propios veciños que quixera saír desa zona.
Polo tanto coido que hoxe remata unha primeira fase importante, eu diría importantísima, polo menos chegar a unhas conclusións, traballos técnicos que evidentemente, e niso coincido co voceiro do BNG, terán que seren ratificados por outras administracións, por outros técnicos competentes porque os técnicos muncipais, ós que eu quero agradecer tanto a don Sergio Prada, coma a don Jesús Núñez Torrón, como a don Álvaro Crespo o magnífico traballo que fixeron porque, á parte do seu traballo normal e diario, tiveron que facer este traballo a maiores; paréceme que eles son persoas cualificadas pero evidentemente ó mellor non expertos nesta materia como pode haber outros neste país.
Coido que o representante dos veciños. Sr. Curto si que o é e máis dona Nuria Vidal, dúas persoas cualificadas e que coinciden, non na súa totalidade pero case, cos informes dos técnicos municipais e que mesmo os técnicos municipais en moitas ocasións fixéronlle caso ó Sr. Curto e a dona Nuria Vidal cos que tiveron contactos e mesmo estes enriqueceron a súa proposta con matizacións que lles fixeron. Pero a maiores penso que, logo de aprobar as conclusións que acordemos hoxe nesta Corporación, temos que llas remitir tanto á Augas de Galicia-Xunta de Galicia, como á Confederación Hidrográfica-Ministerio de Medio Ambiente, para que os propios técnicos competentes deses departamentos as poidan ratificar.
Feita esta primeira fase hai unha segunda que penso que nós, dende o goberno temos que acometer. Primeiro, cando remate este Pleno eu persoalmente, como Alcalde en funcións nestes momentos, vou chamar ó Sr. Conselleiro de Medio Ambiente para lle dar toda a información do que acaeceu neste Pleno e inmediatamente coa mellor intención, coa mellor vontade e con ánimo constructivo pedirlle unha entrevista de contado para os primeiros días de agosto coa Sra. Alcaldesa se quere, senón comigo persoalmente.
Buscaremos a fórmula que poña un equipo técnico en contacto cos nosos servizos para que paralelamente, á parte da entrevista política, se poida

traballar para que estas conclusións sexan valoradas, analizadas e ratificadas por todos os departamentos. Así mesmo coido que nun segundo paso, por cuestións de cortesía, tamén ímonos dirixir á Ministra de Medio Ambiente para facer a mesma actuación, pero coido que por respecto institucional ó Conselleiro de Medio Ambiente debemos esperar primeiro a que nos conteste, nos reciba e ter esa entrevista e alí dirémoslle que imos solicitar unha entrevista coa Ministra de Medio Ambiente para poder poñer en marcha todos estes proxectos.

Outra cuestión que para nós tamén é importante coma goberno é que estamos en minoría, temos 10 concelleiros de 27 e para tomar decisións económicas dependemos da maioría desta Corporación. Tamén queremos dicir publicamente aquí que o Concello está disposto a facer un esforzo pero temos que buscar o equilibrio entre todos os grupos políticos e coa situación económica que ten este Concello, se ten que facer algún investimento ou adiantar algunha previsión, que todos teñamos claro que o temos que facer.

Estamos falando dun dos problemas máis graves que ten esta cidade e polo tanto dende o Concello se artellarán e dende o goberno se porán enriba da mesa todas as propostas económicas que sexan necesarias, dentro dun equilibrio e cunha proposta razoable, para que o Concello de Vigo tamén participe na solución do problema a nivel económico. Coido que isto é fundamental, non nos pode servir a ninguén de excusa que por unha situación económica puntual e determinada poidamos ter problemas ou retrasar os proxectos ou conclusións do que hoxe imos aprobar.

Estas son as cuestións que me gustaba matizar. Eu espero e dígoo co ánimo máis constructivo que este, que é un dos temas seguramente máis importantes de toma de decisións nun Pleno que temos na nosa cidade nestes momentos, poidamos entre todos tentar buscar un acordo consensuado para que todos os grupos poidamos saber cal é o camiño que temos que seguir, cales son as liñas de actuación, goberne quen goberne, e que poñamos as bases da solución dun problema que os veciños veñen sofrindo dende o ano 87-88 e que nós como representantes de todos eles temos que tentar buscarlle unha solución.

Nós coma goberno e eu nestes momentos coma Alcalde accidental bríndome a escoitar todas as emendas e propostas que fagan todos os grupos políticos para tentar buscar unha proposta consensuada.

Espero que esta intervención non serva para abrir novos debates de temas que non sexan únicamente o que queremos todos que é buscar a solución dunha

vez por todas á depuradora do Lagares. Tiña que facer unhas puntualizacións evidentes, non me podía calar e tiña que lle dicir á cidadanía as decisións que se tomaran.
Coido que con este compromiso, primeiro de asumir a responsabilidade na parte proporcional que nos toca porque ó Partido Popular lle toca unha parte, pero ós demais coido que a mesma ou polo menos igual que ó Partido Popular. Segundo tema, aceptar as conclusións. Terceiro, buscar solucións para o futuro e, cuarto, os compromisos políticos e persoais que a min me gustaría que se plasmaran: que a zona de exclusión serva única e exclusivamente para que estes veciños puidesen mellorar a súa calidade de vida, non para facer ningunha ampliación e que quedase constancia neste Pleno dalgún xeito determinante. Quinto, que aqueles veciños que por calquera situación persoal teñan a vontade de negociar co Concello a posibilidade dun traslado, dunha indemnización ou das fórmulas que poidamos buscar entre o Concello e os propios veciños, que sexa única e exclusivamente por vontade propia.
Con estas verbas remato esta intervención esperando que quedase clara a postura do goberno, a postura do Partido Popular. Coido que se todos miramos cara adiante seremos quen, ó mellor con erros porque dos erros e do pasado se adquire experiencia para non os volver cometer no futuro, de que nesta cidade non se volva a cometer un erro tan importante coma o que se cometeu con todo o tema da depuración e da depuradora do Lagares.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Toba, quero empezar por felicitalo pola súa intervención porque me parece que é o único positivo que escoitei de todos os grupos políticos. Dito isto, qué ben viven o PP contra o PSOE e o PSOE contra o PP! Pero cos seus enfrontamentos sen definir obxectivamente o que hai que facer están amolando a Vigo.
Quixen marcar un ronsel que vostedes non son quen de seguir porque só están con retos electorais e electoralistas, entón agora teño que falar con todas as palabras do que penso das súas actitudes que me parecen politicamente patéticas. O Partido Galeguista non vai consentir que vostedes monten esta "zarabanda" política que teñen permanentemente, e agora cambio o ton radicalmente, porque só están defendendo os seus intereses sen lles importar nada o que lle pasa nin á depuradora, nin ós vigueses, nin á zona, nin a ninguén.

Lamento terllo que dicir entroutras cousas porque teño afecto persoal pola Sra. Graña, pola Sra. Porteiro e porque teño afecto persoal por Pachi Vázquez, pero imos deixar de contar mentiras e imos falar das cousas como as hai que falar e entroutras, Sr. Figueroa, tamén lle vai tocar a vostede algunha porque hai algunha moi grave na súa intervención na miña opinión por omisión, por un exceso de intervención política e que lle vou dicir.
Desgraciadamente para Vigo non están vostedes no goberno á altura das circunstancias políticas que require este problema. Estivemos caladísimos neste tema e miren que andan vostedes a labazadas sen parar, quixémoslles marcar un ronsel neste Pleno e escollen vostedes este xogo permanente de enfrontamentos sen dar solucións reais, nin por unha parte, nin pola outra.
Falando de Vigo que me importa máis cas amizades e téñoo que recoñecer, señores do Partido Socialista, vostedes presentan aquí unha emenda que dende logo, unha de dúas: ou asumen a emenda presentada no seu día polo Partido Galeguista e tamén a presentada polo Bloque ou eu non lles asumo a súa porque aquí hai unha omisión moi grave. Vostedes aquí en ningunha das súas puntualizacións, á parte de que hai algunha que para min tería que ser modificada como "Modificación do tratamento previsto no PXOM da zona de afectación", si pero cando proceda e procederá cando estea definida a localización dunha nova depuradora, na miña opinión, entón si pero antes non porque nese caso si ten razón o Sr. Figueroa e xa llo dixen antes con outro xeito de intervención, só é zona de exclusión cando estea definida a localización da outra depuradora porque só a efectos de por se un día, en non sei cantos anos, hai unha avaría, se se fai unha depuradora como hai que facer en Vigo, como se debería ter feito, só a eses efectos tería que servir e senón vostedes ó mellor están metendo unha trampa e se non a están metendo dame igual porque se o fan sen querer pódena utilizar outros. Non lles admito esa modificación se non se puntualiza.
No tema de xuntármonos todos para facer de "chivo expiatorio" dos señores que están alí administrando e depurando, pois si que fixeron cousas mal, pero aquí cousas mal todos, dentro dunha orde. Pero non é menos certo e hai que dicir moi claro que dixeron mil veces que alí hai problemas estructurais graves e que ningún goberno nin de aquí, nin da Xunta lles deron resposta; tamén hai que dicir iso. Polo tanto son culpables moitísimo menos que as administracións implicadas.
Se pensa alguén que defendo a eses señores pódolles dicir que non os vin case na miña vida, só os vin na comisión que se fixo pero non volvín falar

con eles nin antes, nin logo pero as cousas son coma son. A responsabilidade está onde está e non se poden facer propostas-trampa para enganar ós demais falando de varias depuracións porque, a solución por onde ven? Na súa proposta, señores do grupo Socialista non está a solución que ten que vir que é que a Consellería de Medio Ambiente asuma a responsabilidade integral de resolver ese problema coa colaboración do Concello de Vigo, toda a que faga falla, pero a solución ten que vir daí entroutras cousas porque as competencias legais tamén están onde están e xa llo dixo o Sr. Toba con acerto na súa intervención.

Vostede fixo unha trampa dialéctica, Sr. Figueroa, citou aquí un tema que algúns entendiamos que tiña que ser así pero non o diciamos por omisión porque un de verdade quere defender os intereses do Concello de Vigo. Pero como vostede elixe sempre saír na foto antes que resolver obxectivamente os problemas, saca hoxe a solución, o coello da chisteira, e di que senón están dispostos a poñer cartos. Niso naturalmente estamos todos pero vostede está prexudicando gravisimamente ó Concello porque, onde vai chegar? A poñer o 100%? Estalle dando a solución a Pachi Vázquez para que se lave as mans e que arranxemos nós o problema?

Claro que o Concello ten que facer cousas pero as hai que negociar en serio e vostedes asumen sempre a minoría e asumen diálogo para o que lles convén. Neste tema non paran de elixir tamén sempre o enfrontamento; estou convencido que lles ven ben, estou convencido que pensan que electoralmente lles é rendible, estou moralmente convencido, como lles pasa a eles tamén, igualiños.

Por qué non escollen outro camiño? Eu que non os votei para estaren na Alcaldía dígolles que me representan ó 100% porque iso é parte da esencia democrática, pero tamén lles digo que alá vostedes como usan a Alcaldía. Por qué non a usan dun xeito un pouco máis intelixente neste caso? Por qué non lle propoñen á Consellería de Medio Ambiente unha negociación ampla, cunha ampla representación do Concello e cos técnicos municipais e coa ampla representación política e técnica que queira a Xunta de Galicia, liderada pola Consellería de Medio Ambiente? Eu estou ofrecendo involucrarme e miren que me sería fácil estar a zorregarlles a uns e ós outros, pero non señores, estou querendo involucrarme na solución do problema entroutras cousas porque non confío en vostedes. Eu si que quero axudar a resolver o problema. Se queren escoller camiños serios estoulles marcando a uns a ós outros os camiños, senón só son verbas de todos.

Vostedes asuman a responsabilidade de estaren en minoría, de que teñen un problema político moi difícil enriba da mesa, que non están atopando a colaboración seguramente que sería desexable e polo tanto empreguen as mellores armas, como se teñen que levar ós veciños, leven a quen queiran á negociación con Medio Ambiente pero todas as armas en positivo e legais que teñan úsenas.
Señores do Partido Socialista, vostedes non presenten unha solución na que hai un eufemismo: "Como garantía de cumprimento de acordo e de remate a través dos servizos técnicos das aministracións que colaboren no financiamento das obras". Non sei se é o arcanxo S. Gabriel que está nunha administración ou o cura de Melide; vostedes non din que a Consellería de Medio Ambiente ten que asumir a responsabilidade X e non o fan por casualidade na miña opinión. Non se lle pode escapar a vostede, Sra. Porteiro, porque ten unha valía que eu lle coñezo e recoñezo. Estou sospeitando en demasía, estou sospeitando que queren seguir coa confrontación porque lles ven mellor que atopar unha solución.
Tamén lles vou dicir unha cousa ós señores do grupo socialista e señor Conselleiro de Medio Ambiente, amigo Pachi Vázquez. Imos supoñer que todos os demais grupos políticos do Concello de Vigo estamos absolutamente errados, imos supoñer que o goberno municipal é o maior desastre coñecido a nivel de gobernos municipais, aínda así a Consellería de Medio Ambiente ten a absoluta responsabilidade de resolver o problema e chegar aquí se queren con foto política, dáme igual pero que o resolvan, facer unha conferencia de prensa e dicir que xa que esta Corporación non o resolve, resólveo a Consellería en tempo e forma. Esa podería ser unha actitude pouco colaboradora coa administración municipal, electoralista pero resolvería o problema, pero é que vostedes están no electoralismo e sen resolver o problema e iso é inadmisible.
Coma vostedes elixiron este camiño da confrontación saiban os dous partidos que están nela que daquí en diante non van estar sós, van ter a permanente confrontación do Partido Galeguista e cada vez que lles escoite dicir a uns e ós outros unhas declaracións que vaian na dirección contraria da resolución do problema dirémolo claro e alto por se lles serve a algúns.
Hai afirmacións que caen polo seu propio peso porque se os cidadáns non van pagar, quen vai pagar? Vostede e máis eu? Eu non teño cartos para isto, Sra. Graña, nin vostede tampouco, estou convencido. Claro que teñen que pagar os cidadáns a través das administracións, non nos enganemos,

poderemos discutir se é cos impostos municipais ou cos da Xunta que eu convencidísimo que teñen que ser os da Xunta, independentemente de que sexa un problema herdado que tamén hai que dicir que é así, que foi a Xunta do PP a que fixo mal este tema sen ningunha dúbida; independentemente de que o Concello xamais debera recibir esta depuradora, técnicos e políticos, tamén é así, independentemente de culpabilidades daquí, de alá ou de acolá.
Sr. Figueroa, eu admítolle, qué culpabilidade? Que o PESIV se fixo cando eu era Alcalde de Vigo? Entón si, toda. Que o PESIV sinalaba onde había que situar todos os elementos, os colectores, a depuración, etc.? Si. Estariamos falando deste tema se realmente se fixera unha depuración como a de Niza, Montecarlo, etc.? Non, é unha pésima xestión da Xunta de Galicia e dalgúns gobernos municipais que non souberon estar á altura das circunstancias.
Eu non lles estou á altura das circunstancias técnicas, cando falaron de prazos díxenlles que eu non era quen de garantir iso sen realmente ver un informe de quen sabe destas cousas e mo garanta, pero senón haberá que admitir que teña que ser o que tecnicamente sexa posible. O que si lles digo é que como non sei disto xa lles puxen un exemplo: que se faga un concurso e que nel se amerite dun xeito moi importante a experiencia en construcción de depuradoras que nomeadamente produciran resultados magníficos, sen ningún problema que insisto en que as hai.
Eu non lles sei tecnicamente pero con coller unha resolución coma ista o problema estaría arranxando e iso si, non sei cantos millóns de euros custa porque iso só se vai saber en serio cando se faga o proxecto axeitado pero nós, coincidindo co Bloque poñemos condicións claras a ese proxecto, condicións políticas: non contaminación nin das augas que saian depuradas, nin contaminación ambiental de ningún tipo. Esas son as condicións políticas; tecnicamente que o faga quen saiba e quen teña a experiencia contrastada. Todo o demais son historias e lerias de vai e ven e non querer resolver o problema.
Aínda así, se vostedes queren señores do Partido Popular e do Partido Socialista, propoñémoslles asumir as propostas de todos coas matizacións que dialecticamente estamos a facer; nós estamos dispostos, se logo o refunde un técnico municipal que pode ser o Secretario do Pleno, a refundir as propostas nunha soa porque non lle imos dar sete propostas á Consellería porque iso mesmo é politicamente impresentable. Propoñemos a refundición

nunha soa de todas as propostas, dame igual se o facemos en dez minutos parando o Pleno porque redactar isto é sinxelo se hai vontade política.
Naturalmente dentro deste marco de traballo o Partido Galeguista ofrece retirar a súa emenda de adición rotundamente, coma se xamais existira. Facer unha entre todos e así o dixemos xa na comisión. Se o queren facer así ben, admitimos que é a de todos pero que vai ir unha refundición das ideas de todos que estamos matizando, feita polo técnico competente e levarlle unha proposta á Xunta de Galicia.
Se algúns xogan a que non haxa unha solución, se algúns se queren ver realizados buscando culpabilidades tamén lles propoño facer un prego de culpables e outro de resolucións para resolver o problema.
Eu admítolles de antemán, señores do grupo Socialista, as culpabilidades obxectivas que haxa, incluida a miña na medida que a poida haber que foi aprobar o PESIV no seu día, se iso é culpabilidade tamén a admito. Pero que á Xunta de Galicia lle vaia unha resolución en positivo do que queremos para resolver o problema.
Se vostedes queren resolver o problema estoulles dando unha vez máis pistas e ronseles para nos engadir todos; se vostedes queren seguir na política da confrontación, insisto en que van ter todos a do Partido Galeguista con toda a rotundidade de que sexamos capaces.

SR. TOBA GIRÓN: Dicialles eu antes que por suposto o BNG vai estar defendendo esas ideas coma sempre e terá o grao de confrontación que teña que ter pero neste tema non. Neste tema o que temos que facer é poñérmonos de acordo a respecto de cómo poñer en marcha como Corporación a solución dos problemas.
Por suposto que hai un momento para o debate político e este é o momento. Está ben que cada quen utilice o ton e os contidos que lle conveña pero se hai unha vontade para chegar a un acordo convén medir o ton. Ás veces os acordos non son suficientes ou non se é quen de chegar a eles sinxelamente por unha cuestión de ton; conteñamos pois o ton se é que hai vontade de chegar a un acordo.
Eu votei en contra da recepción da depuradora no ano 98 e coma cidadán presentei no seu momento unha serie de propostas cando se aprobou o Plan Especial de Saneamento da Ría de Vigo, non era concelleiro daquela, foi coma sinxelo cidadán. Seguro que outros e outras nesta Corporación, que

terán tan ou maior dilatada vida política ca miña, tomaron posicionamentos dese tipo e, de qué nos paga a pena agora exhibir esa situación?
O PESIV aprobouse no ano 87, na miña intervención tirei un capote sobre o PESIV e fíxeno aposta, que ninguén coide que foi de casualidade. Non é momento de discutir se a localización foi a correcta ou non porque se decidíu por este Pleno no ano 1987 e, queren que nos metamos a discutir unha decisión do ano 87? Ese é o posicionamento que queremos ter hoxe enriba da mesa? Non é o posicionamento do noso grupo, non estamos por iso. Poñémonos a discutir agora o feito do que votamos cada quen dos que estabamos daquela naquel Pleno cando se tratou da adscrición, da recepción da depuradora no ano 98? Vainos servir de algo? Porque eu o teño claro: votei en contra e, de qué me serve se o problema está enriba da mesa? Polo tanto contención no ton e tamén nos contidos porque se axitan bandeirolas dun ou doutro tipo vai seren difícil chegar a acordos e hoxe deberemos ter aquí un acordo.
Sr. Figueroa, a min non me importa a axenda que vostede teña unha vez rematado o Pleno, terá vostede a axenda de quen é Alcalde accidental, terá que facer as xestións que deba diante doutras administracións que, por certo, non as airee, Sr. Figueroa, esas xestións fanse normalmente sen as airear se se quere seren eficiente e dígollo por experiencia. Se se quere ser eficiente esas xestións non se airean para que consten en acta ou na transmisión do Pleno pola televisión, sinxelamente se realizan e nada máis porque cando un as airea semella que quere dar osíxeno a unha situación política pero que se logo non sae, non pasa nada. Se hai compromisos ten que haber un compromiso de xestión e este non pode ser que nós adoptemos un acordo aquí e que vostede, neste momento Alcalde accidental, exhiba que vai chamar inmediatamente ó Conselleiro de Medio Ambiente, cousa que por outra parte paréceme ben. Faga as xestións que teña que facer coma Alcalde accidental, fágaas con coidado, con prudencia porque non se trata de exhibir, trátase de conveniar. Non sei se agora entenden por qué eu insisto tanto no termo “conveniar” na nosa proposta, porque está fallando o diálogo e sobrando verbas grosas; falla diálogo, conveniar, dialogar. Non se trata de comprometer chamadas, trátase de comprometer esforzos que moitas veces non teñen saída cara ó público pero que ó final acaban sendo os efectivos para resolver os problemas. Logo unha certa distancia e algo de obxectividade, claro está, se facemos o esforzo de utilizar os tons axeitados para saber que hoxe nos temos que erguer daquí cun acordo.

Coido que lles quedou clara a nosa posición, nós queremos modificar o punto primeiro da resolución para que diga exactamente: “A realización das obras necesarias para que a depuradora funcione de acordo a como foi concebida”. Nada máis, fíxense que dicimos as obras necesarias, nin siquera as obras que figuran na proposta dos técnicos municipais porque independentemente das moitas diferencias coincidimos coa expresión da Sra. Graña e coido que vostedes e o Sr. Soto tamén. Temos a seguridade de que as obras que temos enriba da mesa son as necesarias e precisas? Eu e estou seguro que a maioría coincidimos coa Sra. Graña e se limos a modiño o expediente coincidiremos todos. Non temos a seguridade.
Eu si me lin os informes; é necesario un exceso de tratamento con hipoclorito de sodio para controlar as filamentosas ou é necesaria unha osixenación? Porque son os dous procedementos diverxentes nos informes técnicos. Qué facemos? Non sei, eu sei o xusto deses temas. Hai que cubrir a caída de auga que sae dos decantadores ou non? Porque hai un informe que di unha cousa e outro que di a contraria. Por certo, qué concentración hai de filamentosas? Porque hai un informe que di que son excesivas e outro que di que son algunhas. Claro que é unha diferencia cualitativa e dicía Agnes Rutherford que unha diferencia cualitativa é unha diferencia cuantitativa mal medida.
En todo caso hai suficientes elementos para que teñamos prudencia. Eu non me atrevo a dicir que esas sexan as obras e por iso na nosa proposta está que lle enviemos a documentación á Consellería de Medio Ambiente e que eles corrixan, complementen, que nos modifiquen, que nos digan cando esteamos acertados que o estamos e cando esteamos errados que nos corrixan ou complementen. Iso é rotundamente necesario porque se non hai colaboración entre as dúas administracións non resolveremos o problema.
En terceiro lugar insisto no do convenio porque non se trata de trasladar unha solicitude de financiamento, permítanme relaxar o ambiente; non se trata de que o Alcalde accidental chame ó Conselleiro de Medio Ambiente e lle diga por teléfono que está a falar coma duns 20 millóns de euros; non é iso. Trátase de que a Alcaldesa-Presidenta, que hoxe non está presente, e o Conselleiro de Medio Ambiente se reunan e convenien as actuacións necesarias; conveniar, dialogar, poñéndose de acordo. Que en ese acordo hai que asumir compromisos municipais? Pola parte do noso grupo non habería problema se ben pensamos que a responsabilidade é da Consellería de Medio Ambiente e así dixémolo neste Pleno non agora, senón en moitos anos

pasados. É normal que así sexa entroutras cousas porque Vigo paga un canon de saneamento de case seis millóns de euros que non nos reporta ren. É unha cantidade importante e ese canon que estamos pagando os cidadáns de Vigo está indo directamente ás arcas da Xunta de Galicia entón que revirta aquí, ós cidadáns. Dicía o Sr. Soto antes: “fronte impostos municipais ou outro tipo de impostos”. Contra o canon de saneamento, Sr. Soto, que estamos pagando relixiosamente os vigueses e viguesas coma calquera cidadán pero nós especialmente alto.

Por último, si que pensamos que é necesario incoar ese expediente para determinar qué responsabilidades puidera haber na empresa concesionaria porque efectivamente teremos que depurar esas responsabilidades no noso ámbito que é o da xestión municipal. Nós non podemos depurar responsabilidades a respecto da redacción do proxecto porque esta administración non encargou esa redacción; como non foi esta administración quen adxudicou as obras e quen polo tanto tiña a obriga do control de ditas obras; está fóra da nosa competencia, non o poderiamos facer. Que o faga outra administración, a administración á que lle corresponde, ogallá que o faga e o noso grupo estaría encantado de que o fixera. Nós depuremos as nosas responsabilidades que teñen que ver co mantemento.

Agora se me permiten e aclarado o noso posicionamento: distancia, porque moitas veces os tons que se utilizan impiden relaxadamente entender o que escribe o outro grupo e eu leo a modiño, independentemente da intervención da Sra. Graña, a proposta do Grupo municipal Socialista e coido que estou rotundamente de acordo en que se achegue ó expediente o informe do Valedor do Pobo porque ademais é un informe público, seguramente xa o teñen porque está colgado na rede.

Tamén penso que é moi importante o punto terceiro que complementa unha preocupación do noso grupo a respecto de delimitar responsabilidades na xestión da planta, di: “Elaboración e presentación á adxudicataria dos necesarios pregos de condicións de mantemento da depuradora”. Pois me parece unha aportación interesante e debémolo discutir nos próximos tempos, paréceme útil. Deixemos de lado os tons e miremos o que contribue a que realmente o asunto poida funcionar mellor daquí en diante.

Tamén estou de acordo, como non, con que se regularicen os títulos de propiedade a respecto dos terreos. Hai un problemiña que xa se discutiu nunha reunión e do que eu non vou falar pero en todo caso coido que todos estamos de acordo.

Penso tamén que o punto quinto ven dicindo basicamente o mesmo que dicimos nós no punto segundo en canto a remitir a información que temos á Consellería de Medio Ambiente, basicamente a través dos servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras da idoneidade das mesmas. Estamos falando practicamente do mesmo con tal de que depuremos a redacción, di: "Como garantía do cumprimento deste acordo, determinación a través dos servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras da idoneidade..." Esteamos de acordo en que o que temos que facer é remitirlle o expediente completo á Consellería de Medio Ambiente e que o revise, corrixa e complemente; seguro que o Grupo municipal Socialista está de acordo con esa redaccion.
A respecto do punto sexto condicionar unha solución conveniada non parece razoable pero estou seguro de que podemos buscar unha redacción, tendo en conta que na nosa redacción xa se establece un compromiso de depurar responsabilidades a respecto da responsabilidade municipal, da responsabilidade da concesionaria que é o que nós nos toca, coido que se pode buscar unha solución axeitada.
Coma vostedes comprobaron deixei á marxe o punto segundo porque o noso grupo non entende que quere dicir. Non vou prexulgar e non vou emitir ningún xuízo previo porque "modificación de tratamento..." Cando? Onde? Ata onde? Modificación en si mesmo non quere dicir nada, modificar qué? Canto? Con qué usos? Cara onde? Con que limitación de usos? O punto segundo o que presenta é unha profunda incerteza porque lido con desapaixoamento é difícil de expresar independentemente de que se emitan xuízos de valor, pero se non está expresado non emitamos xuízos de valor que poidan romper a posibilidade de acordo. Sinxealamente obviémolo se estamos de acordo nalgo porque do que se trata é de corrixir o funcionamento da estación depuradora, diso trátase e de nada máis e como non se trata de nada máis o punto segundo en principio, dende o noso punto de vista, non ten moito sentido.
Por último e para rematar, por parte do noso grupo non temos inconveniente en reunírmonos inmediatamente, os nosos puntos están claramente expresados e coido que hai vía para un acordo, en primeiro lugar se queremos e en segundo lugar se se renuncia a esa estratexia de confrontación permanente que é algo anticipada, queda moito tempo para as eleccións municipais e mentres imos ter que resolver non sei se moitos pero seguramente algúns problemas e algúns de calado coma é este. Para resolver problemas de calado

fai falla poderen ver, visualizar un marco de colaboración institucional, senón non resolveremos nada importante e isto é realmente moi importante.
Polo tanto quixen nesta segunda intervención escenificar ante vostedes que hai un marco e un campo para acordo se o queren. Nós querémolo.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Nesta segunda quenda tentarei dar resposta a algunha das inquedanzas aquí presentadas polo resto dos compañeiros da Corporación en aras a tentar que a nosa proposta sexa votada favorablemente, anticipando o que xa lle dixemos ó voceiro do goberno municipal en privado no sentido de que o noso voto vai ser favorable ó informe e á proposta que hoxe se nos presenta aquí.
Xa dixo a Sra. Graña na súa intervención que a nosa proposta era unha ampliación, entendendo que a que se traía a votación estaba incompleta, era insuficiente e polo tanto se iso non quedou entendido estou na obriga do repetir, pero foi con ese enfoque dende o primeiro momento que se fixo a presentación da nosa aportación; non é unha emenda, é unha engádega.
Pero hai cousas que se dixeron aquí que non podo por menos que respostar porque nós somos un grupo moi responsable e coido que neste tema demostramos unha actitude absolutamente proactiva, cooperadora, implicada e comprometida, tanto cando estivemos no goberno como na oposición e vou obviar o detalle de todas as mocións que dende este grupo se trouxeron a Pleno, sempre buscando solucións en positivo para esta cuestión. Polo tanto temos absolutamente todo o dereito democrático de facer a crítica que se merece a xestión de quen ten a capacidade de tomar decisións executivas que é goberno local, non é a oposición e non imos renunciar a ese dereito democrático mesmo que outros grupos da oposición castiguen a este grupo por facer oposición.
Respectamos absolutamente ese dereito pero reivindicamos o noso de que logo de facer un traballo absolutamente en positivo dando alternativas, proactivo, agora é o momento de poder tamén facer balance e é o momento se queren vostedes de pasar páxina; xa o dixo tamén na súa magnífica intervención a miña compañeira, Sra. Graña, que entendamos este día como un punto de inflexión, como comezo dunha nova etapa pero non tapando os ollos, as orellas, nin a boca a ninguén porque baixo o noso punto de vista iso é antidemocrático.
É a primeira vez que escoitamos ó representante do goberno, Sr. Figueroa, recoñecer algunha parte de erro en todo este proceso. Felicidades, Sr.

Figueroa, é a primeira vez que vostede publicamente fai unha declaración dese tipo.
Na intervención da Sra. Graña o primeiro que dixo foi que aceptaba e asumía a crítica que se contiña respecto do noso grupo na intervención da representante dos veciños. Polo tanto creo que a asunción de responsabilidades nosa foi o primiero que na nosa intervención aquí se dixo.
Lamento moito que para chegar ó seu recoñecemento tivese que escoitar a intervención seica dura e seica molesta pero absolutamente contrastada e penso que ben argumentada da Sra. Graña porque nós somos prisioneiros todos das nosas actuacións e se nos vai xulgar polo que fixemos, non só polo que diximos, tamén polo que fixemos. Cando alguén aquí fala de mentira, non me vou poñer demasiado transcedente, coido que ó mellor debería retirar esa afirmación pero vostede mesmo, Sr. Figueroa, saberá o que ten que facer.
Penso que o que está claro que non é verdade é o que durante estes tres últimos anos vostede foi declarando publicamente. Vostede dicía en agosto de 2004 que a mellora da depuradora estaría rematada en febreiro do ano 2005; dicía tamén que deixaría de provocar cheiros en febreiro, unha década despois de construirse. Dicía tamén que a planta do Lagares deixaría de cheirar en maio de 2005. Dicía a Sra. Alcaldesa o 2 de febreiro do ano presente que se ía resolver xa de inmediato o problema dos cheiros e diciase o 30 de abril de 2006 que o Concello ía acometer as reformas da depuradora sen esperar ó último informe; escoitabamos tamén que os técnicos garantían melloras na depuradora en xullo de 2005 que a día de hoxe, un ano despois, non están realizadas.
Ten que entender que vostede coma nós é prisioneiro das súas palabras e polo tanto o noso labor coma oposición é recoñecer que non se acadou o que aquí se anunciaba. Dito isto imos pasar a outros asuntos.
O Sr. Vázquez Sande, Valedor do Pobo, no ano 2004, que eu saiba non era Alcalde da Coruña nin o foi xamais; non sei se se refire ó Sr. Vázquez Sande ou ó Sr. Merino Mejuto. Gustaríame que me clarexase por qué a opinión dun Valedor do Pobo actual é diferente ou menos valedeira, ou se pode poñer en cuestión respecto da do que era Valedor do Pobo na etapa na que gobernaba o Partido Popular porque o informe do Valedor do Pobo do ano 2004 xa era demoledor e xa anunciaba o que este, do 2006, confirma absolutamente. Paréceme perigoso que se desprestixie a institucións tan importantes para a vida democrática do noso país coma a do Valedor do Pobo.

Máis ben humildemente recoñezamos que todo o que di ese informe é cando menos digno de estudo por esta Corporación, non sei se asumible polo Goberno pero o debería ser con humildade, con recoñecemento e debería engadirse ás conclusións finais, sobre todo a recomendación que fai o informe do Valedor do Pobo e así o pedimos.
Polo tanto vostede retirará ou non a acusación de mentirosa á Sra. Graña e creo que o debería facer, pero si debería retirar as opinións absolutamente negativas que acaba de verter contra o Valedor do Pobo que o que está facendo é exactamente o seu traballo.
A zona de exclusión que tanto preocupa ós compañeiros, membros da Corporación que veñen de intervir, paréceme unha aclaración moi pertinente.
Fálase da zona de exclusión no informe presentado polos técnicos, non é algo que este grupo inventase e polo tanto se fala dalgo que nos parece unha grande novidade e que si que entendo eu que hai que engadir ás conclusións pero non no sentido que vostedes din. Nós imos propoñer un cambio na redacción do noso punto dous porque pode que non se entenda, en todo caso vouno explicar. A nosa proposta o que pretende é que non se poidan construir novas urbanizacións, nin solos desenvolvibles en zonas que a partir de agora se considerarán de exclusión para as vivendas que están nestes momentos.
Non ven vostedes que hai unha enorme contradición aí? Que se acaba de aprobar un Plan Xeral que si prevé que aí se poida construir e estamos falando agora de exactamente o contrario? É coma mínimo malidecente ou malintencionado pretender que a nosa proposta vai dirixida por embaixo da mesa para, de xeito subrepticio, colar que alí se amplie a depuradora. Que quede meridianamente clara a posición do noso grupo: o problema da zona de exclusión non son as vivendas existentes. Por suposto a solución para estas vivendas existentes tense que negociar cos veciños afectados. O problema é coas vivendas e urbanizacións residenciais futuras que o Plan Xeral aprobado recentemente por esta Corporación permite desenvolver, é dicir, produciría un aumento no futuro do problema e o número de afectados. Esta é a información que se agachou ou alomenos que non se deu a coñecer cando se aprobou o Plan Xeral e é un problema que o Plan non soluciona, senón que agrava.
Queda dito polo tanto o sentido da nosa proposta. En todo caso tamén unha aclaración, nada que ver co que aquí se dixo. Unha ampliación da planta depuradora no sentido de que alí se constrúa a segunda depuradora

evidentemente non está na vontade deste grupo político nin se nos ocorre. Pero quen se atreve a afirmar que mañá non haberá que construir unha segunda planta, un bloque de non sei qué dentro da mesma instalación? Quen somos nós para saber se ó mellor con iso se pode corrixir algún dos problemas dos que tanto nos estamos a preocupar?
Eu dende logo non me atrevo a dicir se hai que ampliar medio metro a altura dunha parede ou se hai que profundizar en 3 cm un foso e iso é unha ampliación. Coidado, estamos a falar nese sentido do que as obras e proxectos determinen pero non da localización dunha nova depuradora onde está a actual. Queda claro? Non máis vivendas residenciais onde agora se determina unha zona de exclusión. Espero que quede claro porque esa é a vontade do noso grupo e non queremos repetir os erros do plan do 93.
Respecto do ton, outros grupos cando interveñen noutros temas utilizaron tons moi desabridos e destemperados na forma e no fondo. O noso grupo xamais é nin desabrido, nin destemperado dende logo na forma e pode ser duro no fondo. Podería lembrar moitos exemplos de intervencións de voceiros da oposición noutros temas que eu dende logo nunca subscribiría para logo votar a favor de propostas do goberno ou para lle salvar a faciana ó goberno en moitos asuntos.
Polo tanto pido respecto a como este grupo exerce a súa responsabilidade de oposición e satisfácenos profundamente escoitar tanto ó goberno, como ó resto dos grupos da oposición que estamos ante un dos problemas máis graves desta cidade, senón o máis a día de hoxe porque, cando recentemente debatimos a modificación orzamentaria, nós puxemos a énfase na cuestión do saneamento e da depuración e non se nos escoitou. Sinxelamente insisto en que cada quen é refén da súa propia historia.
Sr. Figueroa, eu vexo moi ben que vostede ó remataren este Pleno chame ó Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, como se o quere facer mañá a Alcaldesa cando se incorpore á actividade municipal. Tamén lamento que non estea hoxe aquí pero entendo que poida ter razóns de forza maior que lle obriguen a non estar coma pode acontecer a calquera de nós nun momento determinado, pero encantaríame poder acompañalo nesa entrevista.
Publicamente e na medida en que son voceira do Grupo Socialista ofrézome a facer a intermediación que sexa precisa para resolveren esta cuestión porque esa foi sempre a vontade e o espírito deste grupo e polo tanto a nosa oposición será tan dura coma teña que ser e tan constructiva coma teña

que ser. Votaremos a favor polo tanto de todas as propostas coa maior tranquilidade de conciencia.
Por certo, cando falamos de administracións precisamente o que indica o plural é que todas e cantas máis posibles, non limitemos a unha única administración a responsabilidade ou a posibilidade de achegar axudas a este problema porque, por certo, todo o que se pagou ata agora en obras nesta instalación non o fixo o Concello, foi a Xunta de Galicia cando gobernaba o PP e agora que goberna o PSOE, non estamos falando de nada novo porque o proxecto o fixo a Xunta de Galicia que é quen esta está asumindo dende o inicio dos tempos a responsabilidade dun proxecto mal feito, entendo eu.
Non teñan medo vostedes, queridos compañeiros da oposición, a pediren responsabilidades, a buscar vicios ocultos. Se unha empresa contratada con fondos públicos comete algún tipo de actuación que poida ter logo unha consecuencia coma a que está a ter esta depuradora, merece ser investigada e publicamente alomenos posta na praza pública, merece que se lle pidan responsabilidades. Se a empresa que ten que xestionar esta depuradora xestionouna o suficientemente mal como para que se incrementasen eses vicios constructivos ou de deseño da planta, merece ser investigada e sancionada se chega o momento. Non teñan medo, non hai que ter medo á verdade; hai que ter medo ó agochamento.

A PRESIDENCIA: Como hai varias propostas enriba da mesa penso que sería bo clarificar.
Nós como goberno agás a segunda do Partido Socialista que é: "Segundo modificación de tratamento previsto no PXOM da zona de afección..." Eu estaba lendo agora todas as propostas que fixeron e nós estamos dispostos a asumilas, haberá que matizar o informe coa proposta do BNG no primeiro punto, coido que é: "con respecto ás obras necesarias...", pero penso que pode resultar o informe de conclusións máis o que vostedes presentan, penso que é compatible porque vostede fixo aí unha matización, Sr. Toba, con respecto á "obra necesaria". Gustaríame que en 30 segundos clarexase esa cuestión, se lle vale o informe e a maiores engadir a súa proposta.

SR. TOBA GIRÓN: É que a proposta que fai o goberno é algo errática. Non creo que nós debamos aprobar un informe técnico, que non é o caso. Eu penso que o seu punto se debería iniciar dicindo que nos damos conta do informe

técnico realizado polas distintas consultoras e tamén polos técnicos muncipais e de seguido poñer: “Promover a realización das obras necesarias que permitan...”, o que poñemos nós aí porque son cousas distintas.
Eu non sei se nós temos que aprobar o informe dunha consultora, sinceiramente non sei que significado político ten iso. Doume conta da información recibida e está estudada. Por iso digo que se vostede modifica ese apartado primeiro poñendo que “O Pleno da Corporación dase conta do informe...” e a seguir poñemos o punto primeiro da nosa proposta que di: “O Pleno da Corporación comprométese na realización das obras necesarias que permitan a corrección...” sen necesidade de poñer a última frase que vexo que está recollida no seu punto segundo e que se refire ó tratamento terciario, fíxese que con esa redacción o que establecemos é que “nos comprometemos á realización das obras necesarias que permitan a corrección...”·e aí rematamos.
O seu punto segundo é coincidente coa última frase que está nese primeiro punto e polo tanto prescindo desa última frase porque está no punto segundo. O noso punto segundo, se estamos de acordo, engádese e nada máis.
A respecto dos puntos terceiro e cuarto eu creo que o punto terceiro modifica o seu punto cuarto que sinxelamente establece “solicitar financiamento...”, non. “O Pleno insta á Alcaldía-Presidencia a conveniar coas outras administracións, (por suposto coa Xunta de Galicia e probablemente tamén co Ministerio de Medio Ambiente) as actuacións que haxa que realizar”, a ver se vai resultar que o que sae do Pleno é unha sinxela solicitude, unha remisión do acordo plenario a algunha Consellería e todo remata na sinxela remisión dun documento a outra administración dicíndolle: “O Pleno da Corporación aprobou...” porque se remata aí entón non vale nada. O Pleno insta á Sra. Alcaldesa a que negocie ese convenio, a que convenie as actuacións como debe ser.
A respecto do outro xa me pronunciei con claridade, non vexo problema.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias. Estaba sorrindo porque ó final o que o goberno propuxo na Xunta de Voceiros é a decisión que imos adoptar. Na Xunta de Voceiros falamos de dar conta dos informes dos técnicos e o 3 de xullo convocouse unha comisión de seguimento para dar 14 ou 15 días ós grupos políticos para que presentasen as súas propostas. Ó final estamos facendo o que decidimos o 3 de xullo, é dicir, a proposta que nós faciamos na Xunta de Voceiros era dar conta dos informes e a maiores facer unha

resolución porque evidentemente eu entendo que non se teñan que asumir na súa totalidade os informes pero o que está claro é que hai que dar conta deses ó Pleno e este tomar unha resolución.

SR. TOBA GIRÓN: Dirá vostede a matización de expresar que esa non foi a miña posición na Xunta de Voceiros, nin a do Sr. Soto, por certo.

A PRESIDENCIA: Só vou clarexar un tema porque non quero entrar en máis consideracións.
Díxose no Pleno que no ano 96 se tomara a decisión errada de que os terreos do Lagares foran para a localización da depuradora. Eu o que dixen é que se estaba mentindo porque esa decisión se tomou no ano 87.
No é un tema persoal coa Sra. Graña, eu dixen que se mentiu nesa afirmación pero non lle estou chamando mentirosa á Sra. Graña. Igual hai unha percepción por parte dela que non se corresponde coa realidade. Non quero ter ningún problema por iso, non quero que vaiamos ter aquí un conflicto persoal. Eu sigo pensando o mesmo, Sra. Graña, non podo rectificar o meu pensamento; se lle valen outras verbas dicindo que non se axustou á realidade pois que poña iso.

SR. SOTO FERREIRO: Vólvolles propoñer que paremos dez minutiños que non é tanto, facer unha redacción conxunta e non estar aquí poñendo comas ou sacando puntos.

A PRESIDENCIA: Só unha cuestión máis que me gustaría incluir no expediente.
Durante o Pleno me acaba de chegar da Xunta de Galicia un informe, ten data de saída de 18.07, a verdade é que eu non o lin pero é importante porque se di o seguinte: “Como vostede sabe Augas de Galicia ven desenvolvendo a través da Consultoría Arantia, S.L.&ATC, S.A., unha asistencia técnica co obxecto de prestar asesoramento técnico e supervisar a xestión das EDARs de Galicia mediante a realización de auditorías periódicas das condicións de funcionamento deste tipo de instalacións, editándose o informe correspondente. Deste xeito achégase coa presente e para o período temporal comprendido entre marzo e maio de 2006, copia do informe emitido, solicitando da súa parte os comentarios ou aclaracións que estimen oportunos que se poderían materializar nun informe de contraste e posterior reunión nas dependencias de Augas de Galicia”.

Hai un informe que imos engadir. Eu non o lin, faremos unha copia para lles entregar pero me gustaría engadilo ó expediente.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Coméntanme os meus compañeiros que na miña intervención fixen unha afirmación que pode dar lugar a un malentendido. Quero clarexala a efectos de constancia na acta.
Cando eu falaba de facer unha nova planta na actual, referíame a un andar, a un “piso” elevado e como exemplo poñía o de que a idea de ampliación non tiña por qué estar referida a facer unha nova depuradora. Digo isto sinxelamente a efectos de constancia na acta.
Sr. Figueroa, paréceme moi pertinente que suspendamos o Pleno cinco minutos pero quixera dicirlle tamén que a nós o que nos parecía imprescindible e non viamos na Comisión de seguimento era unha proposta do Goberno a partir da cal facer as nosas. Había unha proposta técnica pero entendiamos que ista podería ter unha matización política, coñecer a opinión política do grupo de Goberno que sinxelamente se apoia na opinión dos técnicos. En todo caso vostedes asumiron totalmente a pertinencia do informe técnico e nós ímolo facer tamén.
Queremos facer un cambio na redacción do punto segundo que explique en qué medida decimos a modificación do tratamento previsto no PXOM da zona de afección para que non se construan novas vivendas ou non se permita o uso residencial na mesma no futuro. Esta é a redacción concreta que imos propoñer na reunión que teñamos despois.

A PRESIDENCIA: Dez minutos coma moito e facemos a redacción.

*A petición dos voceiros dos grupos municipais, a Presidencia suspende a sesión as once horas e dez minutos para realizar unha xuntanza a fin de chegar a unha proposta conxunta. Reanúdase a sesión ás once horas e trinta e sete minutos.*

A PRESIDENCIA: Imos dar conta do acordo acadado entre os catro grupos políticos que sería o seguinte; como teño anotacións por todas partes espero que sexa correcto o que lle vou dictar ó Secretario:
Primeiro punto, apartado A, dar conta do informe-proposta da Comisión de Seguimento da EDAR do Lagares de data 16-05-2006, xunto co informe de valoracións estimadas de data 14-07-2006 por un importe de 13.166.570

euros, IVE excluído, relativo ás actuacións a levar a cabo na EDAR do Lagares para solucionar dun xeito definitivo os problemas de cheiros existentes.

Apartado B, considerar coma valedeira a proposta achegada na Xunta de Voceiros de 21-07-2006 polo representante do BNG, don Xabier Toba Girón, relativa á inclusión na planta dun sistema de tratamento terciario ultravioleta ou similar das augas, xa que se informou favorablemente polos técnicos da Comisión de seguimento cun orzamento estimado de 5.000.000 euros.

Apartado C, ter en conta os tres apartados da emenda de adición do Partido Galeguista de data 21-07-2006.

Segundo punto, remitir a totalidade dos estudos realizados e os documentos de conclusións á Consellería de Medio Ambiente para o seu coñecemento e complementación ou corrección se é o caso.

Terceiro punto, a realización das obras necesarias que permitan a corrección dos seus defectos e optimización do seu funcionamento de acordo cos informes derivados do traballo da comisión técnica municipal para asegurar a capacidade de tratamento das augas residuais con que foi concebida; ademais considerar a inclusión dun sistema de tratamento terciario dos afluentes e desodorización integral da planta.

No punto terceiro hai que engadir o punto quinto do PSOE: Como garantía do cumprimento deste acordo, determinación a través dos servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras da idoneidade das mesmas, tanto en materia de contaminación como de malos cheiros. É dicir, serían tres do BNG e o quinto do Partido Socialista.

Cuarto punto, instar á Alcaldía-Presidencia a incoar expediente de investigación sobre a xestión realizada pola empresa concesionaria depurando as responsabilidades ás que houbera lugar.

Engadir a continuación o sexto tamén do Partido Socialista: En todo caso a solicitude de finanaciamento a outras administracións irá acompañada da depuración de responsabilidades e, se procede, de accións de reclamacións por vicios ocultos e por deficiencias de mantemento.

O quinto punto sería o primeiro do grupo socialista: Incorporar ó expediente e informes relativos á Comisión de seguimento o informe e recomendación do Valedor do Pobo.

Sexto punto sería o terceiro do Partido Socialista: Elaboración e presentación á adxudicataria dos necesarios pregos de condicións de

mantemento da depuradora e en caso de negativa da citación que se estude a rescisión do contrato.
Estouno dictando así para que quen o recolla en acta teña coñecemento.
Punto sétimo, que sería o cuarto do grupo socialista: Regulación da titularidade dos terreos, na actualidade a nome da adxudicataria, para que o Concello sexa titular rexistral dos terreos e a instalación.
Punto oitavo, terceiro do BNG: Instar á Alcaldía-Presidencia para convenIar con outras administracións o programa e obras necesarias para corrixir as deficiencias da EDAR do Lagares coa temporalización que resulte máis acaida e co financiamento preciso.
Punto noveno, quinto do informe-proposta inicial: Negociar cos veciños afectados que poidan voluntariamente estaren interesados no traslado da súa vivenda por estar dentro do ámbito de afección da EDAR. Aquí hai unha matización: no punto primeiro que é "con todos os informes todos os grupos", para que quede clara a postura dos catro grupos de que non vai haber ningunha ampliación da depuradora nos terreos actuais, exclúese a zona que se tiña determinada, valga a redundancia, coma zona de exclusión, é dicir, omítese esa proposta que quedará no informe-proposta como un tema orientativo pero se exclue para que todos os veciños teñan claro que os catro grupos temos a vontade de que non se faga ningunha ampliación nesa zona. Foi un acordo dos catro grupos que o haberá que recoller deste xeito, Sr. Secretario.

SRA. GRAÑA BARCIA: En canto ó punto correspondente á incorporación ó expediente de informes relativos á Comisión de seguimento do informe do Valedor do Pobo que é o punto quinto, coido que o dixen na reunión anterior, que se incorpore a comparecencia-intervención dos veciños que se produciu no día de hoxe.

A PRESIDENCIA: Por suposto. No punto primeiro tiñamos tres apartados; coido que sería bo incluir como apartado d) a comparecencia dos veciños e como apartado quinto o informe que nos remitiu a Xunta de Galicia que recibín esta mañá. O primeiro punto quedaría con cinco apartados.
Se estamos de acordo poñemos a votación esta proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.-

a) Dar conta do informe-proposta da Comisión de seguimento da EDAR do Lagares de data 16.05.06, xunto co informe de valoracións estimadas de data 14.07.06 por un importe de 13.166.570 €, IVE excluido, relativas a actuacións a levar a cabo na EDAR do Lagares para solucionar dun xeito definitivo os problemas de cheiros existentes.
b) Considerar válida a proposta aportada na Xunta de Voceiros do pasado día 21.07.06 polo representante do BNG, don Xabier Toba Girón, relativa á inclusión na planta dun sistema de tratamento terciario, ultravioleta ou similar das augas, que foi informada favorablemente polos técnicos da comisión de seguimento cun orzamento estimado de 5.000.000 €.
c) Ter en conta os tres apartados da emenda de adición do Partido Galeguista de data 21.07.06.
d) Quedar enterados da comunicación lida polos representantes veciñais na sesión do día hoxe.
e) Quedar enterados do informe remitido pola Consellería de Medio Ambiente de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de xullo de 2006 que se transcribe literalmente no anexo deste acordo.

Segundo.- Remitir a totalidade dos estudos realizados e os “Documentos de conclusión” que se citan a seguir á consellería de Medio Ambiente para o seu coñecemento e complementación ou corrección se é o caso:

1.- ASISTENCIA TÉCNICA E CONTROL DA EDAR DO LAGARES (COMISIÓN VECIÑOS AFECTADOS.
2.- INFORME XEOLÓXICO-XEOTÉCNICO G. CONTROL
3.- INFORME TÉCNICO AQUALIA.- DOCUMENTO RESUME
4.- RESUME EXECUTIVO DO INFORME DE DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA. ADANTIA.
5.- INFORME VISITA DÍA 05.09.05. ACT.
6.- INFORME I+D TRATAMENTOS BIOLÓXICOS.
7.- ESTUDO TÉCNICO G. CONTROL
8.- AUDITORÍA DA EDAR. NOVOTEC.
9.- MEDICIÓNS DE CHEIROS E PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS. INFORME FINAL. INGENIERÍA DE VERTIDOS, S.L.

Terceiro.- Realizar as obras necesarias que permitan a corrección dos defectos da EDAR do Lagares así como a optimización do seu funcionamento de acordo cos informes derivados do traballo da Comisión técnica municipal para asegurar a capacidade de tratamento das augas residuais con que foi concebida, considerando a inclusión dun tratamento terciario dos afluentes e desodorización integral da planta.

Como garantía do cumprimento deste acordo, determinarase a través dos servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras a idoneidade das mesmas, tanto en materia de contaminación como de malos cheiros.

Cuarto.- Instar á Alcaldía-Presidencia a incoar expediente de infestigación sobre a xestión realizada pola empresa concesionaria depurando as responsabilidades que por deficienzas no mantemento houbera lugar.

A solicitude de financiamento a outras administracións irá acompañada, no seu caso, da depuración de responsabilidades e, se procede, de accións de reclamacións por vicios ocultos.

Quinto.- Incorporar ó expediente e informes relativos á comisión de seguimento, o informe-recomendación do Valedor do Pobo.

Sexto.- Elaborar e presentar á adxudicataria os pregos de prescripcións técnicas de mantemento da depuradora. En caso de negativa de aceptación, estudiar a rescisión do contrato.

Sétimo.- Regularizar a titularidade dos terreos nos que se localiza a EDAR do Lagares, na actualidade a nome da adxudicataria ó obxecto de que o Concello sexa o titular rexistral dos mesmos e da instalación.

Oitavo.- Instar á Alcaldía-Presidencia a realizar convenios con outras administracións relativos ó programa de obras necesarias para corrixir as deficienzas da EDAR do Lagares coa temporalidade que resulte máis acaída e co financiamento preciso.

Noveno.- Negociar cos veciños afectados que poidan estar interesados no traslado voluntario da súa vivenda por estar dentro do ámbito de afección da EDAR.

**ANEXOS**

**I. INFORME PROPOSTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DA EDAR DO LAGARES DE DATA 16 DE MAIO DE 2006.**

ÍNDICE

1.- ANTECEDENTES.
  1.1.- PLANEAMENTO.
  1.2.- CONVENIO.
  1.3.- ADQUISICIÓN DOS TERREOS.
  1.4.- CONSTRUCCIÓN DA PRIMEIRA FASE DA EDAR
  1.5.- RECEPCIÓN DAS OBRAS E A SÚA ADSCRICIÓN A SERAGUA.
  1.6.- CONSTRUCCIÓN DA SEGUNDA FASE DA EDAR.
  1.7.- RECLAMACIÓNS VECIÑAIS. XERACIÓN DE CHEIROS.
  1.8.- INFORMES E MELLORAS PROPOSTAS POR AQUALIA.
  1.9.- MELLORAS ASUMIDAS POR AGUAS DE GALICIA.

2.- SITUACIÓN ACTUAL
  2.1.- PROBLEMAS DE EXPLOTACIÓN
  2.2.- ENCARGO DE AUDITORÍAS E SISTEMAS DE CONTROL.
  2.3.- SEGUNDA COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUEMENTO.
    2.3.1.- Decreto de constitución.
    2.3.2.- Visitas a outras instalacións
    2.3.3.- Intervención na explotación
  2.4.- INFORMES DE AUDITORÍAS. CONCLUSIÓNS.
    2.4.1.- Novotec.
    2.4.2.- Galaicontrol, s.l.
    2.4.3.- Ingeniería de Vertidos, s.l.
    2.4.4.- Act Sistemas, s.l.
    2.4.5.- Ros Roca I+D Tratamientos Biológicos.
    2.4.6.- Consultoría de Joan Curto.

3.- CONCLUSIÓNS E PROPOSTA DE ACTUACIÓN.
  3.1.- ACTUACIÓNS.
    a) Actuacións que inciden no entorno.
    b) Actuacións que inciden na explotación.
  3.2.- OUTRAS ACTUACIÓNS
  3.3.- CUBRICIÓN TOTAL DA EDAR
  3.4.- PROPOSTA

## INFORME

1.- ANTECEDENTES

I.1. PLANEAMENTO

En Xaneiro de 1987 redáctase o PSIV (Plan de Saneamento Integral de Vigo), que é aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 30/06/1988. Este Plan pretende resolver os acuciantes déficits da rede de saneamento, cos colectores vertendo as augas residuais urbanas directamente ó río Lagares e á Ría, sen tratamento previo.

No que respecta á depuración, plantexa unha depuradora principal na desembocadura do Lagares, na que converxen os sistemas xerais de Ría, Lagares e Coruxo-Canido. Depuradoras nas subconcas de Teis e Zamáns e tratamentos autónomos de baixa tecnoloxía para as restantes áreas do rural, máis alonxadas e dispersas.

O cadro nº6 define as características das depuradoras previstas:

| Cadro 6. ESTACIÓNS DEPURADORAS. CARACTERÍSTICAS | | | |
|---|---|---|---|
| Bases de partida | Lagares | Teis | Zamáns |
| Poboación saneada | 325.000 | 17.000 | 8.000 |
| Poboación ano horizonte | 400.000 | 25.000 | 12.000 |
| Dotación (1 / hab. / día) | 300 | 300 | 300 |
| Caudal medio proxecto (1 / s) | 1.128 | 59 | 28 |
| Coeficiente punta augas mouras | 2 | 2,7 | 3 |
| Caudal punta de proxecto (1 / s) | 2.256 | 160 | 84 |
| Dilución admisible en primario | 4/1 | 4/1 | 4/1 |
| Dilución admisible en biolóxico | 3/1 | 3/1 | 3/1 |
| Caudal máximo entrada (m3 / s) | 4.5 | 0,24 | 0,11 |
| Aportacións de contaminación | | | |
| DBO (gr / hab / día) | 75 | 75 | 75 |
| SS (gr / hab / día) | 80 | 80 | 80 |
| Empregos industriais | 32.000 | 1.700 | 800 |
| Habitantes equivalentes | | | |
| Respecto á DBO | 650.000 | 34.000 | 16.000 |
| Respecto ós SS | 487.500 | 25.000 | 12.000 |
| Cantidade de contaminación: | | | |
| DBO (Kg / día) | 48.750 | 2.550 | 1.200 |
| SS (ppm) | 39.000 | 2.040 | 960 |
| Contaminación media: | | | |
| DBO (ppm) | 500 | 500 | 500 |
| SS (ppm) | 400 | 400 | 400 |
| Coeficiente punta de contaminación | 1.5 | 1.5 | 1.5 |
| Contaminación máxima: | | | |
| DBO (ppm) | 750 | 750 | 750 |
| SS (ppm) | 600 | 600 | 600 |
| Resultados a obter | | | |
| Rendementos de eliminación: | | | |
| DBO (ppm) | 25 | 25 | 25 |
| SS (ppm) | 25 | 25 | 25 |
| Sequedade da lama | 25% MS | 25% MS | 25% MS |

Na páxina 102 da Memoria, referíndose á dotación de deseño di: “la dotación de diseño es de 300 l / hab / día, sin mayorarla por los vertidos industriales. En la actualidad (incluyendo industrias) el estándar de consumo es de 225 l / hab / día y el vertido es siempre algo inferior, con lo que se obtiene una hipótesis conservadora. No obstante si la dotación futura aumentase por encima de este valor (por variar fuertemente las pautas consuntivas del municipio), las depuradoras admitirían su ampliación, ya que se prevé y reserva espacio para ello. En el desarrollo de los proyectos habrán de considerarse estas hipotéticas ampliaciones, para que se prevean las conexiones de los elementos futuros, sin alterar el funcionamiento de las depuradoras”..... A superficie que o PSIV reserva na marisma do río Lagares (planos 39 e 47) , é de configuración rectangular, desprazada máis ó Norte da actual de 300m x 190 m (57.000 m²).

O Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1988, que o adapta á Lei do Solo 11/1985, a pesares de incorporar o PSIV non grafía os terreos das depuradoras, calificando ditos terreos (no que respecta á EDAR do Lagares) como SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCION DE XUNQUEIRAS. Non obstante na súa

Memoria sinala como emprazamento previsto para a depuradora o das marismas de Samil, segundo manifestou o Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo.

A Lei de Costas 22/1988, de 28 de xullo, regula a zona marítimo-terrestre e limita drásticamente os usos do litoral.

O PXOU de 1990, en vigor dende o 27/03/1990, ata que foi suspendido pola COTOP o 20/09/1991, delimita os terreos da Xunqueira como área de competencia da Xunta do Porto e Ría de Vigo e califica o bordo da Xunqueira como SNU.

O vixente "Plan xeral de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei do solo 11/85 a Galicia, aprobado en febreiro de 1992", en vigor dende o 2/08/1993, mantén a Xunqueira como espazo protexido de ríos e xunqueiras (SNU2) e califica a franxa situada entre dita xunqueira e a estrada de Camposancos como 4.6 (Sistema xeral), mantendo o enclave do camiño de Muiños como SNU2 e solo urbán 1.3.B (vivenda unifamiliar). Polo sur linda co viario do Plan Parcial de Carrasqueira.

I.2. CONVENIO

No ano 1989, a Xunta de Galicia (COTOP) e o Concello de Vigo subscriben un convenio para a realización de obras de saneamento, depuración e abastecemento, a financiar por ambas administracións no cuatrienio 1989-1993, tomando como base as previsións contidas no PSIV.

Entre as obras asumidas pola Xunta de Galicia atópanse as tres (3) depuradoras previstas; cuns orzamentos estimados de:

| EDAR LAGARES | 2.150.000.000 ptas. |
|---|---|
| EDAR TEIS | 300.000.000 ptas. |
| EDAR ZAMANS | 100.000.000 ptas. |

I.3. ADQUISICIÓN DOS TERREOS

O Consello de Administración de EMAVISA, en sesión de 5 de decembro de 1988, acordou "solicitar del Concello la iniciación urgente de la expropiación de los terrenos afectados por la instalación de la EDAR del Río Lagares", situada en parte en zona marítimo-terrestre. Esta depuradora está contida ademáis de no PSIV, no "Plan de Saneamento para cinco sistemas de Rías en Galicia", elaborado pola Xunta de Galicia en decembro de 1.987.

O 17/03/1989, o Concello de Vigo solicita á Dirección xeral de Portos e Costas do Ministerio de Obras Públicas, a correspondente autorización ou Concesión Administrativa para a ubicación e uso da ESTACION DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (1ªFASE) E EMISARIO CON VERTIDO Á RIA DE VIGO, na zona marítimo-terrestre do río Lagares, de acordo coa documentación do "Prego do Concurso de Proxecto e Construcción", redactado polo Enxeñeiro do Servizo Provincial de Obras Hidráulicas da COTOP e aprobado por acordo plenario do 30/06/1988.

En abril de 1989, os Servizos Técnicos Municipais de Urbanismo redactan o expediente de expropiación de bens e dereitos afectados polas obras do "Proxecto de construcción dunha EDAR e Emisario con vertido á Ría de Vigo",

que afecta a unha superficie de 139.434 m² correspondente a 73 parcelas, e que é aprobado en sesión Plenaria o 17/05/1989.

O 15/06/1989, publícase no BOP o *“Prego de Bases de Concurso de proxecto e construcción dunha Estación Depuradora de Aguas Residuales e Emisario con verquido a Ría de Vigo”.*

O 22/09/1989, a Consultora IDASA redacta un “informe sobre a ubicación da futura Estación Depuradora de Augas Residuais de Vigo”, concluíndo no mesmo que a ubicación na marisma do Río Lagares é a zona máis idónea dende o punto de vista técnico-económico e de impacto ambiental dado que nesa data a marisma era un grande vertedeiro incontrolado e xunto co río Lagares constitúe unha cloaca a ceo aberto.

Comezan a xurdir diferencias de criterio coa Dirección Xeral de Costas pola súa interpretación restrictiva e pouco realista da recén aprobada Lei de Costas 22/1988, respecto ó emprazamento da EDAR na marisma, a pesar de que o Plan Especial de Saneamento Integral de Vigo (PESIV), anterior á Lei, así o prevía.

Nesta fase das negociacións proponse como solución, a construcción dun Paseo na Xunqueira do Lagares polo MOPU, que se pretende constitúa o bordo de protección da Xunqueira, proxecto que é redactado pola Xefatura de Urbanismo en xaneiro de 1991.

Esta nova situación non deixa máis alternativa para a ubicación da depuradora, que encaixala na estreita franxa situada entre o paseo proxectado, a estrada de Camposancos e a de Muiños, que ademáis contan con vivendas.

O Concello inicia en 1991 un Expediente Complementario de Expropiación para adquirir os terreos situados entre a marisma e a estrada de Camposancos para cubrir a nova demanda de solo. Simultáneamente a Xunta de Galicia presiona para que se poñan á súa disposición os terreos necesarios para a construcción da EDAR, baixo o risco de perder os Fondos Europeos implicados nas obras.

O retraso ocasionado pola actitude pouco realista do MOPU e a presa da Xunta de Galicia, levan ó goberno municipal de entón a que descarte a vía expropiatoria e opte pola compra dos terreos necesarios a través de Seragua (neste intre xa concesionaria do abastecemento e saneamento) o 10 de abril de 1996.

Posteriormente, o Concello pon a disposición da Xunta de Galicia os terreos que actualmente ocupan as instalacións da EDAR, sen incluir terreos de reserva para futuras ampliacións, incumplíndose polo tanto as previsións do PESIV.

I.4. CONSTRUCCIÓN DA 1ª FASE DA EDAR

A Xunta de Galicia adxudica as obras desta primeira fase á UTE HUARTE – COPASA. Esta fase consiste básicamente na construcción dunha liña de pretratamento e tratamento primario para 3.000 l/seg e outra de tratamento secundario por lamas activas para 750 l/seg. Deixando para unha segunda fase, a duplicación da liña de lamas.

A Estación Depuradora de Augas Residuais proxectada e finalmente construida é de carácter convencional, é dicir, non toma en conta para nada a zona urbana na que se atopa enclavada

Esta 1ª fase, si por algo se caracteriza, é por non contar con ningún tipo de tratamento de gases, Limitando a actuación nesta senso, a confinar algunhas operacións que xeran emisión de cheiros á atmósfera nos edificios do pretatamento e industrial, e liberar os gases xerados a atmósfera mediante sendas chimeneas, sen tratar.

Inaugurada o 28/09/1997, entra en servizo a continuación.

A Xunta de Galicia desglosa as obras da Estación Depuradora de Augas Residuais en dúas fases:

- Proxecto inicial de Concurso de Proxecto e Execución da EDAR de Río Lagares, Vigo de Setembro de 1994.
- Proxecto Modificado nº1 de Ampliación e Mellora da EDAR de Vigo de agosto de 2001.

Na construcción do proxecto inicial proponse tratar o 100% do caudal punta no primario, admitir únicamente o 50% de dito caudal no biolóxico, quedando o restante 50% pra futura ampliación de agosto de 2001.

Os parámetros de dimensionamento son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Poboación: | 400.000 habitantes |
| Vertido: | 120.000 $m^3$/día |
| Caudal medio: | 5.000 $m^3$/hora |
| Caudal punta | 10.000 $m^3$/hora |
| Carga Contaminante: | $DBO_5$ : 30.000 Kg/día |
| | NTK : 4.800 Kg/día |
| | SST: 32.000 Kg/día |
| Resultados a obter en vertidos: | $DBO_5$ [25 ppm |
| | SST [25 ppm |
| | NTK [10 ppm |
| En lamas: | Sequedade 〈25% |
| | Estabilidade [50% de materia volátil. |

A planta proxectada é unha planta convencional que consta de Pretratamento, Tratamento Primario e Tratamento Secundario ou Biolóxico por lamas activas.

As unidades máis representativas son:

- Desbaste de grosos.
- Bombeo de cabeceira.
- Desbaste de finos.
- Desareador-desengraxador.
- Decantadores primarios. (3 ud)
- Canles Parshall.
- Reator biolóxico (1 ud)

- Decantadores secundarios (2 ud)
- Recirculación de lamas.
- Tratamento de lamas.
- Espesador de lamas primarias.
- Espesador de lamas biolóxicas.
- Dixestores anaerobios. (2 ud)
- Gasómetro, antorcha, etc.
- Tolva almacenamento de lamas.
- Edif. Administrativo e laboratorio.

I.5. RECEPCIÓN DAS OBRAS E A SÚA ADSCRICIÓN Á CONCESIONARIA SERAGUA

Na reunión preparatoria para a recepción das instalacións da EDAR, celebrada na Casa Consistorial con representantes de AUGAS DE GALICIA e da concesionaria SERAGUA, pídeselle a esta última un informe sobre o estado de funcionamento da EDAR.

O día 20/07/1998, a Xunta de Galicia entrega ó Concello o Proxecto das obras desenvolvidas e este á Concesionaria.

O informe é tramitado o 23/07/1998 e nel manifèstase que *"dado el plazo disponible y la ingente documentación a contrastar limitan los informes que pueden realizarse, exclusivamente, a las inspecciones visuales efectuadas en su día sin soporte documental de la instalación, con la falta de fiabilidad en las conclusiones que esto conlleva. Este informe se orienta hacia temas esencialmente operativos, que pueden suponer un conjunto de mejoras de cara a la explotación de la planta, sin establecer valoraciones sobre la bondad del proyecto o de la ejecución de las obras, temas que han sido debidamente estudiados y contrastados por los Servizos Técnicos de la Administración"*

Informando o seguinte:

*a – Pretratamiento*

*a.1) Los ingentes volúmenes de arena arrastrados desde el Colector de Margen del Lagares durante la puesta en marcha de la instalación, así como los aportados en caso de lluvia intensa dañan, de forma importante los diversos equipos instalados en cabecera.*

*Aguas de Galicia ha propuesto la construcción de un arenero previo sobre el colector de margen del río Lagares, a fin de minimizar el impacto de las arenas en la planta.*

*a.2) Los peines rascadores de las rejas de entrada (gruesos), en caso de aportaciones elevadas de caudal no realizan su ciclo, con la correspondiente colmatación de dichas rejas y el desbordamiento de la planta a través del aliviadero de cabecera.*

*a.3) La cámara de aspiración del pretratamiento tiene zonas muertas en la circulación del agua, acumulándose importantes cantidades de arena en estos puntos, especialmente en la proximidad de la bomba nº 1, con evidente riesgo de obstrucciones y daños a las bombas instaladas.*

*a.4) En la cámara de descarga de las bombas ( planta superior del edificio ) también se producen importantes acumulaciones de arenas, averiando, de forma importante en ocasiones, los tamices existentes. La limpieza de esta arena exige dejar fuera de servizo la planta durante un importante lapso de tiempo.*

*a.5) Los sólidos retirados en los tamices son enviados a un contenedor con la ayuda de una prensa. Este contenedor que recibe los rechazos es una fuente de olores que se extienden por el edificio, lo que hace recomendar un confinamiento del contenedor.*

*a.6) En el arenero aireado se produce una sedimentación irregular de la arena, casi toda se acumula junto a la obra de entrada. En caso de lluvia intensa puede inutilizar el mecanismo de extracción de la arena y su desgaste es acelerado.*

*a.7) En las circunstancias anteriores, en el canal que conduce la arena extraída, junto con agua, hacia el lavador de arenas, se produce la decantación de dicha arena y el desbordamiento del canal citado.*

*a.8) La instalación de recogida de arenas, tras su lavado, se ha mostrado claramente insuficiente en tiempo de lluvia para procesar los volúmenes que recibe.*

*a.9) La separación de grasas y espumas en el lateral del arenero aireado presenta zonas muertas en el barrido, con formación de penachos de espuma en los puntos extremos.*

*a.10) Una de las soplantes de los areneros sufrió una importante avería, ignorándose el alcance de la reparación ya efectuada.*

*b – Tratamiento del agua*

*b.1) Los reactores biológicos muestran la formación de espumas y costras duras en la zona correspondiente a “Nitrificación” dentro del reactor de carrusel.*

*b.2) Se ignora si la calibración de los diversos equipos de medida instalados es correcta.*

*b.3) En los clarificadores ( decantadores secundarios ) se producen espumas, y en ocasiones el agua sale turbia.*

*b.4) Las bombas de retorno de los fangos biológicos han sufrido diversas anomalías, con una importante avería en una de ellas, avería ya resuelta y estando dotada la instalación de una bomba de repuesto.*

*c – Línea de fangos*

*c.1) Los espesadores de fangos primarios tienen tendencia a atascarse bajo determinadas condiciones de operación, sin que estén dotados de un sistema automático para la limitación del esfuerzo. Esto produjo una importante avería en uno de estos equipos, avería ya resuelta.*

*c.2) En la sala donde se encuentran ubicadas las centrífugas se generan intensos olores, por lo que deberían de estudiarse posibilidades para minimizar estos efectos, por otra parte típicos de las instalaciones de tratamiento de fangos.*

*c.3) Los mecanismos de ventilación existentes carecen de sistemas de desodorización, utilizando la dilución en el ambiente.*

*c.4) Las posiciones de las válvulas de intercambiadores de calor y recirculación del fango pueden situarse, accidentalmente, en posición contradictoria.*

*c.5) Se está utilizando un solo digestor, por lo que la segunda unidad no ha sido probada en operación.*

*c.6) El tornillo de elevación del fango centrifugado hacia la tolva no está duplicado, siendo un equipo crítico.*

*c.7) Se producen intensos olores al descargar los fangos almacenados en la tolva sobre los camiones de transporte, por lo que deberían de estudiarse posibilidades para minimizar estos efectos, por otra parte típicos de las instalaciones de tratamiento de fangos.*

*c.8) Se considera la necesidad de dotar a los digestores de bocas de hombre para acceso en casos de vaciado y limpieza.*

*d – Edificación y urbanización*

*d.1) Se han producido daños en la pavimentación de los viales a causa del paso de vehículos pesados, que han sido reparados, paso necesario en el normal funcionamiento de la planta.*

*d.2) Ha ocurrido una mortalidad entre los arboles plantados como pantalla vegetal junto al cierre del recinto.*

*d.3) Es recomendable la instalación de un sistema de ventilación forzada en el laboratorio de control.*

*d.4) En el edificio de cabecera de planta no hay servizos higiénicos para el personal.*

*d.5) En la sala de cuadros eléctricos del edificio industrial (junto digestores) se aprecia una alta temperatura, con el consiguiente riesgo de dañar los equipos electrónicos allí instalados.*

*e.- Disposición de los fangos*

*No se ha definido un punto de destino final para el vertido de los fangos que se producen con el funcionamiento de la planta.*

*En general, se considera que el conjunto de instalaciones esta bien estudiado y ejecutado, y que con una correcta explotación se minimizarían algunos de los problemas detectados.*

No obstante, las posibles mejoras que puedan proponerse a partir de este informe permitirían asegurar una adecuada gestión de la Estación Depuradora, con el pertinente cumplimiento de los parámetros establecidos.

O 3 de agosto de 1998, o Pleno do Concello acordou a aceptación provisional da EDAR DO RIO LAGARES e a súa adscrición ó Servizo Municipal de Saneamento, condicionado a que SERAGUA, S.A. emita, no prazo dun mes, un informe complementario tanto sobre o funcionamento, como das medidas necesarias a adoptar para a normal explotación da instalación e do seu uso. Non hai constancia de que a Concesionaria teña entregado no prazo indicado tal informe complementario, ainda que nos sucesivos informes mensuais dos que fai entrega o Concello, se mencionan as incidencias que foron xurdindo na explotación da planta.

A adscrición, non tivo en conta a complexidade da explotación da estación depuradora, senón que a tomou como un elemento máis de xestión do ciclo da auga.

Os técnicos Municipais limitaron a súa actuación na recepción, a tratar de evitar a paralización da EDAR, mediante unha recepción provisional que facilitara o inmediato traspaso da explotación da Xunta de Galicia á Concesionaria, e ó informe dos Custos de Explotación da Planta e do Colector de Marxe de Ría.

Non se tomou a previsión de formar persoal municipal para facerse cargo das funcións de inspección e supervisión da explotación. Como consecuencia disto, o Concello limitou a súa actuación ó control analítico dos parámetros de vertido, deixando o control da explotación e a súa organización en mans da Concesionaria.

## I.6. CONSTRUCCIÓN DA 2ª FASE DA EDAR

No ano 2000 da comenzo a construcción da segunda fase da EDAR, consistente nunha nova liña de tratamento biolóxico por lamas activas, dimensionada para un caudal de augas residuais de 750 l / seg.

Difícilmente encaixados os seus elementos na escasa superficie dispoñible, forzou a modificar tanto o emprazamento dos novos decantadores secundarios e reactor, como a súa xeometría. Como consecuencia, o circuito de circulación de auga residual e lodos é meirande do razoable.

Nesta actuación o retorno dos lodos en exceso quedaron conectados ó reactor da liña –1 (erro de proxecto), esta falla de independencia de ambas liñas perxudica á explotación da depuradora.

Outra falla que perxudica a explotación é a decisión de modificar o proxecto inicial no senso de construir dous (2) dixestores de lamas en vez de tres (3), e sen bocas laterais de acceso para o seu vaciado.

Entra en servizo o 5/10/2001 e se pasa ó Concello en xaneiro de 2002.

PARÁMETROS DE DESEÑO DA EDAR

| BASES DE PARTIDA | | | |
|---|---|---|---|
| Poboación: | 400.000 habitantes / equivalentes | | |
| Dotación: | 300 l / hab. / día | | |
| Caudal de dimensionado | Caudal de deseño | 3.000 l / s | 259.200 $m^3$/día |
| | Caudal medio | 1.500 l / s | 129.600 $m^3$/día |
| | Caudal que tratar en pretratamento | 3.000 l / s | 259.200 $m^3$/día |
| | Caudal decantación primaria | 3.000 l / s | 259.200 $m^3$/día |
| | Caudal tratamento biolóxico | 1.500 l / s | 129.600 $m^3$/día |
| | Caudal bombeo final a emisario | 3.000 l / s | 259.200 $m^3$/día |
| Contaminación | Carga $DBO_5$ | 250 ppm | |
| | Carga Sólidos en Suspensión (S.S.) | 270 ppm | |
| | Factor punta | 2 | |
| | $DBO_5$ total | 30.000 kg/día | |
| | Sólidos en Suspensión (S.S.) total | 32.000 kg / día | |
| Lodos | Saída de primarios | 1.386 $m^3$ / día | 16´042 l/s |
| | Saída de biolóxico | 1.000 $m^3$ / día | 11´574 l/s |
| | Total | 2.386 $m^3$ / día | 27´616 l/s |

| RESULTADOS PREVISTOS | | |
|---|---|---|
| Despois tratamento primario | $DBO_5$ | 200 ppm |
| | S.S. | 200 ppm |
| | TNK | 40 ppm |
| Despois tratamento biolóxico | $DBO_5$ | 25 ppm |
| | S.S. | 20 ppm |
| | TNK | 10 ppm |
| Características dos lodos | Sequedade (peso sólido seco) | > 25 % |
| | Estabilidade (peso sólidos volátiles) | < 50 % |

As unidades máis representativas desta 2ªfase son:
- Pozo de grosos.
- Reactor biolóxico.
- Decantador secundario.
- Espesador de lama.
- Dosificador de polielectrolito.
- Centrífuga de secado de lamas.
- Desodorización de contedores de residuos.
- Desodorización de espesadores de lama primaria.

Con esta segunda fase comenza a primeira actuación de desodorización parcial.

I.7. RECLAMACIÓNS VECIÑAIS. XERACIÓN DE CHEIROS.

O deseño da EDAR do Lagares buscou exclusivamente cumplir cos parámetros de vertido exixidos pola Normativa Vixente, sen tomar en conta o entorno urbano en que se atopaba.

No proxecto inicial, non se tratan os gases xerados nos diferentes procesos de depuración. Só se lles presta atención ós producidos no edificio industrial e no pretratamento, que se dispersan á atmósfera mediante sendas chemineas sen tratar.

Na construcción da 2º fase (liña de lamas – 2), ano 2001 (3 anos despois da posta en servizo da 1ª fase), Augas de Galicia aborda a primeira desodorización parcial, con tratamento de gases nos contedores de residuos e nos espesadores de lamas primarios.

O deseño da depuradora tampouco dá facilidades á explotación e mantemento da planta, presentando algunhas operacións rutinarias unha grande complexidade.

En canto á explotación, nalgunhas operacións de mantemento periódico xeradoras de cheiros, a Concesionaria non foi todo o previsora, oportuna e coidadosa que cabería esperar.

a.- Reclamacións veciñais.

As primeiras reclamacións prodúcense o 10/04/1998 coa creación por parte dos veciños de Coruxo dunha “Comisión de Afectados polos cheiros da Depuradora”, antes da recepción das instalacións polo Concello que foi o 3/08/1998.

Periódicamente seguen a producirse protestas.

Non obstante, as protestas máis sonadas coinciden no tempo, con problemas de arranque e vaciado dos dixestores anaerobios, agravado pola insuficiencia dos silos de almacenamento das lamas, durante as paradas distes dixestores anaerobios.

O histórico das incidencias máis destacadas nos dixestores anaerobios indícanse no seguinte cuadro suministrado pola Concesionaria:

**DIXESTOR ANAERÓBICO Nº1**

1. Posta en marcha por COPASA antes da entrega da EDAR (antes de agosto – 1989).
2. Primeiro baleirado:
   a) Causa: atascamento na conducción de saída do dixestor debido á acumulación de area sedimentada no seu fondo.
   b) Datas:
      b.1. 22/01/2002 : queda fóra de servizo.
      b.2. A primeira fase do seu baleirado aprovéitase para comenzar o enchido do dixestor nº2.
      b.3. Marzo–abril do 2002: Repáranse as gretas da cúpula e se continúa o baleirado, seguindo en principio indicacións de Augas de Galicia.
      b.4. 27/05/2003 : Comeza o seu enchido e posta en marcha.
3. Segundo baleirado:
   a) Causa: Axitador SCABA desequilibrado (posteriormente se detecta que unha das pás da hélice do fondo se desprendeu do eixo).
   b) Datas:
      b.1. Setembro do 2004 : Rotura e reparación de peche hiodráulico.
      b.2. Outubro do 2004: Rotura e reparación da peza de asento do motor do axitador.
      b.3. 10 de outubro do 2004: Rotura de brida principal. Dixestor fóra de servizo.
      b.4. Novembro do 2004: Comeza o baleirado.
      b.5. 21 de marzo do 2005: Comeza o seu enchido e posta en marcha.

**DIXESTOR ANAERÓBICO Nº2**

1. Posta en marcha: Realizada por COPASA – PASSAVANT en xaneiro – marzo do 2002, coincidindo co baleirado do dixestor nº1.

2. Primeiro baleirado:
   a) Causa: axitador SCABA desequilibrado (posteriormente se detecta que unha das pás da hélice de fondo se desprendeu).
   b) Datas:
      b.1. 28 de marzo do 2005 : queda fóra de servizo.
      b.2. Actualmente en fase de arranque.

b.- <u>Problemática plantexada: Seragua versus Augas de Galicia.</u>

Dende o intre en que Augas de Galicia entrega a EDAR o Concello, e SERAGUA se fai cargo da explotación, a primeira ignora sistemáticamente asumir as deficiencias e carencias que a Concesionaria vai observando nas instalacións.

O seu argumento baséase exclusivamente en que tódolos problemas de cheiros se deben a unha explotación deficiente da Concesionaria.

Pola súa contra, a Concesionaria alega na súa defensa que, coa EDAR que recibiu, non é posible unha explotación máis eficiente.

c.- <u>Intervención municipal.</u>

A posta en servizo da liña- 2 do biolóxico en novembro de 2001 permitiu o baleirado do dixestor nº1 para a súa reparación e limpeza. Dadas as características constructivas do dixestor e as peripecias da súa xestión (descritas no cuadro anterior), as operacións de baleirado prolongáronse dende xaneiro de 2002 ata abril de 2003, producindo os consabidos cheiros.

Ademáis, a recirculación de lamas por falla de capacidade de almacenaxe en silos, desestabilizou a liña de tratamento durante todo o verán de 2003, xerando cheiros superiores ó tolerable que soliviantaron ós veciños e levaron ó Concello a crear a 1ª Comisión de Seguimento da Estación Depuradora de Augas Residuais o 11 de setembro de 2003.

Esta Comisión recomenda a contratación dunha auditoría, para comprobar se as instalacións en funcionamento se axustan ós datos de deseño. O Concello resolve a contratación de SOLUZIONA NOVOTEC en outubro de 2003.

d.- Auditoría de NOVOTEC.

Iniciada a auditoría en outubro, o informe cas conclusións é entregado en xaneiro de 2004 e redactadas nos seguintes termos:

*"....Das comprobacións realizadas ó longo desta auditoría pódense saca-las devanditas conclusións:*

1. *En xeral, as instalacións que compoñen a EDAR "Río Lagares" correspóndense coas indicadas no proxecto inicial, no proxecto de ampliación e melloras e modificacións posteriores.*
2. *Durante a auditoría, tódolos procesos estaban operativos, aínda que había equipos fóra de servizo por estaren avariados ou en reparación. Ó longo da auditoría a maior parte dos equipos detectados inicialmente foron reparados ou substituídos. Considérase necesario facer un estudo para coñoce-los puntos críticos e pezas de reposto necesarias.*
3. *Os datos de análise e parámetros de control que figuran nos rexistros do seguimento de explotación considéranse fiables.*
4. *Exceptuando episodios ocasionais de fortes precipitacións, toda a auga bruta que chega a EDAR, pasa por tratamento primario antes do bombeo a emisario. O caudal medio mensual de auga bruta que pasa por tratamento primario está entre 15% e 40% por debaixo do caudal máximo de deseño.*
5. *A auga de saída do tratamento primario, así como a de saída do tratamento biolóxico, cumpre sobradamente cós parámetros de Sólidos en Suspensión (S.S.) e Demanda Biolóxica de Osíxeno (DBO5) para os que foi deseñada. Estes parámetros non se ven afectados pola cantidade de areas en auga bruta, afectando unicamente á vida útil dos equipos.*
6. *Na mostraxe puntual de auga antes do envío a emisario, realizada no transcurso da auditoría, constatouse que se cumpren os límites establecidos no Cadro I do anexo I do Real Decreto 506/1996, para os parámetros de Sólidos en Suspensión (SS), Demanda Biolóxica de Osíxeno (DBO5) e Demanda Química de Osíxeno (DQO).*
7. *Ó longo da auditoría comprobouse a evolución e estabilización dalgúns parámetros de operación, axustándose ó intervalo dos valores normais que se indican para este tipo de planta, constatándose unha reducción na DBO5 na auga de saída da EDAR cara ó emisario.*
8. *O mantemento das instalacións e equipos, así como o control das actividades de mantemento, que se acometen poderíanse mellorar, pois nalgún caso non se presentou evidencia da súa realización . Na actualidade a empresa concesionaria está a instalar un programa informatizado co fin de mellora-lo procedemento actual.*
9. *Respecto da calibración dos equipos de medida utilizados para o control dos diversos procesos, cando se comezou a auditoría non se presentaron evidencias da súa calibración/verificación. Ó longo da auditoría verificáronse algúns equipos.*

*10. Debería estudarse a independización dos tanques de aireación de cada liña, de xeito que os lodos en exceso da liña 2 non se recirculen á liña 1, co fin de evitar o posible desenvolvemento de bacterias indesexables.*
*11. Debería estudarse a posibilidade de traballar, en condicións normais, con dous decantadores primarios e deixa-lo outro como reserva, que entraría automáticamente en servizo cando se superasen os 2.000 l/seg durante un certo tempo, xa que os caudais que se manexan e os rendementos obtidos parecen indicar que esto é posible.*
*12. Co fin de evitar que se repita a incidencia que tivo lugar no verán de 2003, na que foi necesario retirar manualmente os lodos do depósito de lodos dixeridos, proponse a construcción doutro depósito de capacidade similar ó existente.*
*Neste mesmo senso, considérase tamén necesario duplica-lo cribo rotatorio de lodos primarios situado na entrada dos espesadores primarios, xa que o único existente está ó límite da súa capacidade. Así mesmo, aconséllase constatar o rendemento do desareador / desengraxador.*
*13. Na actualidade a EDAR conta con tratamento de cheiros nos espesores primarios e contenedores de residuos de desbaste fino. Non obstante detectáronse outros puntos nos que se xeran cheiros e na actualidade non dispoñen de tratamento, polo que se consideran necesarias actuacións ó respecto. Os principais puntos de xeración son:*
- *Cheminea de saída da aspiración do edificio de pretratamento.*
- *Cheminea de saída da aspiración do edificio industrial.*
- *Saída da aspiración do edificio de pozo de grosos.*
- *Transferencia de residuos.*

*14. Por último, engadir que se estableceu un plan de inspección e control do funcionamento da EDAR, cos parámetros e frecuencias que se teñen que realizar, que está sendo elaborado polo persoal do Concello de Vigo.*

*<u>Respecto do funcionamento e mantemento das instalacións e equipos dos colectores destácanse as seguintes conclusións:</u>*
*1. En xeral, non se detectaron problemas relevantes de funcionamento nos pozos de bombeo e tanques de tormenta dos colectores visitados.*
*2. A imposibilidade de acceso a algunhas instalacións, non permite que a empresa concesionaria realice o seu mantemento (asfaltado das tapas de sumidoiros na rúa Coruña e non ter chave para acceder ó grupo electróxeno a unha estación de bombeo de Bouzas).*
*3. Evidenciouse a entrada de auga de mar ó colector da marxe de ría e ó colector do sur e do oeste. Evitar esta entrada, melloraría o funcionamento da EDAR, polo que se aconsella investiga-los puntos de entrada para actuar sobre eles.*
*4. O sistema de control do caudal que chega a EDAR, non permite unha regulación axeitada da auga que se bota polos aliviadoiros, así como da que chega a EDAR. A automatización (telecontrol) do sistema de control de caudais permitiría tratar unha maior cantidade de auga na EDAR.*
*5. Aconséllase completa-los planos existentes das conexións ós colectores co fin de coñece-la situación real na actualidade".*

I.8. INFORMES E MELLORAS PROPOSTAS POR AQUALIA

a.- <u>Análise funcional e proposta de melloras da EDAR do río Lagares (Vigo):</u>

En setembro de 2003 a Concesionaria entrega este informe redactado pola Consultora ESINPRO, S.L.

*a.1) Objeto y alcance del informe:*
*El objeto del informe es analizar la problemática existente y sus causas, proponiendo y valorando las mejoras que se consideren convenientes para que el mantenimiento y explotación de la planta pueda realizarse de una forma más adecuada a las especiales características de la misma, minimizando el impacto y las molestias que genera sobre la población de la zona. Los condicionantes técnicos de funcionamiento así como las limitaciones de espacio impiden el planteamiento de soluciones integrales que permitan asegurar la eliminación completa de los problemas existentes, razón por la cual las propuestas que se contemplan en el informe deben entenderse como mejoras parciales, cuya aplicación contribuirá a reducir el impacto de la instalación en su conjunto, pero no podrán eliminarlo debido a que las condiciones de ubicación y diseño son muy limitantes.*

*a.2) Identificación de problemas:*
*Identifica las siguientes deficiencias y carencias en base a la información facilitada y a su experiencia:*
- *Detección de zonas generadoras de fuerte olor.*
- *Presencia de arenas en fangos.*
- *Almacenamiento de fango digerido.*
- *Acceso a interior de los digestores.*
- *Pantalla vegetal.*
- *Muelle de carga de residuos.*
- *Entrada de agua de mar.*
- *Control de caudales de entrada.*
- *Varios*

*a.3) Análisis de alternativas y mejoras:*
- *Control y tratamiento de olores, actuando sobre:*
  - *Pretratamiento*
  - *Desarenadores*
  - *Arqueta de reparto*
  - *Decantadores primarios*
  - *Arqueta de medición y mezcla*
  - *Edificio de secado de fangos.*
- *Propone tres instalaciones de desodorización:*

*La A: Para tratar los gases generados en el edificio de pretratamiento, desarenadores, arqueta de reparto, decantadores primarios y arqueta de medición y mezcla.*
*La B: Tratará los gases del edificio de digestión y secado de fangos.*
*La C: Tratará el aire del recinto del muelle de carga.*

- *Control de arenas en los fangos:*

*Proponen la novedosa reconversión de los tanques de tormenta del Colector del Lagares en desarenadores.*

- *Nuevo depósito de fangos digeridos:*

*Proponen la construcción de un nuevo depósito de fangos digeridos de 500 m$^3$.*

- *Acceso a los digestores:*

*Proponen practicar un acceso a los digestores que facilite las operaciones de mantenimiento.*

- *Reposición de la pantalla vegetal.*
- *Construcción de muelle de carga.*
- *Control de entrada de agua de mar: campaña de medición de conductividad.*
- *Control de caudales de entrada mediante la automatización de equipos existentes en pozos y aliviaderos para realizar telecontrol de los mismos desde la depuradora. Instalar directores de nivel, caudalimetros, etc.*

*a.4) Valoración y presupuesto:*

*La indefinición de algunas de las actuaciones así como la imposibilidad de realizar unas mediciones exactas de las obras en esta fase del estudio ha obligado a la utilización de mediciones aproximadas, razón por la cual el presupuesto obtenido debe considerarse como una simple estimación.*

*El presupuesto se ha dividido en capítulos de forma que la valoración de cada una de las actuaciones resulte clara y pueda ser analizada de forma independiente. El resumen general de dicho presupuesto, en Ejecución por Contrata IVA no incluído, es el siguiente:*

| *Actuación* | *Presupuesto estimado* |
|---|---|
| *Cubrición de desarenadores* | *197.995,00* |
| *Cubrición de canal decantadores* | *125.664,00* |
| *Cubrición arqueta de reparto* | *45.815,00* |
| *Cubrición arqueta de medición y mezcla* | *182.546,00* |
| *Cubrición muelle de carga* | *39.270,00* |
| *Cubrición de secado de fangos* | *148.710,00* |
| *Total Estructuras Cubrición* | *840.000,00* |
| *Tratamiento olores A* | *615.000,00* |
| *Tratamiento olores B* | *348.000,00* |
| *Tratamiento olores C* | *198.000,00* |
| *Total Tratamiento Olores* | *1.161.000,00* |
| *Nuevo depósito de fango digerido* | *296.000,00* |
| *Acceso a los digestores* | *225.000,00* |
| *Pantalla vegetal* | *77.000,00* |
| *Muelle de carga* | *115.000,00* |
| *Control de caudales de entrada* | *396.000,00* |
| *Varios* | *78.000,00* |
| *Redacción de Estudios y Proyectos* | *412.000,00* |
| *Total presupuesto estimado (Primera Fase)* | *3.600.000,00* |

Ante este escrito, o Concello remite a Xunta de Galicia unha solicitude de obras de mellora que son asumidas parcialmente por Augas de Galicia no séu proxecto de desodorización, nave de transferencias, e depósito de lamas, desenrolado no apartado 1.9 diste informe.

b.- Informe do Proxecto de Augas de Galicia para a Execución de melloras na EDAR do Río Lagares:

O 25/02/2004 a Concesionaria informa o proxecto de "Desodorización, nave de transferencia e depósito de lamas dixeridas na EDAR de Vigo",redactado por Augas de Galicia, no seguinte senso:

*"...En lo referente a la Memoria matiza y contradice lo indicado por ésta, poniendo de manifiesto las graves carencias que padece la planta desde su puesta en servizo, que complican la explotación y el mantenimiento, entre otras:*

- *Protestas por malos olores desde la puesta en marcha de la planta.*
- *Ausencia absoluta de desodorización hasta que en la ampliación de 2001 se instala el primer sistema de desodorización para tratamiento de olores de contenedores de residuos del pretratamiento y para los espesadores de fango primario.*
- *Dificultad de vaciado de digestores por su propia solución constructiva.*
- *Silo de fango único.*

*1. Mejoras incluidas en el proyecto:*
*1.1 Tratamiento de olores: Torres de lavado químico (luego no construidas).*
*1.2 Tratamiento de aerosoles en la arqueta de reparto a biológicos. ( No construidas).*
*1.3 Pantalla vegetal.*
*1.4 Duplicación del depósito de fangos digeridos.*
*1.5 Edificio de transferencia de residuos.*
*1.6 Tamizado de fango primario.*

*2-. Mejoras no incluidas en el proyecto:*
*2-1 Cubrición del silo de fangos deshidratados.*
*2-2 Independencia de las dos líneas de tratamiento biológico.*
*2-3 Otras cubriciones no incluidas en el proyecto.*
*2-4 Otras mejoras.*

*3- Mejoras en la línea desarenado".*

c.- Informe sobre o funcionamento do proceso de desareado-desengraxado na EDAR do Lagares (Vigo) e posibilidades de Mellora:

En marzo de 2004, AQUALIA presenta "un informe sobre o funcionamento do proceso de desareado-desengraxado na EDAR do río Lagares e posibilidades de Mellora" redactado por ESINPRO, SL.

Pretende dar solución á problemática que plantexan as areas no funcionamento xeral da planta que obligou a retirar de un dos dixestores de lamas 2.500 Tm de area, e do depósito de lamas dixeridas no mes de xullo pasóu de 454 Tm.

*O estudo conclúe que os desareadores actuais están traballando a un rendemento prácticamente nulo (7%), propoñendo dúas opcións:*

*1ª.- Que inclúe básicamente:*
*1.1. Reforma dos desareadores actuais.*

*1.2. Construcción dunha terceira liña de desareado-desengraxado.*
*1.3. Instalación dun sistema de hidrociclóns.*

*2ª. Que inclúe básicamente:*
*2.1. Demoler os dous tanques de desareado-desengraxado existentes.*
*2.2. Construir catro novas liñas desareado-desengraxado.*

*O orzamento da primeira opción que se recomenda é dun Orzamento de Execución por Contrata (IVA incluído) de 1.013.174,08 Euros.*

Este proxecto foi informado desfavorablemente pola 1ª Comisión de Seguimento da EDAR, por entender que non queda suficientemente xustificada a inversión a realizar.

d.- Informe de auditoría sobre funcionamento da EDAR DO RÍO LAGARES encargado por Augas de Galicia.

O 3/06/2004, Augas de Galicia remite a Aqualia un informe redactado por ATC por encargo da Administración Autonómica, sobre o funcionamento da EDAR do río Lagares. Os aspectos máis relevantes, relativos ás condicións de funcionamento son:

*EDAR RÍO LAGARES (VIGO). EXPLOTADOR: AQUALIA, S.A.*
*DATA DE VISITA TÉCNICA: 30 de xaneiro e 26 de febreiro.*

- *Tipoloxía de la EDAR: fangos activos en modalidad de carga media con estabilización del fango mediante digestión anaerobia.*
- *El caudal afluente a la EDAR se ha situado en 180.496 m3/d como promedio para el mes de febrero, mientras que el admitido a tratamiento biológico ha superado en ambas fases 62.000 m3/d y con ello los 60.000 m3/d considerados como caudal medio de diseño para cada una de las dos fases. Aún así, se obtiene que los 55.240 m3/d by-pasados a salida de decantación primaria, por incapacidad hidráulica del tratamiento biológico, suponen el 30,6% del caudal total afluente a la EDAR*
- *El afluente cumple con los límites de vertido establecidos el R.D. 509/1996 para los parámetros analizados de las muestras tanto de agua tratada como la vertida a través de emisario, que recoge tanto el agua que recibe un tratamento biológico como la by-pasada tras decantación primaria.*
- *Fango extraído: 1.197 Tm de lodo en enero y 1.108 Tm en febrero.*

- *Incidencias:*
- ❑ *En pretratamiento, reparto irregular da aireación en el canal desarenador, detectándose dos puntos de pérdida de aire en la superficie y roturas en la flectora que separa las zonas de aireación y tranquilización en el canal más cercano a los clarificadores de la fase II.*
- ❑ *By-pass parcial de agua a la salida de decantación primaria por incapacidad hidráulica del tratamiento biológico.*
- ❑ *"Bulking", o esponjamiento del fango activo por excesiva proliferación de bacterias filamentosas y que en el reactos de la fase II cursa con valores de IVF superiores a 400 ml/g triplicando prácticamente el límite superior del intervalo recomendado por la buena práctica.*

- *Puntuales levantamientos de fango en los clarificadores rectangulares de la fase II al paso de alguno de los puentes.*
- *Acumulación de arena en el silo de fango digerido, con pérdida de volumen útil en éste y alteraciones en el funcionamiento de las centrífugas que cursan con cavitaciones y reducidas sequedades de fango (25% como promedio para este periodo, muy inferior al habitual 30% registrado por el explotador).*

- *Al objeto de evitar , y en todo caso minimizar, la magnitud de los reboses desde el silo de fango mixto cuando haya de vaciarse el silo de fangos digeridos, el explotador ha construido dos depósitos reguladores de 42 m3 c/u, que se alimentarán de fango digerido y permitirán a su vez alimentar a las centrífugas mientras se vacíe el silo de fangos digeridos .*
- *Recomendaciones operacionales:*
  *En relación con la proliferación excesiva de filamentosas:*
  *Aunque las posibilidades de actuación del explotador son reducidas, por una parte debido a que el agua salada favorece el esponjamiento del fango activo,y por otra a que la configuración actual de la purga de la Fase II se introduce en el reator biológico de la Fase I, la pauta de actuación recomendada para atenuar el "bulking endémico" en esta instalación ha sido la siguiente:*
- *Identificación de los microorganismo filamentosos responsables delproblema, lo que permitirá acotar las causas de su desarrollo y consiguientemente evaluar las posibilidades de actuación sobre las mismas.*
- *Reducir las actuales edades de fango, superiores a lo habitual y deseable para un sistema en modalidad de carga media.*
- *Adicionalmente, aumentar el nivel de oxígeno disuelto en los reactores.*

*Malos olores:*
*Las medidas recomendables, de carácter estructural y en consecuencia fuera del alcance del explotador, han de hacer necesariamente hincapié en la reducción de las arenas afluentes a la línea de fango. En tal sentido, cabrían dos vías de actuación:*

a) *Medidas tendentes a retener arena en el pretratamiento, que podría llevarse a cabo aumentando el pozo de gruesos y canales desarenadores actuales, sobrecargados hidráulicamente, o bien incorporando unidades desarenadoras adicionales (como las de tipo vórtex en cuanto que su requirimiento de espacio es inferior).*
b) *Medidas tendentes a minimizar los efectos de la paralización temporal de la línea de fango asociada a la retirada de arena en sus depósitos, y que podrían ser:*

- *Posibilitar la alimentación de las centrífugas con fango mixto sin digerir (aunque cabe esperar bajos rendimientos y habría de tenerse en cuenta la necesidad de estabilización posterior del fango).*
- *Tabicar el actual depósito de fango digerido, la objeto de poder trabajar con una de las subdivisiones mientras se permite la limpieza de la otra.*
- *Construcción de un nuevo depósito de fango digerido, con el equipamiento necesario para permitir la continuidad de la deshidratación de fango en cuanto se vacía el otro (o inclusoun funcionamiento alternativo).*

*c) Una tercera vía de actuación, que no incide en el origen del problema y sí sobre sus manifestaciones, se basaría en el confinamiento de las zonas de producción de olores (canales desarenadores, canales perimetrales de primarios, canal Parsall) y su posterior desodorización.*
*d) Temporalmente, y ante un próximo vaciado del silo de fango digerido, se ha propuesto al explotador un sistema de eliminación química de olores, mediante la dosificación de permanganato potásico al fango que retorne a cabecera de planta.*

- *Características del agua residual a tratar.*
- *Esta opción, como cualquier otra que implique by-pases parciales desde la EDAR, habría de ser convenientemente justificada en base a analíticas periódicas*

- *Averiguar las causas por las que uno de los clarificadores admite un caudal notablemente inferior al otro, y solucionarlo.*

e.- Proxecto de Mellora do Colector de Coruxo.

En maio de 2004 Aqualia encarga a ESINPRO SL, a redacción do proxecto de Mellora do Colector de Coruxo.

Aprobado polo Concello o 12/07/2004, financiado tamén polo Concello, este colector sustitúe ó actual, construido na década pasada por Augas de Galicia e que presenta graves deficiencias de pendiente e estanqueidade.

*As obras proxectadas consisten na interceptación do colector existente augas arriba da depuradora, selado e pozo de intercepción, colector de desvío a pozo de bombeo e tubería de impulsión.*

*O orzamento de Execución por contrata, Iva incluído é de 196.694,20 euros.*

f.- Memoria valorada de instalación dunha cúpula de dixestores de lamas.

*En marzo de 2005, Aqualia presenta unha memoria valorada de instalación dunha tapa desmontable na cúpula dos dixestores de lamas, redactada por PRODITEC, SA, por un Orzamento de Execución por Contrata de 38.328,52.- euros.*

A *instalación da tapa desmontable na cúpula pretende dar solución ós problemas que plantexa a extracción de areas do dixestor, cada 3-4 anos, facilitando a entrada dunha minipala, na actualidade imposible salvo demolendo a cúpula de formigón armado existente.*

g.- Informe técnico da situación actual e proposta de melloras na EDAR do Río Lagares (con desosorización total).

En agosto de 2005 Aqualia entrega un informe técnico da situación actual e proposta de melloras da EDAR do Río Lagares.

O estudo parte dos seguintes datos:

*-DATOS DE PARTIDA-*

*As diferencias entre os caudais e contaminacións utilizados polo deseño da depuradora, e o que realmente está chegando refléxanse nas seguintes táboas.*

| *CAUDAIS* | *DATOS REAIS DESEÑO* | *Datos (ano 2004)* | | *reais/deseño* |
|---|---|---|---|---|
| *Caudal medio entrada EDAR* | *120.000* | *168.000* | *m3/día* | *1,4* |
| *Caudal medio horario* | *5.000* | *7.030* | *m3/h* | *1.4* |
| *Caudal punta tempo seco* | *8.100* | *8.000* | *m3/h* | *0,99* |
| *Caudal* | *10.800* | *12.150* | *m3/h* | *1,13* |
| *Caudal medio tratamento primario* | *5.000* | *7.030* | *m3/h* | *1,4* |
| *Caudal medio tratamento biolóxico* | *5.000* | *4.737* | *m3/h* | *0,95* |
| *CONTAMINACIÓN* | *DESEÑO* | *DATOS REAIS (ano 2004)* | | *Datos reais/deseño* |
| *DBO5 entrada EDAR* | *250* | *255* | *mg/l* | *1,02* |
| | *30.000* | *42.800* | *kg/día* | *1,43* |
| *S.S entrada EDAR* | *270* | *202* | *mg/l* | *0,75* |
| | *32.400* | *33.936* | *kg/día* | *1,05* |

*Os caudais que están a chegar á planta son un 40% superiores ós considerados no deseño, pero os caudais que se están a tratar no biolóxico son similares.*

*En canto á contaminación de entrada, a DBO5 é similar á de deseño e os sólidos inferiores, pero ó ser un 40% superior o caudal, a carga de DBO5 de entrada é un 43% superior á de deseño.*

*Este é un dos motivos polo que non é posible tratar no tratamento biolóxico todo o caudal de entrada no tratamento primario.*

*Analiza a situación actual e propón actuacións orientadas a:*

- *Melloras de proceso.*
- *Cerramentos.*
- *Desodorización total.*
- *Outras melloras.*

*O orzamento estimado en Execución por Contrata, sen IVA, das melloras das instalacións descritas anteriormente, recóllese na seguinte táboa:*

| *MELLORAS DE PROCESO* | |
|---|---|
| *Ampliación e Mellora da separación de areas:* | |
| *Desareadores:* | *900.000€* |
| *Instalación de hidrociclóns:* | *150.000€* |
| *Espesamento* | *150.000€* |
| *Aireación* | *900.000€* |
| *TOTAL* | *2.100.000€* |
| *CERRAMENTO* | |
| *Cerramento desareadores* | *250.000€* |
| *Cerramento decantadores primarios* | *1.700.000€* |
| *Cerramento biolóxico* | *1.700.000€* |

| | |
|---|---|
| *Cerramento decantadores secundarios circulares* | *1.550.000€* |
| *Cerramento decantadores secundarios rectangulares* | *1.400.000€* |
| *TOTAL* | *6.600.000€* |
| | |
| *DESODORIZACIÓN TOTAL* | *14.970.000€* |
| *OUTRAS MELLORAS* | |
| *Pantalla verde* | *100.000€* |
| *Pozo de grosos en Colector Marxe de Ría* | *450.000€* |
| *Toma exterior descarga camións en pretratamento* | *3.000€* |
| *Substitución cubertas nos espesadores* | *100.000€* |
| *Conducción de lixiviados* | *3.000€* |
| *Cubertas practicables nos dixestores* | *75.000€* |
| *Mellora dos sistemas de medición de caudais* | *190.000€* |
| *Renovación tuberías decantadores secundarios* | *60.000€* |
| *Novos equipos de reserva* | *315.000€* |
| *Desvío de pluviais Arroio Pereiró* | *600.000€* |
| *TOTAL* | *1.896.000€* |
| TOTAL | 25.566.000€ |

I.9. MELLORAS ASUMIDAS POR AUGAS DE GALICIA:

Concluida a 2ªfase da implantación da EDAR, consistente na posta en servizo da segunda liña de lamas, seguen os problemas na explotación e as protestas veciñais pola emisión de gases á atmósfera sen tratar. Por iso, o Concello de Vigo require á Administración Hidráulica de Galicia dependente da Consellería de Medio Ambiente, que execute as actuacións necesarias que resolvan os problemas expostos, polo que presenta unha relación de necesidades.

Daquela relación, somentes se recolle parte das necesidades de inversión na planta, no "proxecto de desodorización, nave de transferencia e depósito de lamas dixeridas na EDAR de Vigo (Pontevedra)", limitándose a actuación a:

1.- Desodorización parcial, nave de transferencia e depósito de lamas dixeridas:

Descripción da solución adoptada:
Seguindo as prescripcións de Prego de Bases e Prescripcións Técnicas Particulares que rixe o presente Concurso, pasamos a continuación a describir os elementos que conforman as instalacións e tratamentos:

Para cumplir cos requisitos tanto Técnicos como de garantía de resultado, estudouse para a solución dos problemas da EDAR, tal como se indica no punto II.1.4 do Prego, a solución máis adecuada.

A solución adoptada é, mediante o tratamento de cheiros por BIOFILTROS.

O resto de actuacións a realizar na planta, como son a construcción dun novo silo de lamas dixeridas, a montaxe dun segundo tamizador de lamas, e a construcción dunha Planta de Transferencia, tamén se acometen nesta solución.

A solución estudiada mediante BIOFILTROS, ten a súa xustificación, según os redactores do proxecto, en varios factores e que resumimos como:

1. Menor custo de construcción das instalacións, así como pola reducción que representa de custes de explotación, tal como se cuantifica nun ANEXO da presente memoria.
2. Eliminación de manipulación de reactivos tóxicos e agresivos como ácido sulfúrico, sosa, hipoclorito, etc., que require un coidado máis minucioso na súa manipulación.
3. Menor número de elementos electromecánicos sometidos a desgastes e agresións, como son as bombas dosificadoras dos reactivos mencionados, as bombas de recirculación das solucións para o lavado, e vixiancia e limpeza de incrustacións nos citados circuitos.

<u>Seguidamente se describen os elementos que conforman o proxecto:</u>

- Tratamento de cheiros de Pretratamento e Edificio de Secado e Dixestión.

Estúdase o tratamento do aire de ventilación dos dous recintos.
A desodorización levarase a cabo mediante un tratamento biolóxico do aire. Neste caso, a explotación redúcese ó control da temperatura do recheo mediante sondas de temperatura, e a humidade do recheo biolóxico.

- Tratamento de cheiros do edificio industrial.

Empregarase un sistema de tratamento de cheiros mediante un biofiltro, que se encargará de evitar o escape de malos cheiros ó exterior.

Este tratamento, debido a que a súa necesidade pode ser ocasional con épocas de maior ou menor actividade, o tratamento de aire renovado proponse realizarlo no mesmo tratamento de cheiros do aire proveniente do Edificio de Dixestión e Secado.

- Tratamento de aerosoles na arqueta de reparto a biolóxicos.

Tápase mediante estructura metálica e placas de polyester con fibra toda a superficie da arqueta de reparto a reactores biolóxicos e se instalan dous equipos de desodorización autónomos nos correspondentes elementos de venteo.

- Pantalla Vexetal.

Para mellorar o impacto visual e de contención de cheiros, refórzase a barreira vexetal existente mediante a plantación de árbores e sebes na zona sur e leste da planta nas inmediacións do edificio industrial e espesadores de lama primaria.

Tamén se recomenda elevar a cota de poda da barreira vexetal existente en toda a planta.

- Duplicación do depósito de lamas dixeridas.

Para resolver a problemática da limpeza do depósito de lamas dixeridas, constrúese un novo depósito con capacidade para 1.000 M3, que se ubicará frente ó edificio Industrial, no terreo dispoñible entre os decantadores secundarios. Terá forma circular, de 16m. de diámetro e 5m. de altura. O fondo proxéctase en forma de cono, en cuxo eixo disponse un cunco para a recollida de area, que poderá ser extraída mediante bomba apropiada.

Dispóñense dous axitadores para manter en suspensión a lama e un equipo de lanzas de aire impulsado por unha motosoplante ocuparase de diluir e fluidificar a area cando sexa necesaria a súa evacuación.

- Edificio de transferencia de residuos.

Para resolver o problema de acopio e clasificación de residuos, constrúese un edificio de 19 metros de lonxitude, 14 metros de ancho e 5,5 metros de altura mínima, onde se disporán dous muelles de carga con capacidade para bañeiras. Os espazos destinados á ubicación das bañeiras estarán situados 1,65 metros por debaixo da cota do terreo e a zona de carga dispónse a 1,65 metros por enriba do terreo, de xeito que a altura do muelle de carga sexa de 3,30 metros, igual á altura dunha bañeira normal.

Deste xeito os contedores pequenos poden ser baleirados nas bañeiras ou contedores de maior tamaño e posibilita o seu reparto ó longo e ancho destes últimos.

O sistema de tratamento de cheiros xerado nesta sala, e debido igualmente á súa posible utilización a rexímenes variables, realizarase mediante un biofiltro, que se encargará de evitar o escape de malos cheiros ó exterior. Neste caso, levarase igualmente a cabo no biofiltro da zona de Dixestión, Secado e Edificio Industrial.

- Tamizado de lama primaria

Duplícase a capacidade do tamizado de lama primaria mediante a instalación dun novo tamiz.

O reparto de lama realízase de xeito que posibilite o funcionamento 1+1 ou en paralelo.

O Orzamento ascende á cantidade de 2.199.228,00 euros.

En abril do 2005 Augas de Galicia redacta un Proxecto Complementario nº1 do anterior, acometendo outras obras de subsanación de deficiencias, solicitadas con anterioridade pola Comisión de Seguemento do Concello de Vigo.

2.- Eliminación de ruidos e vibracións no bombeo da auga tratada, nave de carga de lamas e cubrición de arqueta de reparto a decantadores secundarios:

- Ruidos

Os ruidos que se producen na zona de pretratamento son provocados polos elementos electromecánicos en funcionamento, polo que resulta imposible actuar sobre éstes para reducir a emisión de ditos ruidos.

A solución que se executa é recubrir con material aillante acústico, o interior das paredes máis achegadas á vivenda afectada.

Para aillar os ocos das fiestras, instálase unha nova fiestra de corredeira, para crear unha cámara aillante nestas zonas.

- Vibracións.

As vibracións que afectan á vivenda en cuestión son as provocadas polo funcionamento das bombas do bombeo de auga tratada.

Estas vibracións débense fundamentalmente a pequenos desaxustes nas bombas, provocados polo desgaste e turbulencias pola velocidade da auga nos cambios de velocidade e valvulería.

A transmisión das vibracións prodúcese a través da cimentación, e fundamentalmente polo contacto dos muros do bombeo co terreo, que pola súa proximidade á vivenda afectan a ésta de xeito notable.

Para resolver este problema lévanse a cabo as actuacións seguintes:

a) Excavación dunha gabia de 3,5m. de profundidade e 0,8m. de ancho, que se enche con material antivibratorio tipo "Arlita", situada entre o bombeo e a citada vivenda, e paralela ó cerramento da EDAR colindante con esta casa.
b) Instalación de manguitos flexibles nas impulsións de cada unha das bombas para minimizar a transmisión das vibracións á obra civil e ó colector, elementos que están en contacto co terreo.

- Nave de carga de lamas.

Trátase de construir unha nave adosada ó actual edidificio de secado de lamas, na fachada que da ó silo de lamas deshidratadas de xeito que o camión non teña que saír ó exterior ata completada a súa carga e cuberta ésta coa correspondente lona.

Para iso se constrúe unha nave de 25,54m. de lonxitude, 9,70m. de ancho e 5.50m. de alto.

A cimentación é directa, mediante losa armada de 0,40cm. de espesor.

A estructura proxéctase metálica galvanizada, formada por 5 vigas apoiadas por un lado do edificio de secado sobre ménsulas ancladas a este edificio e o outro extremo sobre pilares metálicos.

O cerramento proxéctase, tanto en alzados como en cuberta, de chapa sándwich de 30 mm de espesor.

Dispóñense 4 fiestras na fachada principal, 2 fiestras na fachada lateral norte e 1 fiestra na fachada lateral sur.

Para os accesos ós camións, instálanse dúas portas plegables motorizadas de 3,5 m. de ancho e 4 m. de alto. Para o acceso de persoas prevese unha porta de 1,05 m. de ancho e 2,2 m. de alto.

O acceso á parte alta do silo de lamas deshidratadas, resólvese a través da cuberta do edificio de secado de lamas, desde a que se accede a unha nova pasarela que se constrúe por riba da cuberta da nova nave, que á súa vez dará acceso á escaleira de acceso a dito silo.

A nova nave proxéctase desodorizada, para o que se instala un novo ventilador de 8.000 m3/h de capacidade de aspiración, colectores de aspiración equipados con fiestras regulables e colector de impulsión que conectará coa impulsión ó biofiltro.

Tamén se prevé instalación eléctrica de alumeado e forza, así como a integración dos novos equipos mecánicos no sistema de control da planta.

- Cubrición da arqueta de reparto a decantadores secundarios circulares. Trátase de eliminar os cheiros que se producen nesta arqueta pola oxidación das escumas que flotan nela de forma permanente.

Para iso cóbrese este espazo, mediante unha estructura fabricada en poliéster-fibra de vidrio semiesférica de 7,20 m. de diámetro, con capacidade para unha sobrecarga de 90 kg/m2.

Está equipada cunha reixa de entrada de aire e unha boca de rexistro.

Para a desodorización se instalan 2 torres de carbón activo de 700 mm. de diámetro, unha altura de 1550 mm., construidas en polipropileno isostático. A ventilación é forzada por ventilador de 2,2 kw de potencia que impulsa un caudal de 440 m3/hora.

O presuposto adicional líquido destas obras é de 439.841,75 euros.

Actualmente as obras están en fase de recepción.

## II.- SITUACIÓN ACTUAL

### 2.1. PROBLEMAS NA EXPLOTACIÓN

Na actualidade a explotación da planta da EDAR do Río Lagares está ocasionando problemas de diversa índole, entre os que cabe destacar o feito de tratarse, nos seus comezos, dunha planta convencional sen a desodorización necesaria, con deficiencias no deseño que afectan a explotación, algunhas instalacións de mediocre calidade á vista de outras plantas depuradoras visitadas, e falla de equipos de reserva que constitúan alternativas para casos de parada de equipos considerados críticos.

Doutra banda están os problemas debidos á desafortunada situación xeográfica da planta, en zona urbana con vivendas ubicadas nas inmediacións. Esta ubicación conleva constantes queixas por parte dos veciños debido a cheiros xerados na planta na súa meirande parte pola propia explotación, así como cheiros producidos ocasionalmente ó levar a cabo labores de mantemento pouco coidadosas realizadas por parte da concesionaria, en época tamén inoportuna.

En canto o mantemento xeral das instalacións, é mellorable é a concesionaria practica pouco mantemento preventivo, centrándose a actuación en correxir as avarías según van xurdindo.

A non disponibilidade de terreos de reserva condiciona a súa ampliación.

Outro dos problemas detectados na explotación é a incapacidade da planta para tratar todo o caudal entrante, isto é debido ó crecimento dos caudais a tratar e á falla de previsión que houbo por parte da Administración Autonómica á hora de deseñar a planta, o que en ocasións xenera vertidos directos á xunqueira do Lagares.

O problema máis grave foi a avaría do sistema de axitación (inadecuado para dito sistema) dun dos dous dixestores anaerobios con que conta a planta, que se está a vaciar con grande dificultade e custo, o non estar disenados para facilitar esta eventualidade. Isto ocasiona unha considerable reducción do caudal a tratar, con tódolos problemas ambientais que conleva ó non traballar a planta a pleno rendemento. A data 9 de maio de 2006, estáse na fase de arranque do dixestor seguindo o protocolo previsto, co que en 30 días aproximadamente estará operativo de novo o sistema, ata a próxima avaría.

Un factor máis a destacar son as continuas avarías que se viñan producindo nos equipos debidas en parte á ausencia dun adecuado Plan de Mantemento Preventivo da concesionaria (actualmente solucionado en parte). Isto ven xerado pola pouca dilixencia que viña amosando a concesionaria nesta cuestión, o non ter un estocaxe de repostos suficiente. O que repercute nunha disminución da capacidade de tratamento da planta, así como na xeración de cheiros desagradables na zona e a conseguinte protesta veciñal. Dentro disto habería que resaltar as diversas obras que foi executando a posteriori Augas de Galicia para mellorar o rendemento da planta, que si ben conseguiron paliar algunhas imprevisións e erros de deseño da planta, nunca chegaron a aportar o beneficio esperado, por chegar a destempo e ser insuficientes.

A entrada de auga de mar na planta polo colector de Marxe de Ría , que afecta a depuración, estase a correxir pola Concesionaria, tal como amosan os rexistros de salinidade recentes.

En xeral, dende que se intensificou o control municipal sobre a explotación, apréciase unha considerable mellora nas condicións de funcionamento das EDAR.

2.3. ENCARGO DE AUDITORÍAS E SISTEMAS DE CONTROL.

Co fin de aclarar a problemática actual de explotación anteriormente explicada, encárganse diferentes auditorías para avaliar o estado actual das instalacións de saneamento e atopar unha solución ós problemas detectados.

A continuación se detallan as diversas auditorías contratadas e o alcance dos traballos de cada unha delas:

- Ingeniería de Vertidos.
- Novotec.
- Galaicontrol.
- ACT Ayesa.
- Ros-Roca.
- Auditoría solicitada pola Comisión de Afectados.

Ingeniería de Vertidos:

O alcance dos traballos a realizar por parte de Ingeniería de Vertidos comprenden a disponibilidade total, durante o prazo dun mes, dun técnico especialista en depuración de augas residuais para desenvolver as seguintes unidades de traballo:

- Realización de medidas diarias de cheiros 3 veces ó día de forma rutinaria e adicionalmente segundo petición do cliente.
- Rexistro diario de datos de funcionamento da instalación.
- Revisión dos parámetros de funcionamento rexistrados diariamente no marco do programa de explotación levado por Aqualia; en particular, rexistro de valores de osíxeno en ambos reactores, analíticas de auga bruta, decantada, tratada en biolóxico e vertida mediante emisario submarino.
- Revisión do programa de mantemento adoptado polo explotador, con particular atención ó seguimento de aquelas tarefas que poidan ter incidencia na xeración de cheiros desagradables.
- Toma de mostras de auga tratada para o seu posterior traslado e análise no laboratorio do Concello de Vigo por parte dun técnico de Enxeñería de Vertidos.

- Novotec:

O alcance dos traballos por parte de Novotec inclúe a realización dunha segunda auditoría na que, a partir do proxecto constructivo da EDAR do Lagares e documentos relacionados, se evidencien posibles diferencias respecto á obra executada e en servizo, co fin de detectar problemas achacables a unha mala execución das obras de construcción e posterior ampliación da EDAR Lagares.

Galaicontrol:

Debido a unhas fisuras detectadas no decantador secundario Nº 2 da liña I se encarga a Galaicontrol un estudo técnico de dito decantador.

O obxecto deste estudo é obter a seguinte información:

- Condicións dos diferentes niveis que constitúen o subsolo da zona onde se cimentou dito decantador.
- Determinación das características xeotécnicas dos diferentes niveis; identificación, propiedades de estado e parámetros resistentes.
- Determinación e localización do nivel freático na zona estudada.
- Fixación de criterios sobor dos asentamentos da estructura e posible afección á súa integridade física.

Posteriormente amplíase dito estudo ós restantes decantadores e a instalación de piezómetros permanentes.

- ACT Ayesa:

Dentro da oferta para a instalación dos equipos de telecontrol no saneamento de Vigo, ACT Ayesa propuso como mellora a realización dunha auditoría de funcionamento da EDAR do Lagares. Esta auditoría inclúe a avaliación actual dos procesos e instalacións en funcionamento na EDAR, por persoas con extensos coñecementos e ampla experiencia na explotación de sistemas de saneamento, co fin de mellorar os procesos de tratamento de augas residuais así como o estado e conservación das máquinas.

- Ros-Roca:

Ros-Roca é unha empresa catalana con ampla experiencia en desodorización con biofiltros, debido a isto, o Concello de Vigo solicita a esta empresa unha avaliación do funcionamento e rendemento das instalacións de desodorización existentes na EDAR do Lagares.

- Sistemas de control:
Dentro das melloras proxectadas polo Concello de Vigo para as instalacións de saneamento da cidade atópanse incluidas as obras de telecontrol. Estas instalacións permitirán telecontrolar e supervisar os colectores de marxe de Ría, Coruxo e Lagares, poder coñecer e modificar parámetros en tempo real das situacións dos bombeos e aliviadeiros existentes nos colectores, caudais de entrada a planta, etc.

Esta é unha ferramenta adicada a facilitar e mellorar a explotación da planta, así como poder supervisar e controlar á concesionaria por parte do Concello de Vigo desde a Casa Consistorial.

- Consultoría de Joan Curto:
Esta auditoría foi encargada a resultas dunha visita a EDAR da técnica catalana Dna. Nuria Vidal, a instancias dos veciños. Esta visita propiciou unha invitación os membros desta Comisión a visitar diversas depuradoras da área de Barcelona, que foi bastante ilustrativa.

2.3. SEGUNDA COMISIÓN DE SEGUEMENTO:

2.3.1.- Constitución da 2ª Comisión de Seguemento.

Por decreto de Alcaldía de data 5 de agosto de 2005, o Alcalde Accidental D. José Manuel Figueroa Vila ordena a constitución dunha Comisión Técnica de Seguimento Ambiental para as EDAR de Lagares e Teis.

**Decreto**
Considerando as implicacións ambientais que ven demostrando ter o funcionamento das Estacións Depuradoras de Augas Residuais do Lagares e de Teis coa alarma social creada nos últimos tempos.

Considerando que as condicións 99ª e seguintes do "Prego de condicións económico-administrativos que rexerá no concurso para a concesión da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo" dispoñen que:

"99ª.- Os servizos contratados quedarán sometidos permanentemente ao control do Concello de Vigo, mediantes os seus servizos técnicos municipais ou a empresa especializada designada polo Concello, que poderán revisar diariamente os traballos realizados polo concesionario, en todo momento ou lugar, procurando non entorpecer a prestación dos memos.

100ª.- Á vista dos informes, como resultado das visitas realizadas ou guiados do seu propio criterio, determinaranse polo Concello as correccións ou modificacións que se estimen oportunas na prestación dos servizos, as cales serán obrigatoriamente cumprimentadas polo concesionario, de acordo co disposto no presente prego.

101ª.- Sempre que as circunstancias o aconsellen, o Concello deberá solicitar do concesionario, e este virá obrigado a subministralos, cantos datos se requiran sobre os medios persoais e materiais, que permitan ao primeiro ter un coñecemento actualizado da concesión e faciliten a adopción das medidas que se estimen pertinentes. A estes efectos, o persoal técnico municipal ou quen fose encargado diso terá libre acceso ás edificacións, instalacións e dependencias afectadas ao servizo.

102ª.1.- O persoal encargado polo Concello dos servizos obxecto da concesión, estará facultado para examinar toda a documentación relativa ás relacións económico-financieiras do concesionario cos usuarios e co Concello, tales como listados, liquidacións, obras realizadas, etc., así como a verificación e comprobación das liquidacións do canon da concesión presentada por aquél ao Concello. (...)".

Resolución:

Primeiro.- Constituir a Comisión técnica de seguimento ambiental para a Estación Depuradora de Augas Residuais do Lagares e de Teis, que actuará baixo as directrices do Sr. Concelleiro delegado da área de Medio Ambiente.

Segundo.- Designar como coordinadores da devandita comisión técnica aos funcionarios: D. Álvaro Crespo Casal, Coordinador da área de servizos, e D. Jesús Núñez-Torrón López, Técnico supervisor de Medio Ambiente.
Designar como Técnico responsable do seguimento ao Enxeñeiro municipal D. Sergio González Prada.

Terceiro.- Dotar á devandita comisión de dúas auxiliares e dous inspectores de Medio Ambiente que serán contratados polo departamento de persoal para tal fin.

Cuarto.- Asignarlle á devandita comisión técnica as funcións de seguimento, informe e proposta coas facultades de petición de cantos datos e informes resulten precisos para a realización das súas funcións e os seus informes tanto á concesionaria como aos demais servizos municipais.

Para completar os traballos da comisión no referente aos apartados económico financieiros, cómpre designar a un técnico.

Polo exposto, resolve designar como novo membro da Comisión técnica de seguimento ambiental para a Estación Depuradora de Augas Residuais do Lagares e de Teis, a don Luis García Alvarez, xefe de contabilidade.

2.3.2.- Visitas a outras instalacións:

Visita a depuradoras de Barcelona:
Os membros da Comisión Técnica de Seguimento Ambiental deciden realizar visitas programadas os días 12 e 13 de Setembro do 2005 a diversas estacións depuradoras da cidade de Barcelona para contrastar e avaliar as diferentes implicacións ambientais.

As visitas foron guiadas e explicadas pola Sra. Nuria Vidal, por Joan Curto e outros técnicos das diferentes instalacións.

As visitas efectuadas foron ás seguintes estacións depuradoras:
- EDAR de Sant Feliu de Llobregat.
- EDAR de Gavá-Viladecáns.
- EDAR de Montcada.
- EDAR do Besós.

Os técnicos da Comisión de Seguimento Ambiental despois de visitar, comprobar in situ a problemática, analizar os equipos instalados e debatir

cos técnicos das diversas depuradoras catalanas, chegaron ás conclusións xerais seguintes (exceptúase á EDAR do Besós que ten características particulares):

- Os terreos onde se ubican as depuradoras non están limitados na súa extensión para unha posible disposición ou ampliación de algún equipo necesario para o desenvolvemento da óptima depuración.
- Os terreos colindantes próximos ás estacións de bombeo non están ocupados por vivendas residenciais, nin sequera por naves industriais.
- Non hai grande inversión en confinamento de cheiros e na súa posterior desodorización.
- Os cheiros á augas residuais son evidentes.

En canto á EDAR do Besós cabe dicir que non ten a problemática das convencionais, xa que as lamas son tratadas noutra planta independiente.

<u>Visita a Frigolouro, Porriño</u>:
A Comisión de Seguimento Ambiental realiza unha visita en data 29 de setembro pasado ás instalacións de FRIGOLOURO en Porriño. Guiados e asesorados por técnicos da empresa "FRIGOLOURO" e persoal técnico de "I+D Tratamientos Biológicos ROS ROCA Ingeniería del Medio Ambiente" para ver os sistemas instalados no tratamento dos cheiros creados polos residuos do matadeiro.

Obsérvase que os sistemas instalados confinan mellor ese caudal de aire tratado podendo verificar esa desodorización ó final do proceso ó non estar aberto á atmósfera nunha superficie extensa.

<u>Visita a depuradoras de Madrid e Salamanca:</u>
A Comisión Técnica realiza visitas programadas os días 17 e 18 de novembro do 2005 a diversas estacións depuradoras de Madrid e Salamanca para contrastar e avaliar a explotación e a incidencia ambiental no medio físico no que se atopan.

As visitas foron guiadas e explicadas polos técnicos responsables das instalacións.

As instalacións visitadas foron as seguintes:

EDAR Casaquemada (San Fernando de Henares).
EDAR Viveros (Moncloa, Madrid).
EDAR de Salamanca.

Os técnicos da Comisión, logo de visitar as plantas, analizar os equipos instalados e debater cos responsables das diversas depuradoras visitadas a problemática de cada unha, chégaron ás seguintes conclusións:

Nas depuradoras madrileñas teñen feito unha grande inversión en confinamento de cheiros e en desodorización. No caso de Casaquemada teñen cuberta toda a decantación primaria e en Viveros teñen cuberto os desarenadores, decantadores primarios e reactores biolóxicos. A pesar destas operacións, se aprecian os cheiros normais dunha estación depuradora de augas residuais.

Todas istas depuradoras están funcionando con caudales inferiores os de deseño, dispoñendo de elementos de reserva en todas elas.

As depuradoras están ubicadas en parcelas amplias, e dispoñen de espacio suficiente para a instalación dalgún novo equipo, que se estime necesario para mejorar la explotacion, ou as ampliacións que poidan deveñir por maiores esixencias dos parámetros de vertido que impoña a Unión Europea.

Os terreos lindantes, próximos as depuradoras, non están ocupados por vivendas residenciais, nin siquiera por naves industriais.

En canto a EDAR de Salamanca, é unha estación depuradora convencional con un ano de antigüedade, que traballa a mitade de seu caudal medio de deseño. Ten multitude de elementos de reserva e as súas instalacións son impecables. Foi construida e financiada polo Ministerio de Medio Ambiente.

2.3.3.- Intervención da Comisión na explotación:

Unha das funcións que desenvolve a Comisión Técnica para o Seguimento Ambiental das Estacións Depuradoras é a de supervisar e controlar a explotación das instalacións de depuración. Para isto realizáronse diversas actuacións dende o inicio da creación da Comisión para mellorar no posible o control da xestión.

Numerosas visitas realizadas á planta polos diferentes membros da Comisión de Seguimento para supervisar, inspeccionar e controlar as instalacións.

Diferentes solicitudes de documentación e de requirimentos específicos para comprobar a correcta marcha da explotación.

Elaboración de propostas para o bó desenvolvemento da actividade de explotación e de control.

De entre todas as actuacións levadas a cabo, destácanse:

- Requirimento de informes mensuais de conductividades nos colectores, para ir localizando as posibles fisuras na rede ou de entradas de auga de mar.
- Elaboración dun sistema para a medición de lamas en espesadores e en decantadores primarios e secundarios, e un protocolo de medicións pautadas e preestablecidas.
- Revisión das obras de ampliación que está a facer a AUGAS DE GALICIA para a súa recepción.
- Seguimento das obras do baleirado, reparación e arranque do dixestor nº 2, sen rotura da cúpula e controlando os cheiros.
- Coordinación e preestudo inicial coa empresa adxudicataria das obras do telecontrol dos bombeos e das EDARs que se están a realizar.
- Xestión coa concesionaria da instalación nas dependencias Municipais do PROGRAMA ABISMO de xestión e control do mantemento da EDAR, para o mellor seguimento e control da explotación por parte do Concello de Vigo.
- Así mesmo, xestionouse a instalación do programa de monitorización dos equipos da planta depuradora do Lagares nas dependencias Municipais,

para ter maior control posible na visualización do funcionamento da maioría dos equipos instalados.

- Elaboración dunha nova ficha de inspección actualizada e coherente.
- Establecemento detallado das existencias de repostos mínimas que deberá ter a Concesionaria en stock para atender rápidamente cualquera posible avaría.
- Establecemento de plans anuais de mantemento preventivo para as duas EDAR, segundo os meses do ano e para cada diferente equipo importante dentro de cada estación depuradora, concentrando no inverno as operacións máis xeradoras de cheiros.
- Petición de relación de persoal adscrito ás depuradoras.
- Tramitar a sustitución das cúpulas dos espesadores de fangos con problemas constructivos e resgo de colapso.
- Tramitar a apertura de bocas de acceso o dixestor de fangos Nº 2, por hidrodemolición, para posibilitar o vaciado do mesmo neste inverno.
- Tramitar a construcción e acopio de unha estructura portátil de cubrición de dixestores, para facilitar o arranque dos mesmos sin producir cheiros, inmediato o vaciado.
- Control de vibracións e sistemas de inversión de xiro dos axitadores dos dixestores.
- Instalación de cámaras de televixiancia.
- Xestionar a cubrición da cascada dos desareadores.
- Xestionar a reducción da cascada dos decantadores primarios.
- Estudio de viabilidade dos proxectos presentados pola concesionaria.
- Seguimento das obras de telecontrol.
- Xestionar a eliminación de xeración de cheiros puntuais (sellado de arquetas inutilizadas).
- Mellora do sistema de medición de nivel do silo de lamas conducindo os gases hacia o edificio industrial.
- Reparación de fisuras no decantador da liña 2.
- Instalación de medidores de compostos vilátiles en 4 zonas de planta.
- Petición a concesionaria de presuposto de separación das augas pluviais da rede existente na EDAR.
- Petición a concesionaria de presuposto para independizar as liñas de purga de fangos, para mellorar o control dos mesmos.

Non se puido evaluar as imputacións dos custos de explotación anual, o non dispoñer dos datos necesarios solicitados reiteradamente a Xefatura de Servizos Económicos.

2.4. INFORMES DAS AUDITORÍAS. CONCLUSIÓNS.

No apartado 2.2. descríbense os diversos encargos solicitados a diferentes empresas de recoñecida experiencia nos temas tratados e a continuación amosan-se as conclusións dos seus informes. Adxúntase un exemplar de cada estudo feito.

2.4.1.- NOVOTEC:
Puede observarse la concordancia entre las unidades de obra de los proyectos y las ejecutadas, con las siguientes particularidades u observaciones tomadas durante las visitas.

Respecto a las obras de los Proyectos de la primera fase de la EDAR:

- En los fosos de bombeo de agua tratada a emisario se han detectado olores. Estos se deben a la acumulación de flotados que entran en anaerobiosis. Este fenómeno es normal en una EDAR de estas dimensiones, pero sería recomendable disponer de un sistema de retirada, tales como skimmers o equipos de aspiración. La valoración del impacto de estos olores detectados, al menos en las fechas de las visitas a la EDAR, es leve.

- Lo mismo se observa en el foso de bombeo de cabecera, lo cual es normal porque recibe aguas brutas cargadas de flotante. Pero tal como nos transmite el personal de operación de la EDAR, esta no dispone de una red de vaciado y gestión específica de flotados, sino que con todas las aguas de los vaciados de la planta, retornan a cabecera. Los reactores biológicos no disponen de sistema de eliminación de flotados, lo que provocará que estos pasen a los decantadores y de aquí, se envían de retorno a cabecera (o alternativamente se eliminarán por arrastre con las aguas tratadas). La única posibilidad actual para la gestión de estos flotados es su retorno a cabecera y eliminación por flotación en el desarenador-desengrasador. Este equipo técnico considera que esta solución puede provocar que los flotados que se separen a lo largo del proceso vuelvan a reingresar en este, generando un circuito cerrado que termina por forzar la eliminación de estos a través de los decantadores. Habrá que tener en cuenta las limitaciones de separación los canales de desengrase a lo pueden sumarse el emulsionamiento parcial de las grasas debido a los efectos mecánicos del bombeo de cabecera. Sería recomendable estudiar la idoneidad de estudiar en concreto el proceso de eliminación y gestión, si es esto supone realmente un problema de operación relevante en la EDAR.

- Como se ha comentado en el apartado anterior, será recomendable analizar en detalle el rendimiento de los desarenadores ante el riesgo de que pudieran quedar limitados frente a caudales por debajo de los de diseño.

- La cubierta de poliéster de los espesadores primarios se encuentra muy deteriorada, lo que provocará finalmente roturas y posibilidad de emisión de olores al entorno. Se recomienda abordar la sustitución de las actuales por otras nuevas.

- Inicialmente se habían previsto tres digestores de volumen unitario 6.400 m3, con un volumen total de 19.200 m3. Posteriormente se construyeron dos digestores de volumen unitario 9.500 m3. La división del volumen total en tres unidades, frente a dos, a priori permitiría mejorar el control sobre la digestión de fangos en el momento que alguno de los digestores falle por causas mecánicas o de proceso.

<u>Respecto a las obras de los Proyectos de la ampliación de la EDAR:</u>

- El pozo de gruesos situado en la caseta fuera de la EDAR no dispone de ningún elemento de desodorización más que un ventilador para renovación de la atmósfera de la sala. Se desconoce si la unidad de obra indicada en el Modificado nº1 se refiere a esta zona o a la sala donde se ubican las rejas de gruesos que sí que están conectadas a un sistema de extracción, pero aunque en la actualidad se lleva todo el aire a biofiltros, estos son posteriores a las obras analizadas. En resumen, el único elemento de desodorización como el indicado es el que se instaló para los contenedores de los residuos en el edificio de pretratamiento donde se ubican los

contenedores de recogida de arenas, grasas y del desbaste fino. No parece que la unidad de obra citada se refiera a este sistema de desodorización.

▪ No se localiza elemento compactador de los sólidos gruesos, sino un transportador para descarga a contenedor.

▪ En el capítulo de Desbaste se incluye un equipo de desodorización a base de aceites esenciales, no localizado en la planta.

▪ La posición de las sondas de medición de los canales Parshall de entrada a los biológicos debería ser revisada, ya que no es coincidente con la garganta del canal. Posibilidad de imprecisión en las lecturas de caudal.

▪ Como ya se ha indicado anteriormente, se observan condiciones reductoras en la balsa anóxica del nuevo reactor. Se recomienda analizar este hecho y tratar de ajustarlo realmente a condiciones anóxicas que permitan desnitrificación y selección de flora.

▪ La línea de purga de fangos desde el nuevo reactor, se conduce al reactor antiguo con lo que únicamente a través de este puede procederse al control de lodos. Esta solución desde el punto de vista de operación presenta las siguientes desventajas:

- Mezcla de fangos: en lugar de disponer de dos líneas independientes, la purga de lodos del nuevo reactor biológico termina mezclándose con la biomasa del reactor inicial. Cualquier disfunción en el fango como aparición de filamentosas, se trasladará al otro reactor a través de esta purga.
- En caso de reparación y vaciado del reactor antiguo, se limita la posibilidad de control de fangos en el segundo reactor.

▪ En el capítulo de Desodorización: no se localiza ninguna torre de desodorización química.

<u>Como se ha indicado, puede manifestarse que existe un alto grado de concordancia entre las obras proyectadas y recogidas en los proyectos y las obras ejecutadas.</u>

<u>Además de los puntos presentados anteriormente, se aportan las siguientes recomendaciones:</u>

▪ Sería recomendable que la EDAR disponga de un caudalímetro en el vertido final fuera de la planta.

▪ Como se ha indicado anteriormente, se recomienda una revisión a fondo del funcionamiento del desarenador-desengrasador.

▪ No es posible determinar el estado de los tanques enterrados, ni fosos de bombeo, tuberías de conducción, etc. Ya que no son visitables. Por lo tanto, y como medida de prevención ante una eventual pérdida de estanqueidad, se recomienda la instalación de una red de piezómetros de control que cubra las zonas de riesgo. Otra medida de seguridad sería proceder en el tiempo a la impermeabilización de los depósitos, por

aplicación de pinturas o resinas sobre la superficie de hormigón. Esto mejorará la durabilidad de la obra y minimizará el riesgo de filtraciones.

- Aún desconociendo el plan de mantenimiento y control de las instalaciones, será recomendable comprobar el estado de las medidas de protección de la red de biogás, tales como: estado y funcionamiento de los apagallamas, tomas de tierra del gasómetro, funcionamiento de las válvulas de seguridad,etc.

- Durante los días de inspección de las instalaciones, no se han detectado olores ni molestias especiales procedentes de la EDAR. Es conocido que estas instalaciones presentan un nivel de olor de fondo propio y característico, que de todas maneras difícilmente puede llegar a ser motivo de molestias graves (aunque el hecho de la proximidad de viviendas a la instalación y la sensibilidad que estas instalaciones provocan, a menudo tienden a que las afecciones sean peor toleradas de lo que cabría esperar). Las zonas susceptibles de producción de olores intensos son sin duda: las correspondientes a las líneas de manejo de lodos primarios y secundarios. En el caso de la EDAR de Vigo esto se localiza, fundamentalmente, en la zona de ubicación del edificio industrial. Sin embargo, se ha observado que la planta cuenta con sistemas de captación y renovación de atmósfera y su gestión a través de biofiltros, en las zonas de edificaciones y tanques de proceso que son los puntos donde pueden producirse condiciones anaerobias. Estos elementos deberían ser capaces del control de olores, en condiciones de operación normales. Si aún así se provocan situaciones de fuertes emisiones de olor, cabe pensar que deberán estar relacionadas con anomalías no detectadas en estas visitas y relacionadas probablemente con la pérdida de estanqueidad de las zonas de control o el fallo del sistema de desodorización actual. Medidas preventivas y adicionales tales como: la posibilidad de utilización de los reactores aerobios como filtros biológicos de control de olores en caso de que los biofiltros queden fuera de operación, control bacteriostático extremo de los lodos en la línea de deshidratación mediante adición y mezcla con cal, control de la eficiencia en la estabilización biológica de los digestores, operación de los reactores a las menores cargas másicas posibles ( el único parámetro de control por parte de la operación de la planta es la cantidad de biomasa activa, que a su vez está relacionada con la decantabilidad del fango separado en los decantadores secundarios ), eliminación de flotantes biológicos de balsas y depósitos, estanqueidad estricta de las zonas de almacenamiento de lodos, y como medida extrema la termoxidación de los componentes olorosos arrastrados en las atmósferas de las zonas anaerobias de la EDAR, entre otras, podrían colaborar al control del problema.

2.4.2.- GALAICONTROL S.L:

Practicados os sondeos e ensayos pertinentes presenta as seguintes conclusións:

- Los sondeos realizados en el entorno del Decantador Secundario nº2 indican dos tipos de terreno, por un lado una capa superficial de relleno arenoso y un espesor variable entre los 3,00 - 6,00 metros y otro nivel inferior formado por fangos arcillosos - arenosos correspondientes con depósitos de marisma y un espesor perforado de 4,50 metros.

▪ La zona de estudio se encuentra completamente saturada de agua, con cotas que oscilan entre los 2,00 -. 3,50 metros, desde la cota natural del terreno, por lo que el decantador se encuentra cargando directamente sobre el nivel freático, por lo que se puede ver influenciado por el régimen de aguas.

▪ Los ensayos edométricos muestran valores de asentamiento por consolidación del orden de 5-7 cm/año, con unos asientos totales entre 25-40 cm y tiempos de consolidación entre 10 – 22 años, siempre y cuando el terreno drene.

▪ Como se ha explicado a lo largo del informe el decantador cuenta con una gran cantidad de grietas verticales, que llegan hasta el límite de lo observable, por lo tanto es probable que estas continúen en toda la cuba. Estas grietas están posiblemente producidas por la retracción excesiva del hormigón y el asentamiento del decantador.

▪ Las aguas analizadas en el exterior tienen un exceso de sólidos, aceites y grasas, en concentraciones que se encuentran normalmente en decantadores de este tipo, lo que puede indicar posibles filtraciones del tanque hacia el subsuelo.

▪ En base a lo anteriormente expuesto se deduce que pueda existir filtraciones de aguas desde el decantador hacia el terreno.

Nuha segunda tanda de sondeos no Decantador Secundario nº-1 e nos tres decantadores primarios feita en xaneiro de 2006, se confirma o tipo de solo de asento dos primeiros, non obstante non confirma a existencia de filtracións dos decantadores.

<u>2.4.3.- INGENIERIA DE VERTIDOS S.L:</u>

<u>Las medidas correctoras propuestas contemplan dos vías de actuación complementarias:</u>

▪ Por una parte, se plantea la adopción de una serie de medidas tendentes a minimizar la generación de olores desagradables, o bien a confinar y tratar estos adecuadamente en caso de que ineludiblemente se generen

▪ Por otra, se plantea la creación de una zona de exclusión en el entorno de la depuradora, concebida:

- Como una zona de seguridad ante una emisión de olor, de modo que los fenómenos de dilución en dicha zona garanticen unos niveles de inmisión socialmente aceptables
- Para realojar, fuera del entorno de la EDAR del Lagares, a aquellos vecinos que históricamente se han visto afectados por los episodios de malos olores, y en los que el recuerdo de dichos episodios va a pesar más que cualquier medida de minimización de olores que pueda implementarse en la instalación.

Las medidas correctoras para el control de olores propuestas en este informe final se encuadran en alguna de las siguientes alternativas:

- Evitar la aparición de condiciones reductoras, en cuanto que éstas permiten la generación de sustancias con olor desagradable tales como el sulfhídrico amoníaco y otros compuestos que se generan en circunstancias ambientales similares

- Minimización de la liberación de olores a la fase gas, que se da especialmente en condiciones turbulentas

- Confinamiento de olores

- Tratamiento o modificación del olor en las fases líquida o gaseosa no contemplándose otras basadas en el aumento de la dispersión y dilución de los gases liberados.

Existen una serie de fases para evaluar y aplicar las distintas alternativas de control de olores en una EDAR en las que sucesivamente se aumenta la complejidad de la solución:

- Ajuste de las operaciones de proceso
- Instalación de modificaciones físicas del proceso
- Reducción de la turbulencia en efluentes
- Adición de productos químicos
- Cubierta de la fuente y contención de olores
- Cubierta, captación y tratamiento de las emisiones

A continuación, y de acuerdo con esa progresividad en la adopción de medidas, se presenta una propuesta de medidas correctoras para aquellos puntos en los que no se ha actúado, o dicha actuación es mejorable, durante el periodo temporal de realización de las auditorías.

De manera general, decir que cualquier actuación que pueda corregir la actual sobrecarga (fundamentalmente en cuanto a caudal) a la que está sujeta la EDAR del Lagares puede contribuir a reducir la emisión de olores de la instalación.

De manera concreta, a continuación se plantean una serie de medidas correctoras para minimizar la generación de olores desagradables durante la normal operación de la instalación, y que se definen para los distintos puntos donde la medición “in situ” de gases ha dado valores positivos para los parámetros analizados.

1. Asegurar que las condiciones de operación de los biofiltros de tratamiento de gases permiten un rendimiento óptimo de los mismos.El manual de operación y mantenimiento de dichos biofiltros debería establecer exactamente las condiciones de trabajo adecuadas, no sólo en cuanto a humedad sino también a pH, tiempos de residencia, vida útil del medio, etc.

En cuanto que dicho documento, de acuerdo con la copia facilitada por el Concello de Vigo a Ingeniería de Vertidos, S.L., es de carácter general, y dado que no existe un higrómetro que indique el grado de humedad existente en el biofiltro, podría establecerse la siguiente pauta:

- Durante la época estival, en la que por las condiciones de temperatura del agua residual y fango cabe esperar una mayor generación de compuestos odoríferos, se puede pautar un riego abundante (por ejemplo, 15 minutos cada hora) al entender que no provocará undescenso de la temperatura de la biomasa del biofiltro más allá de las condiciones deseables de operación
- En la época invernal, podría reducirse la frecuencia de riego para evitar una caída de la temperatura del biofiltro que pudiese afectar a su rendimiento

En todo caso, el grado de humectación en el seno del biofiltro ha de ser uniforme para evitar la formación de vías preferenciales, y en su programa de mantenimiento ha de incluirse un escarificado periódico de su superficie para evitar el obstáculo que supone para la distribución uniforme del riego el desarrollo de vegetación.

En el momento actual, no se dispone de datos de caudales de aire circulantes a través de cada biofiltro, por lo que no es posible pronunciarse al respecto de la adecuación o no entre los datos de diseño (tanto del sistema de evacuación de aire como del propio biofiltro) y los de funcionamiento real del sistema. En todo caso, y en cuanto que la granulometría de la corteza de pino empleada en los biofiltros (a excepción de la que forma la capa superior del biofiltro de espesadores, donde se repuso parcialmente) aparte de muy irregular tiene una importante fraccion de tamaño inferior a 12 mm, cuando se haya de reponer cabe recomendar que el material elegido sea de tamaño regular y no inferior a dicho punto de corte, y carente de taninos para evitar fenómenos de inhibición sobre la biomasa durante el arranque del biofiltro.

Por último, periódicamente el explotador habría de comprobar los rendimientos de depuración en cada biofiltro de forma análoga a como se ha realizado para este estudio, estableciendo un registro de control en base al que definir por ejemplo la vida útil del sustrato. La periodicidad propuesta al respecto es quincenal.

2. Instalar caudalímetros en las conducciones que transportan los gases desde las diversas zonas desodorizadas a cada biofiltro, para así poder monitorizar el funcionamiento del sistema.

3. Conducir los gases evacuados del pozo de gruesos del colector de margen del Lagares a un sistema de tratamiento, que en este caso podría ser una torre de carbón activo.

4. Instalar una toma exterior para la descarga de los camiones de limpieza del saneamiento en cabecera de planta, que evite que estén abiertos tanto el portalón de acceso a la sala de desbaste de gruesos como una de las tapas del pozo de agua bruta durante la operación de descarga, posibilitando la salida al exterior de aire contaminado sin tratamiento alguno.

5. Pautar la descarga de fosas sépticas, en cuanto que suponen una aporte de agua anaerobia con una concentración relativamente alta de bacterias reductoras de sulfatos.Dado el ratio carga afluente: carga contaminante de

líquido séptico, no se considera necesario plantear la ejecución de una cámara de recepción para dicho residuo.

6. Cubrir y desodorizar el canal desarenador – desengrasador aerado, incluyendo el canal de by-pass y aquel que recoge el agua by-pasada a salida de decantación primaria y el agua tratada en Fase II en su camino hacia el pozo de emisario submarino. Al respecto de la desodorización, previamente habría de evaluarse si la instalación de desodorización del edificio de pretratamiento tiene capacidad para absorber este volumen de aire adicional.

7. En la sala de emisario, que no está desodorizada y que al introducir desde el exterior el aire que posteriormente se acondicionará puede causar la salida de gases al exterior, implementar un programa de retirada de flotantes al objeto de evitar que estos se consoliden y al secarse creen una capa superficial generadora de olores desagradables, como indican las mediciones practicadas en este punto.En función de la extensión y consistencia de dicha capa superficial, han llegado a registrarse valores máximos de 2% LEL $CH_4$, 3 ppm $SH_2$ y 0,4 ppm $NH_3$.

Esta medida resultará de especial importancia en aquella épocas en las que, por las intrusiones de agua salada a la red de colectores, se genere una mayor cantidad de espumas en los reactores biológicos, y también en aquellas otras en las que la necesidad de by-passes tras pretratamiento o decantación primaria contribuyan a un mayor desarrollo de flotantes en el pozo de emisario.

Además, habrían de repararse las fugas de agua que se producen en algunas de las conducciones de descarga de las bombas de emisario, que aportan agua a una zona sin renovación y de difícil limpieza en la que se van a desarrollar condiciones sépticas.

8. Cubrir y desodorizar la arqueta de reparto de agua pretratada a decantadores primarios.

9. En cuanto a los decantadores primarios, se plantea una actuación gradual basada en las siguientes medidas:

- Disminuir la turbulencia (y con ello la liberación de compuestos olorosos disueltos) limitando la salida del canal perimetral con una válvula de control que eleve el nivel y disminuya la caída desde los vertederos de orificio sumergido. Tal actuación habría de partir de un análisis inicial de la línea piezométrica, al objeto de evaluar su aplicabilidad
- Cubrir y desodorizar el canal perimetral de los decantadores primarios, en cuanto que la generación de aerosoles en la caída de agua desde los vertederos es una fuente de olores desagradables más que la propia superficie expuesta de los mismos.
- Análogamente a lo indicado en el punto 6, cabría hacer lo mismo para esta actuación
- Establecer una pantalla vegetal de porte arbóreo en el límite perimetral de la EDAR con la Avda. Ricardo Mella que se prolongue hasta la Rúa Muiños, y otra que discurra paralela al vial de acceso desde el edificio de control a pretratamiento para interceptar aquellos vientos que puedan arrastrar olores fundamentalmente desde

los decantadores primarios hacia las viviendas cercanas a pretratamiento y a dichos decantadores.

En cuanto que la liberación de olores en superficies abiertas es bastante reducida en comparación con las cantidades liberadas en puntos de turbulencia del líquido y por arrastre de gases, para el caso de los decantadores primarios se plantea en una primera etapa la cubrición parcial (únicamente canales perimetrales) y la instalación de una pantalla vegetal cuya efectividad habrá que evaluar antes de proponer posteriores medidas de confinamiento y desodorización.

El objeto de dicha medida es crear un efecto de apantallamiento que al disminuir la velocidad del viento con ello disminuya también el coeficiente de transferencia de las sustancias odoríferas desde el líquido al gas.

10. Prolongar la actual cubrición del canal de by-pass de agua decantada, de modo que ésta alcance a los canales Parshall y a la entrada de la recirculación de fango de Fase I.Igualmente, habría de evaluarse si las torres de desodorización mediante carbón activo tienen capacidad suficiente como para absorber el volumen de aire adicional a confinar.

11. En el canal de by-pass, ha de mejorarse el confinamiento de olores ya que para que las torres de carbón activo existentes puedan funcionar correctamente sin ventilador, el depósito del que aspiran ha de ser totalmente estanco.

12. Asegurar que el programa de funcionamiento de los rotores de los reactores biológicos, además de garantizar el mantenimiento del nivel de O2 deseable, evite el confinamiento prolongado de espumas entre los diversos puentes en los que se asientan aquellos, y así la posible generación de olores desagradables. Como medida adicional, podría instalarse un sistema de riego por aspersión en los puentes para evitar el confinamiento de la capa superficial de espumas.

13. Cubrir y desodorizar la cámara de entrada del fango recirculado de Fase II, mediante una torre de carbón activo.

14. En los clarificadores de Fase I, modificar el actual sistema de recogida de flotantes que resulta de escasa efectividad y requiere de una elevada dedicación de personal.La eficacia de dicho sistema se ve negativamente influenciada por el asentamiento progresivo de dichos decantadores en un terreno que originalmente era una marisma.

15. Sustitución de las cubiertas de los espesadores por otras de mayor capacidad portante y que garanticen su estanqueidad. Aunque el sellado realizado con espuma de poliuretano ha minimizado la detección de olores en su entorno, éste no es perfecto. Durante la realización de la operación de sellado, se recomienda aportar agua a los espesadores al objeto de crear una lámina que actúe como barrera a la difusión de olores generados en la capa inferior de fango, y que al estar en renovación continua permita retirar los compuestos odoríferos a la conducción general de retornos (que en realidad es el colector de Coruxo).

16. Colocar un tapón en los orificios, de pequeño diámetro, que hay en ambas conducciones de evacuación del sobrenadante de los espesadores de gravedad.

17. Revisar el tamiz de fango primario original, ya que tiene una pequeña fuga que al repetirse de manera habitual causa el encharcamiento parcial de la superficie donde se asienta.

18. Habilitar un sistema de recogida de los lixiviados del contenedor de RSU de los tamices de fango primario, que evite la salida al exterior de un líquido susceptible de generar malos olores.

19. Reformar las puertas de acceso al contenedor de recogida del tamizado de fango primario, que en la actualidad permiten la salida de olores desagradables al exterior por las holguras existentes entre puertas, marco y también el suelo.

20. Dos medidas operacionales de importancia, al objeto de evitar retornos a cabecera de planta, consisten en:

- Ajustar el tiempo de retención del fango en los espesadores de gravedad (ya que cuanto más tiempo permanezcan más posibilidades hay de que se generen condiciones anaerobias en el manto de fangos) buscando un equilibrio entre el binomio tiempo de retención / concentración deseada), y en todo caso evitando la posibilidad de que parte del fango retorne a cabecera de planta una vez alcanzada la cota de las conducciones de extracción de sobrenadantes
- Aportar agua de dilución (15 a 30 m3/m2 y d) para mantener un potencial redox positivo y evitar la generación de olores.

De esta forma, se evitará la generación de olores desagradables tanto en la arqueta de recogida de sobrenadantes como en la conducción de retorno a cabecera de planta.

21. Hermetizar en la medida de lo posible, mediante juntas de goma o similar, los huecos existentes en los cajones de recogida del escurrido de tambores de espesado de fango biológico y centrífugas. Ambos escurridos, de elevada carga contaminante, constituyen los principales focos de generación de olores desagradables en esa sala del edificio industrial.

22. Desodorizar las arquetas de recogida de los escurridos de tambores de fango biológico y centrífugas respectivamente, conduciendo el aire al biofiltro del edificio industrial.

23. En la línea de gas, y en base al registro periódico de las lecturas de los manómetros, establecer un nivel de alarma ante posibles sobre-presiones. En un digestor, las variaciones en las condiciones de operación interfieren en el balance de presiones de éste, pudiendo producir salidas de gases por la válvula de la cubierta o por el cierre hidráulico del SCABA como de hecho ha sucedido históricamente. Esta medida habría de ir acompañada de inspecciones de rutina de dichos manómetros así como de los purgadores de humedad y las trampas de espuma de las tuberías de la línea de gas, ya que si estos no se vacían se puede producir una sobre-presión que afecte al digestor.

24. Desodorizar las arquetas a las que devuelven fango los digestores anaerobios, y a las que también llega el drenaje de la cúpula de dichos digestores. En la actualidad, dichas arquetas han sido confinadas mediante tapas metálicas instaladas por el explotador. Dada la distancia desde este punto al biofiltro próximo, cabría plantearse una desodorización mediante torres de carbón activado, o en caso de que fuese posible conducir los gases evacuados al biofiltro del edificio industrial, habría de evaluarse la capacidad de dicho biofiltro para absorber los caudales de aire adicionales.

25. Cubrir la parte superior de la cúpula de ambos digestores anaerobios, aquella en la que se ubican el moto-reductor de accionamiento del SCABA, mirilla y el inicio de la línea de gas, creando un espacio de confinamiento para los gases que acompañarán al fango en digestión en caso de que se repitan episodios de salida al exterior durante el arranque de este proceso.

Esta actuación, que supone una medida de seguridad adicional al necesario protocolo de arranque del digestor, resulta necesaria dado que la salida de fango al exterior durante el arranque de la digestión ha generado los episodios de mayor afección en cuanto a olores dado su alto contenido en ácidos grasos volátiles.

26. Operar rutinariamente con el nuevo silo de fango digerido, que habría de dotarse de un sistema de deshidratación adecuado a la naturaleza del residuo a extraer durante las necesarias limpiezas periódicas. El nuevo silo ha sido diseñado para que las posibles arenas que se acumulen en su interior puedan ser movilizadas (mediante inyección de aire) y posteriormente extraídas. No obstante, al carecer de un sistema adecuado para la deshidratación del residuo, como por ejemplo un filtro banda, esto obiligaría a la extracción de un residuo líquido con el consiguiente sobrecoste de gestión, o a dilatar en el tiempo la operación de limpieza para no alterar el funcionamiento de las centrífugas existentes con la incorporación de dicho residuo.

27. Sustituir la actual sonda de nivel en el silo de fango, ultrasónica, por otras sondas que no se vean afectadas por los problemas de condensación que afectan a aquella. Instalando sondas de contacto a distintas alturas del silo para así registrar distintos niveles, se evitará tanto la salida de gases al exterior a través del ventilador existente (que deberá retirarse sellando su hueco) como la necesidad de chequear periódicamente la altura real con un plomo (para lo que un operario ha de abrir una trampilla dejando salir gases al exterior). Como opción, cabe plantearse conducir el aire evacuado por el ventilador hacia la bajante del sistema de desodorización existente.

28. Revisar los filtros de gases previos a las calderas, que posiblemente hayan perdido efectividad en la eliminación de $SH_2$ en cuanto que en la salida de la chimenea se detectan valores en el entorno de 4 ppm cuando éstas funcionan. Esta incidencia, además de suponer una fuente de emisión de olores a la atmósfera, puede afectar a la vida útil de estos equipos en cuanto que potencia los fenómenos de corrosión.

29. Mientras continúen las auditorías diarias de la EDAR del Lagares por parte de los técnicos del Departamento de Medio Ambiente del Concello de

Vigo, se recomienda que la información generada en dichas auditorías sea transmitida en ese momento al Jefe de Planta para que éste pueda adoptar las medidas correctoras oportunas. A continuación se plantean una serie de medidas correctoras para minimizar la generación de olores desagradables durante operaciones de explotación y mantenimiento extraordinarias, y que de acuerdo con el histórico de condiciones de funcionamiento de la EDAR del Lagares han cursado con importantes (tanto en magnitud como en duración temporal) olores desagradables. En tal sentido, resulta necesario:

30. Pautar aquellas operaciones de mantenimiento de envergadura (como vaciados de espesadores de fango primario, silos de fango, digestores anaerobios, etc. y en general aquellas de entidad en la línea de fango) de modo que se realicen priorizando la minimización de olores desagradables. Esto implica, entre otras, las siguientes medidas:

- Confinamiento (y, si existiera, desodorización) del depósito afectado, al objeto que los posibles olores desagradables no sean emitidos libremente a la atmósfera
- Rapidez en la actuación, para lo que antes de su inicio habrá de establecerse un programa de operaciones donde se indiquen claramente la duración temporal de los trabajos, la justificación de estos, los medios materiales y humanos previstos y las medidas correctoras a adoptar para evitar la generación de olores desagradables.
- Incluir estas operaciones en el programa de mantenimiento anual evitando que se realicen durante la época estival, en la que las condiciones ambientales favorecen la generación de olores desagradables

31. En caso de que, por cualquier incidencia en la línea de fangos, se generen retornos de alta carga contaminante a cabecera de planta, evitar la generación de olores asociada a dichos retornos mediante la dosificación de un oxidante fuerte a estos caudales.

En tal sentido, se recomienda disponer en planta de un sistema de dosificación bien de cloro (dimensionado para dosificar 15 partes de cloro por parte de sulfuro) o bien de permanganato potásico (dimensionado para 7 partes de $KMnO4$ por parte de $SH2$) que pueda ponerse en servizo en caso necesario.

32. En cuanto al arranque de los digestores, pautar dicho arranque minimizando el riesgo de alcanzar estados de digestión incontrolada que en el pasado cursaron con la salida al exterior del fango en digestión, con alto contenido en ácidos grasos volátiles generadores de importantes olores desagradables.

Ingeniería de Vertidos, S.L. presentará un protocolo que pueda servir de guía para el arranque del digestor anaerobio nº 2.

Dada la actual situación, con una depuradora objeto de repetidas y numerosas quejas por olores y ubicada en un núcleo poblacional con viviendas unifamiliares y diversas industrias en su mayoría de servizos, adicionalmente a las medidas correctoras planteadas anteriormente y que se centran en la modificación de pautas operacionales y en la ampliación y mejora de las medidas de confinamiento y desodorización adoptadas, se

recomienda habilitar un espacio de disipación de olores que proteja la zona colindante.

En esta zona de exclusión no habría de permitirse la existencia de viviendas de carácter residencial, sin que afectase a las industrias englobadas en su perímetro al entender que las emisiones de olores desde la depuradora no interfieren con las condiciones de seguridad y salud laboral a mantener en dichas instalaciones.

La zona de exclusión propuesta en el perímetro de la EDAR del Lagares, a crear mediante la expropiación de terrenos y viviendas, se define en el Plano adjunto, justificándose la extensión adoptada a continuación.

De acuerdo con WEF y ASCE9, en ausencia de regulaciones locales, la distancia mínima recomendable desde una EDAR a la vivienda más próxima en un área residencial oscilaría entre 46 y 76 m. Metcalf & Eddy, en Ingeniería de Aguas Residuales (3ª ed., 1995), consideran las siguientes distancias de amortiguamiento mínimas recomendadas para la disipación de los olores generados en las unidades de tratamiento:

| Operación unitaria o Proceso | Distancia de amortiguamiento (m) |
|---|---|
| Tanque de sedimentación | 125 |
| Tanque de aeración | 150 |
| Espesador de fango | 300 |
| Depósitos de almacenamiento de fango | 300 |
| Digestor de fango (anaerobio) | 150 |

En el caso de la EDAR del Lagares, y pese a que cuenta tanto con algunas unidades de tratamiento cubiertas como con sistemas de captación y tratamiento de olores, en base a la presión social existente se entiende necesaria la habilitación de un espacio de disipación de olores para la protección de las zonas urbanizadas próximas. A la hora de definir el área de la zona tampón, se han considerado las siguientes distancias de seguridad desde los distintos elementos de la depuradora a las viviendas:

- 125 m al desarenador – desengrasador, al entender que la generación de olores en esta operación unitaria es, como poco, de magnitud similar a la que cabe esperar en decantación primaria
- 125 m a los decantadores primarios, no considerándose los de cantadores secundarios en cuanto que estos no han generado olores desagradables durante el control efectúado, y es poco probable que en circunstancias normales de funcionamiento los puedan causar
- 150 m a cada una de las balsas de aeración, en cuanto que generan compuestos orgánicos volátiles que puntualmente han superado el límite de detección inferior del medidor de gases utilizado
- 300 m a los espesadores de fango primario, que aunque se entiende conservadora al estar cubiertos y desodorizados se justifica por la necesidad de realizar labores de mantenimiento que implican la retirada (parcial o total) de las cubiertas existentes y por ser ésta la principal fuente de generación de olores de la EDAR del Lagares en condiciones normales de funcionamiento

- finalmente, una distancia de 150 m a cada uno de los digestores anaerobios de fango

No se ha considerado necesario establecer una distancia de seguridad a los silos de fango (mixto y digerido), al estar estos semienterrados y alojados en el interior del edificio industrial, que dispone de sistema de extracción de gases y desodorización posterior.

La zona de exclusión así definida, sobre cartografía de mayo de 2000, tiene un perímetro de 4.030 m y una superficie de 38,9 ha, de las que 5,6 se corresponden con terrenos de la EDAR

En la zona de exclusión se ubican 14 de los 17 vecinos que han realizado llamadas por olores al técnico de guardia de Ingeniería de Vertidos, S.L. durante los 3 meses de realización de los trabajos. Los 3 vecinos restantes se sitúan en el perímetro de dicha zona, hasta el punto que 2 de ellos tienen parte de su parcela dentro del área de exclusión. Por último, cabe recomendar la comprobación mediante un mapa de olores a realizar que la zona de exclusión así definida garantiza la ausencia de afección por olores al entorno.

<u>2.4.4.- ACT SISTEMAS SL:</u>

<u>Propón as seguintes medidas correctoras:</u>

- <u>Línea de Desbaste.</u>

Funcionamiento por nivel del canal (medidor ultrasónico).

Con el fin de optimizar el funcionamiento del sistema de desodorización se propone dosificación de cal viva en los contenedores de almacenamiento y cubrir los contenedores de clasificación de arenas.

Se propone también la creación de un foso previo a las rejas con el fin de recogida de solidos por decantación, con el fin de disminuir el desgaste de las mismas. Dicho foso deberá ser mantenido regularmente.

Se propone re-estudiar de forma global la instrumentación de la EDAR, tanto en parámetros a medir como en modelos. Por ejemplo no se considera necesaria la medida de la Temperatura a la entrada de la planta.

Beneficios obtenidos:

- Optimización del sistema de desodorización
- Mejora de la vida útil de las máquinas
- Mejora del filtrado por colmatación
- Optimización del consumo energético

- <u>Entrada a la EDAR</u>

Sería conveniente estudiar la capacidad de respuesta, de almacenamiento y bombeo de los tres colectores, 2 de bombeos y 1 de tanques de tormenta, que llevan el agua bruta hasta la EDAR, así para evaluar las posibilidades de regulación del caudal de entrada para intentar conseguir unas condiciones lo más regulares, estables, laminadas y homogéneas posible.

Potenciación de los conductos de aspiración en el interior del edificio.

Colocación de una válvula de retención (*) o cambio de punto de aspiración (Ver croquis Nº1).

Verificar que P1>P2 (riesgo de cortocircuito de olores).(Ver croquis Nº1). Verificación posición válvulas 1 y 2.




Se propone funcionamiento por nivel, al igual que en el desbaste de gruesos, de los cuatro tamices de finos.

De forma general se propone adoptar todas las medidas propuestas para las rejas de gruesos.

- <u>Desarenado y desengrasado</u>

Se propone colocar una tajadera que permita realizar un estudio sobre la evolución de la decantación de arena en función del caudal de entrada. Este estudio permitirá evaluar la necesidad de construcción de un nuevo canal de desarenado adicional a los dos existentes.

Se propone analizar y estudiar de forma regular el caudal de entrada en función del funcionamiento y estado de los colectores de entrada y tanques de tormenta

Ajustar la horizontalidad de las palas de empuje de flotantes.

Se propone realizar un estudio de funcionalidad del aliviadero del que se establezcan los criterios para establecer el nivel del labio de vertido del desarenador para facilitar el alivio continuo de flotantes y evitar grandes cascadas de agua que provocan emisión de olores y el batido de las grasas. Si este ajuste en continuo no fuese factible habría que continuar haciéndolo cada carrera pero de forma suave, evitando el batido de las grasas.

Se propone cubrir zona de cascada (placas de PVC cerrado)

Cubrir los contenedores de arena para reducir olores.

- Bombeo a Emisario

Se propone el funcionamiento para las bombas de mayor potencia con un solo variador (regulación = funcionamiento en directo + variador) manera que hubiese siempre un variador de reserva.

Habría que tapar todas las arquetas para reducir la emisión de olores.

El sistema de climatización podría reducirse drásticamente de manera que sólo actuase sobre los cuadros eléctricos. De esta manera se conseguiría:

- Reducir el consumo energético a la vez que refrigerar mejor estos cuadros, los cuales al mantenerse presurizados estarían mejor protegidos contra la corrosión.
- Reducir la emisión de olores al exterior originada por la presurización de la sala.
- Poder utilizar los actuales conductos de impulsión de aire acondicionado como conductos de aspiración del sistema de desodorización.
- Verificar que los actuales biofiltros admitirían el nuevo caudal de aire de esta sala. En caso contrario plantear ampliación de los existentes o construcción de uno nuevo.

- Decantación Primaria

Para la mejora de la extracción de fangos se propone instalar medidores de nivel de manto de lodos. La colocación de dicho sensor deberá ser analizada y ajustada en profundidad y orientación, hasta conseguir el grado óptimo de concentración sin perjudicar el grado de clarificación del decantador. A su vez se propone la automatización de las bombas de extracción de fangos controlada en función de dichas medidas de nivel de fangos. De esta forma se consigue incrementar la concentración de los lodos antes de extracción y por tanto reducir el caudal purgado a la vez que laminarlo.

Sustituir y asegurar el cierre de la junta de los carros para el arrastre y recogida de flotantes.

Se propone construir una arqueta o tubo rebosadero en la salida de cada decantador para elevar la cota de la lámina de agua en el canal perimetral de agua decantada para reducir así la cascada de vertido en cada una de las bocas y por tanto la emisión de olores. Habría que instalar también en cada decantador una compuerta de aislamiento en su salida, antes de la citada arqueta para poder realizar tareas de mantenimiento o bien diseñar el rebosadero de forma que permita el mantenimiento regular, ya que cualquiera de las soluciones que se adopte provocará mayores decantaciones en los canales.




▪ <u>Tratamiento Biológico</u>

Se propone despejar la entrada de aire a las cámaras para facilitar la oxigenación y la verificación del correcto funcionamiento del los medidores de O2. (Ver croquis N°3).

Se aconsejaría la reducción la reducción de la edad del fango para tratar de reducir el nivel de bacterias filamenteadas, causantes de espumas.




▪ <u>Decantación Secundaria</u>

Actualmente se recircula fango en exceso de la linea 2 a biológico de la línea 1 por falta de conducciones, perjudicando el envejecimiento de los fangos de dicha línea. Se propone instalar una nueva tubería para poder recircular directamente desde la línea 2 hasta espesadores; con ello se podría reducir el envejecimiento de fangos.

Para la línea 2 (rectangulares) se propone instalar un medidor de nivel de fango en cada decantador y automatizar y optimizar la extracción de lodos o construir una nueva arqueta de decantación de fangos previa al envío al correspondiente reactor. (verificar si dicha extracción se lleva a cabo por sifonaje o mediante bombeo).

Prolongar el recorrido del carro y dotarlo de reductor y variador de frecuencia que permita una mayor velocidad en el recorrido de vuelta y por tanto un mayor rendimiento, el ajuste según temporada del año. Con ello se

dispone de una herramienta útil en caso deque se inicie una desnitrificación.

En caso de que pueda haber problemas de mantenimiento y limpieza se propone cubrir los canales de llegada o entubarlos.

- Espesadores

Verificar que exista una correcta y suficiente apertura para la entrada de aire fresco, de manera que la extracción de gases del sistema de desodorización no pueda producir efecto de vacío en el interior de los espesadores.

La arqueta de registro de la salida de los espesadores no están bien selladas y al estar conectada con los sumideros de la red de pluviales de la planta pueden originar problemas de olores. Habría que sellar todas las tapas de registro y dotar de sifonaje todas las rejillas del alcantarillado.

Los orificios mostrados en la imagen adjunta se encuentran obstruidos. Dicha obstrucción puede ser la causante del vacio en el espesador y rotura de la cubierta.

Se propone verificar la capacidad de aspiración del sistema de desodorización.

- Biofiltro 1

Verificar el caudal máximo admisible y la presión de entrada. La distancia existente desde la soplante del edificio de pretratamiento y la entrada del biofiltro es considerable, por lo que habría que verificar cuál es el caudal que realmente llega al biofiltro.

2.4.5.- ROS ROCA. I+D TRATAMIENTOS BIOLÓGICOS.

- Desconocen el mapa de puntos de generación de olores en la EDAR sobre el cual se decidió la ubicación de los diferentes elementos de depuración, por lo que no pueden opinar sobre el acierto o error en ello.

- El material de relleno biofiltrante de todos los biofiltros no es el más adecuado para ese fin.

- La obra civil visible de los biofiltros es correcta, pero está sobredimensionada. Desconocen los detalles no visibles, pero caso de confirmase las informaciones de los responsables de planta, resultarían inadecuados y provocarían distribuciones irregulares de paso del aire por el material biofiltrante (vías preferentes).

- El diseño de captación localizada visto resulta correcto, siempre y cuando se hayan seleccionado correctamente los puntos de generación de olor. La ejecución de la calderería observada es correcta.

- El dimensionamiento de al menos uno de los ventiladores es incorrecto. Deberían revisarse todos los demás según los criterios de cálculo propuestos.

▪ Se carece absolutamente de cualquier elemento de medida y/o control de parámetros de funcionamiento de los biofiltros.

▪ No se han establecido medidas de gases de olor alguna a entrada y a salida de los diversos biofiltros, de este modo resulta imposible testar la eficiencia de los mismos. Se tiene la problemática d que es muy difícil o imposible realizar medidas de gases a salida de biofiltros horizontales de gran superficie.

2.4.6.- CONSULTORÍA SOLICITADA POLA COMISIÓN DE AFECTADOS.

Presenta las siguientes conclusiones y recomendaciones:

Como ya ha venido comentándose a lo largo de todo el informe, la proximidad del vecindario supone una característica especial de esta planta, lo que obliga a extremar las medidas necesarias para evitar la generación de olores e incrementar de forma notable el control de la misma a todos los niveles respecto a lo que sería habitual en la mayoría de las estaciones depuradoras.

También es cierto que diversos problemas, en especial los de agitación de los digestores, han agravado esta situación en diversas ocasiones, produciéndose algunos episodios de emisión de olores que probablemente no hubieran ocurrido en circunstancias normales.

Sin embargo, a nivel general, es notoria la falta de control interno en la cadena de sulfuros, tanto en la línea de aguas y en la de fangos, como en la de desodorización y línea de biogás. Es fundamental, por tanto, que la Administración tome las medidas oportunas, la mayor parte de ellas ya señaladas en el presente informe, para dotar a la planta de la instrumentación necesaria para dicho control, así como exigir a la empresa explotadora que realice unos controles internos mucho más extensos y continuados.

En este sentido, creemos que es mucho mejor el control contínuo de todoslos procesos que puedan producir malos olores, lo que permite actuar con rapidez antes de que la situación empeore, que realizar importantes estudios puntuales a posteriori, cuando probablemente no se den las mismas circunstancias que produjeron la emisión de olores que se pretendía evaluar. De esta forma además se obtienen muchos datos de forma continuada que permitirán un análisis más certero de la situación en cualquier momento.

Por último, hay que evitar a toda costa ciertas malas prácticas que son normales en las plantas depuradoras, como es la de tener las puertas abiertas. Indudablemente, dada la proximidad de las casas, se hace indispansable en este caso. Por supuesto, se tiene que evitar la emisión de olores dentro de los edificios y desodorizarlos convenientemente aumentando si es necesario las renovaciones de aire por hora, para que el personal de la explotación pueda trabajar cómodamente dentro de ellos.

Como resumen del presente informe, a continuación se detallan las líneas generales a seguir y los parámetros principales de control para una mayor efectividad de la estación depuradora del Lagares.

En el aálisis pormenorizado de la línea de aguas, se pueden concluir que existen datos que tienen que ser corroborados:

- Dotación (l/hab/d) demasiado elevada en período seco. Debe comprobarse mediante los consumos de agua potable en la ciudad de Vigo y revisar la validez del caudalímetro de entrada a la planta.
- Caudal de entrada a biológicos. Es necesario revisar la fórmula de cálculo del vertedero tipo Venturi o instalar uno nuevo tipo Parsall, si es posible por la pérdida de carga necesaria, o un caudalímetroelectromagnético en tubería en carga.
- Relación DQO/DBO demasiado baja. Se recomienda revisar procedimientos analíticos de ambos parámetros y realizar análisis de intercalibración.
- Tratamiento biológico. Existen diversos factores que hacen pensar que el caudal que supuestamente se trata en el tratamiento biológico es mayor que el real:
- Bajo consumo de energía eléctrica (0.20 Kw/m3). Muy por debajo de los 0.30 – 0.45 Kw/m3 habituales.
- Muy baja producción de fango biológico. Del orden de la mitad de la diseño, que es de 0.8 KgMS/KgDBO5.
- Muy elevada edad de fango. Normalmente alrededor de 20 días, cuando el diseño es de 5.5 días.

Los habituales problemas de proceso del tratamiento biológico debido a la proliferación de *Microthrix* deben minimizarse mediante las siguientes actuaciones:

- Aumentar la purga y disminuir la concentración de MLSS en el reactor, disminuyendo así la edad de fango hasta los 7 días aproximadamente.
- Eliminar las espumas sobrenadantes por medios físicos, como camiones-cuba.
- Realizar cloración mediante la adición de hipoclorito sódico en la recirculación de fangos biológicos.
- Independizar las purgas de ambas líneas (error de proyecto). En la actualidad, la puerga de Línea –2 se envía a Línea –1, con lo que aumenta más, si cabe, la edad del fango activo.

En el análisis más exhaustivo de la línea de fangos, se concluye que el fango real generado y que es tratado en digestión, corresponde a 2/3 del que se calcula teóricamente mediante los caudales y concentraciones de decantadores y espesadores primarios y secundarios, lo cual implica que puedan existir errores en el caudal de entrada a primario y biológico, así como en las bombas de purga y concentraciones de fango.

En este sentido, insistir en la bajísima producción de fangos biológicos, que incrementa la edad del fango y favorece el crecimiento de filamentosa *Microthrix*. Además, una mejor decantación del fango permitiría incrementar el caudal afluente en la planta en período seco.

Los digestores funcionan correctamente, alcanzando las reducciones en porcentaje de volátiles previstas. Sin embargo, la empresa explotadora ha trabajado, para su mayor comodidad, con un 30% menos del caudal admisible según el tiempo de residencia de los fangos en el digestor, y un 50% menos

según la carga de volátiles de entrada. Por lo tanto, es posible incrementar los cudales de tratamiento primario y biológico.

Sin embargo, ha quedado demostrado que el sistema de agitación actual (SCABA) no funciona de forma correcta, tanto por el elevado número de averías habidas, como por la importante presencia de metano en los fangos digeridos. Por ello debe encontrarse una solución definitiva, y si finalmente es necesario, cambiar el sistema de agitación. Por otra parte, sería conveniente la instalación de un caudalímetro de gas para el control de la línea de gas.

Desde el punto de vista de mantenimiento de las instalaciones, se ha comprobado que existe poco mantenimiento preventivo, y se utiliza un exceso de tiempo para la solución de algunas averías. Por otra parte, no se tiene un plan de actuación que aproveche las paradas de una línea, para realizar diversas operaciones de mantenimiento preventivo a la vez, minimizando así, el número de paradas en diversos tratamientos. En resumen, se aplica únicamente un mantenimiento correctivo según las necesidades del momento.

Los problemas de malos olores deben ser minimizados al máximo posible, por lo que es necesario mejorar la explotación, incrementar notablemente el control de las instalaciones, y cubrir todas aquellas zonas que puedan generar malos olores. Durante el análisis de los distintos procesos que se han realizado en este informe, han venido comentándose todas estas posibilidades. Únicamente con un gran esfuerzo de todas las partes implicadas permitirá conseguir el objetivo final.

En referencia a la línea de aguas, los problemas de olores tienen menor gravedad, pero es necesario cerrar y desodorizar todos los salto de agua para que no generen los olores típicos del agua residual. Entre otros, los principales son los siguientes:

- Pozo de flotantes de desarenadores.
- By-pass de primarios.
- Canales de reparto al tratamiento biológico.
- Recirculación de fangos biológicos.
- Primarios.
- Secundarios (especialmente los procedentes de la Fase II).
- Pozo de bombeo de agua tratada.

Además, hay que evitar de forma absoluta, ciertos episodios de retornos de fangos procedentes de los espesadores de primarios que vienen ocurriendo de forma casi habitual y que inoculan de sulfuros la línea de agua. Este retorno no debe exceder del 0,2% de concentración.

Se recomienda finalmente en la línea de aguas el control analítico diario de los sulfuros y potencial redox en el afluente de planta y en los retornos de espesadores primarios y de centrífugas, para comprobar si la procedencia de los mismos es interna o externa.

Con respecto a la línea de fangos, es evidente que la Administración ha realizado un gran esfuerzo en la cubrición de las instalaciones más importantes que generan malos olores en esta línea. Sin embargo, no se

tienen los elementos de control suficientes tanto para alertar como para conocer la realidad de las emisiones.

Deben analizarse diariamente los sulfuros existentes en los fangos mixtos que se envían a digestión y de los fangos ya digeridos, para proceder a la adición de cloruro férrico si se hace necesario (y minimizar la producción de sulfhídrico en la línea de biogás).

Es necesario controlar diariamente también las concentración de sulfhídrico en la línea de biogás antes y después de los filtros correspondientes, para conocer tanto el valor de las emisiones, como las variaciones en su rendimiento.

Por otra parte, controlar diariamente mediantes medidores de gases, la concentración de sulfhídrico y metano en arquetas, depósitos, escurridos de centrífugas, etc., no tan solo por el problema de olores, sino por motivos claros de seguridad.

Para las emisiones puntuales de malos olores que ocasionan especialmente los camiones de transporte de fangos, deberían crearse pantallas vegetales con la altura suficiente en aquellos puntos donde el paso de los camiones coincida con la proximidad de las casas vecinas. Para otros derrames de fango accidentales dentro de la instalación, se aconseja la dición de cal viva para su inertización inmediata.

Tambien la Administración ha realizado un importante esfuerzo para la desodorización de las distintas cubriciones que ha realizado. Sin embargo, los controles han sido insuficientes y se desconoce realmente la efectividad de los biofiltros, tarea que debe exigir a la empresa explotadora.

En primer lugar, hay que resaltar que probablemente debido a la inexistencia de espacio suficiente, dichos biofiltros no se encuentran precisamente sobredimensionados, por lo que están expuestos a no funcionar correctamente si se genera más sulfhídrico del previsto por motivos especiales. Por ello, su control debe ser como mínimo diario, e incluso cada 8 horas (una vez al turno) si es posible durante el verano.

Tampoco hay que olvidar que el metano no se reduce en los biofiltros, por lo que es necesaria su eliminación en origen.

Deberá medirse especialmente el sulfhídrico en las entradas de los diversos biofiltros, y en las líneas principales de las distintas desodorizaciones, siempre con el fin de detectar la procedencia de cualquier incremento fuera de lo normal (y en algunos casos también, amoníaco en los fangos primarios y espesados, y metano en fangos digeridos). Por otra parte, se deberán instalar medidores de sulfhídrico en contínuo en las salidas de los biofiltros, con el fin de garantizar su correctofuncionamiento y la ausencia de malos olores.

En el mercado existen en la actualidad equipos y analizadores de gas con alta precisión y bajo límite de detección para el sulfhídrico, por lo que pueden detectarse hasta las más pequeñas emisiones.

III. CONCLUSIÓNS E PROPOSTA DE ACTUACIÓN:

Tendo en conta os informes das distintas asistencias técnicas, a continuación indícanse as seguintes

**CONCLUSIÓNS:**

As conclusións máis importantes sobre o estado inicial da EDAR anteriormente ás actuacións da Comisión de Seguemento son as seguintes:

Sobre as instalacións:
Cabe resaltar que existe un grao de concordancia razoable entre as obras proxectadas e  e recollidas nos proxectos e as obras executadas, non entrando en valoracións sobre a calidade do deseño das instalacións proxectadas.

A EDAR construida, non reúne os parámetros de calidade que se observaron noutras de similar dotación. Moito menos o seu deseño e construcción facilitan a explotación. Algunhas operacións rutinarias de mantemento como poden ser, entre outras, o baleirado dos  dixestores de lamas, son moi complexas e custosas.

A planta depuradora inicia a súa andadura sen posibilidades de ampliación, e, a 8 anos da súa posta en servizo, a súa capacidade de tratamento foi superada, é dicir, quedou pequena, algo que debería ser inusual nun equipamento destas características.

En caso de fallo do suministro eléctrico, inevitablemente se para a planta depuradora e o bombeo do emisario, vertendo directamente ó río Lagares, ó non dispor as instalacións de Grupo Xerador Alternativo para esa enventualidade.

A EDAR ten déficits de equipamento que arrastra dende a súa orixe,  e o equipamento existente estaba sendo utilizado con baixo rendemento e sin ningún programa de mantemento preventivo.

Hai que ter en conta que tódalas depuradoras de aguas residuais xeran cheiros polo simple feito de que tratan augas residuais. Máis, as de carácter convencional como ésta, menos as desodorizadas. Poderanse desodorizar en maior ou menor medida, pero, nalgún momento, sempre existirá algunha probabilidade de que se produzan avarías, que xeren cheiros máis desagradables que os habituais e que afecten ó entorno.

O sistema de desodorización existente, aínda é insuficiente,  favorecendo a emisión de cheiros desagradables ao exterior.

Non existe unha zona de exclusión de vivendas no entorno do ámbito de referencia da EDAR.

Tódalas depuradoras visitadas, similares en capacidade de depuración a ésta, atopábanse emplazadas a unha distancia das vivendas máis próximas de alomenos 500 metros, e ocupando unha superficie  como mínimo o  doble desta.

Sobre a explotación:
Os balances de auga e lodos en todo o proceso de depuración son imprecisos. Asimesmo descoñécense tanto os caudais como a composición do biogas xerado no proceso.

O mantemento e explotación por parte da empresa concesionaria resulta evidentemente deficiente.

O rendemento da planta está por debaixo das súas posibilidades.

A planta non ten suficiente capacidade para tratar as augas residuais xeradas no termo municipal do Concello de Vigo.

Os decantadores presentan fisuras que se están a reparar na actualidade mediante resinas.

Tódalas consultoras plantexan reocmendacións nos seus informes, que redundan nunha mellora da explotación.

E as outras recomendacións que presentan nos seus informes as consultoras, que redunden nunha mellora da explotación.

Por último indicar, que a depuradora, en condicións normais de funcionamento, produce unha calidade de auga que cumpre cos parámetros de vertido de acordo coa normativa vixente, para este tipo de planta. Resaltando que se producen diariamente de 40.000 a 50.000 Kg de lodos, que soamente hai 8 anos eran vertidos directamente á Ría sen ningún tipo de tratamento.

En consecuencia coas conclusións anteriores, RECOMÉNDANSE as seguintes:

3.1. ACTUACIÓNS:

a.- Actuacións que inciden sobre o contorno:

Creación dunha zona de exclusión no contorno da EDAR. Permítindose soamente nesta zona o uso industrial existente compatible. (Achégase plano)

b.- Actuacións que inciden sobre a explotación:

Practicamente todas as auditorías coinciden en sinalar que a explotación é mellorable. De acordo con esta premisa considérase que, as recomendacións que incidan na mellora da explotación e das instalacións, propias do servizo de mantemento, deberán ser realizadas de inmediato pola empresa concesionaria.

Actuacións que se estiman necesarias levar a cabo:

En canto ás actuacións que se relacionan de seguido, deberán ser agrupadas coherentemente nos anteproxectos técnicos que resulten, para que o Goberno Municipal decida o xeito de financiamento que estime máis oportuno e facilite a súa contratación:

1. Calibración de todos os equipos de medida.

2. Acometida de descarga de cisternas de baleirado de fosas sépticas e limpeza de alcantarillado, no pozo de grosos do pretratamento.
3. Controlar os retornos de fangos procedentes dos espesadores primarios.
4. O pozo de grosos situado na caseta fóra da EDAR, non dispón de ningún elemento de desodorización. Deberá instalarse un sistema de extracción e desodorización, mediante torre de carbón activo con extracción forzada.
5. A liña de purga de fangos conecta o reactor antigo co novo, co que unicamente a través deste, pode procederse ó control de lodos (erro de proxecto). Deberá realizarse unha nova liña de purga de lamas para dito reactor, que independice as dúas liñas do biolóxico.
6. Instalar caudalímetros nas conduccións que transportan os gases dende as diversas zonas desodorizadas a cada biofiltro, para así poder controlar o funcionamento do sistema.
7. Cubrir e desodorizar a arqueta de reparto de auga pretratada a decantadores primarios.
8. Reforzar a pantalla vexetal de porte arbóreo desenvolvido, no límite perimetral da EDAR coa Avda. Ricardo Mella, que se prolongue ata a Rúa Muiños, e outra que discurra paralela ó vial de acceso dende o edificio de control a pretratamento, para interceptar aqueles ventos que poidan arrastrar cheiros.
9. Prolongar a actual cubrición e desodorización da canle da arqueta de reparto os reactores biolóxicos.
10. Cubrir e desodorizar a cámara de entrada da lama recirculada da Fase II, mediante unha torre de carbón activo.
11. Cubrir cascada do by-pass de desareadores.
12. Instalación dun grupo electróxeno para a eventual falla do subministración eléctrica, que garanta a continuidade de funcionamento dos equipos críticos do bombeo de emisario, pretratamento e tratamento primario. Contemplando a alternativa de utilizar como combustible o metano xerado na planta. Así mesmo dispoñer dun transformador como equipamento de reserva dos existentes.
13. Independizar a actual rede de pluviais da de recirculación de lamas a cabeceira, para que descargue as augas de chuvia límpas, separadas por gravidade á súa conca natural.
14. No decantador secundario da liña 2, cubrir ou entubar as canles de chegada ao decantador secundario da liña 2 para reducir os cheiros emitidos ao exterior.

2.5. OUTRAS ACTUACIÓNS

Así mesmo, considérase que sería convinte realizar as seguintes actuacións:

1. Construcción dunha báscula para control da saída de fangos da planta.
2. Construcción dun taller de reparacións e un almacén de repostos.
3. Construcción dun terceiro dixestor de lamas anaerobio, do tamaño previsto no proxecto inicial (que non foi construido), para facilitar as operacións periódicas de mantemento na liña de lamas, mantendo o rendemento do proceso.

2.6. CUBRICIÓN TOTAL DA EDAR:

A cubrición total da EDAR, unicamente presentada pola Concesionaria na súa proposta de agosto de 2005, cun custo estimado en 25.000.000 €, non foi considerada nos seus informes por ningunha das auditoras consultadas.

2.7. PROPOSTA:

En consecuencia esta Comisión de Seguimento Ambiental fai a seguinte PROPOSTA:

1. Crear segundo se define no apartado 3.1.a. do presente informe e segundo se indica no plano que se achega, unha zona de exclusión no ámbito de influencia da EDAR do Río Lagares.

2. Crear unha Oficina Técnica Municipal que sexa responsable do control da explotación das depuradoras, pretratamentos e bombeos de augas residuais, que teña como mínimo o seguinte persoal:

- 1 Técnico medio (grupo B), especializado en hidráulica e depuración de augas residuais urbanas.
- 1 Auxiliar administrativo.
- 1 Inspector Auxiliar.

Esta Oficina Técnica adscribiríase a Área Municipal que resulte mais adecuada a efectos prácticos do organigrama.

3. Encargar a unha Consultora de Enxeñería de recoñecida solvencia técnica, a redacción dos anteproxectos técnicos necesarios, que dean solución á problemática anteriormente exposta nos apartados 3.1, e 3.2, organizados a curto, medio e longo prazo, segundo as prioridades que se establezan coa concesionaria, tomando en conta sempre, que no deseño prime a mellor das explotacións posibles. Estes anteproxectos axudarán á Corporación Municipal á toma de decisións sobre o financiamento, que no seu intre estime máis oportuno.

4. Vincular os gastos de mantemento e explotación da EDAR, os volumes de auga depurada ou a cantidade de lodos xerados.

5. Disolver a Comisión de Seguemento, por considerarse cumprido o obxectivo para o que foi constituida.

## II. INFORME DE VALORACIÓNS ESTIMADAS DE DATA 14 DE XULLO DE 2006 POR IMPORTE DE 13.166.570 €.

En cumprimento do acordado pola Xunta de Voceiros, solicitouse á concesionaria Aqualia unha valoración aproximada das actuacións a realizar na EDAR do río Lagares, propostas no informe redactado pola Comisión de seguimento.

A concesionaria presenta en dous cadros o solicitado e achega un resume de anteriores propostas, presentadas á administración municipal.

| CUADRO Nº - 1<br>VALORACIÓN DE ACTUACIONES VARIAS | | |
|---|---|---|
| Acometida de descarga de cisternas en | Valorada no informe de agosto-05 e Memoria posterior. | |

| | | |
|---|---|---|
| pretratamento. | | 3.570,00 € |
| Reforzo de pantalla vexetal de porte arbóreo. | Valorado en informe de agosto-05, apartado "pantalla verde". | 100.000,00 € |
| Grupo electróxeno para fallo de subministración eléctrica. | Valorado en informe de agosto-05, 1ª fase, apartado "novo xenerador". | 200.000,00 € |
| Transformador como equipamiento de reserva. | Valorado no informe de agosto-05, apartado "equipos de reserva". | 315.000,00 € |
| Independizar rede de pluviais da de rede de desagüe a cabeceira. | Memoria valorada entregada á Comisión de Seguimento. | 133.000,00 € |
| Independizar as dúas liñas de tratamento biolóxico. | Valorado no informe de agosto-05, 1ª fase. Solicitado informe a ATC. | 150.000,00 € |
| Báscula para control de saída de fangos da planta. | Estimación | 75.000,00 € |
| Tercer dixestor de fangos anaerobio. | Estimación para unha capacidade de 6.500 – 7.000 m3. | 3.000.000,00 € |
| Redacción de proxecto para mellora do sistema de axitación dos dixestores anaerobios. | Estimación. | 50.000,00 € |
| | **Subtotal:** | **4.026.570,00 €** |

| **CUADRO Nº 2<br>VALORACIÓN DE ACTUACIÓNS DE DESODORIZACIÓN E CAUDALÍMETROS** | | |
|---|---|---|
| Desodorización do pozo de grosos. | Estes cubrimentos e tratamentos, xunto cos dos desareadores, decantadores primarios e outros cubrimentos, así como o tratamento conxunto de olores con ozono, ten unha valoración global de 6.450.000,00 € | 6.450.000,00 € |
| Desodorización de arqueta de reparto a decantadores primarios. | | |
| Prolongación de desodorización en canles de reparto a biolóxicos. | | |
| Desodorización de cámara de fango recirculado da 1ª fase. | | |
| Cubrimento de canles de chegada a decantadores secundarios da liña 2. | | |
| Caudalímetros en conduccións de gases a cada biofiltro. | A estes caudalímetros se lle incluen os necesarios para o control dos caudais das liñas de auga e fangos. | 190.000,00 € |
| | **Subtotal:** | **6.640.000,00 €** |

A continuación se relacionan outras actuacións que se consideran necesarias, non incluídas no resume e si no informe final da Comisión de Seguimento.

| **VALORACIÓN DE OTRAS ACTUACIONES NECESARIAS** | | |
|---|---|---|
| Melloras no funcionamento dos desareadores. | Valorado por Aqualia. | 1.050.000,00 € |
| Modificación do sistema de axitación dos dixestores, incluindo grupo electróxeno autónomo. | Estimación. | 600.000,00 € |
| Construcción de nave para almacén de repostos e taller de reparacións, con ponte guindastre que permita o izado das maiores bombas. | Estimación. | 550.000,00 € |
| Reformas e by-pass con válvulas de peche en emisario submarino. | Valorado por Aqualia. | 250.000,00 € |
| Eliminación de flotantes no pozo do emisario. | Estimación. | 50.000,00 € |
| | **Subtotal:** | **2.500.000,00 €** |

| **VALORACIÓN TOTAL** |
|---|

| | |
|---|---|
| Valoración de actuacións varias: | 4.026.570,00 € |
| Valoración de actuacións de desodorización e caudalímetros: | 6.640.000,00 € |
| Valoración doutras actuacións necesarias: | 2.500.000,00 € |
| **Valoración total:** | **13.166.570,00 €** |

A valoración total estimada das actuacións propostas na EDAR do río Lagares é de TRECE MILLÓNS CENTO SESENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS SETENTA EUROS (13.166.570,00 €).

**AS VALORACIÓNS NON INCLUEN O IVE.**

## III. EMENDA DE ADICION DO PARTIDO GALEGUISTA DE DATA 21 DE XULLO DE 2006.

Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de xullo de 2006, o voceiro do grupo municipal do Partido Galeguista fomula a seguinte emenda de adición:

O Goberno da Xunta de Galicia, no que daquela estaba o PP, asumíu no seu día a responsabilidade da construcción da depuradora do Lagares e, na nosa opinión, aínda que tecnicamente esa depuradora nunca debeu ser admitida polo Concello de Vigo, a responsabilidade de arranxar dunha vez por todas os graves problemas que a tal depuradora non para de producirlles ós veciños da zona e a que por alí pase, debe ser asumida pola Xunta de Galicia.

Todo o anteriormente dito con independencia de que unha vez se redacten os oportunos proxectos de transformación se estableza un calendario razoable para a súa materialización.

No nome do PG asumimos o informe-proposta que se fai sobre a reparación da EDAR do Lagares, ó tempo que fecemos a proposta dunha emenda de adición para que a nosa depuradora quede finalmente coa mesma cualidade de depuración que outras que hai polo mundo dibilizado adiante, e xa que logo propoñemos:

1.- Que as augas depuradas admitan a cualificación de Táboa 3, para poderen ser vertidas ó álveo público.

3.- Que a desodorización sexa absolutamente integral.

3.- Que a Xunta de Galicia, coas axudas técnicas e financeiras do Goberno de España e da Unión Europea asuma a responsabilidade de transformación integral da depuradora do Lagares.

## IV. COMUNICACIÓN LIDA POLOS REPRESENTANTES VECIÑAIS NA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE XULLO DE 2006.

A Asemblea Xerál de veciñas e veciños afectados pola instalación da EDAR do Lagares, non queremos deixar pasar esta ocasión, para comunicar de maneira clara e sen condicionante ningún, ao conxunto da veciñanza viguesa, a nosa valoración sobre este longo, humillante e continuado conflito.

Cando a finais dos noventa a Xunta de Galiza procedeu á construcción da depuradora do Lagares, a información transmitida á veciñanza das parroquias lindantes, para explicar as características técnicas e qué posibles consecuenzas tería para a calidade de vida das persas, foi inexistente. Tanto é asi, que por parte vecinal tivemos que poñer en marcha, unha propia maquinária de información que permitira saber o máis básico sobre o que alí se pretendia facer. Coa primeira fase da obra rematada, e coa entrega da mesma por parte da Consellería de Política Territorial ao Concello de Vigo, todo parecía que o saneamento integral da ría sería o logro máis meritorio do Conselleiro Cuiña, que daquela facía campaña soltando parrulos no Lagares. Era pois,o momento de pasar a patata quente ao seguinte no escalafón político-administrativo. Deste xeito o Concello, governado daquela por Manuel Pérez do Partido Popular, acolleu cos brazos abertos unha obra da que non sabia nada e pola que non tiña ningún interese.

Foi tanta a irresponsabilidade deste feito, que co mesmo sentáronse as bases das posteriores meteduras de pata, por decilo suavemente, dos diferentes governos tanto da Xunta como do municipio vigués. E demostrase que non sabia nada, porque cando se lle outorga a concesión a Aqualia (daquela Seragua) para a xestión e mantemento da planta, esta empresa remite un informe desfavorable no que se detallan munerosos puntos críticos coa instalación recién construida, e que non transcribiremos porque sen dúbida debería estar na memória de todas as concelleiras e concelleiros aquí presentes.

Asi e todo, atendento ao criterio de entregar a mans privadas os bens públicos e atendendo a supostas presións, efectuouse definitivamente a concesión da planta. Cos primeiros cheiros, os primeiros verquidos á ría, as rachaduras do emisario e os verquidos á Xunqueira do Lagares, nós, as veciñas e vecinos de Coruxo, comezamos un proceso de autoorganización en defensa da parroquia, da ría e máis en particular da nosa propia calidade de vida.

Como sempre e diante do desprezo máis absoluto dos políticos de turno, mirámonos na obriga de mobilizármonos para reclamar e defender os nosos dereitos democráticos. E como case sempre tamén, quedou demostrado que vostedes só entenden a linguaxe da mobilización. E así foi. Rapidamente anunciaron desde a Xunta de Galicia por medio do seu conselleiro Cuiña, que a EDAR do Lagares precisaba dunha segunda fase coa que ficarian resoltos todos os problemas e, agora si, a ria de Vigo pasaria ser un mar de augas puras e cristalinas. E todos caímos na trampa coma parvos. Na trampa que motivou a nosa desmobilización, co anuncio e realización das obras desta segunda fase, e na trampa de que todo quedaria resolto.

E agora de novo, outra vez, o governo do PP en Santiago entregaba esta nova obra ao Concello de Vigo. Pero non se sorprendan por favor. Quen a recolleu estaba na Alcaldía do consistório vigués, grazas á demagóxica postura de defender ao povo de Vigo máis desfavorecido, cando realmente non estaba disposto a facelo. Era o Sr. Castrillo do BNG. Ainda lembramos hoxe o dia da inauguración desta segunda fase, co vecindario reclamando na porta

principal información, transparencia e atención; e como este home, respostando só a un escrupuloso interese persoal por se manter na cresta da ola canto máis tempo mellor, tratou co maior dos desprezos ás veciñas e veciños que fóra reclamaban o que era xusto, mirando para o outro lado, alí onde estaba o PP de Cuiña e Fraga. Queremos salientar tamén, ainda que sexa brevemente, a incapacidade e o talante pechado e inmobilista do concelleiro tamén do BNG, Amador Fernández, responsable da planta por aquela época. Foi sen dúblida, o mellor aliadado do governo de Fraga Iribarne, defendendo a capa e espada unha depuradora que caía a cachos. Un governo da Xunta que nunca se comprometeu na busca dunha solución seria e definitiva e que só utilizou o problema da depuradora como argurmento electoral cando así o considerou necesario.

E comprobando a dinámica daqueles anos, esta famosa segunda fase truxo moitos máis problemas que solucións. E de novo a retomar o camiño e o tempo perdidos. E de novo deberiamos pórmonos a nós mesmos como un exemplo cualificado, da confianza cega en políticos profesionais que din estar ao servizo dos demais, pero que no fondo agochan as súas intencións detrás de desculpas administrativas, burocráticas e outras razóns de moito peso. Sempre igual. E ollo, non somos pesimistas, só somos realistas.

Así pois, a posta en marcha da segunda fase qa EDAR do Lagares, derivou en maiores problemas de cheiros, en máis verquidos e nunha vida máis indigna para moitas persoas da parroquia. As xa históricas mobilizacións para reclamar de novo solucións a este problema, nas que xuntamos a milleiros de persoas chegadas de diferentes lugares da nosa cidade, foi unha clara demostración de forza pola nosa banda; e unha demostración de que a depuradora estaba a convertirse (e ainda o segue a ser hoxe) no problema medioambiental máis importante da cidade de Vigo. Deste xeito os cheiros no entorno da planta foron en aumento, especialmente nos veráns dos anos 2003, 2004 e 2005. Unha situación que derivou nunha vida absolutamente indigna e insufrible para a veciñanza do lugar.

E nestes tempos houbo cambio na Alcaldía da cídade e, sendo conscentes do pasado, tamén cambio nas formas. Con Pérez Mariño de Alcalde, o PSOE transmite á cidadanía a súa vontade por resolver o problema de inmediato, e automáticamente convoca unha xuntanza co vecindario. Nós, reclamamos a realización dunha auditoria global da planta, que hoxe por hoxe está por facer. Ainda lembramos tamén aquela frase que textualmente decia: "...el dinero no es problema. Lo sacaremos de donde sea". E o diñeiro non apareceu. Só se aprobaron pequenos estudos que foron diminutos parches que serviron para gastar máis cartos e máis cartos. Unha vez máis perdidos na marabunta da burocracia e unha vez máis os problemas sen solución.

Con este panorama de incapacidades permanente, o noso devalar foi un continuo predicamento no deserto sen ser escoitados por ninguén. As mobilizacións continuaron e a cada dia máis numerosas e orixinais. E neste contexto chega a Alcaldía a Sra. Porro, asimilando nas formas o modelo do seu predecesor, e realizando unha primeira visita á planta do Lagares. Daquela anunciou que a responsabilidade na busca de solucións ao problema ía ser ásumida polo concelleiro de Medioambiente, o Sr. Figueroa.

Unha das primeiras reclamacións que presentamos ao novo governo municipal foi a acollida en diversos hoteis da cidade das persoas afectadas polos cheiros. Foi no verán pasado cando se realizou esta acollida, non sen antes

ter que nos mobilizar para que fora entendida dunha vez que a precariedade da nosa vida ía en aumento, e a situación de moitas persoas empeoraba co paso dos días, polo que o sinxelo direito de viver nas nosas casas estaba sendo coartado pola mala xestión permanente tanto da Xunta como do Concello.

A grave situación padecida neste verán de 2005, deu lugar á presentación pola nosa parte dun equipo de técnicos cataláns, encabezados pola especialista en depuración de augas, Nuria Vidal, que viu a Vigo para realizar un estudo detallado do funcionamento e mantemento da depuradora. Neste sentido o concelleiro de Medioambiente comprometeuse a asumir os custos de todos os informes realizados, facer un dictame final recollendo as recomendacións técnicas e levar todo isto ao Pleno que hoxe nos reune a todas e todos. Agora ben, isto non quere decir que estea todo feito.

É certo que o compromiso acadado coa veciñanza incluía todo o nomeado anteriormente, pero non é suficiente. Estamos asistindo escandalizados como unha vez máis a loita partidaria está deixando nun segundo plano a solución definitiva a este histórico conflito, e iso nós, non o imos permitir. Sr. Figueroa, vostede dixo que logo de ter analizado cales eran os males desta planta, cousa que prácticamente está feita, polo asunto dos cartos non habería impedimento ningún. Mesmo se o Concello de Vigo tiña que se endebedar, iso non sería problema.

Deixen entre todos de marear a perdiz e poñan a disposición da depuradora a necesaria partida económica que sexa a resposta definitiva a esta forma precaria de vida. Non lles gusta a todos, estean na Xunta ou no governo municipal, colgarse as medallas e os trunfos de calquera logro por moi pequeno que sexa? Pensan acaso que este é un partido de tenis e que a pelota é a veciñanza que leva paus dun e outro lado?

Estamos nun intre no que os cheiros volven. Logo das medidas que pouco a pouco se foron tomando nestes últimos meses e que en moi pequena medida permltiron pasar o inverno algo mellor que antes, o verán ven a demostrar que a situación non é algo puntual. O problema é permanente. O inverno serve para disimular e o verán serve para demostrar que aquí hai erros de vulto. É imprescidíbel acometer as recomendacións técnicas de inmediato, non hai tempo para agardar máis. Isto non é un xogo. Xa o dixemos claro só hai unha semana: setembro de 2007 é a data tope para rematar as obras. E nin un día máis. Pero hai que comezar xa.

Agora ben, se a disposición política do Partido Popular, do BNG e do PSOE non é a de solucionar isto economicamente de maneira que as obras sexan prioritarias por riba doutras consideracións competenciais, só nos queda unha única alternativa: pechar a depuradora. E logo fagan vostedes o que queiran, porque serán os responsabeis. Levamos anos agardando; levamos anos sendo títeres dé incapaces que foron pasando pola Casa do Concello e pola Xunta, levamos anos mal vivindo nun lugar no que estabamos antes que a depuradora; levamos anos pelexando. E estamos dispostos a seguir facendoo.

Así que xa saben. Iste non é un escrito no que enumeremos as recomendacións técnicas que vostedes teñan enríba das súas mesas. Ista non é unha intervención para lles lembrar a valoración do Valedor do Pobo sobre o problema que por certo é moi crítica con todo o que se leva facendo. Iste non é un acto para sair na foto. Nós non somos a Federación Veciñal que

nunca se preocupou por un problema de máxima envergadura e que ademáis vive a conta do Concello. Nós estamos expresando aquí, a derradeira chamada de atención. E diante do que estamos mirando o panorama pinta mal. Nas súas mans está a posibilidade do mudar e asó poden facelo:

- Asumindo o compromiso público de sacar adiante unha partida económica o suficientemente importante que acolla todas as recomendacíóns técnicas que dean resposta definitiva aos problemas de funcionamento e mantemento da planta. Esa partida debe permitir o comezo das obras de inmediato para chegar a setembro de 2007 con elas rematadas.

- Asumindo o compromiso de sacar os cartos de onde sexa preciso. Isa é outra responsabilidade que deben asumir, non é cousa nosa. Reclamamos ao Grupo Municipal do PSOE que requira de inmediato ao conselleiro de Medioambiente, Sr. López, para que faga posible unha implicación seria da Xunta de Galiza na resolución do problema.

- Asumindo o compromiso público de que nunca máis se vai ampliar a depuradora do Lagares coa conseguinte perda do valor medioambiental, parroquial e de calidade de vida na zona.

- Asumindo o compromiso público de indemnizar debidamente a aqueles veciños e veciñas que viven directamente a penuria permanente desta depuradora e que logo de tantos anos de sacrifico están dispostos a acollerse á política de realoxamentos iniciada por este governo municipal.

- Asumindo o comezo dun control severo á concesionaría responsable do funcionamento e mantemento da planta. É preciso que persoal municipal estea permanentemente nas instalacións co fin de fiscalizar o exercizo práctico da concesión, considerando se así fora preciso, a cancelación da mesma ou outras medidas similares.

- Asumindo cara o futuro un plano serio de saneamento e rexeración da Ría de Vigo, coa inclusión dunha ou máis depuradoras perfectamente construidas, avaladas polos mellores estudos técnicos e avaladas por un rigoroso debate co povo desta cidade.

Nas súas mans está facelo. Nas nosas, só nos queda seguir pelexando e reclamando o que consideramos xusto. Se escollen novamente o desprezo, o mirar para outro lado ou o agocharse detrás dos seus cargos, deciden ir polo peor dos camiños. E sendo así, a nós só nos quedaría pedir responsabilidades, tanto políticas como penais se fora necesário. Falamos claro. O tempo de aguantar, de se laiar e de chorar xa pasou. Agora é o noso tempo, e sobre todo tendo en conta que as municipais están á volta da esquina.

Moitas gracias.

**V. INFORME REMITIDO POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DE DATA DE REXISTRO DE ENTRADA DO CONCELLO DO 26 DE XULLO DE 2006.**

Resume Executivo do Informe de Desenvolvemento da Asistencia. marzo-maio 2006 1.

## 1. <u>OBXECTO DO INFORME</u>

O presente informe redáctase no marco do contrato denominado “ASESORAMENTO E CONTROL DA EXPLOTACIÓN DAS DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS DE GALICIA, AÑOS 2004-2006”, e céntrase naquelas instalacións que se auditaron no período temporal comprendido entre os meses de marzo e maio de 2006.

No devandito informe preséntanse extractados, e para cada instalación, aqueles aspectos de maior relevancia que permiten o seguimento do estado actual e funcionamento da instalación. A ampla información de partida é a reflectida no *“Informe de desenvolvemento da Asistencia correspondente ós meses de marzo, abril e maio de 2006”,* ó que se deberá acudir na busca dun maior grao de detalle.

### **EDAR DE LAGARES**

EXPLOTADOR: AQUALIA, S.A.
FICHAS DE VISITA TÉCNICA: 30 de marzo, 21 de abril 3 29 de maio

A liña de deseño da depuradora contempla un pretratamento, unha decantación primaria e un tratamento biolóxico por lodos activos en modalidade de carga media e estabilización de lodo mediante dixestión anaerobia.

Do total de caudal afluente, tan só se admitiron a tratamento primario e secundario 555.959 m3/d coma termo medio. O resto do caudal de auga bruta, se by-pasou a saída de pretratamento dadas as actuais condicións de funcionamento:

- Como resulta habitual nesta EDAR, incapacidade hidráulica do tratamento biolóxico actual, deseñado para un caudal medio de 120.000 m3/d;

- Neste período, á limitación de caudal á que obriga o único dixestor anaerobio en servizo, en canto que a capacidade de admisión de lodo a este determina a contía do caudal que é posible tratar. Coma se indicaba en informes anteriores, a avaría consecutiva de ambos SCABA ( a 1ª delas rexistrada en outubro de 2004, no dixestor nº 1, e a segunda o 6 de marzo de 2005, afectando ó dixestor nº 2) coa conseguinte perda na capacidade de axitación de ambos dixestores anaerobios, condicionou os caudais admitidos a decantación primaria e a ambas fases do tratamento biolóxico, en canto que se adoptou o criterio de limitar caudais ó obxecto de xerar menos lodo e así evitaren retornos de lodo mixto a cabeceira de pranta que puidesen orixinar fedores desagradables. Non obstante, e no verán de 2005 en que o dixestor anaerobio nº 1 xa estaba a réxime, estableceuse en 95.000 m3/d o caudal admisible á instalación para non superar a capacidade de admisión de lodo a dixestión dado o reducido rendemento dos espesadores de lodo primario;

- En abril, ata o día 8 tívose que limitar o caudal admitido a fase I a 27.000 m3/día debido a operacións de mantemento dos decantadores secundarios;

- Durante o mes de maio, a medida que se aumentou o caudal de lodo a dixestor nº 2 incrementouse o caudal a biolóxicos. Así, o caudal admitido a tratamento secundario en maio ascendeu ata os 101.404 03/día. Destes 50.862 a fase I e 50.542 a fase II.

Neste trimestre **empeorou progresivamente a sedimentabilidade do lodo activo**, o que non impediu que se cumpriran os límites de vertido establecidos no RD 509/1996. Loxicamente, debido á magnitude dos caudais by-pasados logo de pretratamento, as concentracións contaminantes da auga vertida mediante emisario submarino, na que conflúen auga tratada en biolóxico de ambas fases e auga by-pasada a saída de pretratamento, son altas de xeito que esta incumpre a normativa antedita.

As **incidencias rexistradas** na explotación e mantemento da EDAR do Lagares foron as seguintes:
En novembro de 2005 iniciouse o baleirado do dixestor nº 2 mediante aspiración con camión cisterna, para continuar a partir de decembro cunha bomba SELWOOD que aspira dende a zona central do dixestor e verte ó novo depósito de dixeridos. Esta bomba ten un impulsor Vortex que evita as obstruccións, ademais dun sistema de autocebado que lle permite traballar en baleiro. Unha vez rematado o seu baleirado, procedeuse á enchedura do dixestor nº 2 coa auga tratada. Esta operación iniciouse o día 23 de marzo. Partindo dunha temperatura de 15ºC o día 29 dese mes empezouse a quentar con gasóleo xa que o biogás non é suficiente.

- Logo do 23 de maio empezouse a transvasar lodo primario ó dixestor nº 2 de xeito regular a razón de 30 m3/día para ir incrementando esa cantidade ata os 90 m3/día do 29 de maio.

- A finais do presente trimestre se estaba baleirando o novo silo de dixeridos coa mesma bomba SELWOOD que se utilizou para baleirar o dixestor nº 2. O seu contido transvasase a un dos depósitos tampón metálicos e daí deshidrátase coa centrífuga adquirida recentemente.

- O reactor biolóxico da Fase II baleirouse para realizar labores de mantemento. En total estivo sen se utilizar dende o día 7 ó 23 de febreiro para colocar 5 deflectores na parte exterior da canle e substituír as guías dos axitadores.

- Pouco despois se tivo que baleirar un dos decantadores secundarios da Fase II para realizar labores de mantemento.

  Adicionalmente, comentar unha serie de incidencias de menor transcendencia cas anteriores:

  - A pantalla táctil do cadro de control de bombeo de auga bruta e bombeo de emisario retirouse da súa posición;

  - Na canle desareadora máis próxima ós clarificadores produciuse unha rotura no entubado inicial de aeración. Ademais, produciuse a rotura do deflector final da outra canle.

Un dos axitadores somerxibles da Fase II atópase avariado. Ademais a bomba do emisario 3 está parada dende o día 1 de marzo e enviouse a reparar.

Comentar que se realizou o mantemento do espesador de gravidade próximo á facha coa substitución da súa cuberta e a instalación dunha nova conducción de evacuación cun ventilador individual. Tamén se instalou un medidor en continuo de cheiros, aínda non operativo.

Como recomendacións operacionais transmitidas ó explotador:

1) Filamentosas en lodo activo:

Aínda que se entende que as posibilidades de actuación do explotador son reducidas en canto que se ve favorecido pola afluencia de auga salgada á instalación, a pauta de actuación recomendada é a seguinte:

- Identificacións dos microorganismos filamentosos responsables do problema, o que permitirá acotar as causas do seu desenvolvemento e conseguintemente avaliar as posibilidades de actuación sobre as mesmas;
- Reducir as actuais de lodo, que na Fase II son notablemente superiores ó habitual e desexable para un sistema operado na modalidade de carga media;
- Adicionalmente, aumentar o nivel de osíxeno disolto en reactor.

2) Dixestores anaerobios:

En canto ó dixestor nº 1, é de vital importancia instalar un sistema que periodicamente permita o invertimento de xiro do equipo tal e como recomendou o seu fabricante.

En canto ó dixestor nº 2, continuar coa súa alimentación tendo controlados os parámetros de dixestión para evitaren unha metanoxéses descontrolada.

En canto a condicións de Seguridade e Saúde laboral, as carencias detectadas céntranse en aspectos relativos á sinalización tales coma a ausencia de sinal de perigo biolóxico, de prohibición de acceso á instalación e de obrigatoriedade na utilización de luvas na sala de preparación de reactivos.

Finalmente, salientar que o mando de accionamento dos polipastos de deshidratación e bombas de entrada non dispón dun lugar habilitado para a súa colocación e así evitaren golpes ou accionamentos involuntarios.

**EDAR DE TEIS**

EXPLOTADOR: AQUALIA, S.A.

FECHAS DE VISITA TÉCNICA: 16 de marzo, 21 de abril e 29 de maio.

A tipoloxía da EDAR resposta á dunha depuradora biolóxica por lodos activos mediante o sistema de aeración prolongada, cun decantador

secundario lamelar e un sistema de desinfección final por radiación ultravioleta.

O caudal tratado promedio deste período foi de 7.999 m3/d, superior ó caudal medio de deseño da instalación establecido en 7.500 m3/d, dadas as intensas chuvias en determinados momentos destes meses.

Durante este período as operacións unitarias e de proceso transcorreron coas seguintes incidencias:

- Agás a ponte da canle desareadora e os seus sobrantes, a totalidade de equipos opéranse en manual debido ós problemas de funcionamento rexistrados no autómata e programación orixinal da instalación;

- A comporta logo pretratamento que debería regular o caudal a reactor e ó pozo de tormenta non funcional coma tal xa que non funciona comandada polo autómata e á penas deriva caudal ó tanque de tormenta debido á súa posición;

- A canle de oxidación máis próximo ó fondo da Ría, onde se produciron anoxias parciais en relación coa distribución irregular de ar, baleirouse e con ela a metade correspondente do decantador lamelar coa intención de acometer labores de mantemento sobre os que destaca a limpeza dos sólidos sedimentados nas mesmas, estando nesta situación na primeira das visitas técnicas realizadas e incumprindo así os límites de vertido establecidos no RD 509/1996, pola sobrecarga hidráulica da instalación.

- Como se comentou, baleirado da canle de oxidación da metade do clarificador máis cercano ó fondo da Ría. Instalouse un novo axitador Flygt nun punto anterior á curva do reactor próxima ó pretratamento. Aproveitando este baleirado revisáronse os difusores cerámicos (216 en cada canle). Algúns por desgaste perderon a capa externa co que a burbulla era máis grosa;

- A purga de lodos realízase mediante a apertura da conducción localizada na canle de reparto da recirculación. Dende aquí vai a un depósito, de pequeno volume, polo que logo de 30 minutos de funcionamento das bombas a espesador estas aspiran só auga. De xeito cotiá o espesador devolve lodo a cabeceira e non ten capacidade suficiente coma para espesar o lodo. As bombas que alimentan ó espesador teñen variador mecánico de velocidade, permitindo axustar esta entre o 30-100% (a cotío está ó 30%). De xeito habitual, o espesador aliméntase a 5 m3/hora e unha parte pérdese co sobrenadante xa que a capacidade da centrífuga é menor (para as condicións de funcionamento cotiás).

Recomendouse, en relación á deficiente estructura flocular do lodo activo, traballar con concentracións de lodo activo no contorno de 3 g/L. Para iso, se debe analizar a posibilidade de funcionar cunha soa das canles de oxidación.

## VI. INFORME-RECOMENDACIÓN DO VALEDOR DO POBO.

Nesta institución iniciouse expediente de queixa de oficio en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da nova aparecida no diario Faro de Vigo do 23-06-05, páx. 2, relativa aos malos olores provenientes da EDAR de Vigo.

Na nova citada se sinala que unha trintena de veciños están dispostos a abandonar os seus fogares cando o cheiro que emana da estación sexa insoportable. A portavoz dos afectados polo deficiente funcionamento da estación depuradora de augas residuais sinala que as molestias son variables, pero afirma que en xeral a depuradora do Lagares *apesta*, polo que 29 familias da parroquia esixiron ao Concello o seu realoxo en hoteis *"cando o ambiente sexa irrespirable e mentres non se solucione o problema".*

Dende hai oito anos, coa inauguración da depuradora, o lugar se converteu nun calvario, sinala a nova. Prodúcense picores nos ollos, dores de gorxa, crises frecuentes nos asmáticos, xaquecas agudas, e outras doenzas, algunhas delas "moito máis graves", segundo a portavoz. Por iso, 29 dos residentes firmaron o escrito presentado ao concelleiro de Medio Ambiente, Sr. Figueroa, no que amosan a súa disposición a ser realoxados en hoteis, o que dá unha idea da súa desesperación. Os demais veciños, aínda que consideran lóxica a idea, refusaron subscribir esa petición.

Os afectados piden a elaboración dun estudo epidemiolóxico que analice qué efectos provocan na súa saúde as substancias que despide a depuradora. Admiten que desde hai meses os malos cheiros xa non son tan fortes, pero ao persistiren agora esixen un compromiso definitivo do Concello de Vigo e a Xunta de Galicia para aborda-las actuacións que garantan a completa eliminación dos malos cheiros.

O problema obxecto desta queixa de oficio foi tratado na queixa C.6.Q/857/03, e como conclusión da correspondente investigación pola nosa banda formulamos ao Concello de Vigo unha **recomendación** o 1 de outubro de 2003. Dando cumprimento á obriga establecida no art. 32.2 da citada Lei, o ente local respondeu á resolución, e nesa resposta manifesta *"expresamente a aceptación da recomendación formulada".*

Así pois, o inicio da presente queixa de oficio tivo por fin coñecer o grao de efectividade dada á recomendación polo Concello de Vigo, tendo en conta que das informacións de prensa parecía deducirse que despois dun tempo considerable o problema continúa. Así, solicitamos ao ente local que nos facilitara información sobre o estado actual do problema e sobre a afectividade dada á anterior recomendación, formulada hai un tempo mais que suficiente para soluciona-lo inadecuado funcionamento da instalación.
A resposta do Concello foi a seguinte:

*"En contestación ao seu escrito con rexistro de entrada do 30 de xuño de 2005, número de documento 50136265, manifestarlle que actualmente segundo información de Augas de Galicia estanse rematando as obras do proxecto "Desodorización, nave de transferencia e depósito de lamas dixeridas na Estación Depuradora de Augas Residuais de Vigo ", estando previsto que funcionen a pleno rendemento na primeira quincena de setembro.*

*Asemade, lle comunico que nestes momentos se está levando a cabo unha auditoría da construcción da EDAR e un estudo de localización dos cheiros da planta coas medicións de gases correspondentes.*

*Unha vez que contemos co resultado destes traballos elaborarase un plan de actuación. Lémbrolle que de todas estas actuacións están puntualmente informados a comisión de afectados con reunións periódicas cos técnicos municipais."*

Así pois, nese intre (agosto de 2005) se estaba a rematar un proxecto co fin de palia-lo problema, e ademais se anunciaba a realización dunha auditoría e un estudo sobre o mesmo. Ademais, elaboraríase un plan de actuación. Nembargantes, observouse que, despois dun tempo considerable dende que se transmitira dita información por parte do Concello de Vigo, aínda non recibírase referencia do resultado de todas as actuacións resinadas e, sobre todo, non se aclaraba se co realizado conseguírase solventa-lo problema. Por iso de novo nos diriximos ao Concello, que nesta ocasión (febreiro de 2006) sinalou que *“en relación coa súa solicitude de informe respecto da queixa de oficio relativa ós malos olores provintes da EDAR de Vigo, achégolle o informe do departamento de Medio Ambiente, no que se indica a realización das obras de desodorización."*

Da información municipal deducíase que as obras de desodorización aínda non foran recibidas, e que se atopaba pendente a comprobación da súa eficacia. Ademais, os afectados seleccionaron uns técnicos que realizarían un informe que sería utilizado para facer a proposta da *Comisión Técnica de Seguimento da EDAR*. Por iso, de novo nos diriximos ao Concello, que respondeu (abril de 2006) en termos moi parecidos ao anterior informe, achegando *"o informe do departamento do Servizo de Medio Ambiente, no que se indica o estado do expediente das obras de desodorización.*" Da análise da documentación municipal de novo se deducía que non era posible realizar unha valoración definitiva do obxecto da queixa, posto que, da mesma forma que en ocasións anteriores, as conclusións se remitían a un momento posterior, en concreto á análise dos informes que se mencionaban. Por iso novamente requirirmos ao Concello para que aclarara definitivamente se dera efectividade ao recomendado hai moito tempo, e nesta ocasión o Concello sinalou que *"en relación coa súa solicitude de informe respecto da queixa relativa ós malos olores provenientes da EDAR de Vigo, achégolle a resposta do departamento de Medio Ambiente e o informe da comisión de seguimento da EDAR do río Lagares de data 16 de maio de 2006, cos antecedentes, situación actual, conclusións e proposta de actuacións.”*

O amplísimo informe que achega o ente local refírese aos diferentes aspectos do problema: a planificación urbanística e de saneamento que previa ,a construcción da EDAR nese emprazamento, o convenio de execución coa administración autonómica que fixo que esta realizara o proxecto, as ampliacións ou reformas, os diferentes problemas detectados dende que comezou o funcionamento da instalación, as avaliacións ou auditorías feitas para concreta-los problemas e establece-los medios adecuados para solucionalos, etc. Do exame detallado de todo o indicado dedúcese que os medios para solventa-los problemas que se observan dende hai moito tempo seguen a ser obxecto de estudo. Só nalgún aspecto se corrixiron algunhas deficiencias, fundamentalmente por medio da execución da *segunda fase* da obra, consistente na desodorización parcial da planta e a construcción dunha nave de transferencia e depósito de lamas. Sen embargo, tamén se

deduce que a pesares do moito tempo transcorrido dende que se apreciou o problema, practicamente coa posta en marcha da EDAR, e tamén dende que pola nosa banda se formulou a recomendación correspondente ao expediente C.6.Q/857/03, a actuación municipal segue basicamente no mesmo punto, isto é, na avaliación do problema e na busca dos medios adecuados para solucionalo, sen que á vista das circunstancias se poida considerar que dito labor fora efectivo.

Efectivamente, despois de tanto tempo *a Comisión Municipal de Seguimento das EDAR* conclúe que a Depuradora "ten déficits de equipamento que arrastra dende a súa orixe, e o equipamento existente estaba sendo utilizado con baixo rendemento e sen ningún programa de mantemento preventivo. (...) O sistema de desodorización existente aínda é insuficiente, favorécendo a emisión de cheiros desagradables ao exterior." Finalmente recomenda requirir as melloras precisas á concesionaria do servicio e agrupa-las actuacións pendentes para que o Goberno Municipal decida o xeito de financiamento que estime mais oportuno e facilite a súa contratación. Por tanto, a execución das solucións aos problemas mencionados seguen sen executarse, e nin tan sequera se comezaron, o que resulta rechamante. É mais, parece apreciarse que aínda restan unha serie de actuacións que poden demorarse de forma considerable, como son a redacción dos proxectos de execución, as contratacións e as correspondentes execucións ou obras, co que ao atraso xa acumulado parece que aínda se lle engadirá outro período de tempo relativamente amplo.

Como solución complementaria ou alternativa o ente local parece ofrecer aos afectados máis directos o traslado de domicilio (previsiblemente de forma voluntaria e coa correspondente indemnización). Esta posibilidade, aínda que non se explicita de forma clara, parece desprenderse da proposta de creación dunha *zona de exclusión* no ámbito de influencia da EDAR do río Lagares. O anterior conecta coa incorrecta ubicación da EDAR que o propio ente local resalta en diferentes apartados do seu informe. No mesmo se menciona que, despois de sinalada esa ubicación no *Plan de Saneamento Integral de Vigo* de 1987 e no *Plan Xeral de Ordenación Urbana* de 1988, o Concello e a Xunta de Galicia asinan o convenio para a realización das obras de saneamento, depuración e abastecemento. Sen embargo, o que fixo a administración autonómica foi unha depuradora de tipo convencional, que, segundo o Concello, non ten en conta que o contorno da mesma se atopa urbanizado; e conclúe que todas as depuradoras xeran cheiros polo simple feito de tratar augas residuais, e mais as de carácter convencional. como esta, agás as desodorizadas. Pódense desodorizar en maior ou menor medida -segue sinalando o Concello-, pero nalgún momento sempre existirá algunha probabilidade de que se xeren cheiros máis desagradables que os habituais e que afecten ao contorno. Sinala tamén que "todas as depuradoras visitadas, similares en capacidade de depuración a esta, atópanse situadas a unha distancia das vivendas mais próximas de ao menos 500 metros, e ocupando unha superficie como mínimo o dobre que esta".

Do anterior pode concluírse que o proceso conxunto (de ámbalas dúas administracións actuantes) relativo á localización da EDAR resultou inadecuado, posto que finalmente se estableceu unha localización que en grande medida foi unha das causas principais da situación prexudicial que estamos a tratar. A avaliación ambiental (formal ou non) que debera terse dado da EDAR debería ter determinado a correcta situación da instalación, e se fora preciso a través da análise de alternativas. Dita análise, de

facerse correctarnente, debera non só ter avaliado as repercusións sobre o medio ambiente natural, senón tamén sobre o contorno humanizado e aínda este último debera terse analizado con maior rigor. Pola contra, o que fixeron as administración foi elixir unha localización (a municipal) sen mais, e construír unha instalación inadecuada para esa localización (a autonómica), sen a suficiente coordinación que permitira apercibirse da circunstancia que agora estamos a tratar.

O certo é que a inadecuada localización da instalación e a máis que considerable lentitude na avaliación e solución do problema fan que sexa preciso concluír que a actuación municipal non resulta adecuada. Case tres anos despois de que lle formuláramos a recomendación para que con urxencia se corrixiran as deficiencias de funcionamento detectadas e para que especialmente se corrixiran os fortes cheiros que dende hai tempo emanan da instalación, a administración municipal conclúe ao respecto que "o sistema de desodorización existente aínda é insuficiente, favorecendo a emisión de cheiros desagradables ao exterior", Ademais, á marxe do anterior recoñecemento da propia administración municipal, os interesados seguen manifestando o seu profundo descontento coa situación que están a vivir, como se demostra polas declaracións de moitos deles na prensa local (por exemplo, *Faro de Vigo* do 13 de xuño de 2006, páxina 6). Delas despréndese que os afectados continúan a verse gravemente prexudicados pola situación que padecen dende hai tempo, ata o punto de sinalar que están dispostos a asumir unha medida tan drástica coma o traslado de vivenda. Por iso, resulta evidente que non se deu efectividade á recomendación de 01-10-2003, en principio aceptada polo Concello.

En relación coa competencia do asunto que nos ocupa, a mesma debe atribuírse ao Concello, posto que o art. 25. 2 I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sinala que "o Municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "... rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais." Ademais, os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes deben prestar o servizo de protección do medio ambiente (art. 26.1.d). Por tanto, á marxe da eventual colaboración doutras administracións para subvenir o labor municipal neste terreo, como sucedera con motivo da construcción da EDAR en cuestión, o certo é que a titularidade tanto da competencia como do servizo corresponde legalmente ao Concello de Vigo, responsable do mesmo e das súas incidencias, polo que debe ser a administración municipal a que promova as solucións precisas, incluíndo a promoción da eventual colaboración das administracións que poidan participar na solución do problema no exercizo das súas xenéricas funcións de fomento.

Sen prexuízo do sinalado anteriormente debe subliñarse que, de confirmarse o indicado polo Concello de Vigo en relación coa localización e o tipo de depuradora instalada, a actuación da administración autonómica no momento do deseño e construcción da EDAR non foi adecuada, posto que construíu unha depuradora convencional nun lugar inadecuado e non coordinou a súa función concertada coa concreta aportación do terreo cedido polo Concello. O anterior non desculpa en absoluto a forma tamén inapropiada de actuar do propio Concello, que á súa vez debera terse coordinado coa administración autonómica para lle advertir da circunstancia que agora menciona (que o lugar non era apropiado para facer esa concreta depuradora).

En resume, despois de case tres anos dende que formulamos a recomendación de referencia, o Concello sinala que dende hai tempo se veñen realizando comprobacións e estudos para determina-las medidas a adoptar. Pero con motivo da anterior queixa (C.6.Q/857/03) tamén se sinalara que se realizarían diferentes informes técnicos e estudos sobre o funcionamento da EDAR e se promovería a solución do problema. Entón pola nosa banda se concluíra que "despois dun tempo considerable dende que a problemática se fixo patente, o ente local aínda parece atoparse nunha fase de avaliación da mesma, cando ao menos xa deberan ter comezado a executarse as medidas correctoras ou paliativas da situación que un número considerable de cidadáns está a padecer. (...) Neste punto a actuación da administración municipal non respondeu ós adecuados parámetros de dilixencia, neste caso debido á demora na determinación das medidas a adoptar e á non execución das mesmas coa rapidez que require a gravidade do problema". Pois ben, a pesares do anterior, resulta rechamante que a día de hoxe pode facerse o mesmo comentario, pero agora tres anos despois, o que poñería de manifesto a falta de dilixencia do Concello para poñer remedio á situación.

O anterior sucede a pesares de que claramente puxemos de manifesto a gravidade do sucedido, mencionando que coa actuación municipal se está a conculcar o dereito ó medio ambiente adecuado e á calidade de vida dos afectados, dereito recoñecido no artigo 45 CE; e, á marxe deste principio rector da política social e económica, tamén se están a conculcar outros dereitos, aínda que esta vez dos especialmente protexidos na Constitución polo seu carácter fundamental. Efectivamente, segundo a doutrina consolidada sobre a materia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH), agora recollida polo noso Tribunal Constitucional, o dereito á intimidade persoal e familiar pode ser conculcado polas inmisións que teñan a súa orixe en formas de contaminación que afecten a ese ámbito de privacidade das persoas. Así, a Sentenza de 9 de decembro de 1994 do TEDH (*caso López Ostra contra España*) deu lugar á condena do noso país polo tratamento dos problemas ambientais creados polo inadecuado funcionamento dunha EDAR, o que obrigou á reclamante e a súa familia a cambia-lo seu domicilio. Diso se derivou unha violación polas autoridades nacionais do artigo 8 do Convenio Europeo, ao privar aos demandantes do desfrute efectivo do seu dereito ao respecto do domicilio e da vida privada e familiar. Se criticaba unha situación que se prolongara a causa da pasividade do ente local e das demais autoridades competentes, aínda despois da presentación da denuncia ante a Comisión Europea e das actuacións desta. Malia a paralización parcial das actividades en 1988, a EDAR continuou producindo graves molestias (fumes, ruídos repetitivos e fortes olores), facendo insoportable o réxime de vida da familia e provocando serios problemas de saúde. Apoiándose en informes médicos e periciais, a Comisión concluíu que as emanacións da planta sobrepasaban o límite autorizado, que podían xerar un perigo para a saúde dos habitantes das vivendas próximas e que podía haber un vínculo de causalidade entre ditas ernanacións e as afeccións que sufría alguén. Finalmente, a Sentenza do TEDH sinala que "nin que dicir ten que os atentados graves ao medio ambiente poden afectar ao benestar dunha persoa e privala do desfrute do seu domicilio, prexudicando a súa vida privada e familiar, sen, por iso, poñer en grave perigo a saúde da interesada. (...) Hai que ter en conta o xusto equilibrio entre os intereses concorrentes do individuo e da sociedade no seu conxunto, gozando o Estado en calquera das hipóteses dunha certa marxe de apreciación. Ademais, incluso para as obrigas positivas que resultan do apartado 1 (do artigo 8), os obxectivos enumerados no apartado 2 (do artigo 8) poden xogar un certo papel na búsca

do equilibrio desexado". No caso concreto que se coñece non se soubo "manter un xusto equilibrio entre o interese do benestar económico da cidade de Lorca -o de dispoñer dunha planta depuradora- e o desfrute efectivo pola demandante do dereito ó respecto do seu domicilio e da súa vida privada e familiar", polo que houbo violación do artigo 8.

Como adiantamos, esta doutrina recolleuse en España a través da Sentenza 119/2001, de 24 de maio, do Tribunal Constitucional, referida neste caso a un suposto de contaminación acústica. Posteriormente foron os diferentes órganos xurisdiccionais os que progresivamente deron aplicación a este criterio, e hoxe é habitual atopar fundamentacións xurídicas que parten da consideración de que un dos dereitos potencialmente afectados por problemas ambientais é o dereito á intimidade persoal e familiar, na súa vertente domiciliaria, protexido polo artigo 18.1 da Constitución.

É de sinalar que os cidadáns que promoveron a queixa orixinaria (C.6.Q/857/03) están demandando a preservación duns intereses protexidos na Constitución Española, que ampara non só os dereitos á intimidade persoal e familiar (artigo 18.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (artigo 45.1 e 2), senón tamén á protección da saúde (art. 43.1). Como consecuencia das citadas previsións constitucionais, os poderes públicos teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

Por tanto, no suposto que coñecemos, da información dispoñible parece deducirse que o Concello de Vigo non deu efectividade á recomendación que lle diriximos hai tres anos, malia ser aceptada formalmente. Por iso, procederemos do xeito previsto no art. 33.2 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, que sinala que "se non se obtivera unha xustificación adecuada (o Valedor do Pobo) incluirá o asunto no seu informe anual ou especial, con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos nos que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise". Por tanto, no próximo Informe que esta institución dirixa ao Parlamento de Galicia incluirase a correspondente mención crítica do asunto, coa especificación mencionada.

Ademais do anterior, o suposto examinado merece outro comentario crítico, este derivado da falta de solución material ao problema, e iso a pesares do moito tempo transcorrido dende que se puxo de manifesto e tamén dende que se deu a anterior recomendación. A pesares de que nela sinalabamos a necesidade de tratar con urxenza a solución do caso, o certo é que, das informacións recadadas neste expediente de oficio, a única conclusión que se pode extraer é que se segue a demorar a solución definitiva e o problema non se trata coa dilixencia que merece, a pesares da gravidade posta de manifesto pola nosa banda. Por iso, pode concluírse tamén que o ente local non adoptou tódalas medidas ó seu alcance para protexer os dereitos constitucionais que están sendo obxecto de menoscabo como consecuencia das deficiencias da instalación, que ademais é de titularidade municipal. Así pois, o principio constitucional de eficacia no labor das Administracións Públicas (art. 103.1 CE) non parece terse aplicado con rigor no tratamento desta problemática, á vista da insuficiencia das actuacións municipais e fundamentalmente pola abstención na adopción, ata agora, das medidas

adecuadas, deixando transcorrer un período de tempo considerable sen determinar e executa-las solucións precisas.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Vigo a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

**"Que con urxencia se executen as medidas precisas que permitan corrixir as deficiencias de funcionamento detectadas hai moito tempo na EDAR do río Lagares, e que especialmente se corrixan os fortes cheiros que emanan da instalación e prexudican gravemente os dereitos constitucionais dos afectados, especialmente os referidos á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario, ao medio ambiente adecuado e á calidade de vida, e á saúde".**

Agradecendo a V.I. de antemán a acollida ó manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, lembrámoslle a necesidade de que no prazo dun mes dea conta a esta Institución da aceptación ou rexeitamento da recomendación formulada, dando conta dos motivos neste último caso."

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Quero darlle as gracias a todos os grupos políticos, tamén ós veciños e esperemos que hoxe sexa, coma se dixo aquí, un punto de inflexión entre o antes, o presente e que por suposto o futuro nos leve a todos facer as xestións convenientes e correctas para que dunha vez por todas resolvamos un dos maiores problemas que ten esta cidade. Moitas gracias.

5.- (140).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 14.07.06 DE ATRIBUCIÓNS INTERINAS A FUNCIONARIO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 14 de xullo de 2006, a Alcaldía-Presidencia procedeu a dictar a seguinte resolución:

"Con motivo da baixa da funcionaria interina Dª Beatriz Barbará Rodríguez, técnica de administración xeral pertencente ó departamento de Patrimonio e Contratación, e segundo a disposición adicional segunda do Regulamento económico-administrativo, esta Alcaldía acorda:

Primeiro.- Encomendar, ata á incorporación ó seu posto, ó funcionario don Miguel Miranda Pan, presidente do Tribunal Económico, a instrucción dos expedientes de responsabilidade patrimonial e a tramitación do expediente relativo á resolución do contrato de concesión de servizos públicos no Mercado do Progreso.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados.

Terceiro.- Dar conta desta resolución ó Pleno na próxima sesión que realice, segundo a disposición adicional segunda do Regulamento económico-administrativo.”

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

6.- (141).-MODIFICACIÓNS PUNTUAIS DO PLAN XERAL EN TRÁMITE. FINALIZACIÓN E ARQUIVO. EXPTES. 3609/411, 4365/411, 3549/411, 3886/411, 4192/411, 4294/411, 5663/411, 6744/411, 6204/411, 7597/411, 7678/411, 7691/411, 8943/411.

ANTECEDENTES.- Con data 5 de xullo de 2006 o arquitecto xefe de Planeamento e máis o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento, coa conformidade do concelleiro delegado e máis do Xerente de Urbanismo, informan do que segue:

“1º.- Nesta Administración municipal incoáronse os seguintes procedementos de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93), previo acordo do Pleno municipal ou do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sobre os que aínda non se dictou a correspondente resolución final:

- Expte. 4365/411 – Modificación Puntual núm. 13 do PXOU-93, en Cabral e Bembrive (GEA). Estado tramitación: pendente de informe ás alegacións por parte dos redactores e do Ministerio de Fomento (novembro 2002). Este expediente ten unidos os números 3549/411, 3886/411, 4192/411 e 4294/411.

- Expte. 6744/411 – Modificación Puntual núm. 24 do PXOU-93, referida a Mohasa (Coruxo). Estado tramitación: Pendente de informe previo á aprobación inicial pola Consellería de Política Territorial, solicitado en marzo de 2001. Ten unido o expediente 6204/411

- Expte. 7597/411 – Modificación Puntual núm. 27 do PXOU-93 relativa á parcela de “Cordelerías Mar”. Estado de tramitación: Informado pola CPTOPV da Xunta de Galicia en febreiro de 2002, pendente de informe dos redactores, rectificación e aprobación inicial.

- Expte. 7691/411 – Modificación Puntual do PXOU-93 sobre o PAU 4 “A Garrida”. Estado de tramitación: Pendente do informe de “XESTUR” sobre as observacións contidas no informe da CPTOPV (xuño 2003).

- Expte. 7678/411 – Modificación Puntual núm. 28 do PXOU-93 no contorno do Estadio de Balaídos. Estado de tramitación: emitido informe pola CPTOPV no 20/08/2002, previo á aprobación inicial. Pendente de informe/corrección polos redactores do proxecto de modificación.

- Expte. 8943/411 – Modificación Puntual núm. 29 do PXOU-93, sobre ampliación do parque tecnolóxico e loxístico de Vigo. Estado de tramitación: pendente de contestación polo Consorcio da Zona Franca de Vigo á notificación de 11 de agosto de 2004 do informe desfavorable da Administración de Estradas do Estado.

- Expte. 5663/411 – Modificación Puntual núm. 10 do PXOU-93, relativa ás entreplantas da UE I-05 Rosalía de Castro 1. Aprobado inicialmente o 27/05/2002, pendente de contestación de alegacións.

- Expte. 3609/411 (2104/412) – Modificación Puntual núm. 4 do PXOU-93, relativa a unha parcela sita en Mide, San Miguel de Oia. Estado tramitación: acordo plenario de inicio adoptado no 30/11/1994. Pendente de aprobación inicial.

2º.- Con motivo da tramitación nesta Administración municipal dun procedemento de revisión do PXOU-93 (expte. 7266/411) remitíronse os devanditos proxectos de modificación puntual ao equipo redactor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para a súa consideración e estudo. O novo PXOM atópase actualmente nun estado avanzado de tramitación, téndose aprobado inicial e provisionalmente en virtude dos respectivos acordos plenarios municipais do 30/12/2004 e 19/05/2006. Intégranse nel solucións de ordenación concretas para os referidos ámbitos, ben recollendo nalgúns casos ou modificando noutros, a ordenación proxectada nos mentados expedientes de modificación puntual inconclusos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Considerándose o avanzado estado de tramitación do procedemento de revisión integral do PXOU-93 (expte. 7266/411), no que se comprenden todos os ambitos obxecto dos respectivos expedientes de modificación puntual antes citados, carece de sentido continuar tramitando estes últimos. En primeiro lugar porque poderían incorrer en contradicción coa ordenación final do futuro PXOM. En segundo porque resulta lóxico e racional refundilas e integralas nun único procedemento, xa avanzado, no que se examina e proxecta urbanísticamente o termo municipal na súa globalidade, articulando sistemáticamente todos os seus ámbitos. Reforza estas conclusións o disposto no art. 94 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), no que se prohibe incoar modificacións puntuais do planeamento xeral trala aprobación inicial da súa revisión, agás en execución de sentenza.

II.- A potestade municipal de planeamento é intrínsecamente discrecional (SS TS -Sª 3ª, Secc. 5ª- do 26/01/2005 -casación 2199/2002-; 11/02/2004 -casación 3515/2001-; 02/11/1995 -arz. 8061-, 22/02/1999 -arz. 1481- ou 18/03/1992 -casación 5397/1990- e S TSXG do 25/06/1998 -rec. 2/4093/1995-, e 11/05/2004 -rec. 2/4057/1999, arz. RJCA 2004\772-). Especialmente cando se trata da redacción ou modificación dun Plan Xeral, cuxa iniciativa corresponde en exclusiva á Administración pública (art. 81 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia –LOUGA-).

Por outra banda, os procedementos administrativos non poden quedar abertos indefinidamente. Deben concluír en todo caso coa pertinente resolución. Así resulta do disposto nos arts. 42.1 e 89 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (obriga de resolver) e no art. 9.3 CE (principio de seguridade xurídica). Consecuentemente, procede acordar a finalización e arquivo dos procedementos de modificación puntual do PXOU-93 antes resenados, ao resultar integrados e substituídos polo procedemento de revisión do Plan Xeral en avanzado estado de tramitación (expte. 7266/411).

III.- É competente para dictar o acordo que agora se propón, o Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros, de conformidade co disposto nos arts. 123.1.i) e 123.2 LBRL, previo informe preceptivo do Secretario do Pleno."

Polo anteriormente exposto os funcionarios asinantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do día 13 de xullo de 2006, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Cotobad Tombo, Guerra Fernández e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desistir da continuación dos procedementos de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo do 29/04/1993 que se describen no antecedente "1º" da parte expositiva deste acordo, declarando a conclusión deses procedementos e ordeando o seu arquivo. Exptes. 3609/411, 4365/411 (3549/411, 3886/411, 4192/411 e 4294/411), 5663/411, 6744/411 (6204/411), 7597/411, 7678/411, 7691/411 e 8943/411.

Segundo.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo á CPTOP da Xunta de Galicia e ó equipo redactor do novo PXOM. Publíquese a súa parte dispositiva no BOP e no DOG, xunto coa relación dos referidos procedementos de modificación puntual, indicando que contra el cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

7.- (142).-APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCIZO 2005.

ANTECEDENTES.- A Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria do día 22 de maio de 2006, por maioría, dictaminou o seguinte:

“Unha vez formada a Conta Xeral, correspondente ó orzamento do ano 2005, rendida pola Sra. Alcaldesa-Presidenta e ó obxecto de dar cumprimento ós requisitos do artigo 212 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como as recomendacións do Sr. Interventor Xeral, a Comisión Especial de Contas dictamina favorablemente, segundo a proposta remitida:

a) Ratificar a proposta da Concellería de Economía e Facenda relativa ás dotacións porcentuais para saldos de dubidoso cobramento que figuran como documento anexo.

b) Traspasar o saldo do subgrupo 14 que figura non balance de situación ó 31 de decembro de 2004 á conta de Patrimonio correspondente á Entidade Local, Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo.

c) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, ou saldo debedor ou acredor en cada caso dá conta 890 (Resultados do exercizo), correspondente á Entidade Local, ou Instituto Municipal dous Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente os resultados do Exercizo 2004.

d) Dictaminar inicialmente a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo correspondente ó ano 2005, integrada por:

- A dá propia Entidade.
- OA Parque dás Ciencias Vigo-Zoo.
- OA Escola de Artes e Oficios.
- OA Instituto Municipal dos Deportes.
- OA Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes documentos:

- Balance de situación.
- Contas de resultados.
- Estado de orixe e aplicación de fondos.
- Cadro de financiamento anual.
- Liquidación do estado de gastos (corrente)
- Liquidación do estado de ingresos (corrente)
- Consolidación do estado de gastos e ingresos (por capítulos e artigos)
- Resultado orzamentario.
- Liquidación de orzamentos pechados.
- Estado de Tesourería.
- Estado da débeda.
- Balance de comprobación.
- Modificacións de crédito.
- Estado de remanente de Tesourería.
- Estado de situación e movementos dás operacións non orzamentarias de Tesourería.
- Estado de situación e movementos de valores.

e) Unha vez dictaminada, someter a mesma ós requisitos de publicidade e demais trámites que esixe ou art. 212.3 e 4 do TRLRFL e á Lei galega.

De non se presentarse reclamación ningunha perante ou período de exposición, polo secretario dá Comisión, previa certificación que acredite o anterior, remitirase á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación e posterior remisión ó Consello de Contas de Galicia. De se ter recibido reclamacións durante o prazo establecido, informaranse e a Comisión Especial de Contas formulará proposta ó Pleno da Corporación."

Durante o prazo sinalado no edicto do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 105, de data 02.06.06, non se presentou no Rexistro Xeral deste concello reclamación ningunha.
Con data 10 de xullo o interventor xeral remite á Secretaría Xeral o expediente da Conta Xeral para a súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Nós non estamos a favor da aprobación desta Conta por unha razón sinxela: vostedes furtáronlle ó Pleno da Corporación a posibilidade de ter un Orzamento propio deste ano que sería o que realmente lle daría sentido político e técnico a que viñera unha aprobación dunha conta xeral. Nós non imos votar a favor deste punto.

SR. VIÉITEZ ALONSO: A nosa intención era non intervir pero dado o carácter triunfalista da intervención do responsable de Facenda do goberno cando se presentou a liquidación do ano 2005, obríganos a intervir e nomeadamente en función do informe da Intervención Xeral onde se apuntaba algo que dixemos na breve intervención que fixemos no Pleno e que agora está saindo e posiblemente sairán máis datos coa liquidación do Orzamento do ano 2006.
Nese sentido querémoslle chamar a atención sobre algunhas recomendacións que fai a Intervención Xeral e sobre algúns outros aspectos.
En primeiro lugar, xa vai sendo de xeito reiterado o apuntamento que fai a Intervención Xeral en canto a que existe unha desviación e unha falla de conciliación dos saldos pola non incorporación de melloras dos activos existentes que se producen nos bens, sobre todo en investimentos de reposición e mellora inventariable. É necesaria e perentoria unha actualización do Inventario de Bens e dende logo que tamén é necesaria a separación do patrimonio municipal do solo.
Son aspectos que xa van sendo reiterados no informe de Intervención e sinceiramente pediríamoslles que tomasen nota porque son cousas necesarias.

Pero á parte diso hai dous aspectos que son realmente os que nos obrigan a intervir e é por un lado que estamos vendo como se están incrementando os dereitos pendentes de cobro e que nestes momentos están á altura, en números redondos, de 63 millóns e medio de euros; este é un dato significativo. Efectivamente ten acumulación de varios anos pero o que si é certo é que esta cantidade cando menos se está incrementando nas Contas Xerais dos distintos anos e é un dato sinceiramente significativo e demostra que non se tomaron as medidas necesarias para minorar esta cantidade.

Logo hai algo que xa denunciabamos de que vostedes se estaban deslizando por esta pendente, para nós tremendamente perigosa que o único que fai é desviar o gasto cara outros anos pero que cada vez salta máis á vista: trátase dos acordos adoptados sen fiscalización previa.

No propio informe da Intervención Xeral fálase de que hai 34 expedientes por un valor de 4.669.000 euros dos que se tomou razón, é dicir, que non houbo fiscalización previa ó respecto. Fala de que se tomaron acordos para indemnizacións substitutivas dentro do Orzamento neste caso e refírese a 12 expedientes por un valor de 4.629.000 euros e tamén indemnizacións substitutivas, estas si fóra do Orzamento, por recoñecemento extraxudicial de crédito por case 2 millóns de euros nuns 20 expedientes. En total este goberno municipal no ano 2005 asumíu e adoptou acordos sen fiscalización previa por un valor de 11.200.000 euros.

Chámanos poderosamente a atención isto porque a intervención do concelleiro de Facenda cando presentou a liquidación do 2005 foi triunfante, pero sinceiramente os datos cantan. É máis, vostedes no seu momento tamén se fixeron eco disto na liquidación dos orzamentos do goberno anterior, pero é curioso que o volume de tramitación sen control que nestes momentos é excesivamente elevado e representa un 7,79% sobre o orzamento definitivo, deducido o Capítulo I, VIII e IX do orzamento de gastos, e está 10,30% sobre obrigas recoñecidas correspondentes ós devanditos capítulos.

Chama a atención a Intervención cando lles di que vostedes empeoraron as porcentaxes en relación co exercizo precedente, que as ratios estaban anteriormente no 2,45, vostedes pasaron ó 7,79% e no 2,85% e vostedes pasaron ó 10,30%. Nese sentido están vostedes utilizando fórmulas que se recollen na lei pero entroutras cousas o único que están facendo é trasladar os gastos a outros capítulos e polo tanto daí o desequilibrio do Orzamento.

Por último e que tamén nos chama poderosamente a atención porque para nós significa nin máis nin menos que unha falla de previsión e polo tanto unha improvisación, é o que se refire ós 144 expedientes de modificación de créditos. Cando se elabora un orzamento defínense unhas prioridades que debe ser onde o goberno reflicte perfectamente as súas prioridades; pois vostedes improvisaron o propio orzamento do ano 2005 como o demostran estes 144 expedientes de modificación de orzamento e polo tanto estamos unha vez máis ante falla de previsión, seguimos na política de improvisación.
Polo tanto, señores do Partido Popular, non sexan tan triunfalistas cando presenten as súas contas. Imos agardar á presentación da liquidación da Conta Xeral do ano 2006 onde nos arroxarán outros datos mesmo máis preocupantes.
Sinceiramente o que vostedes deben facer é corrixir esa tendencia porque o único que están facendo é deixarlle unha hipoteca ó próximo goberno municipal.

SRA. GRAÑA BARCIA: Tentarei seren breve sobre todo por non repetir o que xa avanzaron outros compañeiros.
En primeiro lugar si quixera lamentar a non presenza nesta sesión do Sr. Guerra dado que coido que sería quen máis coñecemento ou dende logo con máis responsabilidade, podería dar contestación ás anotacións que aquí todos estamos facendo.
Dende o noso punto de vista se seguen producindo os mesmos reparos que en anos anteriores, demostrando polo tanto unha clara incapacidade para os corrixir. En primeiro lugar en relación co Inventario de Bens municipais que continua sen actualizar, unha vez máis, un ano máis, a mesma anotación malia as reiteradas peticións deste grupo poñendo de manifesto a importancia deste asunto. Lémbrolle unha moción onde poñiamos mesmo de manifesto os retrasos que se están producindo na elaboracións destes traballos malia un compromiso de prazos adquiridos por vostedes.
No que respecta ó custo de rendemento dos servizos municipais do que se deriva con posterioridade o cálculo das taxas, segue sen se realizar unha análise de rendabilidade social dos servizos e o económico segue sendo negativo.
É necesario salientar tamén o incremento do saldo da conta de debedores da Xerencia de Urbanismo, no ano 2004, 3.273.000 euros aproximadamente, e este ano ascende a 4.258.000 euros, estamos falando dos mesmos e dalgúns máis.

O volume de tramitación de gastos sen control segue sendo moi elevado, as porcentaxes empeoraron respecto ó exercizo anterior. Pensamos que aquí lamentablemente o Sr. Guerra leva tarxeta vermella porque é que o ano pasado presumíu da reducción do número de expedientes de gastos sen control e sen embargo este ano fóiselle das mans porque pasamos no 2004 de 2.833.000 euros aproximadamente, a 11.200.000 e entroutras curiosidades atopamos nun deses expedientes o pagamento da organización dunha conferencia que deu a nosa Alcaldesa na cidade de Oviedo.
Como conclusión, as cifras mantéñense en parámetros aceptables, a lexislación non permitiría outra cousa, pero a xestión que se analiza a través da conta demostra a permanencia das mesmas carencias, a repetición das mesmas obxervacións coma o inventario sen actualizar, e este ano ademais un incremento do gasto sen control.

A PRESIDENCIA: Vostedes están no seu papel, nós coidamos que os datos que temos enriba da mesa da liquidación desta conta son moi positivos e como ó mellor moitas veces é coller informes esternos téñolles que dicir que hai un informe FIX que confirma a calificación Dobre-A menos, con referencia ó Concello de Vigo que lles vou ler porque é importante:
“Vigo obtivo tradicionalmente unha boa actividade orzamentaria comparada con outros Concellos españoles. Acadou por exemplo unha capacidade de endebedamente neto antes da valoración neta da débeda 30 millóns de euros en 2004, o que supuxo o 16,7% dos ingresos...
O Concello de Vigo obtivo nos últimos anos un aforro bruto respecto ós ingresos correntes de ó redor do 21%. Ademais o gasto do capital en relación co orzamento é unha proporción inferior comparado con outros Concellos españoles, ó redor de 20 millóns de euros de promedio durante os últimos cinco anos, 7,5%.
Gracias a esta boa actuación orzamentaria a débeda foi diminuindo ata os 89 millóns de euros en 2004, menos 122 millóns de euros en 2000, permitindo ó Concello mellorar ós seus xa confortables ratios de cobertura da débeda...”
Dareilles esta información é allea a nós e que da conta do que se está a facer neste Concello.
Ista non é unha cuestión única e exclusiva deste Goberno. En termos orzamentarios e na economía deste Concello se veñen poñendo as condicións para que os datos sexan non xa bos, senón magníficos. Poderiamos entrar en cuestións puntuais de tramitación dun expediente, pero tamén lles podo

dicir que aquí hai expedientes que veñen de épocas anteriores porque vostede fala só deste Goberno pero, de qué ano son eses expedientes de obras como a da Casa das Palabras de Necso-Entrecanales de 1.870.000 euros; liquidación das obras do Marco outro millón de euros. Dun apartado que o Sr. Vieitez me fala de 4.600.000 euros, dous milóns en medio son da época en que gobernaban vostedes ainda que do departamento do Partido Socialista polo que poderiamos entrar en moitas cuestións.

Os datos coido que son importantes: resultado orzamentario do ano 2003, 1,1% máis; remanente de Tesourería Xeral, un 60% máis; aforo neto consolidado, un 26% máis se comparamos o 2003 co 2005; superávit consolidado, un 60% máis; ingreso de liquidacións de operacións correntes, un 11,5% máis; débeda viva que ó final é o que lle importa a moita xente, en coeficiente de endebedamento tiñamos un 66,06 e temos un 47,07%.

Digo claramente que a saúde económica deste Concello é magnífica; seguramente se foron poñendo as bases paulatinamente, isto non é un mérito único e exclusivo dun concelleiro, dun equipo de Goberno nin dunha Corporación. O que hai que transmitir á opinión pública é que este Concello nos últimos anos está a ter unha situación económica razoable, equilibrada, moi positiva e mesmo axencias coma ista, que fan a valoración de todos os Concellos españois, fan unha valoración positiva do que significa Vigo con respecto ó que se está a facer noutros Concellos.

Podiamos entrar en cifras, tamén podiamos dicir que houbo un problema claro na Xerencia e que pola suspensión de licenzas evidentemente nalgúns impostos non se cumpríu cos seus obxectivos pero son cuestións puntuais.

Coido que nos temos que felicitar todos, non este Goberno ou o Sr. Guerra, senón todos pola situación económica que ten este Concello o que sempre era un dos grandes debates: os pagamentos retrasados ós provedores, endebedamento altísimo, etc. Coido que é saudable a economía desta cidade e esa é a valoración que nós facemos sen triunfalismos porque hai moitísimas cuestións que se poden mellorar e de feito coido que o día a día tenos que servir a todos e nós tamén agradecemos a crítica dende a oposición para que isto nos serva de motivación para poder mellorar en anos sucesivos, pero coido que todos temos que estar relativamente satisfeitos dentro das cuestións puntuais que evidentemente un Concello coma Vigo, cun orzamento tan amplo, coa dinámica que ten esta cidade ás veces nos leva ás cuestións que todos sabemos.

SR. VIEITEZ ALONSO: Coma lle dixen antes, o estado triunfalista fíxoo o seu concelleiro de Facenda cando presentou a liquidación, daquela nin tan siquera pretendiamos intervir.
Vostede non refutou en absoluto os datos que lle demos pero non imos entrar ainda no debate, imos agardar á liquidación do ano 2006 e xa lle apuntabamos, cando vostedes presentaron a liquidación do ano 2005, que se empezaban detectar non só estancamentos dalgúns ingresos, senón que o retroceso nalgúns determinados e iso si que nos preocupa.
Este ano non nos preocupa, ainda que xa empeza ser alarmante e fáganlle caso ó informe de Intervención, senón o que vostedes están arrastrando ano tras ano e ó final imos voltar á mesma situación que nos atopamos cando gobernou a anterior Corporación e iso si que nos preocupa porque logo teremos que ser outros os que poñamos medidas enriba da mesa, algunhas ó mellor non tan agradables, nin tan populares, nin tan electoralistas, pero nos obrigarán outra vez a sanear a facenda.
Vostedes efectivamente son herdeiros dunha boa xestión, como vostedes mesmos recoñecen, pero lles estamos a pedir que corrixan porque ó noso entender o que están a facer é dilapidar a boa xestión que houbo na anterior Corporación e isto ímolo pagar na seguinte.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sr. Figueroa, en primeiro lugar pedirlle que perda vostede a costume de que aparezan informes no último momento, que os demais nunca coñecemos e que amplíe a súa boa valoración dos informes externos non só ó que emitíu esta entidade, senón tamén por exemplo ós que opida emitir o Valedor do Pobo.
Sinxelamente dúas precisións: lembrarlle que non resposta vostede a ningunha das anotacións que realizamos o resto dos grupos e non pode nin debe vostede, ainda que seguramente foi un fallo involuntario, confundir débeda con procedemento de tramitación da débeda. Ninguén cuestiona que efectivamente non existan débedas nesa relación que procedan de anteriores Corporacións; agora ben, a tramitación correcta do pagamento desa débeda correspondeulles a vostedes e lamentablemente non se producíu dun xeito correcto.
Por último só repetirlle, como xa diximos na nosa primeira intervención, que as cifras son aceptables, non podía ser doutro xeito, se así fose obviamente estariase incumprindo a Lei de estabilidade orzamentaria e estariamos falando doutra situación. O que tratamos é de poñer avisos

suficentes para evitar que en futuros exercizos lamentablemente teñamos que falar de aplicación das duras medidas que contempla a Lei de estabilidade cando non se cumpren os seus requirimentos.

(Están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Cotobad Tombo, Guerra Fernández e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con sete votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, catorce abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, dous vostos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro,
ACÓRDASE:
Aprobar a Conta Xeral do Exercizo 2005 nos termos que se expresan no dictame da Comisión Especial de Contas da sesión do 22 de maio de 2006, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (143).-INCREMENTO DE CRÉDITO PARA AFRONTAR OS GASTOS DO PROGRAMA DE DISPOÑIBILIDADE HORARIA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33385/212

ANTECEDENTES.- Con data 29 de xuño de 2006, a técnica de RRHH do Servizo de Persoal informa do que segue:

“No informe da Intervención xeral de data 15 de xuño de 2006, exponse que a baixa parcial de determinados créditos dispoñibles non comprometidos correspondentes a partidas do Capitulo I do orzamento, de conformidade co previsto no artigo 49 e 51 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, debe considerarse como un suplemento de crédito regulado no artigo 177 do TRLRHL, no artigo 35 e 38 do RD 500/90 e a base 8ª de execución do orzamento.

Así mesmo, exponse no devandito informe que deberá acreditarse a inexistencia de crédito comprometido na partida correspondente ao nivel en que este establecía a vinculación xurídica. No seu ultimo punto recóllese “....é necesario acreditar no expediente, pois non consta, que non existe saldo de crédito non comprometido na partida correspondente a complemento de productividade, por parte do servizo xestor do crédito”. Polo anteriormente exposto, informase que:

A dotación inicial da partida 1210,1500000 no orzamento prorrogado correspondente ó ano 2006 é de 512505.27 €. Ata o mes de maio de 2006 realizáronse compromisos de gasto con cargo a dita partida, segundo datos obrantes neste Servizo, por importe de 146507,95 €.

Os mencionados compromisos de gasto correspóndense a retribucións en concepto de productividade recollidos no apartado terceiro das vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos para o exercizo 2006, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de maio de 2005 e publicadas no BOP 108, do martes 7 de xullo de 2005 (acumulación temporal de dous postos de traballo, desempeño dun posto de categoría superior, toxicidade do persoal de distintos servizos, utilización de maquinaria pesada polos oficiais conductores, conducción dun vehículo lixeiro municipal non sendo oficial conductor, campañas de desinfección, desratización e desinsectación do Laboratorio Municipal, a dedicación extraordinaria do persoal do servizo de conserxeria, Museo Municipal "Quiñones de León" e conductores da Alcaldía , etc.)

O gasto estimado por este servizo con cargo a dita partida, no caso de que se mantivera a tendencia xaneiro-maio, no período xuño-decembro sería de 205.111,13 €, pero é necesario sinalar a existencia de propostas de productividade pendentes de aprobación e non contempladas nesta estimacion

No ano 2005 para facer fronte ó programa de dispoñibilidade da Policía Local no que se incluían 10 xornadas, foi preciso realizar as modificacións de crédito nº 30/05 e 41/05 por un importe total de 680.952,48 €.

Ante estas circunstancias considérase imprescindible a realización dunha modificación de crédito antes da aprobación do gasto correspondente ao programa de dispoñibilidade da Policía Local para o ano 2006, co obxecto de ter cobertura orzamentaria suficiente para os gastos previstos con cargo á partida 1210 1500000 e recollidos nas Instruccións de plantilla vixentes. Nos restantes aspectos, ratifícase o informe-proposta desta Unidade emitido en data 22 de maio de 2006.

En consecuencia formúlase ó Pleno do Concello a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Autorizar o incremento do crédito existente na partida 121.0.1500000 (Productividade) nun importe de 233.431,80 €, co obxecto de afrontar os gastos do programa de dispoñibilidade horaria da Policía Local correspondente ao ano 2006, aplicando os créditos non consumidos nas partidas 222.2.120.00.00 –retribucións básicas Policía Local- e 222.2.121.00.00 –retribucións complementarias Policía Local-, correspondentes ó primeiro cuatrimestre do ano 2006, dos postos que a continuación se detallan.

| **Cod. Posto** | **Posto** | **Servizo** | **Partida** | **Dot.** | **Básicas (Partida 120.00.00)** | **Comple (Partida 121.00.00)** | **Total praza mes** | **Total dotación cuatrimestre** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 134 | Garda | Policía | 222.2 | 18 | 564,4 | 868,7 | 1433,1 | 103179,7 |
| 126 | Cabo | Policía | 222.2 | 15 | 564,4 | 923,0 | 1487,4 | 89242,2 |
| 99 | Sarxento | Policía | 222.2 | 4 | 690,2 | 1155,8 | 1846,1 | 29537,3 |

| Cod. Posto | Posto | Servizo | Partida | Dot. | Básicas (Partida 120.00.00) | Comple (Partida 121.00.00) | Total praza mes | Total dotación cuatrimestre |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 49 | Asesor Xurídico | Policía | 222.2 | 1 | 1091,0 | 1777,1 | 2868,2 | 11472,6 |
| | | | | | | | | **233431,8** |

Segundo.- Instar á Alcaldía-Presidencia para a instrumentacion da modificación orzamentaria correspondente na partida 121.0.1500000 (productividade) cos efectps de materializar o exposto no apartado primeiro do presente acordo.

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 21.07.06, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Querería facer en primeiro lugar unha pequenísima reflexión antes de chegar ó fondo do debate. Pedirialle ós grupos da oposición que, se teñen posturas xa prefixadas, tentemos neste pequeño debate aparcar o que significa, ó meu modo de ver e dende un punto de vista persoal e de goberno, a Policía Local. Que non sexa obxecto de diverxencias políticas e que teñamos a responsabilidade necesaria para que esta cidade, que sabemos que ten máis de trescentos mil habitantes, teña un bo goberno a través da Policía Local.

Dito isto e significativamente direi atendendo á brevidade que o artigo 51.3 da Lei orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade, establece entre as funcións da Policía Local as seguintes: protexer ás autoridades das Corporacións Locais e vixilancia e custodia dos seus edificios e instalacións; ordear, sinalizar e dirixir o tráfico no casco urbano de acordo co establecido nas normas de circulación; instruir atestados por accidentes de circulación dentro do casco urbano; ser policía administrativa no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia; participar nas funcións de Policía Xudicial; a prestación de auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública participando na forma prevista nas leis e na execución dos planes de Protección Civil; efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delictivos no marco de colaboración establecido nas Xuntas de Seguridade; vixilar os espazos públicos e colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e coa Policía das Comunidades Autónomas na protección das manifestacións e no mantemento da orde nas grandes concentracións humanas

cando sexan requiridos para iso; cooperar na resolución dos conflictos privados cando sexan requiridos para iso.
Enlazando estas notas que coido que é necesario manifestar publicamente, o 16 de maio de 2005 asinouse o acordo sobre dispoñibilidade horaria que perseguía tres obxectivos fundamentais: dar solución ó problema nas horas estructurais de cadro de persoal con orixe nunha serie de eventos fixos e outros eventuais. En segundo lugar superar ó déficit de persoal durante os catro meses vacacionais como consecuenza do solapamento dos primeiros doce días de cada mes. Por último tamén se perseguía un obxectivo de campañas selectivas intensas que coido que se foi cumprindo.
En canto á primeira resposta resulta evidente que se acadaron os obxectivos previstos coa proposta; así valoramos a resposta do servizo policial ós diferentes eventos que a partir da sinatura do acordo se desenvolveron en Vigo, non só os previstos inicialmente, senón tamén os que se sumaron con posterioridade. En todos eles deuse cobertura axeitada sen necesidade de recorrir a reforzos extraordinarios, nin foi necesaria unha negociación evento por evento coa conseguinte dificultade á hora de planificar o servizo policial.
O período de vacacións discorríu con absoluta normalidade respecto ó numero de efectivos dispoñibles e demandas do servizo.
A dispoñibilidade horaria supuxo unha solución máis que interesante ás destas hipotecas como podemos ver cos datos que moi brevemento vou sinalar.
Durante os meses da vixencia do acordo realizáronse pola Policía Local numerosas campañas sobre materias orientadas ben a conseguir maiores cotas de seguridade vial e a conseguinte diminución de accidentes ou tamén a reducir a lesividade dos mesmos: uso do casco protector, cinto de seguridade, controis de velocidade, ben en materia de policía administrativa: cans soltos, contedores de entullos, publicidade en mobiliario urbano, etc., ben orientada cara a peóns ou circulación e rotondas. Todos estes conceptos partiron dunha análise previa sobre as causas dos sinistros, lesividade dos mesmos, lugares ou zonas con maiores índices de accidentalidade.
En materia de seguridade cidadá propiamente dita fíxose un estudo pormenorizado de edificios abandonados, parte dos cales corrían risco de derrubamento mentres outros eran utilizados por toxicómanos e pequenos rateros coma refuxio.

Houbo unha moción presentada polo Sr. Soto e entrouse en contacto con todos os centros escolares de ensinanza media para coñecer a súa problemática nesta materia e partindo deste coñecemento directo establecimos un sistema de vixilancias periódicas durante as horas máis conflictivas que a propia comunidade educativa nos indicou.
Tamén se estableceu un sistema de revisións e controis en parques públicos atendendo á súa problemática específica coa finalidade de dar seguridade ós usuarios, especialmente a persoas maiores e nenos. As ditas actuacións nacen tamén dun estudo policial previo sobre horarios e tipoloxía de conflictividade.
Outra actividade que non sería posible desenvolver pola súa concreción práctica é o servizo específico de seguridade na costa e praias xa que a non dispoñibilidade de persoal suficente impediríao por ter que dar prioridade ó servizo interior da cidade.
Non vou entrar no detalle dos resultados porque ademais estou lendo o informe que se lles pasou a vostedes, esta análise que por primeira vez se fixo no Concello de Vigo polo oficial xefe, don Carmelo del Castillo, e que se lles trasladou a todos os grupos para ó seu exame.
Sinxelamente abondando nesa reflexión dicirlles que no informe-proposta que fai o mesmo oficial xefe, no apartado cuarto di: Sen prexuízo de canto se ten dito é preciso insistir aquí en que o programa de dispoñibilidade resposta a carenzas que exceden do ámbito do período de vacacións, así como á necesidade de non baixar a garda en canto ós resultados obtidos nas sucesivas campañas do ano 2005.
Eu quería rematar dicindo que en definitiva coido que unha cidade coma Vigo necesita unha cobertura importante, necesaria, en colaboración con outros Corpos e Forzas de Seguridade para salvagardar a seguridade de todos os cidadáns. Recentemente pedíunolo a presidenta da Asociación de Federacións de veciños Eduardo Chao quen me remitíu unha carta, antes de incluir este punto na orde do día, na que solicita unha entrevista para tratar de temas de seguridade, falla de policía de proximidade, inseguridade para as persoas maiores que viven soas, consumo de substancias aditivas na mocidade, inexistencia de control nos puntos de venda de drogas, existencia de bandas organizadas que empregan a violencia e inexistencia de programas preventivos en materia de violencia.
Loxicamente voume reunir coa presidenta da Federación de Asociacións de Veciños.

En consecuenza pido ó Pleno autorizar o incremento de crédito existente na partida 121.015.0000, productividade, nun importe de 233.431,80 euros co obxecto de afrontar os gastos do programa de dispoñibilidade horaria da Policía Local correspondente ó ano 2006, aplicando os créditos non consignados nas partidas correspondentes.

SR. SOTO FERREIRO: Só vou dicir dúas ou tres cousas pero o suficientemente claras. En primeiro lugar estamos doutra volta diante desa dicotomía dun tema que é un ben esencial coma é a seguridade e a súa xestión que na miña opinión ten prexudicado á seguridade, pero tampouco queremos facer pagar ós vigueses ós seus erros de goberno, máis concretamente os da Sra. Alcaldesa porque, independentemente dos concelleiros de Seguridade e de Persoal, a Sra. Alcaldesa ten que coordinar estas actividades.

Refírome concretamente a que vostedes non ampliaron en tempo e forma o cadro de persoal para que realmente puideran ter outro tipo de solucións que non foran ter que recorrir a parches e remendos, que digamos que son parches ou remendos intelixentes, buscados polos técnicos, por certo, técnicos intelixentes e ben competentes que hai na Policía Local, pero que non deixan de ser parches e remendos.

Nós estabamos dispostos e así o tiñamos falado de, malia todo, darlle a aprobación a este expediente porque, diante da dicotomía da súa mala xestión en definitiva un voto en contra podería producir prexuízos na seguridade da cidade, non queriamos asumir ese tipo de decisión. Pero hai un informe do interventor que nos botou outra visión, á parte de que o Sr. asesor xurídico di unha cousa, o interventor outra, ainda que penso que ten razón o interventor. Iste é un tema económico, de cadro de persoal, que afecta ó Pleno rotundamente e vostedos non fixeron os deberes de ter aprobado un orzamento onde poderían coller cousas coma iste.

Diante dese informe evidentemente non pretendan matar ó mensaxeiro; péguense vostedes unhas zorregadas por non ter feito os seus deberes políticos para que non tiña que aparecer ese informe que di que agora hai os problemas que hai.

Situados diante desas disquisicións, nós non queremos obstruir o tema da seguridade, non podemos en modo ningún mostrármonos a favor en función deses informes e polo tanto ímonos abster.

SR. VIEITEZ ALONSO: O problema é que chove sobre mollado e este debate xa o demos, concretamente o 6 de xuño do ano 2005, onde cada quen fixou a súa posición. Advertiamos sobre determinados temas e faciamos un ofrecemento. Por certo, en primeiro lugar que quede ben claro que imos falar da xestion do Goberno, non imos falar doutra cousa.
En segundo lugar a vantaxa que teñen vostedes é que gobernando tentan esquecerse dos compromisos que asumen e iso non é bo porque ainda por riba pretenden facer que a oposición sexa a mala neste papel e xa está ben. Se vostedes gobernan asuman ás súas responsabilidades e compromisos, por certo que propostos por vostedes que non por nós.
Alomenos o BNG xa lle dixemos nese Pleno do mes de xuño de 2005 que se estaba xestionando mal a seguridade desta cidade e non se estaban facendo os esforzos que había que facer para reverter esa situación e que garantira o papel que debe cumprir o Concello nese eido.
Este expediente é producto da indecisión, da improvisación e do cambio de criterio cada dous por tres. Isto non é unha acusación porque si, dígollo porque este expediente nace en concreto o 21 de decembro de 2005, falamos aproximadamente sete meses e medio despois de que o xefe da Policía Local lle recomende nun informe que sería necesario alongar a dispoñibilidade horaria para o ano 2006. Vostedes fixeron caso omiso a esa recomendación e ainda por riba andiveron de adiante para atrás con este expediente e como proba son os distintos informes. Menos mal que houbo algo de sentido común e seguiron por onde o tiñan que facer porque senón estarían noutros ámbetos e algunha responsabilidade habería se seguiran polo camiño de alguén que fixo un traxe á medida. Menos mal que os servizos técnicos de Intervención e Persoal lle puxeron algo de cordura a este expediente.
A súa indecisión, o seu xeito nada claro de cómo se debe xestionar a seguridade desta cidade, tráenos este expediente sete meses e medio logo de que naza. Como comprenderán isto non é culpa da oposición, boten os fogos de artificio que queiran pero a responsabilidade é de seu que para iso están a gobernar.
É máis, cando falaba de compromisos que, por certo, non llos arrincamos nós senón que o votaron vostedes na intervención do Pleno de xuño do ano 2005 que entre outras cousas falan dalgo que non se fixo pero que se tivo que votar naquel debate para sair do paso: “Invito a todos os grupos que están representados neste Pleno e que me merecen o maior respecto, que se constitua unha comisión de seguimento para esa reestructuración...” Vostede

introducíu a palabra “reestructuración” da Policía nese sentido que tamén nós recollemos a posteriori, fixémoslle un ofrecemento e mesmo engade na súa intervención o Sr. concelleiro de Tráfico e Seguridade: “...Fago ese ofrecemento respostando tamén ós posicionamentos que houbo e espero que antes de finais de ano (o ano 2005) haxa unha reestructuración profunda, con conclusións e que teñamos unha Policía Local que nos garanta a estabilidade e seguridade de todos os vigueses e que poidamos disfrutar dunha cidade en perfecta harmonía”.

Isto é responsabilidade de vostedes única e exclusivamente. Non sabemos se a houbo, se é que a houbo en qué termos, pero o que si é certo é que este compromiso que vostedes votaron de xeito apurado e sen o pensar, non o cumpriron.

É máis, nós dixémoslles no debate da anterior dispoñibilidade horaria que podiamos entender esa dispoñibilidade como unha fórmula transitoria para buscar solucións definitivas e vostedes non puxeron enriba da mesa ningunha medida que corrixira este tema.

Boa proba disto é que este tema o visten con distintos argumentos en cada expediente e estanse a acabar os argumentos porque ás veces valen as festas, outras os concertos de Castrelos, ás veces os acontecementos do IFEVI, outras as distintas campañas que están facendo, nunhas si noutras non. Algúns que nos preocupamos en mirar os distintos expedientes que vostedes tramitaron podemos comprobar que as xustificacións son distintas.

Se hai un problema de carácter estructural hai que tomar medidas para resolver ese aspecto; en todo caso, se hai algún aspecto de carácter coxuntural, xa lle dixemos no anterior Pleno que nós non imos ter ningún problema en axudar pero ise non é o problema de fondo para vostedes.

Con este tipo de medidas o que están a facer en primeiro lugar é precarizar as condicións de traballos porque alongan unha xornada a cambio dunha retribución económica pero de xeito permanente. Unha cousa é que por algún acontecemento imprevisto ou previsible pero de carácter coxuntural e outra cousa é a permanencia no tempo da dispoñibilidade.

Por certo, o informe do xefe da Policía Local solicitáballe que ampliaran a once xornadas e vostedes veñen solicitar catro pola razón de que se dan de conta que estamos falando en agosto e chegan tarde, ás presas e correndo e de xeito improvisado.

Están precarizando as condicións de emprego o que por certo xa fixeron outras veces noutros gobernos e volven insistir exactamente no mesmo.

Hai outro aspecto importante: se vostedes recoñecen que é unha cuestión de carácter estructural, executen a promesa electoral. A Sra. Alcaldesa prometeu cen postos de Policía máis, non os miramos por ningún lado. É máis, a única vez que tiveron certa confianza política vostedes non executaron a oferta de emprego público, nin a están a executar e iso é realmente o que hai que facer, é como se corrixe a dificienza de carácter estructural.

Outros, con todas as críticas, podemos poñer enriba da mesa 90 prazas de gardas da Policía Local; vostedes de momento ainda non. É máis, quérense comer parte deses créditos precisamente para este tema cando tiñan que executar a oferta de emprego público, tantas veces demandada pola oposición, porque en definitiva se hai un incremento do capítulo I, que revirta nunha parte moi importante, precisamente no emprego e vostedes non o fan.

Mentres se aumenta un 2,23 os postos que vostedes propoñen na RPT no ano que tiveron orzamento, aumentan o capítulo de persoal un 8,48% co que o que están facendo é incrementando de xeito paulatino pero á velocidade da luz o capítulo I pero non incrementan os postos de traballo e a nós iso si que nos preocupa porque é un debate tremendamente trucado que non estamos dispostos a consentir.

Incrementan os capítulos salariais pero non o repercuten no emprego porque mesmo o podían vender vostedes pero non o fan en absoluto senón que todo o contrario.

Polo tanto insistimos unha vez máis en que non están vostedes convencidos deste expediente, tardan sete meses e medio no traer. Nun segundo aspecto non lle fan caso ó informe do xefe da Policía Local porque se dan de conta que están fóra de xogo e por iso só piden catro xornadas. En terceiro lugar o que deben de facer se realmente cren que hai un problema estructural que neste caso concreto atinxe á Policía ainda que a moitos departamentos tamén, o que deben executar e xa é a oferta de emprego público para paliar a deficienza que vostedes din que hai pero que na práctica non o fan.

Non nos poden botar a culpa en absoluto deste expediente porque a responsabilidade téñena absolutamente toda vostedes e polo tanto non podemos permitir que doutra volta, por excesiva responsabilidade, a oposición é quen é a responsable desta situación. Asuman a súa responsabilidade porque din que asumen o Goberno e este conleva necesariamente non só a aparienza senón tamén que tomar decisións, algunhas

ingratas e outras moi gratas. Pois tomen esas decisións que hai que tomar e que vostedes se comprometeron pero que ainda non executaron.
Non vai contar co noso apoio neste tema ata que non tomen as decisións que teñen que tomar.

SRA. GRAÑA BARCIA: Estimamos que ante todo é necesario lembrar en qué consiste a dispoñibilidade. O recurso á dispoñibilidade ten un carácter extraordinario; a través dela a administración da resposta a situacións de necesidades en servizos non cubertas polos mecanismos ordinarios e por isto deben estar suficentemente acreditadas as causas que xustifican a súa utilización.
O extraordinario non é o ordinario, sobre todo cando se xestiona correctamente un servizo. Por exemplo nos meses en que tivemos responsabilidade de Goberno propuxemos un plan de dispoñibilidade concreto e xustificado relativo á campaña contra a dobre fileira.
É así que o Grupo municipal Socialista sempre apoiou e apoiará calquera plan de dispoñibilidade razoado e xustificado para o servizo de Policía ou para calquera outro servizo municipal, coma por exemplo na Xerencia de Urbanismo onde, por certo, dado o retraso existente na tramitación de expedientes de disciplina e licenzas podería valorarse algunha iniciativa neste sentido.
É máis, podemos engadir un suposto correcto e que vale de exemplo claro da mala proposta que hoxe se nos presenta: o Servizo de Bombeiros. O acordo actual garante non menos de 24 efectivos por quenda sobre un cadro de persoal de 124 bombeiros e a supresión de descansos na época estival. Nada que ver coa Policía cun cadro de persoal de 368 e nin se garanten 24 efectivos por quenda.
Non ser contrarios e mesmo ter sido promotores nalgunha ocasión dun plan de dispoñibilidade non é sinónimo de permisividade pola nosa banda na utilización dun instrumento de carácter extraordinario e coxuntural. É necesario comprobar se as circunstanzas e antecedentes xustifican a utilización deste instrumento, en concreto se o Goberno municipal actua correctamente tocando o peto dos cidadáns ou se debeu actuar doutro xeito, un xeito correcto por non o seren este.
A proposta concrétase en catro xornadas de dispoñibilidade, unha contía de 230.000 euros e a única causa ou razón próvocana as vacacións. Vexamos os antecedentes.

En primeiro lugar retraso inxustificado da oferta pública de emprego. O retraso da convocatoria de prazas, en concreto 26 novos axentes de Polícia, o que por certo é a súa proposta, carece de xustificación. Paradoxicamente foi este grupo quen denunciou de xeito reiterado este atraso provocando mesmo unha comparecenza do propio concelleiro de Persoal. Dende 2004 ainda nos atopamos en fase de publicación das bases de convocatoria.
Convén ademais lembrar que nas nosas denuncias precisamente se poñía coma exemplo da gravidade do retraso a incidenza negativa que isto ocasionaba no servizo de Polícía Local.
En segundo lugar imprevisión. Non hai explicación agás a mala xestión e a falla de responsabilidade para lembrar a data de hoxe, 27 de xullo, os desaxustes que se poidan producir por vacacións no servizo. As vacacións do cadro de persoal repártense ou debéranse repartir conforme convenio nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Os problemas xurden agora?
En terceiro lugar mala xestión política do servizo da Policía. É obrigado unha análise da súa capacidade, por certo peor que a de anos anteriores onde esta situación non se produxo. Polas súas decisión non mellorou o tráfico, hai sentenzas que anulan os seus procedementos sancionadores, o nivel de absentismo é dun 10% anual e mensual e coas súas decisións deixan sen responsable ó servizo de Tráfico.
Realmente con esta deficiente organización do servizo, cómo se atreven a demandar un plan de dispoñibilidade a estas alturas do ano? As vacacións son un feito ordinario, non se corresponden con ningún plan extraordinario como puido ser o plan contra a dobre fileira e non ter sido previsores ante algo que ocorre todos os anos, só confirma a súa incapacidade para xestionar.
O retraso da oferta pública, a imprevisión ante un feito como as vacacións que se repite todos os anos e a súa nula ou deficiente xestión dun servizo tan vital, son os claros antecedentes dunha proposición que non resposta a unha petición razoada e razoable, senón que a razón é outra.
Vostedes non negociaron esta proposta, non teñen seguros os votos necesarios pero sen embargo a presentan. Fareilles unha comparanza, Sr. Coello: vostedes non presentaron o orzamento, era a súa obriga e incumprírona. Por qué? Dixeron que porque non podían asegurar ter votos suficentes, isto é o que algúns, sobre todos os máis vellos do lugar, denominan política pero si presentan en iguais circunstanzas a proposta de dipoñibilidade.

A razón é clara, pretenden xustificar ante os cidadáns que non poden solucionar un problema porque os demais non lles deixamos, vella trampa de victimismo. A realidade é que vostedes non fixeron nada para evitar que o problema nacera senón todo o contrario, permitiron que se chegara a esta situación e agora veñen con propostas que non garanten nada, que continuan consolidando o problema de fondo porque catro días de dispoñibilidade non mellorarán en absoluto as graves deficienzas do servizo de Policía.
Apelan a razóns de seguridade. Se isto é certo, Sr. Coello, mal, porque deixaron chegar a situación a un extremo inadmisible e dende logo catro días de dispoñibilidade non son a solución. Se non é certo sinxelamente nos están mentindo, están tapando a súa mala xestión con alarmas inxustificadas.
Consello: abandonen as políticas de trampas, de ineficacias na xestión, de parches insuficentes e póñanse a gobernar á altura do que esta cidade demanda.
Por todas estas razóns anticipámoslles que non apoiaremos a proposta que hoxe presentan.

SR. COELLO BUFILL: Só puntualizar en canto ó Sr. Vieitez que vostedes tiveron catro orzamentos e loxicamente con eses orzamentos se pode ampliar o cadro de persoal. Coido que iso marca un antes e un despois. Nós tivemos un só orzamento.
En canto a reestructuración sabe que é un debate importante, que hai que abordar sindicalmente e coido que o momento oportuno será cando as forzas políticas teñan a consolidación dunha maioría porque senón sería moi difícil abordar ese tema como vostede sabe.
En canto á Sra. Graña evidentemente hai unha oferta de emprego que se vai facer neste intre e loxicamente retrasouse o expediente porque non había partida orzamentaria. Agora si a temos e podemos acudir a ela para unha situación coxuntural.

SRA. GRAÑA BARCIA: Gustariame que clarexara qué ten que ver ese suposto retraso na oferta pública de emprego coa falla de partida orzamentaria porque é totalmente inexplicable. Existe unha partida orzamentaria para unha oferta pública de emprego e por esa razón vostedes contaron con ela e sinxelamente o que hai é un atraso na tramitación da mesma. Está a xerar unhas dúbidas sobre algo que é meridianamente claro.

SR. COELLO BUFILL: Non me refería á oferta de emprego público senón en concreto ó expediente de dispoñibilidade.

SR. VIEITEZ ALONSO: Clarexado ese tema alégrome que sexa nese sentido e non noutro porque mesmo podiamos entender que parte dos créditos da oferta de emprego xa están comidos coas modificacións correspondentes. Alegrámonos desa explicación.
En primeiro lugar vostedes están gobernando e a arte de gobernar entroutras cousas é a que debe permitir chegar a acordos, cousa que vostedes ata o de agora non o teñen feito, sobre todo para cuestións importantes.
En segundo lugar nós tivemos catro orzamentos evidentemente porque asumimos a responsabilidade de goberno cando estivemos gobernando, a maioría absoluta do Partido Popular non tivo catro orzamentos. Á parte diso miren vostedes a oferta de emprego que xeraron nos catro anos de goberno de maioría absoluta do Partido Popular no caso concreto da Policía e cantos fixo os catro anos de goberno de coalición BNG e PSOE. Aí é onde verdadeiramente se demostran as intencións, o outro poderá dicir o que queira pero sinceiramente lévao o vento.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Caballero Míguez, Cotobad Tombo, Guerra Fernández e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con sete votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, trece votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro,
ACÓRDASE:
Rexeitar a proposta do Servizo de Persoal de data 29 de xuño de 2006, relativa a incremento de crédito para afrontar gastos do programa de dispoñibilidade horaria da Policía Local, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (144).-DENOMINAR VÍAL DE OIA COMA “RÚA ZAPATEIRA”.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2006 a xefa de Estatística, coa conformidade da delegada de Participación Cidadá, emite o seguinte informe-proposta:

“A Asociación de veciños de San Miguel de Oia, presenta escrito neste Concello con proposta para cambiar o nome do camiño comprendido entre a rúa Olipia Valencia e a Avda. de Ricardo Mella, que a día de hoxe chámase Camiño Cortado da Estación, polo nome de rúa do Forno.

Consultado o rueiro municipal, confírmase que a rúa Forno xa existe.

Consultado o departamento de Normalización Lingüística, segundo informe que se achega, propón a designación deste vial como rúa Zapateira.”

Polo exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 21 de xullo, dictamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Cotobade Tombo, Guerra Fernández e Iglesias Carrera e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentse da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear o vial coñecido como Camiño Cortado da Estación, situado entre as rúas Olimpia Valencia e Avda. Ricardo Mella, na parroquia de Oia, coma “Rúa Zapateira”.

10.- (145).-EXPEDIENTE DE DENOMINACIÓN DE VIAIS DO PLAN PARCIAL QUIRÓS.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xuño de 2006 a xefa de Estatística, coa conformidade da delegada de Participación Cidadá, emite o seguinte informe-proposta:

“De acordo coa necesidade de nomear os tres viais obtidos polo desenvolvemento urbanístico da unidade 13.03 do Plan Parcial Quirós, solicítase informe ó departamento de Normalización Lingüística.

No devandito informe se indica que a zona sinalada é coñecida con varios nomes dos seus antigos propietarios (1. Finca de Quirós, 2. Finca de Dona Cristina e 3. Finca de Alvarez).

Como o nome Camiño de Quirós xa existe nesta zona, é polo que considerando a proposta da Asociación Veciñal O Carballo de Sárdoma e segundo o plano que se achega, faise a seguinte proposta...”

A seguir a funcionaria informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 21 de xullo, dictamina faborablemente.

(Están ausentes os Sres. Cotobade Tombo, Guerra Fernández e Iglesias Carrera e as Sras. Molares Pérez e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

- Dar o nome de “Rúa Dona Cristina” ó vial que se sinala no plano que se achega de cor azul.
- Dar o nome de “Rúa Continos”, ó vial que se sinala no plano que se achega de cor amarela.
- Dar o nome de “Rúa Dona Fita”, ó vial que se sinala no plano que se achega de cor marrón.

11.- (146).-DENOMINACIÓN DO ESPACIO SITUADO SOBRE OS TERREOS DO FALSO TÚNEL NO LUGAR DE SEIXOS DO BARRIO DE CARREGAL, VALLADARES, COMO “PARQUE INFANTIL ELISARDO DACOSTA TORRES”.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2006 a xefa de Estatística, coa conformidade da delegada de Participación Cidadá, emite o seguinte informe-proposta:

“A Asociación veciñal e cultural de Valladares presenta escrito neste Concello cunha glosa de D. Elisaro Dacosta Torres, que finou en accidente de tráfico no mes de setembro de 2005 sendo presidente desa entidade facendo a proposta de nomear o parque infantil sobre os tereros ocupados polo falso túnel no lugar de Seixos, no barrio de Carergal, co seu nome.

Neste caso non procede pedir informe ó departamento de Normalización Lingüística xa que a A.Veciñal é por outros motivos."

Polo exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.
A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 21 de xullo, dictamina faborablemente.

DEBATE.- SR. VIEITEZ ALONSO: Coido que non ten discusión este tema e o noso grupo, supoño que o resto tamén, imos apoiar de xeito positivo e decidido a proposta, pero quería aproveitar este tema para que clarexaran a propiedade deses terreos porque coido que non son municipais. En todo caso e xa que asumimos un compromiso e un recoñecemento cun dirixente veciñal, pediriamos ó Goberno que asumise o mantemento dende agora porque senón a obra que en principio se fixo, cremos sinceiramente que moi ben, estase deteriorando precisamente por falla de mantemento.
Outra cousa é a propiedade que se deben dar os pasos para que revirta ó Concello.

A PRESIDENCIA: Recollemos as súas peticións. Quero dicir que sirva este acordo para facer un recoñecemento a esta persoa que fixo un magnífico traballo pola súa parroquia.

(Están ausentes os Sres. Cotobade Tombo, Guerra Fernández e Iglesias Carrera e as Sras. Molares Pérez e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Nomear ó espacio situado sobre os tereros do falso túnel no lugar do Seixos no barrio de Carregal, parroquia de Valladares como "Parque infantil Elisardo Dacosta Torres".

*En cumprimento do acordado pola Corporaciónen Pleno, neste intre todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silenzo polas víctimas da violencia doméstica.*

12.- (147).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E ROTONDA NA RÚA GANDARÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 7 de xullo de 2006, o voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Vense de remata-la obra de asfaltado e pintado da rúa Alcalde de Lavadores.

Agradecémoslle ó Concelleiro Sr. Iglesias e máis ó Goberno Municipal que teñan atendido a moción que nese sentido lle presentamos no seu día, aínda que aquela moción pedía tamén unha rotonda no cruzamento de Alcalde de Lavadores coa rúa Gandarón, polos riscos evidentes nese cruzamento.

En efecto, a rúa Gandarón ten un tráfico moi denso, pesado e lixeiro polo que os peóns que deben andar por ela sofren sobresaltos diarios. E moi especialmente as nais e pais que teñen nenos no colexio que hai alí mesmo, polo que debemos poñerlle remedio a tal situación.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Que se constrúan beirarrúas ó longo da rúa Gandarón onde sexa posíbel e como mínimo unha nos lugares máis estreitos.

2.- Que, consonte co aprobado polo Pleno da Corporación no seu día, se axilicen os traballos oportunos de xeito que permitan a construcción dunha rotonda no cruzamento da rúa Gandarón con Alcalde de Lavadores.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 21 de xullo, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Empezo por lle facer un recoñecemento ó concelleiro Sr. Iglesias e ó Goberno municipal por tanto, polo asfaltado e construcción de beirarrúas na rúa Alcalde de Lavadores. Hai unha moción que eu presentei no seu día no nome do Partido Galeguista e que vostedes atenderon nese aspecto e quero felicitarlles por iso. Deixaron unha cousa pendente daquela moción que era a construcción dunha rotonda no cruzamento da rúa Gandarón donde hai problemas todos os días, insisto porque o coñezo. Unha sinxela rotonda podería resolver ese problema.
A máis diso a propia rúa Gandarón ten problemas moi graves que puiden comprobar con xente da asociación de veciños de Vilar. Concretamente na

saída ou entrada do colexio público que alí hai porque os nenos teñen que ir por alí, non hai beirarrúas e a verdade é que a situación é absolutamente precaria. Son moitos nenos e unha situación realmente difícil.

Na moción pídese con rigor que se fagan beirarrúas nesa rúa Gandarón, pero hai un estreitamento nun lugar determinado que pode facer difícil que collen dúas beirarrúas mailo tráfico. Pois se nese lugar determinado non se poden facer dúas pois que se faga unha, pero o resto da obra si se debe facer.

Insisto en que analicen o que lles dicimos no tema da circulación dos nenos porque é un tema real de prioridade antes de que teñamos unha desgracia.

SR. TOBA GIRÓN: Imos votar a favor a moción do Sr. Soto, xa o anuncio antes de nada, pero tamén é necesario lembrar que a actuación deste vial estaba conveniada coa dirección xeral de Infraestructuras da Consellería de Ordenación do Territorio e mesmo puxemos os terreos a disposición.

Ata onde nós sabemos aquel convenio agora parece ser que non se vai cumprir, en parte probablemente por decisión da Consellería e en parte porque a Sra. Alcaldesa, cando Alberto Núñez Feijoo era conselleiro de Ordenación do Territorio non fixo caso dos requirimentos que algúns fixemos a respecto do cumprimento daquel convenio.

En todo caso, entendendo que a moción do Sr. Soto pretende paliar a situación que coñecemos perfectamente e por iso estivo nese convenio, e dicindo que imos votar a favor si que seria conveniente que se acaso o proxecto estivera redactado, o que é altamente probable; antes de ningunha actuación teñamos ese proxecto enriba da mesa. É moito mellor facer un bo proxecto, ainda que se cadra tardemos un pouco máis, que facer unha obra que logo hai que desmontar para facer un auténtico proxecto de urbanización que é o que necesita a rúa Gadarón e coido que niso imos estar de acordo, xa partindo da seguramente imposible recuperación dese compromiso perdido pola Sra. Alcaldesa en meses pasados.

SR. SOTO FERREIRO: Asumo como emenda o contido do que manifesta o Sr. Toba nesa dirección, non ten ningún problema porque me parece perfectamente correcto e debe ser a canle e o tratamento que se lle dea.

Por certo, dentro dese tratamento e se fose recuperable o convenio coa Xunta de Galicia, xa postos a pedir mellor. Se non o é actuen en consecuenza.

A PRESIDENCIA: Informarlles que é certo o que din; a expropiación dos terreos está rematada, hai proxecto de don Alberto Moreno que xa se remitíu á Xunta de Galicia hai bastante tempo e este proxecto, coas rúas Manuel Vázquez, Severino Cobas e mesmo o Pontillón, que agora hai unha modificación de crédito para o levar a cabo.
Imos seguir insistindo para ver se é posible que ese convenio se poña en marcha pero en calquera caso dende o Concello, tanto o proxecto coma a petición están feitos dende hai tempo e esperemos que a Consellería teña a sensibilidade para que se poida comezar este proxecto imprescindible e necesario. Non so este, senón que Manuel Alvarez, Severino Cobas en tamén rematar o Pontillón ou mesmo que nos poidan axudar no financiamento das obras no seu entorno.

(No momento da votación están ausentes os señores e señoras Arias Moreira, Graña Barcia e Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, instando a construcción de beirarrúas e rontonda na rúa Gandarón co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (148).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA LLE DEA LICENZA PARA TELEVISIÓN DIXITAL A EMPRESA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de xullo de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“O Goberno Galego ven de anuncia-la adxudicación de televisións dixitais en distintas cidades e vilas de Galicia. Entre as varias adxudicacións non se lle deu ningunha a empresa viguesa TeleVigo (¿outra operación anti-Vigo?)

E iso malia que, pra traballar neste campo, déronse bastantes licenzas a empresas que terán que partir de cero como organizacións televisivas e, con independencia doutras consideracións, o sentido común avalía que se lle outorgue licenza a quen xa está a traballar dende hai tanto tempo antes que a empresas que aínda estan por crear pra eses fins.

TeleVigo opera na nosa cidade dende hai máis de dez anos, e nela traballan, entre empregados fixos e colaboradores, máis de cincuenta persoas. E TeleVigo, con independencia das opinións que poidan merece-los seus traballos, ten operado na defensa dos intereses da nosa cidade, de Vigo, con independencia informativa máis que razoábel (¿será por iso que non lle queren dar licenza?).

Uns din que foron as previsións de adxudicación anteriores (o concurso de adxudicación naceu co goberno do PP), e outros que as adxudicacións son unha operación de amiguismo do actual goberno, e aínda hai outros que din que se trata dun noxento pacto dos tres partidos do parlamento galego…En calquera caso o evidente é que esta decisión é manifestamente inxusta: cámbiese.

Consonte co antedito propoñemos:

Dirixirnos ó Sr. Presidente da Xunta de Galiza pra pedirlle que pola súa longa traxectoria, así como polos evidentes méritos profesionais, se lle dea a empresa viguesa TeleVigo unha das licenzas da televisión dixital.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria de 21 de xullo de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Antes de nada darlle felicitacións a dona Alicia Garrido. Sra. Garrido, benvida ó barco, deséxolle boa singladura no pouco tempo que nos queda.
Hai uns días o Goberno galego adxudicou unha serie de televisións dixitais e entre todas elas non estaba a nosa Televigo, cousa moi lamentable para a cidade porque é unha empresa con 50 empregados fixos, cunha media de 50.000 espectadores diarios e en punta 60.000 nalgúns programas determinados, que é das poucas que xeran programas propios (80% máis ou menos) cando outras cadeas non o fan porque dependen doutras cadeas nacionais, ten programas relacionados coa cidade e coa súa área metropolitana e programas moi interesantes sobre o mar. É a televisión local por excelencia. Comezou sendo Telecidade hai un par de décadas e logo pasou seren Televigo.

É lamentable que fora rexeitada por un sinxelo papel ainda que semella que xudicialmente poden chegar gañar o caso.
Pedimos por iso dirixírmonos ó Sr. Presidente da Xunta de Galicia para lle pedir que pola súa longa traxectoria, así como polos evidentes méritos profesionais, se lle dea á empresa viguesa Televigo unha das licenzas da televisión dixital (ó mellor se fora Telecoruña case seguro que a tiña).

SR. TOBA GIRÓN: O grupo municipal do BNG non está de acordo con esa decisión da Xunta, pero non estamos tampouco de acordo con esa moción tal e coma está presentada.
O que nos propón é que o Pleno da Corporación se dirixa ó Sr. Presidente da Xunta para lle pedir que por razóns dos evidentes méritos lle dea a unha empresa unha licenza de televisión dixital. Nós entendemos que a concesión de licenza de televisión dixital debe ser producto dun concurso. Non queremos crer nin cremos que alguén poida dar licenzas dixitais dese xeito tan rotundo que vostede expresa na moción, nin cremos que sexa conveniente que o Pleno adopte un acordo instando ó Presidente da Xunta de Galicia a que adopte unha resolución que non vaia por canles de legalidade. Non me parece a redacción máis axeitada.
Diante da redacción que temos diante lles anuncio que evidentemente nós absteriamonos, como non pode ser doutra maneira.
Sinceiramente paréceme francamente difícil de dixerir que o Pleno da Corporación adopte unha decisión no sentido de instar a propiciar un acordo adoptado sen un previo concurso e sen a valoración dos méritos correspondentes, pero en todo caso de xeito regrado. Non me vou estender máis.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Corroboramos ó 100% o que di o BNG exactamente polas mesmas razóns que non vou deixar de comentar.
É inxustificable que un órgano coma este, formado por representantes políticos democraticamente elixidos, poida aprobar unha petición a outra instancia política para que tome unha decisión que non se corresponde coa legalidade.
É unha decisión que non ten un sentido político, é meramente administrativa e faise en base a unha canle legalmente prevista do que neste momento e nestas circunstancias unha determinada empresa optante non cumpríu un requisito.

Non se debería facer disto un debate que poña en cuestión as bondades de Televigo nin a súa posibilidade futura de voltar concursar cando volva haber un concurso e presentarse cumprindo todos os requirimentos.
Coido que non sería axeitado que convertíramos isto nun debate sobre quen dos que estamos aquí quere máis a Televigo porque evidentemente ese non é o fondo da cuestión.
Ademais espero facerlles reflexionar ós señores do Partido Galeguista na medida en que entendo que tanto Televigo, coma calquera medio de comunicación, quererá representantes políticos que velen pola garantía dos procedementos e non aqueles que confundan os seus desexos co que a norma administrativa prevé. Entendo que lle facemos un maior servizo a Televigo tomando esta decisión que anuncio tamén, de absternos na iniciativa do Partido Galeguista, que votando a favor dunha decisión irrealizable.
Polo tanto, respectando o dereito á iniciativa política que vostedes teñen evidentemente, nin tan siquera lles vou propoñer que retiren a súa iniciativa, están no seu dereito de presentala, lembrando que xa quedara fóra do concurso Televigo na etapa do antigo goberno da Xunta de Galicia, cando gobernaba outra forza política, gobernaba o PP, lembrando que esta é unha decisión que para nada ten que ver cunha decisión política, coidamos que non podemos votar a favor desta iniciativa porque non lle podemos pedir a ningún gobernante, nin da Xunta, nin do Goberno local, nin da Confraría de Pescadores (é un exemplo) que tomen decisións que non cumpran co que a lei prevé porque iso se chama prevaricación.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Bo día, señores concelleiros e bo día á nova concelleira. O grupo municipal do PP quere amosar a súa sensibilidade coa cadea Televigo da nosa cidade.
Supoño que logo das intervencións dos voceiros dos outros partidos políticos o propoñente modificará a súa proposta para a adaptar e que non haxa dúbidas da súa legalidade, isto nós tamén o apoiaríamos nese sentido.
Hai que lembrar que foi o Consello da Xunta de Galicia quen decidíu hai uns meses a adxudicación das televisións dixitais, das 63 convocadas 46 foron as adxudicadas.
Non sei se o Sr. Alonso vai modificar o texto da súa moción, nós dende logo a apoiaríamos e así mesmo amosamos a nosa sensibilidade coa cadea Televigo.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Está claro que loxicamente Televigo se tivo que presentar a un concurso, eu non quero que se lle dea nada que sexa ilegal pero tamén me gustaría saber de qué xeito se viron unhas e outras solicitudes de licenza. Polo que eu sei foi por un sinxelo papel o rexeitamento, feito que se levou ós tribunais e que teñen pensado gañar.
A redacción está coma está e se alguén quere poñer unha emenda nós non temos inconveniente pero ainda que nós non queremos que se lle dea nada ilegal a ninguén, coidamos que Televigo é unha empresa que leva case dúas décadas de funcionamento na cidade e, coma dicía o Sr. López-Chaves, estamos todos sensibles con ela.
En termos legais eu non lle podo dicir se lle faltaba unha coma ou un papel, non lle podo dicir se a instancia entrou 15 días antes ou xa caducada, niso non vou entrar pero si me enterei que o rexeitamento foi por un sinxelo papel e iso é algo subsanable.
Sinxelamente queremos pedir que xa que se lles deu licenza a unhas empresas totalmente novas que xamais estiveron en televisión, que se teñen que formar, se teñen que facer, que hoxe por hoxe non teñen nin locais onde se localizar, que dende o Pleno da cidade se tente apoiar a Televigo, non quitarlles ós méritos a outras, por descontado, estamos nun mercado libre e aquí tamén se votou para que non desaparecera Radio Nacional en Vigo e todo o mundo estivo de acordo.
Se alguén quere presentar unha emenda, adiante, senón se presentará a moción tal e coma está.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Clarexar que segundo a información que nós requirimos para poderen abordar este tema, informóusenos que a documentación que fallaba era a correspondente ó Anexo V referida ás necesidades en materia de persoal. Non é unha cuestión pequena, evidentemente non é un papel calquera.
Sinxelamente lembrar algo que ó mellor non estamos tendo en conta, non estamos falando de que Televigo vaia pechar ou que non vaia seguer, é dicir, non ten que ver nada iso coa vida actual de Televigo, nin estamos pechando a posibilidade de que nun futuro poida volver concursar porque televisións dixitais vai haber moitísimas, o panorama da televisión, do mundo audiovisual neste país cambia totalmente coa chegada da televisión dixital terrestre que en 2010 estará plenamente asentada xa en todo o territorio.

A televisión convencional desaparecerá e evidentemente terán que ser canles dixitais as que permitan a emisión de programación. Daquí a alá é máis que probable que haxa novos concursos e novas posibilidades de que esta empresa viguesa, á que todos lle desexamos o mellor futuro por suposto, poida concursar sen ningún problema ou chata.
Poñamos a cuestión no seu xusto termo, francamente non nos parece de recibo que fagamos un debate maniqueo de quen quere máis a Televigo. Se vostedes o queren facer así paréceme moi ben pero nós temos a obriga diante de Televigo, de Faro de Vigo, de La Voz de Galicia, ante todos os medios desta cidade de defender que as decisións políticas e administrativas se toman consonte coa legalidade vixente. Ademais non estamos cuestionando para nada o futuro desta empresa nin a súa posibilidade de optar novamente a unha canle dixital, que quede moi claro.
Se alguén quere facer unha emenda, por exemplo o Partido Popular que quería votar a favor, penso que estariamos encantados de escoitala.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: É certo que se poden facer concesións por cinco anos prorrogables por outros cinco, o que sería máis ou menos dez anos de acordo coa convocatoria do decreto 81/2005, pero o que nós propoñemos é retirar “que se lle dea á empresa Televigo” e por exemplo engadir que, tendo en conta esa sensibilidade que manifestaba, que se teña en conta esa longa traxectiria profesional e suficentes méritos profesionais, porque a adxudicación polo de agora é provisional, non definitiva. Ademais que decida a Xunta de Galicia o procedemento axeitado.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Non teño ningún problema, paréceme correcto.

A PRESIDENCIA: Nós non podemos esixir que se lle dea, o que podemos facer é mostrar a sensibilidade con esta cadea no que creo que todos estamos de acordo. Se ise é o espírito estou convencido que votamos todos a favor no sentido de que se poida estudar mellor ese expediente e que no futuro se poida contemplar Televigo coma unha cadea importante na nosa cidade.
É un concurso público e nós non podemos solicitar que lla dean. Acepta este cambio, Sr. Alonso?

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Modificala no sentido de nos dirixir ó presidente da Xunta de Galicia para lle pedir que pola súa longa traxectoria, así como

polos evidentes méritos profesionais, aquí en vez de “se lle dea” poderiamos poñer que se lle busque unha solución á empresa viguesa Televigo para que legalmente poida ter unha licenza de televisión dixital.

SR. SOTO FERREIRO: Declarado xa o amor por Televigo do que non podemos dubidar, unha empresa viguesa que entre fixos, discontínuos e non sei que máis ten preto de 50 traballadores, que son os dous problemas que hai a máis da súa traxectoria, teñen vostedes razón, temos que o recoñecer e ademais son eu o culpable desa mala redacción e por iso quixen coller o micrófono para asumir a miña culpa.
Recoñezo que o termo “se lle dea” non é o máis correcto do mundo pero si, e aquí vou recoller as súas iniciativas e máis concretamente á do Sr. López-Chaves, que en base ós méritos contraídos e por suposto consonte a dereito se busque a fórmula xurídica que permita que a empresa Televigo, en pé de igualdade coas demais empresas e en base a todos os méritos habidos e por haber, cadro de persoal, producción propia, etc., dispoña dunha licenza de televisión dixital.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Nós estariamos dispostos a facer un acordo no que esta Corporación manifestase o apoio a unha empresa local no seu dereito a concursar novamente cando haxa un novo concurso. Por se hai algunha dúbida de que a Corporación evidentemente está contenta de que exista unha empresa como Televigo e que teña no futuro a posibilidade de optar a unha televisión dixital, por suposto, pero a que propuña o Sr. Soto coido que dándolle unha volta é o mesmo que dicía o texto do Sr. Alonso.
Ninguén está cortando o dereito que ten Televigo de recorrir, de utilizar os procedementos administrativos que hai para presentar a documentación en tempo e forma, etc. Ninguén obstaculiza iso, se houbera unha man que dixera que non se lle da opción a Televigo a concorrir en pé de igualdade coas demais empresas, pero ninguén lle impedíu iso a esta empresa, non existe unha vontade política de censurar.
Calquera ten un erro na presentación a un concurso, paréceme a min que tampouco hai que dramatizar isto tanto porque non entendemos nin que Televigo o fixera por non ser quen do facer ben, entendo que evidentemente que foi un erro, están máis que capacitados para presentar iso, pero desgraciadamente o procedemento é o que é. Entón non hai vontade por parte de Televigo do facer mal pero trabucouse no procedemento.

Mañá, cando volte haber unha concesión de licenzas dixitais, que ten que habela á forza e ó mellor non tardará moito, ninguén lle nega a posibilidade de concorrir en pé de igualdade. Ademais a cuestión que falta é tan importante como a do persoal, non é por nada. Nós queremos que haxa unha garantía nesa cuestión. Repito que xa sei que non foi voluntario, que foi un erro, pero tampouco hai mala intención por parte da Xunta e sementar esa dúbida politicamente paréceme que ten moi pouca rendabilidade, paréceme moito máis perigoso obrigármonos a facer un debate sobre unha decisión que non é legal e parecer que estamos discutindo se Televigo vai pechar ou qué.
Sinceiramente coido que conviría dimensionar a importancia desta cuestión.
Se vostedes queren unha declaración que mostre a sensibilidade desta Corporación e recoñecer os méritos de Televigo para que non quede ningunha dúbida, evidentemente a seguiriamos; pero que daí se conclua que a Xunta ten que cambiar unha decisión que non é malintencionada nin é cambiable, francamente non podemos.

SR. SOTO FERREIRO: Vostede fai un discurso que máis ou menos podemos compartir pero non concreta, non sei cal é a concreción da súa proposta. Non imos retirar a moción se é isa a súa intención.

SRA. PORTEIRO GARCIA: O que dicimos é que presenten vostedes un cambio na redacción que non diga o mesmo que di agora pero con outras palabras. Que cambie o sentido da decisión que vostedes propoñen.

SR. SOTO FERREIRO: En ningún sentido menosprezo ás televisións adxudicadas, que quede claro. Unha televisión que leva os anos que leva funcionando, ben ou mal, torto o dereito, non vou entrar no fondo da historia, que ten programas de producción propia, que ten unha cadro de persoal coma o que ten, para min que son do pobo, se hai que facer concesións novas, unha das que debe ter máis méritos obxectivamente, en función de calquera legalidade do mundo, se hai que facer mañá unha televisión, qué máis méritos se lle poden pedir a niguén? Calquera dos que se van poñer vai ter máis méritos dos que ten agora mesmo Televigo?
Eu non digo que se quite ningunha adxudicación a ninguén; digo que sería sinxelo porque é un problema de vontade política. Ainda admitindo que cometeu un erro Televigo cousa que non admiten pero supoñendo que fose así, realmente hai unha situación obxectiva que se produce e esa situación temos

que tentar corrixila entre todos. Non hai culpables, hai un erro documental, pois arranxémolo, fágase un concurso de méritos ou o que sexa. Politicamente se se quere solucionar, soluciónase e o demais son historias. Ise é o fondo do tema. Insisto en que asumo unha mala redacción porque a frase "se lle dea" parece un ton absolutamente conminatorio e pode inducir a confusión.

SR. PORTEIRO GARCÍA: A redacción sería a seguinte: A Corporación municipal de Vigo recoñece os méritos de Televigo, afirma o seu convencemento de que é unha televisión que ven realizando un espléndido servizo á nosa cidade e pide que en calquera próximo concurso ou concurso posterior, ditos méritos sexan tidos en conta".

Iso significaría que no prego de condicións que se elabore no futuro, cousas coma as que vostede di deberían terse en conta porque ó mellor agora non se tiveron no prego de condicións.

Paréceme que é unha solución intermedia.

<u>Durante o transcurso do debate os diferentes grupos políticos acordan votar unha nova redacción da proposta co texto que expón a Sra. Porteiro García:</u>

"A Corporación municipal de Vigo recoñece os méritos de Televigo e afirma o seu convencemento de que é unha televisión que ven realizando un espléndido servizo á nosa cidade e pide que en calquera concurso posterior, ditos méritos sexan tidos en conta".

(No momento da votación estaban ausentes os señores Caballero Míguez, Viéitez Alonso e a señora Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

A Corporación municipal de Vigo recoñece os méritos de Televigo e afirma o seu convencemento de que é unha televisión que ven realizando un espléndido servizo á nosa cidade e pide que en calquera concurso posterior, ditos méritos sexan tidos en conta.

14.- (149).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO DIRIXIRSE Á XUNTA DE GALICIA PARA SOLICITAR A DEVOLUCIÓN DO UNGÜENTARIO ATOPADO NAS OBRAS DO AREAL.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Retiro a moción porque hai outra do Partido Popular exactamente igual e que entrou no Rexistro un día antes que a nosa. Polo tanto a nosa proposición decae e imos debater a do Partido Popular.

*O voceiro do Grupo Municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, retira a presente moción da orde do día sen a someter a votación.*

15.- (150).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á RECUPERACIÓN DO UNGÜENTARIO ATOPADO NAS OBRAS DO AREAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de xullo de 2006, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

"A cidade de Vigo ten unha antiga e rica historia, cunha importante riqueza arqueolóxica.

Un dos últimos achádegos, o ungüentario bizantino, atopado na prolongación do túnel de Arela, é unha mostra máis desta riqueza.

Dito ungüentario foi trasladado ó Museo das Peregrinacións en Santiago de Compostela, e a súa devolución á cidade faise imprescindible.

Co fin de recuperar dita peza a Asociación Amigos dos Pazos emprenderon unha campaña independente ás actuacións que está a realizar o Concello.

Por todo elo, o grupo municipal popular presenta para o seu debate e aprobación ante o Pleno, o seguinte acordo:

1.- A adhesión da Corporación Municipal á campaña emprendida pola asociación Amigos dos Pazos para a recuperación para a cidade do ungüentario bizantino atopado no túnel da rúa Areal.

2.- Trasladar este acordo á Consellería de Cultura e Deporte para que leve a cabo as actuacións necesarias para a súa devolución."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de 21 de xullo de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Quizais as mocións son distintas no fondo porque unha require que nos dirixamos á Xunta de Galicia para lle pedir que nos devolva o ungüentario e a outra é de apoio ó manifesto da Asociación de Amigos dos Pazos de reclamación do ungüentario e trasladar este acordo á Consellería de Cultura.

Para falar do ungüentario é necesario facer un pouco de historia. Hai unha resolución do 8 de abril de 2002 que autoriza a realización dun control arqueolóxico das obras do túnel do Areal, os materiais arqueolóxicos e demais documentación complementaria deberían depositarse no Museo Municipal Quiñones de León e a duración do control arqueolóxico era de 80 días.

Esta resolución notificouse ó Concello de Vigo no mesmo mes de abril de 2002. Coma consecuencia desa intervención recuperáronse un anforisco, ungüentario en bo estado de conservación de data dubidosa pero probablemente entre os séculos IV e VII da nosa era. Este ungüentario ten unha serie de características e ademais ten un selo estampillado que configura un áncora que remata en cruz.

Este ungüentario é un resto arqueolóxico moi significativo, existe outro quizais idéntico no museo da Historia da Cidade de Barcelona que se atopou nas excavacións desa cidade, ese enforisco de orixe palestiniano con data 13 de maio de 2003 a Xunta autoriza o préstamo temporal desta peza para a participación na exposición "De Fisterra a Xerusalen", dos primeiros peregrinos cristiáns organizada polo Museo das Peregrinacións.

Por certo Egeria é a primeira muller que aparece escritora en España. Explico isto porque logo hai unha moción de nomes de rúas para mulleres e esta Egeria ou Exeria, que é unha muller galega é a primeira escritora documentada e identificada na historia de Galicia e quizais de España. Aparece nun documento do século XI no Monasterio de Montecasino e por iso é unha referencia de que é unha mostra importante das mulleres neses séculos que peregrinan a Xerusalen e é a primeira peregrina a Xerusalen que recolle no seu libro "Itinerario de viaxe" a súa documentación.

Este depósito provisional transfórmase en definitivo o 24 de marzo de 2003 e notifícase ó Concello de Vigo. Este Concello ante esta notificación de que o ungüentario depositado inicialmente no Museo de Castrelos se trasladaba ó Museo das Peregrinacións presentou un recurso de alzada no mes de abril de 2004 fronte a esa resolución da Xunta de Galicia que modificaba o depósito, substificándoo en que temos unha sección de arqueoloxía, está

inserta perfectamente no contido do museo e ademais é unha peza achada na nosa cidade.
Ese recurso de alzada desestímase pola Xunta de Galicia o 11 de outubro de 2004 e o Concello de Vigo interpón un recurso contencioso-administrativo contra a Xunta de Galicia que está agora pendente de resolver.
Só un dato: o decreto 199/1997 establece coma primeiro criterio para depósito dos achados arqueolóxicos a proximidade do lugar do achado que sería o Museo de Castrelos.
Por tanto o Concello de Vigo dunha banda, iniciou conversas coa anterior Xunta de Galicia co obxectivo de que voltara o ungüentario a Vigo, interpuxo recurso de alzada e mesmo contencioso-administrativo contra a Xunta, da mesma cor política que o Goberno de Vigo, para defender unha peza importante, quizais a máis importante das achadas nas últimas excavacións en Vigo e continúa con esas conversas.
Na última xuntanza que tiven co director xeral de Patrimonio Cultural teño que dicir que a entrevista foi positiva, vai estudar o tema, eu comenteille que continuamos coa reclamación desta peza para o Museo de Castrelos e que ademais na sección de arqueoloxía está sendo obxecto de reforma e o ungüentario vai ter un lugar específico no contido expositivo da nova sala de arqueoloxía do noso museo.
Por tanto por un lado o Concello de Vigo defendeu dende o principio a devolución da peza pero agora coa nosa proposta queremos engadírmonos a esta campaña iniciada pola Asociación de Amigos dos Pazos que está a recoller sinaturas na nosa cidade co obxectivo que esta peza, cos criterios legais, históricos e científicos, se deposite no Museo Quiñones de León da nosa cidade.

SR. SOTO FERREIRO: Teñen aparecido informacións ó redor deste tema que realmente enoxan, xa está ben de dar couces a Vigo. Ultimamente con este tema aparecen couces no sentido de que se o Museo de Castrelos non está moi ben, etc. Cantos museos deste tipo hai en Galicia? Cantos hai en Galicia da categoría do Museo de Castrelos? A qué ven desprezar ó noso Museo?
A ver se son disculpas de mal pagador para nos amolar e quitármonos o ungüentario. Menos bromas cunha moi importante institución da nosa cidade, polos seus contidos e tamén polo continente como é o Museo de Castrelos. Se ten algún fallo, poderá estar mellor organizado ou que poidamos ter un museo arqueolóxico será cuestión da cidade pero non hai tantos museos por

Galicia adiante como para que agora veñan dármonos na faciana dicindo que o Museo de Castrelos está mal. Ata aí poderiamos chegar, sempre poñendo a Vigo na picota e sen razón tantísimas veces, esta unha delas.
Por suposto que son mellorables as nosas instalacións museísticas, por suposto que nos debemos aplicar a iso pero desprezar a Vigo como se ven desprezando nos medios de comunicación ultimamente por razón a este tema é inconsentible.

(No momento da votación estaban ausentes os señores Coello Bufill e a señora Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Partido Popular, relativa á recuperación dun ungüentario bizantino atopado nas obras do túnel da rúa Areal de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (151).-MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSDEG-PSOE RELATIVA Á NECESIDADE DE POÑER NOMES DE MULLERES ÁS NOSAS RÚAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de xullo de 2006, as concelleiras do grupo municipal do BNG e do PSdeG-PSOE, señoras Méndez Piñeiro e Sío Lourido, respectivamente, formulan a seguinte moción:

“A historia das cidades pódese coñecer de moitas maneiras, unha delas é polo nome das súas rúas.

Pero a historia nunca se escribiu con nome de muller, a pesares de que temos contribuido de igual maneira que os homes a facela.

As cidades vanse conformando a traverso dos anos como fiel reflexo da concepción que do mundo teñen as sociedades que as foron construindo, e as mulleres nunca formamos parte desta representación, un claro exemplo da desigualdade e discriminación de xénero.

Vigo é un reflexo desta realidade desigual, e abonda facer un pequeno percorrido pola cidade para dármonos conta de que a toponimia reflicte unha cidade de homes na que as mulleres están practicamente ausentes.

Somentes 44 das 1400 rúas existente levan nomes de mulleres, (un 3%, a pesares de que somos algo máis do 50% da poboación) traballamos e paseamos por rúas de nome masculino.

Esta desigual presenza nas rúas e prazas da nosa cidade é herdanza dunha historia androcéntrica, que nun concello que se declara a prol da igualdade de xénero ten que desaparecer.

Por todo isto, e respectando o acordo plenario que se refire a microtoponimia, propoñemos a este pleno que adopte os seguintes ACORDOS:

1.- Que se dean nomes de muller ás rúas de nova creación, buscando o equilibrio inexistente nestes momentos.

2.- Como xa se pediu nunha anterior moción, que o primeiro nome sexa o de Clara Campoamor e os seguintes as mulleres galegas represariadas do 36, xa que estamos no ano da memoria histórica.

3.- Que se realice unha guía, rueiro histórico, no que figuren os homes e mulleres que dan nome as nosas rúas e a súa bigrafía para o seu uso pola cidadanía.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de data 21 de xullo de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Queremos dicir coma primeira cousa que esta moción é algo que se ven comentando dende hai bastante tempo no Consello municipal da muller. Nós hoxe aquí só somos transmisoras do que realmente é algo sentido polo Consello municipal da muller, que se comentou en varias ocasións pero malia iso o Goberno non o trouxo a Pleno.

Trátase de que as cidades vanse conformando a través da súa historia coma unha concepción do que realmente ten e sociedade. Cando as cidades non levan nomes de rúas de mulleres é un claro exemplo de discriminación de xénero.

Vigo non é unha cidade diferente, é un reflexo máis desta realidade desigual e se nos damos unha volta pola cidade vemos que a penas hai nomes de muller nas súas rúas.

Se nos poñemos a analizar a toponimia podemos ver que hai 1.400 topónimos para lugares, rúas, camiños e prazas e destes realmente hai exactamente 44 nomes de muller e aproximadamente uns 300 nomes de homes. Dánse mesmo as

paradoxas de que hai máis nomes de santos que de santas, ata iso chegamos, e máis nomes de reis que de raiñas.
Unha cidade coma a nosa, que dende sempre está loitando pola igualdade e contra a discriminación de xénero, na contra desa historia escrita polos homes, contra esa historia androcéntrica merece dende logo que se lles dea nomes de mulleres a rúas desta cidade.
Ademais non é só unha cousa de Vigo. Hai que dicir que ultimamente en todas as cidade estanse aprobando mocións destas características, comezando por Madrid, pasando por Alicante e rematando en Córdoba onde todo un barrio, concretamente o Barrio de Poniente, coma alí non hai acordos de toponimia as súas rúas van recibir nomes de mulleres.
Nós queremos manifestar este desexo que ademais o é do Consello municipal da muller.
Debe quedar claro que esta moción é respectando sempre a toponimia.

SRA. SÍO LOURIDO: Os acordos que propoñemos nesta moción son tres. O primeiro é que se dean nomes de muller ás rúas de nova creación, buscando o equilibrio inexistente nestes momentos e coma di a miña compañeira, sempre respectando a microtoponimia.
O segundo punto é, coma xa se pedíu nunha moción anterior presentada por mor da conmemoración do 8 de marzo, que o primeiro nome sexa o de Clara Campoamor e os seguintes pedimos que sexan os das mulleres galegas represaliadas do 36 xa que estamos no ano da "Memoria histórica".
O terceiro punto é que se realice unha guía-rueiro histórico no que figuren os nomes dos homes e mulleres que dan nome ás nosas rúas e a súa biografía para o seu uso pola cidadanía porque si é verdade que existe unha pequena guía, unha unidade didáctica coas rúas que levan nome de muller, pero pensamos que é necesario que haxa unha guía-rueiro histórico para o uso de toda a cidadanía, das persoas que pasan polas nosas rúas e dos colectivos de traballadores como poden ser os taxistas.
Pódolles contar unha anécdota. A unha compañeira do noso grupo municipal dixéronlle que a levaban á Praza de Mª Carmen e non sabía que en realidade é a Praza de Mª Carmen Krukemberg e tampouco sabían quen era ela; pasou en concreto cun taxista da nosa cidade. Nós coidamos que a historia tamén se pode coñecer a través das rúas.

SR. SOTO FERREIRO: Estou totalmente de acordo con esta moción e non diría ren se non fose porque ás veces poden parecer aprobacións sacrosantas. Explícome: estou totamente de acordo co tema da toponimia e con esta moción pero que non pase a seren unha cuestión sacrosanta, é dicir, se un día determinado, por unha cuestión puntual e determinada se poñe o nome dun home, que non se saque isto a xeito de "mazo na testa" para dicir que xa votamos non sei qué. Só esta observación pero estou absolutisimamente de acordo.

SRA. IGLESIAS BUENO: Para seren breve comezo polo final, polo terceiro punto.

Dende a Concellería da Muller editouse precisamente este ano unha unidade didáctica para salientar o papel da muller a través das diversas rúas que hai na cidade; foi por petición do colectivo Violeta no Consello da Muller e ademais houbo unha proposta que se trasladou ó departamento de Estatística para que se priorizasen os nomes de muller á hora de lles poñer nomes ás rúas.

Estamos cumprindo iso na medida do posible, porque sempre hai que respectar tamén unha moción do BNG para que se priorice a microtoponimia da nosa cidade e ademais tamén existe un libro da Concellería de Cultura xa editado hai anos que se chama "Os nomes das rúas de Vigo" no que se explica cada un das personaxes do noso rueiro.

Co terceiro punto non temos ningún problema, podemos voltar editar esa guía e ademais complementala.

Con respecto ó punto número un, estamos totalmente de acordo en que hai unha desigualdade visto o número de rúas cos nomes de mulleres e homes. O rueiro da nosa cidade ten 1.729 rúas das que a grande maioría –1.340- son nomes microtoponímicos de paxaros ou de flores; dos 389 nomes de persoas, o 87% son de homes e o 13% de mulleres. Esta é unha desigualdade que estamos tratando evitaren.

Obviamente e coma temos a moción da microtoponimia que hai que respectar, ademais sempre hai un procedemento polo que se lles pide ás asociacións veciñais que, se hai algunha persoa na súa zona identificada con ese lugar, nos fagan a proposta. Nalgúns casos están sendo mulleres pero agora con máis razón priorizaremos os nomes de mulleres.

Con respecto ó punto número 2, estamos de acordo coa primeira parte sobre Clara Campoamor, feito que xa manifestamos na anterior moción, pero

coidamos que a proposta do Consello Municipal da Muller non manifestaba o de dar as rúas nomes das represaliadas do 36 polo que o noso Grupo solicita que se retire esa parte ou senón nos absteriamos ou votariamos por separado os diferentes puntos.

A PRESIDENCIA: Ó noso grupo gustaríalle votar a favor agás a parte da que falou a Sra. Iglesias, se non é así abstémonos.

SRA. SÍO LOURIDO: Imos manter o segundo punto tal e coma está. Referiamonos a que era unha inquietude manifestada polo Consello Municipal da Muller a de equilibrar o nome das rúas, por suposto que nalgúns casos haberá que poñer nomes masculinos pero se trata de ir equilibrando ós poucos e de que tamen as nomeemos con nome de muller porque o que non se nomea non existe, coido que iso o sabemos.
O que introducimos é unha proposta nosa anterior porque pensamos que ás veces hai que traer as cousas ó Pleno; o feito de traer isto a Pleno é porque moitas veces os acordos non se cumpren, mesmo os de Pleno. Poderiamos lembrar algún no tema muller coma é que se ía realizar un Pleno extraordinario por temas de muller porque todos manifestamos esa inquietude, tamén o Sr. Soto en febreiro deste ano e quedouse en que se ía tratar no Consello da Muller, que se ía realizar un Pleno se non o 8 de marzo si máis adiante.
Ainda non vimos ese Pleno extraordinario para tratar, facer un seguemento e aportar todos os grupos as actividades que teñen que ver con temas de muller e é un tema que está de constante actualidade porque hoxe tamén erguémonos para gardar un minuto de silenzo. Con isto quero dicir que as cousas se presentan non por calquera cuestión, senón porque ás veces non se cumpren nin siquera os acordos de Pleno.
Mantemos o punto 2.

A PRESIDENCIA: Á marxe do manter, nolo deixan votar a nós?

SR. SOTO FERREIRO: Unha cuestión de orde. Evidentemente está claro que vou votar en calquera dos dous puntos pero, sería posible, polo tema das mulleres, separalos, é dicir, dividir a moción e facer dúas? Unha sería relativa ó tema da muller e outra ó tema de dar o nome dunha rúa determinada ás represaliadas do 36. Eu evidentemente vou votar a favor das

dúas pero me parece que o tema do equilibrio cos nomes de muller sería bo que fose votado por todos e polo tanto facer dúas votacións.

A PRESIDENCIA: Se vostedes nos deixan votar o punto 2 independente do que di “...os seguintes ás mulleres galegas represariadas do 36” votámoslle a favor, é dicir, votamos este punto concreto en contra e válenos a mesma moción.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Nós puxemos iso aí por algo, evidentemente este é o ano da Memoria e nós queriamos poñelo.

A PRESIDENCIA: Nós respectámolo.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Tendo conta que este Concello sempre estivo máis ou menos de acordo no que é o tema da muller, ímoslle permitir que voten por separado concretamente este punto, pero que quede reflectido este punto dentro da moción.

*A solicitude dos representantes do Grupo municipal do Partido Popular, vótanse separadamente os puntos 1 e 3 e primeira parte do punto 2, aceptándose a devandita solicitude polas relatoras da moción.*

(No momento da votación estaba ausente o Sr. Ruiz Ceniceros)

VOTACIÓN DOS PUNTOS 1, PRIMEIRA PARTE DO PUNTO 2 E PUNTO 3.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito, acórdase:
Primeiro.- Dar nomes de muller ás rúas de nova creación, buscando o equilibrio inexistente nestes momentos.
Segundo.- O primeiro nome será o de Clara Campoamor.
Terceiro.- Realizar unha guía, rueiro histórico, no que figuren os homes e mulleres que dan nome as nosas rúas e a súa bigrafía para o seu uso pola cidadanía.

VOTACIÓN DA SEGUNDA PARTE DO PUNTO 2.- Con quince votos a favor dos señores e señoras, Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia,

Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alons e sete votos en contra dos señores e señoras Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, López-Chaves Castro, Molares Pérez e Polo Lima, acórdase:
Os seguintes nomes de rúas daranse ás mulleres galegas represariadas do 36, xa que estamos no ano da memoria histórica

<u>Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro</u>:
Para dicir con respecto á súa votación que eu facilitei que votaran por separado pero déixenme expresar no nome do Partido Galeguista a miña tremenda mágoa porque non sexan quen, á altura dos tempos nos que estamos, de asumir se ningún tipo de desquite e si cun efecto de xustiza recuperar a memoria histórica de moita xente que sofríu seguramente, moita dunha parte pero non só desa, tamén había doutra parte que sofriron por represalias manifestamente inxustas e algunhas delas tan inxustas coma que perderon a vida.
A estas alturas non ter a sensibilidade para dicir que recoñecemos que houbo unha contenda terrible que producíu males realmente incríbles e que esas persoas que sendo inocentes, acaso por opinións políticas ou algo polo estilo, sofriron unhas represalias intolerables, demostra que vostedes ideoloxicamente están nunha altura realmente preocupante aínda, son a dereita dura que pode haber neste País.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, nós compartimos o espírito do seu discurso pero uns e outros, non só uns, todos; ademais compartímolo totalmente pero que non se exclúan a uns, que sexan todos. Contéstolle a vostede porque uns e outros, vostede acábao de dicir perfectamente, nós asumimos o que vostede di ó 100%, uns e outros.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Concordo absolutamente co que acaba de dicir o Sr. Soto pero supoño que no Ano da Memoria, no ano no que precisamente os vencidos, que foron ós que xamais se tiveron en conta e que este ano por fin se queren ter, que vostedes voten en contra, iso supoño que a historia e as mulleres tamén llo terán en conta.

17.- (152).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A CESIÓN DUN SOLAR Á XUNTA DE GALICIA PARA CENTRO INTEGRAL DE ATENCIÓN PARA AS PERSOAS MAIORES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de xullo de 2006, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Sen dúbida un dos retos máis importantes da sociedade do benestar é a atención ás novas necesidades xeradas pola súa propia evolución. É evidente que a sociedade galega, como calquera sociedade europea, padece dun proceso de envellecemento, que conduce á necesidade de priorizar as actuacións que atendan ao benestar dos nosos maiores.

A política social dirixida a ese sector da poboación, elemento fundamental do cuarto alicerce da sociedade do benestar, precisa da colaboración de todas as Administracións. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do Goberno Galego ten manifestado a súa vontade de implicarse na mellora e incremento das dotacións necesarias para resolver esa problemática na cidade de Vigo.

Por outra banda, o Concello de Vigo é propietario do solar número 11 da U.E. Rosalía de Castro 2, cunha superficie de 500 m2 e cunha capacidade edificable de 5.500 m2, calificada co uso “dotacional” que sen dúbida permitiría o desenvolvemento dun proxecto social dotado daqueles servizos que hoxe son tan perentoriamente precisos para atender aos nosos maiores.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldesa-Presidenta a conveniar a cesión do solar indicado coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a fin de desenvolver nesa parcela un Centro Integral de Atención para persoas maiores.”

A comisión informativa de Benestar Social, na súa sesión ordinaria de 21 de xullo de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A Vicepresidencia de Igualdade do Benestar do Goberno galego ten manifestado a súa vontade de se implicar en todo o que sexa mellora en canto ó incremento de dotacións para as persoas maiores na cidade de Vigo.
Hai esta vontade, hai ganas de traballar e ganas do facer e cremos que as administracións públicas deben colaborar na mellora das condicións dos nosos maiores.

Sabemos que o Concello ten unha parcela, concretamente a número 11 da unidade de actuación de Rosalía de Castro II. Hai que corrixir que esta parcela figura con 50 metros e son 500 metros e ten unha capacidade de edificaciòn de 5.500 metros. Está considerada como solo dotacional e pensamos que aquí se pode desenvolver un bo proxecto social para atender ás necesidades das persoas maiores.
O que pedimos na moción é que esta parcela se ceda á Vicepresidencia de Igualdade do Benestar para facer un centro integral de atención ás persoas maiores. Non se trata dun centro de día, está por desenvolver o proxecto, pero do que se trataría é de que se fixera un proxecto integral de atención ás persoas maiores aproveitando esta parcela.

A PRESIDENCIA: Cántos metros necesitan? Fálame o Sr. López-Chaves que tamén ten un problema coa biblioteca.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Neste intre non hai ningún proxecto feito, sinxelamente do que se trata é de reservar solo.

A PRESIDENCIA: Válelle a vostede reservar condicionado a que nun momento determinado se poida contemplar alí o proxecto dunha biblioteca?

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non sei se serán compatibles porque repito que non hai proxecto. O que si hai é necesidade de que se faga este centro, por eso pediamos ese espazo sabendo que había esa parcela.

A PRESIDENCIA: Ímoslle votar a moción pero que quede constancia na acta da referencia da que fala o Sr. López-Chaves.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O problema é que a parcela ten moita altura e pouco terreo. Non sei se se van consumir os 5.000 m2 porque ademais sería a compartir entre dúas administracións porque ainda que as bibliotecas públicas do Estado as construe o Estado central e xestiónaas a Xunta de Galicia e non sei se sería posible.
O que digo é non pechar a posibilidade se é compatible. Se non é así habería que buscar outro sitio pero non esgotar os 5.000 m2 porque tamén é certo que pensamos nese solo para a biblioteca pero é moita edificabilidade

e compartila entre dúas administracións é complicado pero pode ser posible e non quero pechar esa posibilidade.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Pola nosa banda non hai ningún interese en pechar esa posibilidade. Se isto por exemplo se utilizase en apartamentos comunitarios, non habería ningún problema.

A PRESIDENCIA: Estamos de acordo.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando a cesión dun solar á Xunta de Galicia para centro integral de atención para as persoas maiores co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (153).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A CREACIÓN DUN DEPARTAMENTO DE ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de xullo de 2006, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"Hoxe en día moitos elementos das nosas cidades e pobos non son accesibeis ou presentan unha gran dificultade para os colectivos de persoas con algún tipo de discapacidade ou que están pasando por etapas da vida na que poden ser dependentes.

É obriga das Administracións Públicas ofrecer aos seus habitantes igualdade de oportunidades no disfrute dos bens e servizos de uso público, e polo tanto debe ser unha preocupación prioritaria dos responsabeis políticos destas Administracións. En Galiza a Lei 8/1997 do 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras establece que as administracións galegas elaborarán planos de adaptación e supresión de barreiras e fixarán anualmente unha porcentaxe das súas partidas orzamentarias de investimento para este fin.

No Concello de Vigo en outubro do 2001 elaborouse un Plano Especial de Actuación para a Accesibilidade no que se fai un estudo exhaustivo do nivel

de accesibilidade existente nos espazos públicos e o transporte, así como unha descripción pormenorizada dos elementos necesarios para conquerila. Neste Plano fíxanse obxectivos a acadar e proponse a creación de partidas orzamentarias específicas anuais para acadar os obxectivos nos diferentes departamentos implicados na accesibilidade.

Ata o de agora este plano non se aplicou. Constantemente estamos recibindo queixas dos colectivos con problemas de accesibilidade do pouco que se está a realizar desde o Concello para facer máis doada a sua integración na cidade. Unha clara mostra témola na dificultade de acceso ás instalacións deportivas municipais. Na inmensa maioría dos polideportivos non hai entradas adaptadas e tampouco existe acceso acaído ás gradas. Outro tanto acontece nas piscinas municipais. Na de Teis non hai vestiarios adaptados a persoas con discapacidade, o pavimento non ten tratamento antideslizante e non hai escaleiras nin rampas de acceso ao vaso da piscina. Na de Lavadores non existen prazas de aparcadoiros para persoas con discapacidade, teñen moi mal acceso ao interior e a baixada o vaso faise por escaleira estreita e sen baranda.

No ano 2004 habilitouse unha partida especifica de 60.101 euros no Departamento de Vías e Obras que foi utilizada para arranxar treitos de rúas e "de paso" eliminar as barreiras arquitectónicas da zona arranxada. No exercicio do 2005, pese a redactarse un proxecto específico para a eliminación de barreiras e varias rúas cun orzamento de 150.121 euros, non se utilizou neste fin, senon na humanización do contorno da Alameda e doutras rúas.

O Goberno municipal non está aplicando o Plano de Accesibilidade, non existe coordinación entre os departamentos implicados e as actuacións son fragmentarias e dispersas, sen marcarse uns obxetivos. No BNG pensamos que para facer viable o Plan Especial de Actuación para a Accesibilidade de Vigo debe poñerse en marcha unha estratexia de carácter contínuo e transversal, e debe crearse unha estructura que actúe en todos os niveis de intervención, que diseñe, planifique e oriente aos técnicos e políticos. Hai que incorporar o concepto de accesibilidade a todos os proxectos e accións que se desenvolvan no Concello.

É por iso que propoñenos ao Pleno da Corporación que se adopten os seguintes ACORDOS:

- Creación, a maior brevidade posíbel, dunha oficina de Accesibilidade que supervise de xeito transversal todos os proxectos e accións que teñen que desenvolverse para cumplir co Plano Especial de Actuación para a Accesibilidade.
- Nos próximos orzamentos xerar partidas específicas en todas as concellarías implicadas na accesibilidade para eliminar as barreiras arquitectónicas
- Que con urxencia se arranxen as deficiencias detectadas na instalacións deportivas municipais (piscinas, pavillóns...).

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de 21 de xullo de 2006, quedou enterada do contido da antedita moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A Lei de supresión de barreiras arquitectónicas nas súas disposicións adicionais comenta que as administracións galegas elaborarán planos e obxectivos de adaptación e supresión de barreiras arquitectónicas. Tendo en conta isto no ano 2001 por parte do departamento de Benestar encargouse un plano especial de actuación para accesibilidade do Concello de Vigo.

A verdade é que este plano está moi ben elaborado, moi ben pensado, quizais o problema que ten é que son demasiados folios xa que ten 2.300 páxinas e ó mellor por iso a xente non o está a utilizar.

Fai un estudo pormenorizado do que era a accesibilidade existente naquel intre e tamén fai unha descrición exhaustiva do que faría falla corrixir para que a accesibilidade desta cidade fose real. Tamén neste plano se fixaban obxectivos e mesmo se daban orzamentos para a mellora desta accesibilidade.

Ata o de agora este pleno está metido nun CD no departamento de Benestar; esta é a realidade. Cando fun un por un polos departamentos que tiñan que ver coa accesibilidade, a xente efectivamente coñecía que unha vez se fixera este plano, que no departamento de proxectos o tiñan, pero que realmente non se estaba utilizando, que se estaba funcionando á demanda.

Esta moción comezou porque a xente quéixase, os colectivos de persoas con discapacidade síntense marxinados á hora de se mover e camiñar por esta cidade. Un dos casos máis flagrantes son accesos ás instalacións deportivas. Maioritariamente os colectivos de discapacitados teñen que acceder pola porta de carga e descarga, non hai bo acceso directo ó polideportivo e cando chegan á pista nunca hai maneira de acceder ás gradas. Atopar un baño adaptado nun polideportivo é bastante difícil.

Se falamos das piscinas municipais outro tanto do mesmo. A piscina de Teis da mágoa vela, nin siquera ten acceso por escadas, non ten rampla; a piscina de Lavadores non ten nin siquera aparcadoiros adicados ás persoas con discapacidade. Non hai aparcadoiros ó redor, o chan non é antideslizante, etc.

Cando fomos falar co departamento de Vías e Obras e preguntámoslles que había en relación co plano de accesibilidade e investigamos, o primeiro de que nos damos conta a nivel do IMD é que non hai partida orzamentaria; parece ser que si a hai na concellería de Deportes pero non no IMD. No Departamento de Vías e Obras os técnicos din que efectivamente no ano 2004 aparece unha partida que realmente se utilizou para arranxo de rúas e

beirarrúas. No ano 2005 hai unha partida de 150.000 euros que se utilizou para o Vigo 2005, non para accesibilidade; como Vigo 2005 xa levaba aparellada a accesibilidade computouse nesta partida.
Agora no 2006 o Goberno, non sei se atendendo a esas demandas, parece que si quere facer un plano un pouco máis axeitado pero ista non é a maneira. O Goberno di que ten moi en conta ós colectivos con discapacidade, que está moi sensibilizado, pero as actuacións que se están a facer non corresponden con estas verbas.
O que hai é que as actuacións son fragmentadas e atendendo máis a determinadas demandas dos colectivos que realmente a un plano coma debería existir, cunha accesibilidade que lle dea facilidades a estes cidadáns.
Coidamos que hai que incorporar o concepto de accesibilidade a todos os proxectos e accións que se desenvolvan no Concello, daí que facemos a seguinte proposta e que o Pleno, se o considera oportuno, a aprobe.
Creación, a maior brevidade posíbel, dunha oficina de Accesibilidade que supervise de xeito transversal todos os proxectos e accións que teñen que desenvolverse para cumplir co Plano Especial de Actuación para a Accesibilidade. Do que se trataría é que habería unha persoa dos departamentos implicados que se encargaría de que este Plano se levase á practica en todas as Concellerías.
Outro acordo sería que nos próximos orzamentos se xeren partidas específicas e que se usen coma tales nas concellerías implicadas na accesibilidade, que son todas, e que con urxencia se arranxen as deficienzas detectadas nas instalacións deportivas, maiormente nas piscinas.

SR. COMESAÑA ABALDE: Ímoslle votar a favor pero quixera corrixirlle dous datos. Di vostede que no 2004 non se empregou ningún diñeiro; eu teño un informe que se me pasou de Vías e si se investiron cartos. No 2003 fíxose obra co persoal propio de Vías e Obras. Efectivamente no 2005, coma se fixeron as obras de humanización, trapasouse a partida para o 2006 en que no mes de marzo fixemos un plano onde se recollen as obras para empezar a traballar ordenadamente.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Si que dixen que había unha partida de 60.000 euros que se utilizou no arranxo de rúas e de paso, mentres ían arranxando as rúas, se facían ese tipo de modificacións.

(No momento da votación estaban asuntes os señores López-Chaves Castro e Ruiz Ceniceros)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de feito e de dereito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando a creación dun departamento de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (154).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO DIVERSAS ACTUACIÓNS NA AVENIDA DE CASTRELOS E DA FLORIDA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de xullo de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte moción:

"Na anterior Corporación Municipal iniciouse e impulsouse diferentes humanizacións nun contorno urbano tan relevante como o do Val do Fragoso, nos arredores de Balaídos. A humanización da avenida de Fragoso, as actuacións en Manuel de Castro ou os proxectos en Balaídos e Alcalde Portanet son claras evidencias dunha liña que tiña e ten por obxecto humanizar ámbitos degradados.

As avenidas de Castrelos e a Florida son as dúas principais vías dese barrio, pero tamén dúas grandes arterias da nosa cidade, que fican hoxe por hoxe plenamente integradas na urbe. A situación que presentan ambas avenidas, e que ten sido denunciada reiteradamente por algúns colectivos veciñais é francamente lamentable: beirarrúas reducidas, minúsculas nalgúns tramos, con lousetas levantadas; capa de rodadura parcheada; un deficiente alumeado; por non citar os problemas na rede de abastecemento e de recollida de augas que no caso da avenida da Florida presenta intermitentemente graves prexuízos para a veciñanza ou a grave inseguridade vial que presentan e que fai que a avenida de Castrelos sexa a rúa onde se rexistra un maior número de atropelos de toda a cidade.

É evidente que a avenida de Castrelos e A Florida precisan de actuacións urxentes de calado que vaian máis aló de correccións parciais, parcheados e reposición de lousetas. Dende o BNG entendemos que é imprescindíbel abordar un proxecto de humanización desas vías que inclua a renovación e ampliación das beirarrúas a renovación da rede luminaria, a implantación de arborado, unha nova capa de rodadura e unha reordenación presidida pola busca dunha

maior seguridade viaria; así mesmo debería aproveitarse a oportunidade para actuar dunha vez por todas na rede de abastecemento e saneamento da zona.

O lóxico, xa que logo sería que dende o Concello se impulsase a súa conversión en vías urbanas, recepcionar a súa titularidade que na actualidade está na Xunta de Galicia, a condición de que a administración autonómica asuma o custe das citadas actuacións. Non tería ningún sentido, que dúas avenidas urbanas continúen a recibir tratamento de estrada.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

1.- Que o Pleno da Corporación inste ao Goberno municipal a axilizar os trámites de redacción dos proxectos de humanización das avenidas de Castrelos e A Florida, incluíndo nos mesmos a renovación e ancheado das beirarrúas, da rede luminaria, da imprantación de arborado, da capa de rodadura e reordenación das vías, ademais de actuacións na rede de abastecemento e saneamento, en definitiva, dotándoa de todos os servizos propios dunha rúa urbana. Para a redacción dos proxectos debera consultarse cos colectivos veciñais, nomeadamente as asociacións de veciños do contorno.

2.- Facultar á Alcaldesa-Presidenta para que negocie coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes un convenio que permita facer viable a recuperación urbana destas dúas vías".

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión ordinaria de 21 de xullo de 2006, quedou enterada do contido da antedita moción.

DEBATE.- SR. VIEITEZ ALONSO: Falamos de dúas rúas desta cidade que no seu momento foron estradas e teñen esa conceción de estradas, serviron para entrar e sair do noso Concello, pero producto do avance da urbanización nestes momentos temos que as considerar realmente coma rúas.
A situación tanto dunha coma da outra é bastante lamentable, é cuestión de pasar por elas e ver como están as súas beirarrúas, a iluminación, o propio asfaltado ou o tema dos servizos.
O que propoñemo é que, conforme se iniciou xa na Corporación anterior unha actuación de recuperación de espazos para o peón, en definitiva para o cidadán, se faga exactamente o mesmo e que se chege a un acordo coa Consellería de Ordenación na medida en que son titularidade da Xunta. O que pretendemos é que por unha banda o Pleno da Corporación inste ó Goberno municipal a axilizar os trámites de redacción dos proxectos, que pensamos que deberan ser realizados polo propio Concello, onde se recolla unha actuación integral tanto na superficie como no subsolo para dunha vez por todas subsanar as deficenzas que teñen en canto a servizos e tamén que se

recolla unha reordenación de todos os servizos superiores, do tráfico e así mesmo unha actuación que vaia acompañada dunha humanización e dun maior espazo no entorno para a cidadanía.
Nese sentido tamén nos parece importante que se consulte coas asociacións de veciños do contorno porque é un tema que veñen demandando dende hai tempo e parécenos interesante recoller as súas necesidades ou reivindicacións.
En se segundo lugar facultar á Alcaldesa-Presidenta para que se negocie coa Consellería de Ordenación un convenio que permita facer viable a recuperación urbana destas dúas vías no seu sentido máis amplo. Temos antecedentes que funcionaron perfectamente e coido que por unha banda se beneficiou a Xunta de Galicia na medida en que se desprendeu de vías de titularidade propia que hoxe xa son titularidade do propio Concello e por outra banda se beneficiou o Concello na medida en que se subsanaron as deficienzas que viñan dende hai tempo e polo tanto con isto se permitiría adecuar estas dúas vías ó que hoxe son, porque son máis rúas que estradas propiamente ditas.

A PRESIDENCIA: Estamos de acordo e de feito se lle propuxo á Consellería de Política Territorial a través da súa delegada provincial, un convenio onde se contemplase a cesión deses viais ó Concello, incluindo a avenida de Ramón Nieto que é outra obra que é imprescindible que nos próximos meses se faga un arranxo porque o pavimento está en malísimas condicións.
O que pretendiamos con eses tres viais que pertencen á Xunta de Galicia, e así se lle fixo ver á delegada, é facer un proxecto parecido ó que se fixo co Ministerio de Fomento que funcionou ben, é dicir, que eles nos dean unha cantidade de diñeiro por quilómetro que serva para mellorar e deixar en condicións eses viais e logo que nós fagamos o mantemento.
Coido que hoxe é unha política axeitada, que se iniciou por parte do Concello no seu día e que está a dar bo resultado porque ó final os cidadáns o que queren é que lles arranxemos os viais e non lles importa que sexan da Xunta, da Deputación ou do Concello, o que queren é que estean en boas condicións. Proba disto é que estou convencido que se lles dicimos ós cidadáns de quen son competencia eses viais van dicir que do Concello de Vigo.
Tamén hai unha cuestión que é que na avenida de Castrelos, que saben vostedes que está en proceso a licitación e adxudicaremos pronto as

melloras que se van facer na estrada do Aeroporto e tamén no primeiro cinto, precisamente por ese convenio co Ministerio de Fomento, pois que na entrada en funcionamento que supoño que será relativamente pronto, da conexión do segundo cinto con Citroen, imos liberar un tráfico importante da avenida de Castrelos e coido que dende o departamento de Tráfico haberá que tomar unha decisión mesmo de modificación dos sentidos porque evidentemente vaise minorar dun xeito considerable o tráfico da avenida de Castrelos, van ser máis urbanos.
Na conexión dun vial urbán como pode ser o primeiro cinto, coa avenida de Citroen e con Castrelos, coido que se podería conformar un área urbana que podería mellorar moito as condicións de vida de todos eses cidadáns.
A moción imos votala a favor con todas estas puntualización porque coido que mesmo é importante falar da Avenida de Ramón Nieto, ainda que non a imos incluir na moción, pero o que si imos facer é procurar dende o propio departamento unha reestructuración de todo o tráfico e logo disto, non na avenida da Florida que coido que funciona ben a nivel de tráfico, pero a avenida de Castrelos coido que necesita unha reestructuración e unha humanización importante porque van minorar os tráficos dun xeito considerable.

SR. SOTO FERREIRO: Para votar a favor da moción pido que quede aberta a posibilidade de que non renunciamos e parécenos necesario para esa zona que antes ou logo, mellor antes, se faga unha unión do primeiro cinto de circunvalación ben con Portanet, ben cunha remodelación urbanística en función do novo PXOM que sería posible, porque xa o estudaron os técnicos que me asesoran nestes temas, levándose por diante a casa que hai en fronte ainda que logo dándolle o volume que se lle poida dar na zona e por tanto facendo unha remodelación que podería ser altamente conveniente e interesante.
Hai esas dúas posibilidades: ou túnel a Portanet ou en superficie pasando de fronte, remodelando a zona que está prevista no PXOM.
Non votamos a favor do tema de recoller o primeiro cinto porque non había unha solución dese tipo e se non queda contemplada esa posibilidade futura tampouco lamentablemente poderiamos votar a favor disto estando a favor co espírito. Só pido que iso quede aberto porque ten que ser unha negociación con Fomento, coa Xunta de Galicia ou con quen proceda e se o podemos facer nós mesmos, nunha remodelación en Urbanismo en función do que lle estaba a

comentar, que me parece perfectamente posible por algúns estudos que fixemos, adiante.
Deixar iso coma está e que o primeiro cinto desemboque na avenida de Castrelos é realmente impedir que esa zona poida ter un trasunto peonil moi importante no futuro.

A PRESIDENCIA: Non sería bo abrir agora un debate pero o noso grupo discrepa do seu posicionamento, pola contra nós entendemos que a avenida de Castrelos, a avenida de Citroen e Arquitecto Palacios no tramo do primeiro cinto, tense que convertir nunha zona totalmente urbana. No momento en que teñamos a conexión do segundo cinto con Citroen desaparecen todos os tráficos daí. Será unha reestructuración urbana.
Agora mesmo e dende hai uns neses o primeiro cinto xa pertence ó Concello; temos esa adxudicación que imos facer para arranxar unha parte importante en canto a temas de seguridade e pouco a pouco haberá que ir transformando ese vial nun vial urbano.
Se nos entrega a Xunta a Avenida de Castrelos evidentemente tamén porque ese tráfico vai minorar dun xeito considerable. É unha cuestión de interpretación, nós pensamos que o tráfico está funcionando ben e retirar o tráfico pesado daí sería un alivio importantísimo para toda esa zona, pero coido que é unha cuestión que non imos debater agora aquí.

SR. SOTO FERREIRO: Voulle dar un dato moi puntual: na parte de atrás de Citroen vai mellorar a circulación porque hai camións pesados que van por aí e pasan para a parte de atrás. Iso é unha mellora. Pero o que non vai ir por aí por exemplo é a comunicación dos moitísimos traballadores de Citroen que van por esa circunvalación.
Tomen exemplo doutras cidades porque xa falamos cando o PXOM que, se ben era posible construir ás beiras dese vial, era deixando carrís paralelos, non prexudicando o que hai hoxe no medio que pasaría ser o que se chama noutras moitas cidades un circuito interior, unha zona importante a percorrer sen semáforos, porque o segundo cinto de circunvalación en modo ningún vai resolver o tráfico.
Resolverá, porque é unha obra importantísima, o tema de Citroen para provedores, para xente que vaia dunha a outra parte de Vigo pero para a xente que ten que ir a esa zona vai ir por aí fundamentalmente e hai que

lle dar unha solución de tráfico de futuro porque cada día aumentará máis, non van baixar.
Quero participar no espírito da moción do BNG no sentido de que a avenida de Castrelos realmente algún día chegue ter un certo carácter alomenos moito máis peonil do que ten hoxendía e para iso hai que deixar solucións de tráfico diferentes ás que hai hoxe.
Se vostedes pechan todas as posibilidades realmente iso non será así. Non pido nin que se inclua na resolución, pido que quede aberta esa posibilidade de negociación con outras administracións. Se non o fan, non votamos a favor e rematou.

SR. VIEITEZ ALONSO: En primiero lugar isto non está pechado a nada, estamos a falar de que o Concello redacte os proxectos de urbanización e facémolo con toda a intencionalidade porque será o Concello quen saiba moito mellor qué tratamento lle quere dar a eses dous viais. Entre outras cousas evidentemente teremos que recoller o que plasmamos no Plan Xeral e polo tanto no momento en que se redacte supoño que teremos oportunidade de participar e dar a nosa opinión, nada máis.

A PRESIDENCIA: Os proxectos están redactados pero en calquera caso darémosllos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Ía intervir nese sentido porque coido que ata polos periódicos sabemos que a Consellería de Política Territorial e a Alcaldesa tiveron unha xuntanza a este respecto marcando o criterio que xa se acadara no ano 2003, cando estaban as forzas políticias situadas claramente de xeito diferente nas administracións, o PP na Xunta e o BNG e o PSdeG no Concello de Vigo, de priorizar as obras da Consellería de Política Territorial nas estradas da propia rede autonómica.
Precisamente consecuenza deses acordos de 2003 é polo que se poñe o acento en facer estas dúas obras nas estradas, que realmente xa son rúas, de Balaídos e Castrelos e ante esa proposta e a información por parte da Consellería dunha partida de 3.000.000 de euros no ano que andamos, o que non quere dicir que non haxa máis cartos nos orzamentos dos próximos anos, había un compromiso por parte da Consellería xa que saíu dela poñer esa partida no seu momento, de facer esas obras priorizando precisamente as de Florida e Castrelos e as outras dúas das que falou o voceiro do Goberno,

Ramón Nieto, na que xa está adxudicada a obra para a capa de rodadura polo que pronto veremos as máquinas, así como o proxecto da rúa do Vao-Canido que remata na estrada cortada, preto de Cabo Estai, na que había un pre-proxecto do Goberno anterior que non aseguraba que houbera unha senda peonil dende o remate ata o Vao, co que se está a facer un novo proxecto.
Esas son as actividades que se trata de potenciar. Non entraría no melón formulado polo Sr. Soto pero coido que o importante é poñer en marcha estas iniciativas importantes. Dende logo de Florida e Balaídos a Consellería ten perfectamente coñecida a situación dos anteproxectos por parte do Goberno municipal, anteproxectos que esperamos coñecer todos para que se poida impulsar a obra canto antes.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, relativa ás humanizacións das avenidas de Castrelos e A Florida, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (155).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VALLADARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de xullo de 2006, a concelleira do Grupo municipal socialista, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Acorde ao noso tempo, o enunciado de "conciliar a vida laboral coa familiar" significa, entre outras moitas cousas, dispoñer de escolas infantís que permitan que ambos pais poidan compatibilizar as súas xornadas laborais co coidado e atención dos seus fillos.

A carencia de centros infantís na nosa cidade é importante. Actualmente na nosa cidade só existen sete escolas infantís pública, dúas xestionadas pola Xunta de Galicia e cinco polo Concello. Por tanto, un número total insuficiente para a nosa cidade.

Non se poden desperdiciar esforzos e recursos, senón todo o contrario, é necesario o compromiso e a implicación de todas as Administracións, e non so con anuncios e slogans, para corrixir a necesidade que ten na nosa cidade en materia de escolas infantís.

Non obstante sorpréndenos que o Goberno Municipal esquecese durante estes anos o proxecto de Escola Infantil no Parque Tecnolóxico de Valladares. A Alcaldesa, a pesares dos seus compromisos, non foi capaz de por en marcha esta escola infantil.

Debemos lembrar que dende decembro de 2003 o Concello de Vigo ten á súa disposición os terreos da parcela número 16 do parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, cedidos polo Consorcio da Zona Franca para acoller a Escola Infantil, e, despois de case tres anos, nin existe a escola nin proxecto da mesma.

Por todo o anterior presentamos para a súa aprobación polo pleno da corporación a seguinte PROPOSTA

Requirir á Alcaldesa para que inicie os trámites necesarios para a construción da escola infantil do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de data 21 de xuño de 2006, quedou enterada da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: En sesión plenaria de 27 de decembro de 2004 a instancia dunha moción presentada polo BNG relativa á instalación dunha escola infantil en terreos do parque tecnolóxico de Valladares, moción que por certo se aprobou por unanimidade, as verbas da Sra. Alcaldesa foron: "Quería clarexar que en conversas coa Zona Franca neste intre están pendentes de poñer os terreos dentro do Parque Tecnolóxico a disposición da Xunta de Galicia quen se faría cargo da construcción. Penso que debe ter a denominación de escola infantil pero por outra banda esta escola infantil debe estar dirixida tamén a todos os nenos e nenas e penso que ese é o espírito dos traballadores e traballadoras que estean no Parque Tecnolóxico".
Esta declaración, en plena sintonía co compromiso electoral do PP recollido no seu programa municipal, que como compromiso de goberno para os primeiros seis meses dicía: "Crearemos prazas de gardería suficientes para contribuir decisivamente a que todas as familias viguesas poidan conciliar o traballo e a vida familiar e en concreto promoveremos a instalación de garderías nos polígonos industriais, centros de traballo e zonas de recente urbanización da área de Vigo co fin de axudar a conciliar o traballo e a vida familiar". Pero dende estas verbas da Sra. Alcaldesa no Pleno, transcorriu máis de ano e medio e mal se pode entender o que aconteceu.

O Concello é titular da parcela destinada a escola infantil no Parque Tecnolóxico de Valladares dende decembro de 2003 e ata a actualidade a Sra. Alcaldesa non cumpríu o seu compromiso e o que é máis grave, non demostra capacidade para o poder cumprir porque na contestación á nosa pregunta sobre as xestións realizadas descubrimos, porque ademais se nos achega copia, que tivo que lle preguntar a Zona Franca porque descoñecía a propiedade municipal da parcela.
Novamente atopámonos diante dun problema grave: escaseza de prazas públicas en escolas infantís e novamente atopámonos diante da ineficacia e nula xestión deste goberno.
Por iso requirirmos á Sra. Alcaldesa para que inicie os trámites necesarios para a construcción da escola infantil do Parque Tecnolóxico de Valladares. Cando falamos de trámites non nos referimos a informales conversas personais, a Alcaldesa non debe esquecer que representa a unha administración.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Sinxelamente anunciar o noso voto a prol e agradecerlle ó PSOE a insistencia no cumprimento da moción presentada por nós no seu día e aprobada por unanimidade neste Pleno. Moitas gracias.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de feito e de dereito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Graña Barcia, relativa á construcción dunha escola infantil no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (156).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO A ADHESIÓN DE VIGO Á "RED ESPAÑOLA DE CIUDADES POR EL CLIMA".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de xullo de 2006, a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Sío Lourido, formula a seguinte moción:

"Todas as cidades teñen que atopar solucións a problemas medioambientais similares. Os Gobernos locais como nivel de goberno máis achegado aos

cidadáns teñen a responsabilidade de influír nos comportamentos individuais a través da educación, a concienciación e, en definitiva, da incorporación dos criterios da sostibilidade en todas as políticas municipais cun enfoque integrado.

A Comisión Executiva da FEMP, en reunión realizada o día 28 de setembro de 2004, acordou a constitución formal da Sección "Red Española de Ciudades por el Clima", cuxa actividade se dirixe á promoción das políticas de desenvolvemento sostible nas cidades dado o importante papel que poden desenvolver as políticas locais na redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, e en cumprimento do protocolo de Kioto. Na actualidade, polo menos 115 cidades españolas están adheridas á citada REDE, só dúas delas son galegas, A Coruña e Marín.

Dende o Concello temos a responsabilidade de implementar políticas e estratexias europeas como a Estratexia de Lisboa, a Estratexia de Gotemburgo, o Sexto Programa de Acción para o Medio Ambiente, a próxima estratexia temática de medio ambiente urbano da Unión Europea, así como iniciativas europeas contra o cambio climático, en materia de saúde, en formas de goberno, e na posta en marcha das Metas de Desenvolvemento do Milenio da ONU e o Plan de Implementación de Johannesburgo.

A nosa cidade adheriuse recentemente á Carta Europea de Aalborg e nestes momentos "estamos traballando" na Axenda 21 Local e cremos que estes pasos iniciados poden complementarse formando parte da "Red Española de Ciudades por el Clima" cumprindo os requisitos oportunos.

Por todo o anterior presentamos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Que a cidade de Vigo se adhira á 'Red Española de Ciudades por el Clima' para compartir modelos de desenvolvemento sostible con outras cidades españolas."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión ordinaria de data 21 de xullo de 2006, quedou enterada da antedita moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. SÍO LOURIDO: Esta moción contén o acordo de pedir que engadamos a cidade de Vigo á "Red Española de Ciudades por el Clima", unha rede creada pola Federación Española de Municipios e Provincias que inclue 115 cidades españolas, dous de Galicia –A Coruña e Marín- que traballan conxuntamente para o desenvolvemento sostible nas cidades.
Catro de cada cinco europeos vivimos en cidades que teñen problemas similares; dende as cidades se pode traballar na educación dos comportamentos individuais ademais de construir as políticas municipais cun enfoque integral de acordo co medio ambiente e o desenvolvemento sostible e que a nosa cidade hai pouco que se engadíu á Carta de Albor ademais de

estar “traballando” na Axenda XXI, e póñoo entre comiñas porque non avanzamos moito. Temos problemas medioambientais pendentes pero penso que traballando e compartindo experiencias que seguro nos van servir, é importante que nos relacionemos a través desta rede.
Os requisitos para estaren na red son: O compromiso municipal expresado por acordo de Pleno, que subscribiramos a Carta de Albor, cousa que fixemos hai uns meses a traves do Eixo Atlántico, que elaboremos un plan de acción para a protección do clima, que haxa unha designación dun responsable político e un técnico e que asumamos todas as normas e responsabilidades de pertencer a esta rede.
Dende o noso grupo fixemos bastante incidencia no tema do medio ambiente, presentamos mocións sobre o ar, sobre a auga, o aforro enerxético, sobre as cláusulas medioambientais nos pregos. Algunhas compartímolas todos como as do uso responsable do transporte e coido que é importante que as cumpramos, manteñamos esta responsabilidade e que este criterio sexa tomado en serio por parte deste goberno, por iso se propón esta moción.

(No momento da votación estaban ausentes as señoras Garrido González, Molares Pérez e Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de feito e de dereito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Sío Lourido, solicitando que a cidade Vigo se adhira á “Red Española de Ciudades por el Clima”, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (157).-MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO TRASLADAR Ó PARLAMENTO EUROPEO O RECOÑECEMENTO DA CORPORACIÓN POLA APROBACIÓN DO USO DO IDIOMA GALEGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de xullo de 2006, o concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Caballero Míguez, formula a seguinte moción:

“O pasado 3 de xullo, a Mesa do Parlamento Europeo aprobou o uso das línguas cooficiais do Estado español nas comunicacións escritas dos cidadáns e das cidadás coa Eurocámara. A cidadanía galega acada deste xeito o dereito a se dirixir por escrito en língua galega a esta institución europea, tendo dereito tamén a recibir resposta escrita nesta lingua. Esta medida permite un achegamento dos cidadáns galegos ó Parlamento Europeo, e isto afecta tamén ós vigueses e viguesas, particularmente a aqueles que se expresan en galego habitualmente.

Recentes estudos teñen amosado que un 25,5% dos vigueses falan só en galego ou cando menos falan máis galego que castelán. Ademais outro 27,8% dos vigueses fala tamén galego, aínda que fale máis castelán que galego. Deste xeito, o galego é utilizado en maior ou menor medida pola metade da poboación viguesa e especialmente por un 87,9% que só fala en galego. Así mesmo, case que tres cuartas partes dos vigueses ven de xeito positivo que se use o galego en todos os ámbitos sociais. A aceptación do galego como língua de comunicación co Parlamento Europeo é unha boa decisión para os vigueses, para a defensa da língua galega e para Galicia.

A decisión da Mesa non foi sinxela e xa perecera anteriormente noutras ocasións no Parlamento Europeo, onde obtivo a oposición do Partido Popular Europeo, mentres os socialistas e nacionalistas apoiaron a medida. O certo é que isto beneficia ós cidadáns galegos e á súa vinculación coas institucións europeas. Nunha tendencia de feitos que tenta favorecer o uso do galego nos órganos de goberno europeo, na cal existen pasos por dar, e sen se exceder dos seus ámbitos competenciais, parece oportuno que o Concello de Vigo poida recoñecer un avance que favorece ós seus cidadáns de forma directa.

Resolución:

A Corporación Municipal de Vigo, recoñece e valora que o Parlamento Europeo teña aprobado recentemente o uso do galego para as comunicacións da cidadanía coa institución, permitindo que as viguesas e os vigueses poidan enviar os seus escritos e comunicacións en galego ó Europarlamento, e que lle sexan respostados na mesma língua. Así mesmo, e sen prexuízo de que se sigan a adoptar medidas que favorezan a cooficialidade do galego en todos os sentidos, solicítase que o Goberno municipal transmita este recoñecemento á Mesa do Parlamento Europeo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria de 21 de xullo de 2006, quedou enterada da antedita moción.

DEBATE.- SR. CABALLERO MÍGUEZ: Esta moción do grupo municipal socialista insta a recoñecer ó Parlamento europeo pola aceptación do galego para as comunicacións coa cidadanía viguesa.

O pasado 3 de xullo a Mesa do Parlamento Europeo ven de aceptar o uso das línguas cooficiais españolas para as comunicacións que a cidadanía queira ter coa institución europea tanto para recibir como para respostar, tanto

en catalán coma en euskera ou coma en galego, este tipo de comunicacións e escritos que a eles se dirixan.
Esta é unha decisión positiva que está na dirección de distintas decisións que se están a tomar nas institucións europeas referentes a permitir tamén a integración do galego nun conxunto europeo que ten unha serie de institucións, en particular o Parlamento, que se caracterizan polo multilingüismo. En definitiva esa concepción de Europa como representación de distintos cidadáns con distintas línguas ten que dar tamén cabida á incorporación do idioma galego como un mecanismo de transmisión e de comunicación dende a cidadanía e os políticos, entre os propios políticos no seo das institucións europeas.
Esta é unha decisión que se tentou tomar noutras ocasións e non foi posible, unha decisión da Mesa do Parlamento Europeo, do Europarlamento, que se vetou en distintas ocasións co voto en contra do Partido Popular europeo e en particular tamén dun dos vicepresidentes da Mesa do Parlamento Europeo que é membro do Partido Popular de España.
Penso en definitiva, sen tentar abrir outro tipo de debate, que esta é unha decisión boa sobre a que esta Corporación pode dar un recoñecemento ó Parlamento Europeo por unha decisión que beneficia tamén á cidadanía de Vigo, non é unha cuestión referida á organización, ás cuestións de regulamentos das institucións europeas, nin é moito menos interferir nunha decisión do Europarlamento que sinxelamente compite á propia vinculación constitucional da Unión e á propia definición da Mesa do Parlamento.
Neste senso nesta cidade hai un 25% de cidadáns que manifestan que ou falan só en galego, ou que falan máis en galego que en castelán. Polo tanto para ese 25% de cidadáns esta é unha decisión especialmente relevante. Tamén o é para o outro 27% dos cidadáns vigueses que ainda que din que falan máis castelán que galego aceptan que falan tamén o galego, con certa asiduidade. Polo tanto, para esa boa parte da cidadanía de Vigo, esta é unha decisión de forma directa que é boa, é positiva, achega as institucións europeas á cidadanía e en concreto á cidadanía desta cidade.
Polo tanto neste senso e nunha dirección na que eu son consciente de que hai distintas medidas por tomar aínda no seo das institucións europeas referentes ó uso do idioma galego nas mesmas, xa nos Consellos de Ministros comézanse a utilizar as línguas cooficiais, xa se fixo co euskera e proximamente vano facer nos Consellos de Ministros da Unión Europea de emprego, política social e saúde e os membros do Goberno galego van

expresarse tamén en galego; no Comité de Rexións o galego xa está vinculado. Pero á marxe destas decisións sobre as que todos temos posicionamento político e os nosos partidos os teñen distintos e con distinto grao de afinidade, o Grupo municipal Socialista trae unha cuestión concreta a este Pleno porque ten unha relacción directa coa cidadanía e en particular con boa parte desa cidadanía de Vigo que fala galego e cun 9% dos vigueses que manifestan falar só en galego e, aínda que isto a algúns lles sorprenda, é unha decisión positiva e acertada.
Nesta moción solícitase que a Corporación inste ó goberno municipal a dirixirse nunha carta, por certo en galego, ó Parlamento Europeo para transmitir que esa é unha boa decisión e que se recoñeza que esta cidade valora positivamente esta decisión, sen ningún tipo de prexuízo a que as propias institucións europeas co seu funcionamento nos distintos órganos segan a adoptar outras medidas, que se van adoptando paseniño e que están levando a unha Europa multilingüística cada vez con maior forza a presenza do galego nestas institucións. Aí hai pasos que dar e non hai problema en que na propia carta se diga que “sen prexuízo de que se sigan a adoptar medidas que favorezan a cooficialidade do galego en todos os sentidos”.
Esta é unha boa decisión para os galego-falantes, para toda Galicia e directamente para os cidadáns de Vigo, en particular para aqueles que falan galego totalmente ou a cotío e para que outros que non o falen teñan tamén unha maior facilidade para cando se dirixan ás institucións europeas.
Sinxelamente isto é o que se solicita nesta moción.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Alégrome moito desta moción do Sr. Caballero, penso que é unha cousa de seu e moi boa. Xa me gustaría a min falar o galego que vostede fala pero vostede está a defender unha moción do grupo municipal socialista, dun grupo que o 98% cada vez que actuan resulta que o 37,5% dos seus membros falan o castelán, o que eu sinceiramente entendo perfectamente.
Estamos totalmente de acordo pero polo menos a ese 37,5% de persoas do seu grupo que falan o castelán incúlquelles vostede que vaian falando galego e se non o saben que o aprendan porque eu tampouco o falo ben porque falo o galego da rúa e dame igual dicir “almeja” con “eje” que con “g”, pero falo galego en todos os lados. Dígalle a eses 37,5% de compañeiros que se apliquen o conto.
Dende logo que si imos apoiar a moción.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Sinxelamente un pequeno clarexamento. Penso que o galego cada un o fala coma quere, como pode ou como sabe e polo tanto non entro en ningunha caracterización do galego que falamos ti, compañeiro da Corporación, ou eu porque todos o falamos con total normalidade.
Esta é unha decisión presentada no Parlamento Europeo e defendida polo Partido Socialista na Mesa do Parlamento Europeo. Son outros os que votan non. Esta decisión lévase de xeito reiterado á Mesa ata que ten que sair adiante nunha situación que apoian os liberais, a esquerda unida europea, os verdes e os catro vicepresidentes da Mesa do Parlamento. A partir daí penso que todas estas intervencións públicas que estou a facer, fágoas en galego; pero tamén digo con total claridade que eu tampouco a nivel individual son quen de poder implicar a ninguén para que fale un idioma.
Teño claro que na oposición política e pública, para tentar favorecer unha língua que ten que ser mostra dunha riqueza cultural de Galicia, hai que tentar darlle o uso máis cotiá posible e polo tanto esa é unha liña correcta, pero á vez a liberdade de cada quen hai sempre que a respectar. Ó igual que nesta cidade hai un 9% de cidadáns que fala só en galego e máis da mitade fala habitualmente en galego pero tamén hai outra parte da poboación que recoñece falar só en castelán.
Polo tanto, sen ningún tipo de imposición a ninguén, sen ningún tipo de imperialismo dun idioma cara ó outro, sen dúbida coa idea de dar unha discriminación positiva a unha língua que é unha riqueza cultural, tentamos dende este grupo municipal pulala todo o posible pero sempre respectando a liberdade e a tolerancia nos usos dos idiomas cooficiais no Estado español.

A PRESIDENCIA: Sr. Caballero, moitas gracias. Eu supoño que hoxe alguén máis seguirá falando galego ou comezará falalo.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de feito e de dereito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Caballero Míguez, relativa a trasladar ó Parlamento Europeo o agradecemento da Corporación pola aprobación do uso do idioma galego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (158).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á PEAXE DA A-9 ENTRE VIGO E PONTEVEDRA E VIGO E REDONDELA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de xullo de 2006, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa vila, formula a seguinte moción:

"A supresión da peaxe entre Rande e Vigo foi unha reivindicación tanto dos usuarios da mesma como dos Concellos da Comarca.

Pero ainda hoxe non se deu soluzón ó problema económico que supón para todos os cidadáns a peaxe entre Vigo e Pontevedra.

Por todo elo, o grupo municipal popular presenta para o seu debate e aprobación ante o Pleno o seguinte acordo:

1.- A adhesión á moción aprobada polo Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra, de data 23 de xuño ó respecto.

2.- Instar á Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia e Goberno Central a supresión ou reducción da peaxe na AP-9 entre Vigo e Pontevedra en Vilaboa.

3.- Reiterarnos no acordo plenario de data 29 de maio de 2006, aprobado pola maioría da Corporacion para a supresión da peaxe entre Vigo e Redondela."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, na súa sesión ordinaria de data 21 de xullo de 2006, quedou enterada da antedita moción.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Eu querería comezar alomenos xustificando o por qué da presentación desta moción. Somos coñecedores de que no mes de maio se tratou unha moción, coido que presentada polo Partido Galeguista en termos parecidos e que ademais tivo o apoio maioritario da Corporación.
Quereriamos ter unha deferencia xa que o Concello de Pontevedra remítenos un acordo e faino ó Goberno loxicamente. Nós poderiamos levalo á Xunta de Voceiros pero como sabiamos que había grupos que na anterior moción non votaron a totalidade do texto, evidentemente non quixemos poñelo nun compromiso. Ese foi o motivo de presentar esta moción única e exclusivamente para dar un apoio ó que nos presentou o Concello de Pontevedra, ademais se o analizan daranse conta perfectamente de que o texto para o debate di: "Primeiro, adhesión á moción aprobada polo Pleno da

Corporación do Concello de Pontevedra de data 23 de xuño ó respecto. Segundo, instar á Deputación de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ó Goberno central a supresión ou reducción da peaxe na AP-9 entre Vigo e Pontevedra en Vilaboa. Terceiro, retiterarmos no acordo plenario de data 29 de maio aprobado pola maioría da Corporación para a supresión da peaxe entre Vigo e Redondela”.
Polo tanto coido que está perfectamente xustificado porque se fai e non hai ningún desprezo nin desconsideración con ningún grupo nin con ningún compañeiro. Tiña que dar esta explicación porque me chegou algún comentario de que parecía que o Partido Galeguista se sentía molesto. Explícollo, Sr. Soto, e que conste en acta esta explicación porque lla debemos.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sr. Figueroa, pediríalle unha votación separada, se é posible, dos puntos e mesmo a segregación no punto 2 de dúas ideas que primeiro quero constrastar se son coma nós as entendemos. O punto 2 di textualmente ”Instar á Deputación de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ó Goberno central a supresión ou reducción da peaxe na AP-9 entre Vigo e Pontevedra, en Vilaboa”, entendemos que é “Instar á Deputación de Pontevedra a colaborar na reducción da peaxe”, ou tamén “na supresión da peaxe”, é dicir, mantemos o estatus que había cando a ponte de Rande, que a Deputación colaboraba para reduccir o importe de custo total, ou estamos implicando ás tres administracións ó mesmo nivel tanto na supresión coma na reducción?
Eu coido que hai unha confusión na redacción. Se é así nós votariamos a favor de instar á Deputación de Pontevedra a colaborar na reducción da peaxe, coma xa fixo no seu día no tema do Morrazo; votariamos en contra de instar á Xunta de Galicia e ó Goberno central a supresión definitiva da peaxe polas razóns que xa expuxemos noutro Pleno, que todos coñecemos e que están recollidas en acta. Votariamos de xeito diferente tamén no punto 1 e no punto 3, pero sobre todo no punto 2 nos gustaría coñecer en qué consiste exactamente o acordo.

A PRESIDENCIA: Penso que está perfectamente claro: Que as tres institucións se poñan de acordo para a supresión, se non pode ser a supresión a reducción, pero no seu conxunto; terá que ser unha negociación coas tres administracións. Eu non entendo aquí unha negociación separada, cando foi o tema da peaxe do Morrazo a Deputación e a Xunta fixeron unha aportación

anual. Coido que o que procede aquí é que, xa que o Goberno central tamén participou na supresión desa peaxe, pois agora que as tres administracións se poñan de acordo.
O obxectivo primeiro é a supresión total, se non pode ser así que sexa unha reducción. Iso é o que eu entendo da moción.

SR. SOTO FERREIRO: Cuestión de orde. Se a votación do tema se fai integralmente porque vai nese sentido de reducción ou supresión, nós aceptamos que hai unha modificación do estatus e non poñemos inconveniente en que se vote o que votamos hai dous meses. Agora ben, se se vai separar entón si que dicimos que rotundamente non tería ningún sentido votar o que xa votamos hai dous meses por separado doutras cousas.
Eu sempre estou encantando de falicitarlles ós demais que poidan votar cousas pero neste caso sería desvirtuar moi gravemente un acordo porque podería ser deixar o tema Redondela cun tratamento peor do que poida recibir Vilaboa; estaríamosche bos. Paréceme que iso non se pode disociar.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, pero hai tres puntos, se lé o punto terceiro di: “Reiterarnos no acordo plenario de data...”, votamos todo conxuntamente. O espírito da moción é votar conxuntamente, cousa distinta é que a Sra. Porteiro e o Grupo Socialista queiran votar un tema puntual pero o fondo da moción é no seu conxunto, se eles queren votar un dos apartados á parte, votarán en contra ou o que coiden oportuno; xa non votaron a outra tampouco.
Se o Concello de Pontevedra nos pide un apoio e a Corporación de Vigo estamos de acordo no fondo do tema, é lóxico que o fagamos.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, o que quero dicir é que se se fai así, aquí hai unha variación con respecto ó que votamos hai dous meses e esa variación é a posibilidade de que Deputación, Xunta e Goberno central se poñan de acordo tamén no tema de Redondela para a supresión ou reducción. Agora ben, se me vai votar vostede si ou non é repetición da moción, non ten sentido.

A PRESIDENCIA: Se vostede considérao así engadimos un punto e poñemos “Instar á Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia e Goberno central a supresión ou reducción da peaxe entre Vigo e Redondela”, válelle así?

Metemos un punto terceiro e trasladamos reiterármonos no acordo ó cuarto ou retiramos o cuarto, ou modificamos o terceiro. A nós válenos perfectamente. A redacción sería: “Punto terceiro.- Instar á Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia e Goberno central a supresión ou reducción da peaxe entre Vigo e Redondela” e retiramos o terceiro, o do acordo plenario que xa se dá por feito.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Baixo o noso punto de vista abre debate, coidamos que debemos debater porque se se producira a votación no sentido que estabamos presentando penso que co noso voto quedaría suficiente explicado, pero temos que poñer de manifesto a incongruencia desta proposta que nos fai o Partido Popular cando coñecemos o criterio expresado publicamente polo seu máximo dirixente, Sr. Núñez Feijóo, respecto á gratuidade da peaxe na ponte de Rande, que considerou que era unha hipoteca para todos os galegos para os próximos 100 anos. Paréceme unha incongruencia tal que sinceiramente non podo por menos do dicir aquí.
Respecto a adherírmonos á moción do Concello de Pontevedra o noso grupo vaise abster por respecto precisamente ás decisións doutras administracións que entendemos que poden estar xustificadas por puntos de vista locais nos que non nos imos meter. Pero como cidadá galega e coñecendo o resultado da supresión da peaxe ó Morrazo paréceme un acto de difícil explicación política que quen critica a supresión da peaxe no Morrazo propoña a supresión da peaxe entre Vigo e Pontevedra porque os mesmos argumentos pero multiplicados por moito máis serían aplicables aquí.
Entón, Sr. Figueroa, non entendemos. Gustarianos que nos xustificase o por qué deste acordo.

A PRESIDENCIA: Está perfectamente xustificado. Unha cousa é unha crítica puntual a unha negociación que non se fixo nas debidas condicións; nós sempre dixemos que tiñamos que ter unha alternativa e a alternativa era a autovía Pontevedra-Vigo polo interior. Vostedes non o fixeron e aí estaba a negociación.
Nós non estamos en desacordo coa supresión da peaxe, estamos en desacordo coas formas coas que vostedes, o Partido Socialista, levaron esa negociación. Creo que iso vai significar un custo elevadísimo para os cidadáns de Galicia e sobre todo dun xeito claro para zonas concretas e da zona sur. Iso é o que dixemos e no que nos seguimos ratificando, non ten

absolutamente nada que ver unha cuestión coa outra e o noso voceiro no Parlamento deixouno perfectamente claro. Dixo que non estabamos de acordo coas formas coas que vostedes levaron a negociación e do xeito que o fixeron.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sr. Figueroa, a verdade é que a incongruencia é de tal calibre que se mañá nós traemos aquí unha proposta dicindo que o goberno libere todos os aparcadoiros de Vigo vostedes teríana que apoiar seguindo o mesmo criterio.
A nós parécenos que en política a coherencia é un valor imprescindible e que o partido que critica a supresión da peaxe en Rande non pode promover a supresión da peaxe a Pontevedra. Querémolo dicir e manifestar a nosa proposta polo que coidamos un tratamento frívolo a unha cuestión moi importante.
Sr. Figueroa, aquí xa houbo un debate proposto por unha forza política que á fin e ó cabo nada tivo que ver nin na concesión a Audasa, nin logo na supresión da peaxe, digamos que está máis libre para facer unha proposta de este tipo pero, sinceiramente, vindo nestes termos non podemos por menos que votar en contra. Ou se quere podemos emendar se vostedes a aceptan porque a nós pareceríanos moi ben que a Deputación e a Xunta contribuisen á reducción da peaxe, tanto ata Rendondela coma ata Pontevedra e cando presentou o Partido Galeguista a súa iniciativa lle propuxemos un cambio na redacción que non quixeron aceptar. De acordo, é a súa liberdade, pero insistimos en que nese sentido estariamos dispostos pero un brinde ó sol desta categoría, con esta falla de responsabilidade total política de cómo se gastan os cartos públicos, alá vostedes se a queren aprobar, o noso grupo en absoluto.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Porteiro, eu podo compartir e comparto parte das súas críticas, a min paréceme que o Sr. Núñez Feijóo fixo un brinde ó sol non sei se de acordo co seu partido, se foi unha “boutade” persoal e seguiu dicindo cousas que non sei se en Cerdedo ou non sei onde serían moi apetecibles de escoitar, pero dende logo que na área á que ían destinadas para nada e sobre todo logo do comportamento anterior de PP de ter prometido cen mil veces en campañas electorais (é unha maneira de falar) a supresión da peaxe de Rande e non o facer. Polo tanto a verdade é que perdeu unha grande oportunidade para estaren calado, as cousas como son.

Outra cousa é a nosa proposta con respecto ó que di vostede. Nós estamos pola supresión da peaxe entre Redondela e Vigo polas mismísimas razóns polas que se suprimíu Rande, paréceme que é un prexuízo moi grande para a área metropolitana e pareceríanos encantandor e fantástico tamén que se suprimira a peaxe con Pontevedra, cómo imos dicir que non? Podo xogar entre o todo e o nada pero claro que admito termos medios. Se a min me di vostede que votemos entre a supresión da peaxe ou no seu caso a reducción, eu vótolle a favor; outra cousa é que mo presente vostede coma antagónico, que me diga que non pida a supresión, que só pida que se reduza. Iso non o pido.
Foi o meu compañeiro, Sr. Alonso, quen propuxo esta moción en nome do Partido Galeguista, pero me parece que eu teño politicamente dereito e penso que deber a facer esa proposición porque honestamente estimabamos e seguimos pensando que ten que ser así. Agora ben, volvo dicir que hai que ser posibilistas na vida e se me din que á Deputación se lle pode sacar un 70%, pois menos dá unha pedra, falando coloquialmente tamén.
Esa é a explicación de por qué estamos dispostos a votar unha modificación. A súa modificación era moi diferente, era quitar completamente o tema da supresión e deixalo nunha posibilidade de acordo bilateral para reducción; non é o mesmo.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Pido desculpas por prolongar tanto o Pleno, pola miña parte é xa a última intervención.
O Presidente da Xunta anunciou publicamente a construcción dunha autovía libre de peaxe entre Pontevedra e Vigo. Nisto coincide, segundo acaba de dicir o Sr. Figueroa, a visión do Partido Popular co que o Partido Socialista está en proceso do levar adiante e entendemos que esta é a solución máis acaida para resolver a comunicación destas dúas zonas que ó final acaban sendo unha grande cidade do sur de Galicia; pero iso leva un tempo.
Mentres tanto cargar ás arcas públicas coa supresión da peaxe entre Vigo e Pontevedra, que alguén faga os números, que teña a honestidade política de poñer enriba da mesa un estudo do que custaría iso e que nos diga qué outras necesidades fundamentais e prioritarias hai. Diríxome ó autor da proposta para que me diga a canto ascende isto e de qué se vai prescindir e tamén que logo non van criticar que iso se faga. Son cuestións mínimas

básicas para poder darlle credibilidade e tratar isto cun mínimo de rigor. Gracias.

A PRESIDENCIA: Eu creo que os cidadáns de Vigo que utilizan o tramo Vigo-Pontevedra ou Vigo-Redondela teñen o mesmo dereito que os que utilizan o de Vigo-O Morrazo e iso vai custar 50.000 millóns das antigas pesetas ós petos de cada un de nós.
Polo tanto, Sra. Porteiro, eu entendo que é difícil o seu papel, ter que apoiar ó Concello e á cidadanía de Vigo e ó mesmo tempo defender ó seu goberno; é difícil, é un papel complicado e entendoo porque o sufrimos durante moitas épocas pero lle toca ese papel. Nós estamos no dereito, vostede dicíao anteriormente, de facer os pronunciamentos e ter as iniciativas políticas que coidemos oportunas. Así o imos facer e creo que ó igual que comezaran os do Morrazo hai dez ou quince anos, agora tócanos esta reivindicación que será tamén a dos vindeiros anos e terana que aguantar coma aguantamos nós outras,
Coma aguantou a Deputación de Pontevedra que tivo que poñer dous millóns de euros todos os anos para o bono-peaxe do Morrazo. Tamén hai que dicir que a primeira institución que tomou esa decisión foi a Deputación de Pontevedra coa Xunta de Galicia e daquela custáballes ás dúas administracións 3 ou 4 millóns de euros ó ano. Agora vai custar 6 millóns, esa é a diferencia e a maiores unha hipoteca para o futuro de 50.000 millóns das antigas pesetas coas que ó mellor se podía facer outra autovía totalmente gratuita.
O único que se fixo foi darlle a Audasa un adianto de 50.000 millóns das antigas pesetas. Por qué non se sacou a concurso, se licitou ou se sacou a estudo unha nova autovía entre Vigo-Pontevedra-O Morrazo? Igual se puido facer.
Esa é outra interpretación e por iso lle digo que non desprece as propostas dos demais grupos como nós respectamos a de seu. Estámolo facendo con pleno dereito e ademais penso que con razoamentos e convicción do que estamos facendo.
A proposta que fai o noso Presidente, Sr. Núñez Feijóo, é moi coherente xa que di que 50.000 millóns das antigas pesetas se poderían utilizar para a supresión desta peaxe e igual doutras máis ó mellor facendo outra nova autovía;. A partir daí acepte a moción que presentamos e que a Corporación decida pero penso que xa non procede máis debate porque xa está rematado.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar eu pediríalle ó Sr. Núñez Feijóo que cite a fonte cando fale de construir unha nova ponte porque é certo que co financiamento que se pode pretender facer coa supresión da peaxe dende logo se faría unha nova ponte sobre a ría de Vigo e dos temas que están a falar o mesmo, faríase unha autoestrada entre Pontevedra e Vigo a través do Morrazo cunha nova ponte facendo outra cousa que non é a supresión senón buscando unha capitalización.
Eu como galego si que estaría disposto a facelo e asumo tamén a responsabilidade de dicir que imos ter peaxe uns anos, ou que contribuamos todos, vía arcas de todos..., dáme igual un financiamento paralelo porque sería inxusto que soportaran só os que están obrigados a andar por aí, poderíase soportar con financiamento de orzamentos xerais por parte de todos. Pero dar unha solución de infraestructura moitísimo mellor.
En todo caso polo menos, cando ó Sr. Núñez Feijóo se lle ocorran cousas que antes se lle ocorreron publica e notoriamente ós demais podía citalo. Pero non é o único porque estes días están vendo que falan no porto de torres, de pasarelas, etc. Non lle soa iso a ninguén, verdade? Aquí ninguén cita a fonte. Está ben.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, non se preocupe que cando estea con el recomendareille que faga alusión ás propostas que vostede fai, pero se son iguais ou parecidas, son coherentes segundo o seu criterio.

(No momento da votación estaba ausente o Sr. Caballero Míguez e a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos señores e señoras Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso e sete votos en contra dos señores e señoras Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Garrido González, Graña Barcia, Porteiro García, Ruíz Ceniceros e Sío Lourido,
ACORDA:
Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, relativa á supresión ou reducción da peaxe na

AP-9 entre Vigo e Pontevedra, en Vilaboa, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

24.- (159).-ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTAS DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE O ESTADO DE CUMPRIMENTO DE DIFERENTES ACORDOS PLENARIOS.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de xullo, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, presenta o seguinte escrito:

"No nome e representación do Grupo Municipal do BNG o concelleiro Amador Fernández Fernández, ten asumido como propios os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e por iso anúnciolle que en cada Pleno ordinario fareille cando menos o recordatorio de seis e moito me temo de non ter suficientes Plenos na presente lexislatura para lle lembrar a súa ineficacia para cumprir os acordos plenarios. Por iso presento e formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para, a ser posible, sexan respostadas no próximo Pleno ordinario do mes de xullo do ano que andamos.

1.- Qué medidas tomou ou cando as pensa tomar para o cumprimento da moción aprobada en Pleno para presentar os novos proxectos de novos treitos do paseo da canle media do río Lagares?

2.- Ten vostede intención de cumprir a ordenanza de "vallas publicitarias" e cando pensa ordear a retirada dos paneis públicos de anuncio de obras xa rematadas?

3.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Sagunto?

4.- Ten vostede coñecemento de que no Concello existe a expropiación de terreos da parte baixa do río Paraixal e sentenzas favorables que permiten xa continuar co ensanche da canle e facer o sendeiro?

5.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer prazos do inicio de novas obras da ponte do Pontillón?

6.- Cánto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación do lastro das rúas Lugo, Perúa e principio de Dr. Cadaval, no centro da cidade?

A PRESIDENCIA: Respostarémoslle por escrito.

* ROGO DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DE CONVOCATORIA DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER PARA POÑER EN MARCHA CAMPAÑA CONTRA VIOLENZA DE XÉNERO.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Eu íame abster nos rogos pero agora non o vou facer porque xa que se liaron tantísimo na moción anterior non merecen que me absteña eu de facer un rogo.

Para poñérmonos en antecedentes, en febreiro deste ano, nunha reunión do Consello Municipal da Muller tomábase a decisión de darlle pulo á campaña de sensibilización sobre a violenza de xénero. Daquela propuxemos varias medidas, a concelleira da Muller quedou en recollelas e darlles dalgún xeito forma para axilizar o tema xa que a campaña comezaría cedo.

Tres meses despois voltamos reunírmonos, xa estabamos en maio ou xuño e a campaña que se nos presentou, dada a súa importancia, parecíanos pobre a moitas das que estabamos no Consello Municipal da Muller por iso a concelleira volveu retomar o tema e dixo que se lle ía dar nova forma porque tiña que ser unha campaña máis ambiciosa e que pronto se poría en marcha.

A estas alturas pensamos que falla bastante dilixencia nisto posto que non se fixo aínda nada. Seguimos así, ímonos a setembro e a campaña en vez de ser no 2006, posto que se falou nese ano, terémola no 2007.

Este é un rogo para que coa maior brevidade posible se convoque o Consello Municipal da Muller e se poña en marcha dunha vez a campaña de sensibilización sobre a violenza de xénero dunha vez por todas.

A PRESIDENCIA: Trasladamos o seu rogo.

* ROGO DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DE APERTURA DO CENTRO DE DIA INSTALADO NO EDIFICIO “ATALAIA”.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Temos coñecemento a través dos xornais de que o centro de día que se está a facer no edificio Atalaia ía abrir as súas portas a finais deste ano. Teño que dicir aquí ben alto e claro que este centro concebiuse como tal en agosto de 2003 pola concelleira do BNG, Sra. Fernández Davila, e por min mesma. Daquela practicamente quedou feito o

deseño porque era moi fácil, posto que só se requrían unhas poucas modificacións. Logo de seren cesadas polo Sr. Pérez Mariño o proxecto quedou parado e no ano 2004 o Concello baseouse en que non había orzamentos para non facer o centro Atalaia malia que había subvención da Xunta.
Señores do goberno, os orzamentos do 2005 aprobáronse en marzo e o centro Atalaia levouse á Mesa de Contratación o 26 de decembro, tivemos 9 meses de atraso. Dixeron que estaría en xuño e efectivamente estaba porque eu falei cos técnicos e está feito; non entendo por qué vostedes esperan a decembro para abrir o centro. Hai que abrir o centro xa e por outra banda é unha grande necesidade porque hai moitísimos maiores na nosa cidade.
O meu rogo vai no sentido de que á maior brevidade posible, de seren posible no comezo de curso, se poña en marcha o centro que xa está rematado.

A PRESIDENCIA: O centro está rematado e a Alcaldesa está negociando co Vicepresidente algún convenio global para a cidade. Esperemos que o poida contemplar.

*    ROGO DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVO ÓS PREMIOS DA SOLIDARIEDADE.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Na Xunta de Goberno anterior aprobáronse as bases para os premios á solidariedade co fin de premiar accións solidarias das persoas e entidades que están a traballar coas persoas en situación de desvantaxe social. Nas bases dalgún xeito delégase na área de Participación Cidadá que someta á Xunta de Goberno Local a decisión final para dar este premio.
Sinceiramente cremos que estamos de acordo toda a Corporación que en xeral o que queremos é fomentar a solidariedade e o rogo é que, xa que o premio concédeo o Concello de Vigo, sexa o Pleno e non a Xunta de Goberno Local quen tome a decisión para dar o premio a esa entidade ou a esa persoa, posto que probablemente todos esteamos de acordo e así se evite dalgún xeito un carácter que podería ser discrecional se só se toma por un partido político.

A PRESIDENCIA: Trasládase o rogo ó departamento correspondente e contestarémoslle.

* ROGO DA SR. TOBA GIRÓN, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVO Á REPARACIÓN DO RELOXO DO INSTITUTO SANTA IRENE.

SR. TOBA GIRÓN: No Pleno pasado fixen un rogo en relación coa intención do goberno municipal de reparar o reloxo do Instituto Santa Irene. Recibo contestación con data 24 de xullo asinada por vostede coma alcalde accidental na que di: "En resposta ó seu rogo formulado no Pleno ordinario de 29 de xuño...en canto ó arranxo do reloxo compráceme informarlle en primeiro lugar que o edificio é da Xunta de Galicia e é a esta a quen lle corresponde o seu mantemento". Segue dicindo: "...pero dada a irresponsabilidade da Consellería de Educación..." É interesante a contestación que me interesaba glosar porque eu lle rogo ó Sr. Alcalde accidental que revise en primeiro lugar o Inventario de Bens desta Corporación e descubrirá que o Instituto Santa Irene foi unha doazón feita no seu día que por suposto está no Inventario Municipal de Bens, polo tanto e en primeiro lugar non é da Consellería de Educación.
Rógolle polo tanto que se non o sabe solicite informe do departamento de Patrimonio que lle ratificará isto que lle estou a dicir e rógolle que se tome en serio a resolución do problema do reloxo que é dun edificio municipal por máis que estea cedido en uso á Consellería de Educación.

A PRESIDENCIA: Sr. Toba, o importante é que o Sr. López-Chaves fixo as xestións e darémoslle información porque está enfocado o tema e medio resolto. En calquera caso sabemos que a titularidade é do Concello.

SR. TOBA GIRÓN: Gracias Sr. Alcalde accidental, dígollo porque de paso e se lle cadra ó Sr. López-Chaves, ata pódese poñer en comunicación coa irresponsable Consellería de Educación.

* ROGO DA SR. CALVIÑO RODRIGUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVO Á CESIÓN DE TERREOS EN NAVIA PARA A CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Eu xa pensaba deixar o meu prego que dende logo é de deberes municipais pero o tema da irresponsabilidade da Consellería de Educación anímame porque supoño que lembraremos todos que en setembro de 2005 acordamos neste Pleno da Corporación ceder terreos en Navia á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que poidera á súa vez facer a escola superior de arte dramática que está compartindo nestes intres un local no que evidentemente, pasado este curso que empeza en outubro de 2006, non vai poder seguir polo que é absolutamente urxente tomar a decisión de facer ese edificio.

Pois ben, dende setembro de 2005 non están os terreos ó dispor da irresponsable Consellería de Educación segundo se está a dicir. A irresponsable Consellería de Educación está repetidamente insistindo en que se resolva dunha vez o tema dos terreos en Navia e atopámonos permanentemente con que estes deberes que son absolutamente de obriga municipal non se cumpren porque xa están mesmo dispostos a que, sen que estea asinado o convenio, poñer en marcha o concurso para facer o proxecto porque son moi conscientes de que é imprescindible acelerar a construcción dese edificio.

Están mesmo dispostos a poñer en marcha o concurso cun exclusivo plano topográfico do terreo pero é que as últimas novas son que se vai cambiar de novo o terreo porque inicialmente ía ser noutro sitio, agora se vai estreitar o fronte dese terreo nun 7% e ademais semella que unha parte da finca está sen escriturar a nome do Concello, é dicir, que nun ano este Concello non fixo absolutamente nada por resolver un tema. Logo chamaremos irresponsable á Consellería de Educación cando non estea o edificio no momento oportuno.

A PRESIDENCIA: Vou facer unha salvedade xa que eu entendo que a Consellería de Vivenda e Xestur teñen un comportamento co Concello e con Navia exquisito, pero vostedes, no Goberno da Xunta de Galicia, teñen problemas de comunicación. O problema é, e vostede sábeo, que os terreos tennos Xestur ó seu dispor, non os cedeu ó Concello malia das xestións que se fixeron porque hai algún problema técnico e administrativo do que lle darei informe e polo tanto pediríalle, xa que son un goberno homoxéneo, compacto, que se coordinen.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Un ano máis?

A PRESIDENCIA: Coido que dende o Goberno da Xunta de Galicia poden resolvelo en 24 horas porque o Concello non ten eses terreos ó seu dispor e polo tanto non os pode ceder, tennos Xestur.
Repito de novo que non quero criticar a Xestur porque é un problema técnico-administrativo con difícil solución e que está a punto de se resolver. En calquera caso, como hai tan boa coordinación entre as Consellerías da Xunta, pódeno arranxar.

* ROGO DA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVO Á CONVOCATORIA DUN PLENO EXTRAORDINARIO SOBRE TEMAS DE MULLER.

SRA. SIO LOURIDO: No Pleno de febreiro deste ano unha concelleira do meu grupo municipal pedíu que se fixera un Pleno específico sobre os temas e actividades que se levan na Concellería da Muller e que se puxera en coñecemento de todos os corporativos tanto as actividades como o traballo do Consello Municipal da Muller para facer un seguimento e propostas nese Pleno extraordinario.
Esa proposta estivo apoiada polo Sr. Soto e pola Sra. Méndez e ata o día de hoxe non sabemos nada. Sinto que non estea a Sra. Molares neste momento presente pero dixo que aceptaba facer un Pleno específico neste ámbito, marcando unha data para que realmente nos dese tempo porque a proposta da concelleira do meu grupo era o día 8 de marzo e estamos no mes de xullo e non se fixo ningún Pleno.
O meu rogo ten que ver coa petición de que nos informe de cal vai ser a data dese Pleno.

A PRESIDENCIA: Darémoslle resposta.

* ROGO DA SR. ARIAS MOREIRA, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DOS ACORDOS PLENARIOS.

SR. ARIAS MOREIRA: Un rogo ó goberno para que dunha vez cumpran os acordos plenarios, ademais dun xeito cordial, non con gañas de amolar a ninguén pero me parece unha cuestión moi importante de saúde democrática.

Dígoo porque hoxe tivemos unha demostración demasiado obvia de que aqueles acordos que se adoptan aquí e que non lles gustan pasan deles, por dicilo dun xeito discreto.
Nun Pleno anterior este grupo presentou unha moción para que se declarara “ano da memoria” o ano 2006. Aprobouse por maioría. Isto haino que cumprir coma calquera outro acordo, guste ou non ó goberno ou a calquera dos membros da Corporación que estamos aquí. Hoxe tivemos unha demostración palpable cando diante dunha penso que modesta, sensatísima proposta de nomear unha rúa como “Represaliadas do 36”, cuestión elemental de cumprimento e que iría na dirección de cumprimento diso, asistimos a un espectáculo de pedir votación separada, etc.
De verdade, coido que é unha cuestión de saúde democrática, esta coma todas as demais. Teñen vostedes a obriga de cumprir as mocións que o Pleno aproba.

A PRESIDENCIA: Remata a sesión e desexarlles ós que teñan vacacións que as desfruten e ós que non, ánimo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA, O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Mª Corina Porro Martínez José Riesgo Boluda.